# A ESTRADA

## miscelánea histórica e cultural



Núm. 7 [2004] • ISSN 1139-921X

museo do pobo estradense manuel reimóndez portela

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

Vol. 7 (2004)

2004

Fundación Cultural da Estrada

Museo do Pobo Estradense "Manuel Reimóndez Portela"

# A ESTRADA
miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X



**Director**
Xoán Andrés Fernández Castro

**Comité de Redacción**
Olimpio Arca Caldas | Juan L. Blanco Valdés | José Manuel Castaño García | María Xesusa Fernández Bascuas | Manuel Mosquera Agrelo.

**Consello Consultivo**
Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís Barreiro Barreiro | Roberto Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel Cabada Castro | Isaac Díaz Pardo | Xosé Neira Vilas | Xosé Manuel Núñez Seixas | Víctor F. Freixanes | Vicente Peña Saavedra | Augusto Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Pilar de Torres Luna.



© Fundación Cultural da Estrada,
Museo do Pobo Estradense "Manuel Reimóndez Portela", 2004



Edición
Museo do Pobo Estradense "Manuel Reimóndez Portela"
Aptdo. 78
36680 A Estrada
*museoestrada@terra.es*

Deseño de cuberta
Xosé L. Vázquez

Deseño de maqueta e maquetación
Rosa Costas - Mangráfica

Impresión
Gráficas Sementeira, S.A.
Chan de Maroñas, 2
15217 Obre - Noia

**Dep. Legal:** C-2618/2001

2004

# Ano Reimóndez Portela



Manuel Reimóndez Portela
(1916-1994)

# Índice


9 | Fábrica de papel en Riobó
*Juan Fernández Casal*

29 | O Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela. A institución e a exposición permanente
*María Carbia Vilar*

57 | Cartas dun emigrado estradense
*Gerardo Cabada Castro*

81 | Nacimiento y consolidación de la capital del mueble de Galicia. El Municipio de A Estrada (Pontevedra)
*Ángel Miramontes Carballada*

111 | Achegamento ás pesqueiras estradenses do Río Ulla
*Damián Porto*

145 | Vermello, amarelo e morado: as cores de Ángel Lemos (in memoriam)
*Héitor Picallo Fuentes*

149 | O topónimo *Baloira*
*Fernando Cabeza Quiles*

155 | La emigración en ocho parroquias de A Estrada
*Mª Milagros Castro González*

167 | Maíndo (A Estrada-Pontevedra): espazo xeográfico, humano e histórico no dominio do condado de Ximonde
*Héitor Picallo Fuentes*

229 | Alén da saudade: a fotografía como documentos histórico
*Juan Andrés Fernández Castro*

335 | Excavación arqueológica del túmulo megalítico de Xestas (A Estrada-Pontevedra)
*Pablo Bandín Rosende*

347 | A razoable esperanza. Quince momentos
*Alberte Maceira Peiteado*

365 | Alcaldes estradenses
*María Jesusa Fernández Bascuas*

391 | A tradición e as tradicións na freguesía de Ouzande nos séculos XVII, XVIII e XIX
*Manuel Castiñeira Rodríguez*



# Fábrica de papel en Riobó

Juan Fernández Casal

O río Bo, que nace na parroquia de Orazo no lugar coñecido como Fonte de Currelo, vai levando as súas augas por Loimil, Oca, Riobó e Arnois onde deixa as augas para o Ulla do que é afluente. Desde o nacemento ata a desembocadura salva un desnivel de 300 metros nun percorrido duns 7,8 quilómetros que vén facilitar un doado aproveitamento como forza motriz.

Noutro traballo que fixemos sobre os muiños de Riobó investigámo-la orixe e situación dos dezaoito muíños de auga que había nesta parroquia.

Queremos agora investigar unha fábrica de papel situada precisamente na conca do río, dentro dos lindes da parroquia de Riobó e da que só quedan os edificios dedicados a outros mesteres.

Empezaremos primeiro por buscar as orixes desta factoría para ver despois a evolución da mesma.

Parece ser que polo século XVII xa funcionaba esta fábrica, pero o que sabemos con certeza é que nos comenzos do século XIX estaba en mans de Ramón Otero Estévez, o primeiro dos Outeiros de A




Mota que tanta influencia tiveron na política municipal e provincial nos séculos XIX e XX. No ano 1880 dirixía a fábrica Gumersindo Otero, fillo do anterior, por dúas veces alcalde de A Estrada e Gobernador Civil de Ourense e que tivo a habilidade de aproveita-la circunstancia de dirixir a única fábrica de papel de Galicia para as súas influencias políticas.

Para darlle máis impulso á producción de papel contratou como apoderado ó antigo dono dunha fábrica de Loimil Xosé Pazos Somoza ofrecéndolle un xornal de seis pesetas diarias, moito máis do que gañaba en Loimil. Dicíame a súa bisneta que, engaiolado pola oferta, non dubidou en vende-la fábrica de Loimil, que pasou a ser serradeiro, muíño de auga, taller de torneiro e na actualidade loce só as paredes ó aire.

Este apoderado da papeleira está enterrado no cemiterio desta parroquia. Na lápida ten gravada esta curiosa inscrición:

JOSÉ PAZOS SOMOZA

FABRICANTE DE PAPEL

†1893

Coa morte de Gumersindo Otero non debeu haber continuadores na familia pois deciden vende-la fábrica.

Venden os fillos e herdeiros legais; compra Ramón López Rodríguez, industrial papeleiro de Lousame que, ó saber desta posibilidade de com-



pra, vende propiedades en Lousame e Noia para xunta-lo importe do contrato: 65.000 pesetas, ¡13.000 pesos dos de antes!

No documento notarial de compra (23 de maio de 1940) aparece unha relación dos edificios que entran neste contrato. Sacamos copia literal:

> ...Fábrica de papel, compuesta de varias edificaciones dedicadas a distintos usos, siendo la más importante o principal una de dos plantas, baja y alta, construidas sus paredes de mampostería en la que están instalados contador, despachos, sala de cilindros, secadero a vapor y al aire y depósitos para pastas para la fabricación de papel. La casa de dar cola y caldera de vapor para el secado de papel de mampuesto. La casa destinada a trapera y satinadora que forma un martillo hacia el norte también de mampostería. La casa habitación del cilindrero de planta alta y baja construida de mampuesto. La casa destinada a almacén y embalage de papel, de dos plantas. Bajo y principal cuyas paredes son de mampostería. Otra casa de planta baja y alta construida de madera y piedra, estando el bajo destinado a cubierto y cuadras y el alto a vivienda y almacén de trapo y cola; otra de madera de planta baja donde está emplazada la turbina. La casa de una sola planta que se llama la de los martillos, en donde se da el brillo al papel, construida de mampuesto. La casa destinada a máquinas para la fabricación de papel tambien de planta baja y mampostería. Otra casa de planta baja con paredes de mampuesto destinada a horno de cocer el pan. Y finalmente un molino harinero de una sola rueda dedicado a molienda de maíz construido también en mampostería. Todas estas edificaciones se encuentran en estado ruinoso y sus solares con inclusión del terreno a ellas contiguo, dedicado en mayor parte

a tojal con robles y pinos y algún labradío, mide una superficie de tres hectáreas, noventa y seis áreas, noventa y siete centiáreas...

É moi curioso que se faga referencia expresa ó estado ruinoso dos edificios cando no mesmo documento notarial inclúese un inventario cunha relación detallada do seu contido. Por ser de interese sacamos tamén copia literal:



...una máquina redonda de mil metros, una turbina de siete H.P., una bancada para cortar papel con su cuchillo, un juego de bayetas usado, un juego de telas para el bombo, sin estrenar, un reloj de pared, tres mesas de pesar papel, una guillotina con dos cuchillas, varios troqueles filtros, una báscula para pesar resmas, una mesa de escritorio, una estantería, una máquina de escribir, una mesa de comedor de operarios, un banco, cuatro cilindros con su turbina y tansmisión y correas de dos cilindros, un cojinete nuevo y dos casquillos, una báscula para cien kilos de trapo estraza, una satinadora de unos doscientos kilos y una pequeña cantidad de trapo blanco, una prensa de hierro de tamaño pequeño, una prensa de rosca de hierro grande, dos rollos de alambre de embalar sin empezar y sin pagar, un perol con cazo de cobre para cocer la cola, de tamaño corriente y una prensa de madera, una fragua de hierro, un yunque y un martillo grande, un juego de prensas, depuradora, tina y bombo de la máquina pequeña, tres fardos de carnaza. Un huso de hierro con su concha sin montar, dos depósitos con pasta picada y dos mazos para picar el papel con eje de hierro. Y que llevando a...

Este inventario reflectía unha fábrica en pleno funcionamento.

Eso de “en estado ruinoso” acocharía unha treta legal para evadir impostos por transmisións de bens.

Aínda que aquí describe as edificacións, parémonos un pouco no edificio principal de planta rectángular toda de cadeirado, de 28 metros de longo e 12,5 de ancho que representan un total de 350 $m^2$ de parede, dando unha superficie interior útil de 204,5 $m^2$. Pero se



Bonita estampa da fervenza do río, moi perto da papeleira.

consideramos o groso das paredes –como dicían aquí que podía andar un carro de vacas por enriba das parede pois había sitio abondo– representan moitos metros cúbicos de pedra labrada os necesarios para este edificio e para os outros tres. Resulta difícil imaxinar a orixe de tanta pedra se non nos decatamos de que a cen metros estaba a fortaleza chamada Torre da Barreira, naqueles tempos mina ina-

cabable de pedra labrada. Tanto é así que ademais da pedra aportada para estes edificios, da papeleira saíu pedra para a igrexa de Codeso e para case tódalas casas de pedra destas parroquias construídas de hai oitenta anos para atrás.

O comprador, Sr López, manda ó seu fillo Xosé López Freijido para poñelo á fronte da fábrica, por aquel entonces recén casado con Rosenda García.

A fábrica modernízase e aumenta producción. Como a forza motriz era abundante complétase con serradeiros, muíño e torno de carpinteiro. Máis adiante monta tamén un alternador que polas noites subministra electricidade para alumear profusamente os departamentos da fábrica e os arredores facendo un bonito espectáculo e como punto de referencia polas noites para os veciños máis próximos.

Pasan vintecatro anos e as técnicas de fabricación de papel vanse modernizando, pero non as de Riobó. O baixo rendemento das obreiras, as instalacións arcaicas, a mala calidade do papel non puideron competir con outras ofertas de mercado; e para máis inri, a Administración obrigou a trocar a maquinaria perigosa e coincidíu ademais cos primeiros decretos de "Xornal Mínimo Interprofesional".

E sucedeu o que se vía vir: o peche definitivo na producción no ano 1964.

Pero quedaba un edificio inmenso, outros edificios secundarios e un abundante caudal de auga. O propietario decidíu darlle un destino. Naquel tempo empezaba a comercializarse e mecanizarse a cría de pitas para carne e o Sr López monta unha granxa de polos aproveitando a nave de 320 m$^2$ do edificio principal. E así foi funcionando precariamente ata que de novo cesa esta outra actividade. Falece o Sr. López e o seu fillo Xosé Manuel López García dalle outro



Estado actual dos tellados da nave principal.

emprego. Volta a transformar as instalacións para adicalas á explotación industrial de cría de troitas. As augas do río teñen fama de seren limpas e puras: para os pescadores seadeiros de Riobó é un cobizado río troiteiro. Xosé Manuel non tivo máis que construír estanques e adaptar a circulacións das augas para percorrer todo o circuíto do proceso de crecemento das troitas. A materia prima, as augas do río, estaba disposta e o demais andou só.

Pero de novo a morte sinala a este novo industrial e queda a familia López Valladares sen administrador da piscifactoría.

Desde hai uns anos dous familiares da familia López Valladares rexentan de novo esta piscifactoría. Modernizan as instalacións e as sabedeiras troitas de Riobó séguense a criar con moi boa acollida nos mercados.

Desde o século XVII ata o día de hoxe, unha industria que comenzou como papeleira e que no seu día exerceu grande influencia política, foi dando tombos no período dos séculos XVII, XVIII, XIX, XX e XXI ata chegar hoxe en día convertida nunha piscifactoría, destino ben diferente do seu proxecto primitivo.

Antes de entrar de cheo no proceso de fabricación do papel é de obrigado cumprimento facer una serie de consideracións sen as que non se podería valorar na súa medida o sistema de productividade desta fábrica. En primeiro lugar teriamos que facer un exercicio mental de imaxinación e visualizar unha fábrica de papel moderna, mecanizada e automatizada. Simplifiquemos ó máximo o proceso e fabricación en tres "flashes". No primeiro veriamos a materia prima: troncos de madeira entrando nunhas trituradoras. No derradeiro, grandes pranchas de papel que van saíndo e enrolándose nunhas bobinas que xiran rápidamente. Entre estas dúas fases veriamos homes sentados ante grandes consolas apertando botóns e ollando para os paneis de vídeo que visualizan todo o proceso.

Con estas premisas e prexuízos teremos agora que xulgar o proceso de elaboración desta fábrica de papel.

Precisemos primeiro as diferentes clases de papel que se fabricaban e que comportaban diferentes procesos de fabricación:

Papel de estraza, de cor castaño, que tanto se usaba para envolturas e cartuchos feitos a man.

Papel branco corrente, que tamén se usaba para fins similares.

Papel de barba tan usado ata hai poucos anos para todo tipo de documentos, co seu floquiño caraterístico nos bordes as súas marcas de auga "OTERO ULLA" na época dos Outeiros e "FÁBRICA DE PAPEL..." nos tempos do Sr. López.



Restos dunha transmisión –á esquerda quedaba a turbina.

Papel satinado que sufría un proceso especial para facelo impermeable, do que eran grandes consumidoras as fábricas de chocolate marca “Raposo” e “Viso”.

A materia prima era o farrapo e papel vello. Había un sistema moi curioso para recoller por eses mundos de Deus as grandes cantidades de farrapo necesario para manter unha continuidade na producción. Os farrapeiros, compradores ambulantes de trapos vellos, xa suados moitas veces, sucios e cotrañentos sempre, ían polas casas comprando trapos e roupas vellas e todo tipo de papel, ían polas casas de confección comprando retais inservibles, ían polos hospitais recollendo roupa dos que xa non tiñan necesidade dela, ían polos hospicios e outras casas de caridade e recollían esas roupas ou farrapos que xa non terían outro destino que o lume ou lixo.

Por outra banda en Santiago, preto da actual estación de ferrocarril, había un almacén que centralizaba a compra ós farrapeiros. Alí facían fardos de cincuenta quilos que eran enviados á fábrica en carromatos tirados por bois. Nos últimos tempos o fabricante Sr. López dispuña dunha camioneta na que levaba a Santiago una carga de papel elaborado e retornaba con fardos de trapos.

Como curiosidade queremos salientar que preto do almacén de trapos había tamén outro de esterco de animais. O almacenista, parente do dono da fábrica compraba o esterco ós pequenos granxeiros da zona que tiñan o seu porquiño, ovellas ou unha vaca na mesma casa. No almacén acumulábase esta olorosa mercancía ata que era vendida ós labradores de fóra. Este comercio durou pouco pois a presión mediática obrigou ó peche do mesmo.

Nestas bisbarra tamén funcionaba a compra de trapos da que podemos dar máis detalles pola situación de proximidade. Na parroquia de Oca había unha muller, a señora María a Trapeira, que durante moitos anos recollía polas portas os trapos que xa chegaran á súa derradeira fase de utilización. Non pagaba en moeda, pagaba cun prato, unha cunca e, se o lote era grande, unha tarteiriña. Facía o traslado de fardos á fábrica no seu burro.

E despois destes antecedentes pasemos sen máis ó noso tema da fabricación do papel.

Unha campá situada nun alto do terreo anunciaba ás oito da mañá a entrada do persoal. Catro horas despois facían a parada do mediodía para comenzar e novo ás dúas da tarde. A xeira remataba ás oito da noite, aínda que este horario facíase flexible segundo as necesidades do traballo. A campá oíase perfectamente pois as obreiras vivían todas elas dentro do radio do son da campá. Tamén, ó memo tempo, estas badaladas tiñan a misión engadida

de organizar en certa maneira os traballos das xentes achegadas. A hora era a do sol.

Postos os fardos de trapo na fábrica pasaban á planta de clasificación. Os trapos brancos separabanse para papel branco e os de cor e papel pasaban para o papel de estraza.

Clasificada xa a materia prima, a primeira manipulación era troncealos en anacos miudiños e para eso dispuñan dunhas gadañas moi ben afiadas que colocaban moi suxeitas na parede en posición horizontal. Esta faena era traballo habitual de mulleres que, axeonlladas, cortaban os trapos

Sen grande esforzo de imaginación podemos visualizar tres mulleres cortando trapo no medio dunha nube de po cheirento saíndo dos farrapos, farrapos de procedencia ás veces hospitalaria ou funeraria. Ademais destas "miasmas" habería as propias das folerpas que desprendían as frebas dos trapos. Nesta sección de traballo estivo a miña veciña Dolores de Prado durante vinte anos; pero aínda lle gañou Dolores a Menciñeira que botou corenta anos dándolle decote a gadaña. E morreron as dúas de moi velliñas. Gocen elas de acougo eterno.

Os trapos xa cortados pasaban ós cilindros. No primeiro eran tratados con auga clorada ata que quedaban brancos coma a neve. Pasaban logo ós outros dous cilindros provistos dunhas coitelas incrustadas na superficie que ían triturando cada vez máis miúdo ata deixalo nunha pasta branca moi fina. Era curioso o sistema para comproba-la consistencia final da pasta, útil para o seguinte proceso. Era un "sensor" moi sofisticado. Unha barra moi fina de ferro era introducida na pasta e cando esta cubría uniformemente toda a superficie do ferro e non pingaba, finalizaba este proceso.

O traballo nos cilindros non paraba ata a pasta quedar preparada e una cilindrada completa podía durar varios días, polo que se



Edificio do secadoiro –hoxe en ruinas e cuberto de silvas.

establecían quendas de traballo. Pola noite quedaban homes e polo día mulleres.

Cando entraban os primeros trapos nos cilindros era moi ruidosa a faena, tanto que ata se oía desde lonxe o "runrún" da máquina. Ó írense esfrangullando facíase máis silenciosa

Preparada a pasta, pasábase á máquina onde se estendía uniformemente sobre unha baeta de la moi pura, moi fina e moi tupida para que perdese auga pero non a pasta (cada baeta costaba 5.000 pts das de antes), logo era apertada arredor dunha bobina. Cando esta bobina acumulara varias capas de papel sacábase para unha mesa, labor que necesitada axuda pois era faena moi pesada. Guillermo de Prado, fillo da Sra. Dolores de Prado, estivo nesta sección toda a súa vida ata que pechou a fábrica.

Temos pois as bobinas sobre a mesa. Alí dábanlle un corte ó longo da mesma, da que saía unha prancha que de novo era cortada en cruz cun serrón da que saían catro pezas iguais de tamaño xa definitivo.

Temos as pranchas de papel confeccionadas, pero aínda hai moita tarefa por diante. Imos pois seguir coa rapidísima manobra. Estas pranchas, despois de alisalas un pouco, colocábanse sobre unha táboa ata alcanzaren un peso levadeiro na cabeza das mulleres. Este segundo destino era o secadoiro situado nun edificio exterior a 50 metros da máquina e a un nivel superior, Aquí empezaban a circular unha renque de mulleres coas táboas á cabeza cargadas con 8/10 quilos de pranchas de papel mollado camiño do secadoiro onde había uns colgadoiros con armazón de madeira e cordeis transversais. Alí, coma se fosen pezas de roupa, penduraban as pranchas de tres en tres con áxil movemento de mans utilizando unha peza de madeira en forma de T que lle chamaban o *gincho*. Ó remate da faena habían penduradas miles de pranchas de papel que secaban lentamente e sen proceso forzado de secado. Se o tempo era bo e sopraba unha brisa, nun día podiase face-lo secado. Con tempo húmido necesitaban varios días Este transporte de papel era incómodo e fatigoso. Algunha das mulleres chegou a quedar sen pelo no curuto de tanto carrexo.

Debemos tamén aclarar que o carrexo era lento e neste ir e vir as mulleres, co seu paroleo, gobernaban as súas casas e as de os veciños.

Secado xa o papel, volta co carrexo do secadoiro para o almacén pero non usaban xa táboas; poñían directamente sobre a cabeza os fardos e pasaban unha corda por enriba para que o papel non voase co vento. No almacén repasábanse un por un para sacarlle as dobreces e alisalos. Postos en paquetes de cincuenta papeis pasaban ó encolado.

Para esta faena voltemos un pouco atrás. A cola facíase na mesma fábrica cocendo durante moitas horas a carnaza feita de anacos de pelexos de vacas e de restos secos doutros animais Este proceso ademais de lento despedía moi mal olor. Nas casas do entorno da fábrica o olor da cola era insoportable. Esta pasta era o que antes se lle chamaba cola de carpinteiro.

Postos os paquetes de papel sobre unha mesa con bordes, íase botando cola moi diluída ata que os cubría e empapaba. Deixábase escorrer e de novo a procesión do secado para o secadoiro.

Despois de varios días de secado pasaba o papel ó martelo, que estaba fóra do edificio principal nun nivel inferior. Os sobrantes das augas da turbina movían nesta caseta o martelo: un mecanismo consistente en dous pilotes que alternativamente subían e baixaban petando sobre dúas bases. Nos extremos dos pilotes e das dúas bases había colocadas senllas pranchas de aceiro perfectamente planas e moi puídas.

Dúas mulleres, unha en cada martelo, ían recibindo as pranchas de papel unha a unha e colocábanas sobre a prancha de aceiro. Baixaba o pilote coa forza de moitos quilos sobre o papel, subía o pilote, momento que aproveitaba a muller para facerlle un xiro ó papel ata que despois de oito ou dez marteladas e oito ou dez xiros de papel quedaba este perfectamente pranchado e liso. Mais axiña non podía ir este traballo. A operadora do martelo debía ter grande axilidade e reflexos para non coller os dedos.

Pero aínda non se remataba aquí a faena. O papel satinado era sometido a unha manobra complementaria. Cada unha das follas pasaba entre dous roletes de 200 quilos cada un e que xiraban pegados, sen separación ningunha entre eles. Para esta manobra facían falta tres mulleres: unha sentada fronte ó rolete, que era a que metía

o papel, outra que lle daba servicio e a terceira que recollía o papel xa satinado liso e brilante.

O seguinte proceso, sigo insistindo, todo manual, era xa o remate da fabricación pois só consistía en conta-los papeis en mans de cinco follas dobradas sobre si, darlles un lixeiro prensado e enfardalas e listas para o mercado. Esta faena facíase no contadoiro, nome suxeridor que lembra complicadas operacións de cálculo.

O papel de estraza admitía todo tipo de trapo e papeis pero non pasaba polo encolado e satinado. No contadoiro facíanse fardos de cincuenta quilos atados con alame.

Quero facer constar expresamente que esta exposición do proceso de fabricación refírese a unha época concreta, desde os primeiros anos de século XX ata o ano 1964, data do peche definitivo da fábrica.

Ata aquí fixemos unha minuciosa exposición dos edificios onde se albergaba a fábrica de papel e o proceso de fabricación; pero para que vaia completo este relato falta o principal: o elemento humano que é a fin de contas a alma, o principio de vida e de actividade de todo proceso industrial. Hai que ter en conta que os tempos que estamos investigando aínda quedaban moi lonxe da automatización actual do traballo. Aquí son as persoas as que moven case todo proceso e a elas imos referirnos como protagonistas dunha época e dun lugar concreto.

Nos tempos do propietario Xosé López Freijido, a súa dona, Rosenda García, actuaba de capataz do equipo de mulleres, sobre quince en total, e segundo os comentarios das miñas informantes non as deixaba nin a sol nin a sombra, e todo compría pois cada unha facía o menos posible. A pesar de todo, o ritmo de traballo era moi lento pero amenizado polas cantadoras que tiñan boa voz. O



Gumersindo Otero –grande propulsor da fábrica.



Rosenda García e Xosé López –con eles pechou a papeleira.



Dolores García –experta no martelo– 88 anos.

tipo de cancións era a modo de regueifas onde con letra improvisada ou sacada das coplas galegas establecíase un diálogo cantado cada vez maís picante. Pero pasabámolo moi ben, dicían elas.

Só contados datos deste relato proceden de investigacións documentais; todo o demais é información recollida das poucas mulleres, traballadoras naquel tempo da fabrica, que aínda viven.

Estes informes teremos que valoralos cunha actitude de comprensión pois relatan o que fixeron e como o fixeron sen precisións técnicas nin palabras científicas.

Dolores García Ferreiro, de oitenta e oito anos, que na actualidade vive feliz na súa casiña en Ribadulla, preto da fábrica. Sucedeulle a súa nai cando tiña vintesete anos e saíu co peche da misma. Era experta no martelo, habilidade que herdou de súa nai, aínda que na fábrica había que facer de todo. Chegou a gañar catro pesetas con dez céntimos nos derradeiros anos.

María Picaño Picaño, de setenta



María Picaño - 76 anos - traballadora residente na fábrica



Adela Álvarez cos seus 85 anos cheos de vida

e seis anos, que diversificaba a súa ocupación entre o servicio doméstico dos donos e traballos ocasionais na fábrica. Gañaba dúas pesetas diarias e vivía na misma fábrica.

Adela Álvarez González, de oitenta e cinco anos, que vive na actualidade en Moimenta, de grande axilidade física e mental non frecuente a esta idade. Abraia a facilidade de expresión oral e o detalle con que relata as diversas manobras de fabricación despois de cincuenta anos.

Elena González Fernández, das Cancelas, Tamén cun xornal de dúas pesetas diarias, que traballaba alí onde a mandaban. Conta moi emocionada os recordos daquel tempo.

O resto dos informes foron aportados por varias persoas da parroquia que coñeceron e viron os detalles que aquí relato e que entran de cheo no que se chama memoria colectiva da parroquia.

É curioso resaltar a este respecto que á hora de acadar información, no fondo coinciden os datos que aportan uns e outros; pero cando queren dar unha valoración e interpretación persoal dos fei-



Guillermo Prado –experto maquinista– 1916-2004.



Virginia Carregal Caramés –85 anos– traballadora nos anos 30/40.

tos relatados, estes son tan incongruentes coma contradictorios.

Nesta derradeira etapa de fabricación da papelera traballaron bastantes máis mulleres e para elas quero deixar unha lembranxa neste traballo.

Dolores de Prado, experta gadañeira e o seu home Xosé Prado, o mellor cilindreiro que tivo a fábrica. Este matrimonio vivía na fábrica e alí naceu Guillermo que, ó que tivo idade laboral incorporouse ó equipo e alí estivo ata o peche da factoría e, pequenas traxedias da vida, chorou unha semana enteira e estivo ás portas da morte cando quedou sen traballo. Guillermo goza agora de acougo eterno despois de oitenta e oito anos. Este amigo e veciño de porta tiña unha canteira inesgotable de contos, anécdotas, historias que durante moitos anos ía acumulando nos seus recordos. Foi mágoa non ter podido recollerllos pois amenizarían un pouco un tema tan árido coma este.

Sinda Quinteiro, actualmente residente en A Estrada, Esther




Documento con selo da fábrica (resaltado a tinta) –1892.

Fernández, de Riamonde; Manuel Iglesias, tamén de Riamonde; Celia Figueiras; Mercedes Gañete e xa as que nos deixaron para sempre Carme Porto Pazos, Dolores Porto López, Elvira e Esperanza Gorís; mulleres que noutros tempos deron vida a esta fábrica, hoxe tan silenciosa.



# O Museo do Pobo Estradense "Manuel Reimóndez Portela"
## A institución e a exposición permanente

María Carbia Vilar

## Preámbulo

Nunca os museos estiveran tan preto do público, dos seus visitantes, coma na actualidade. Esto débese ó grande desenvolvemento que tivo dende mediados do século XX a súa función difusora e educativa e á consideración dos mesmos como lugares de comunicación, que só teñen sentido se chegan á comunidade[1]. Neste aspecto os museos etnográficos e os museos locais, como o Museo do Pobo Estradense "Manuel Reimóndez Portela", contan coa vantaxe de presentar uns contidos moi próximos para un amplo espectro da poboación, pero xeralmente teñen a desvantaxe de dispoñer de

1 Para atender estas funcións creáronse nalgúns museos os Departamentos de Educación e Acción Cultural (DEAC), tamén denominados Departamentos Pedagóxicos, Didácticos ou Departamentos / Áreas de Difusión. Así mesmo publicáronse numerosos estudios sobre didáctica nos museos, as exposicións como sistemas de comunicación ou estudios de público. Abordan algúns destes temas de xeito máis extenso que nas obras recollidas na bibliografía: HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, F.: *El museo como espacio de comunicación*, e HOOPER-GREENHILL, E.: *Los museos y sus visitantes*, ambos da Colección Biblioteconomía y Administración Cultural, nºs 16 e 17 respectivamente. Trea, Gijón, 1998.

escasos recursos humanos, técnicos e económicos para poder desenvolve-las súas funcións do modo máis axeitado.

Polo momento o Museo "Manuel Reimóndez Portela" está xeralmente pechado, pero atende as visitas concertadas previamente no Concello ou no Centro Comarcal Tabeirós-Terra de Montes. O maior índice de visitantes que recibe é o de estudiantes de idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos, seguidos de grupos da terceira idade e turismo cultural. Atendendo a estes datos hai que ter en conta dous aspectos. En primeiro lugar hai que sinalar que, aínda que un museo é máis que a exposición, xeralmente *lo que se ve es lo más importante para el público y a partir de lo cual juzgará al mismo*[2]. Por iso hai que procurar unha montaxe expositiva adecuada na que a mensaxe sexa facilmente intelixible para o público. Ademais débese suscitar nos visitantes o interese de volver ó centro de novo, deixando aberta a exposición a novas lecturas e diferentes posibilidades de aproximación ós obxectos e dando a coñece-las súas actividades e servicios. En segundo lugar hai que ter en conta que, mentres que o público acostuma a visita-los museos libremente, buscando unha aprendizaxe, unha distracción ou deleite visual, o público escolar *representa una excepción a este carácter voluntario. Los escolares que acuden al museo en grupo organizado por su centro educativo y con sus profesores constituyen un público 'cautivo', por lo que su predisposición no es la misma que la del resto de los visitantes del museo*[3]. Por eso para que a visita sexa efectiva e se poida producir unha aprendizaxe significativa debe haber unha coordinación entre o museo e a institu-

2 GARCÍA BLANCO, A.: *Didáctica del museo. El descubrimiento de los objetos*. Proyecto didáctico Quirón, 10. Ediciones de la Torre, Madrid, 1988. p. 49.

3 VALDÉS SAGÜÉS, Mª C.: *La difusión cultural en el museo: servicios destinados al gran público*. Trea, Gijón, 1999. p.81

ción educativa co fin de adecua-los contidos da mesma ós obxectivos educativos e características do grupo. Os especialistas sinalan que é necesaria unha preparación previa na aula, co fin de informar e esperta-lo interese polo que se vai a coñecer. Pero tamén se recomenda realizar trala visita (que pode ser guiada ou concibida como visita-descubrimento) unha serie de actividades na aula ou no museo (se conta con talleres) para afianza-los coñecementos adquiridos[4].

Aínda que este texto non vai dirixido ós visitantes nin ten carácter didáctico, si está elaborado pensando na aproximación do Museo do Pobo Estradense ó público. Por iso na primeira parte dáse a coñece-lo centro como institución, a parte menos coñecida polos visitantes, e na segunda abórdase a súa exposición permanente.

## PRIMEIRA PARTE

### Manuel Reimóndez Portela. Síntese biográfica[5]

Naceu en San Miguel de Castro en 1916 e nove anos despois partiu co seu pai cara Cuba. Tralo seu retorno a Galicia en 1931, estudiou bacharelato en Santiago de Compostela e en 1935 iniciou a carreira de Medicina, que tería que interromper durante a Guerra Civil para incorporarse a filas e prestar servicios sanitarios en diferentes cidades españolas. Licenciouse en Medicina pola Universi-

4 Ofrecen propostas para as visitas ós museos e exemplos de material didáctico para o traballo na aula, ademais das obras citadas na bibliografía: AGUILERA, C. e VILLALBA, M.: *¡Vamos al museo!. Guías y recursos para visitar los museos*. Narcea, Madrid, 1998.

5 Unha biografía máis detallada é a presentada por Olimpio Arca Caldas co título “Apuntes a unha biografía de Manuel Reimóndez Portela”, en *Manuel Reimóndez Portela na lembranza*. Ediciós do Castro, A Coruña, 1996. pp. 20-27.

dade de Santiago en 1942, e ese mesmo ano estableceuse como médico na súa parroquia natal. Tres anos despois casou con Mª. Victoria Fernández de la Torre, coa que tivo tres fillos.

Á vez que exercía a súa profesión continuaba cos seus estudios, obtendo en 1960 o título de Doutor en Medicina e Cirurxía. Posteriormente acadaría tamén o título de Especialista do Aparato Dixestivo e diplomaríase como Médico de Empresa. Algunhas experiencias no desempeño da súa vida profesional deixounas recollidas na súa obra *Un médico na aldea* (1992).

Como político presidiu o anteproxecto do Estatuto de Galicia (O *Estatuto dos 16*) e exerceu como alcalde da Estrada entre 1983 e 1987.

Outra das súas facetas foi a de etnógrafo, coñecedor e investigador da historia, aspectos culturais e recursos turísticos do Concello da Estrada. En 1976 foi nomeado presidente do Centro de Iniciativas e Turismo da Estrada; nese mesmo ano publicou a *Guía Turística de La Estrada* á que seguirían diversos estudios e actividades desenvolvidas que lle valerían distintos recoñecementos. En 1986 creou o Patronato do Museo do Pobo Estradense, que presidiu ata o seu falecemento en 1994.

Entre as súas obras editadas, ademais das xa mencionadas, destacan: *Cruceiros e Cruces do nordeste da Provincia de Pontevedra* (1985), *Marcas de Canteiros da Torre da Barreira* (1986), *A Estrada* (1987), *A Estrada Rural* (1990), *El Camino a Santiago por el Sudeste* –coautores: José Espiño Mato, Mariano Sinde Lema– (1993).

Dende 1996 a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada convoca na súa honra o Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela. Este ano 2004 dedícaselle, na Estrada, o Ano Cultural.

## Da creación do Patronato á fundación do Museo

Segundo consta na documentación do Museo, este *comezou a funcionar en 1982 asociado ó Centro de Iniciativas e Turismo (CIT) de A Estrada*[6], que presidía Manuel Reimóndez Portela. Ese mesmo ano comeza a inscrición de obxectos no Libro de Rexistro. Uns anos despois, o 24 de outubro de 1986, tivo lugar no local social do CIT unha reunión co fin de constituí-la asociación "Patronato do Museo do Pobo Estradense". Ese día os catorce patróns firmaron a acta de constitución da mesma, aprobáronse os seus estatutos[7] e nomeouse presidente a Manuel Reimóndez Portela.

Á vez que organizaba actividades culturais (conferencias, exposicións, presentacións de libros...) o Patronato continuaba o labor de recollida de obxectos de interese para o Museo e, en 1989, o seu Presidente informa ó Concello por primeira vez da necesidade de contar cun local no que emprazalos. As peticións pasan a ser máis concretas cando en 1990, coñecendo o proxecto de construcción dun novo Matadoiro Comarcal, solicítase dedica-lo edificio do antigo matadoiro a museo.

O Concello procede a rehabilitar este inmoble e os obxectos recollidos ocupan dende 1991 un local na planta baixa da actual Casa da Cultura. En xullo de 1994, cando as obras para acondiciona-lo edificio aínda non remataran, falece Reimóndez Portela, e días despois Olimpio Arca Caldas é nomeado novo presidente do Patronato.

En 1996 o Museo xa estaba establecido no edificio rehabilitado e anótanse os primeiros visitantes no Libro de Rexistro de Visitas. Pero foi en 1997 cando o Concello de A Estrada e o Patronato esta-

6 Libro de Actas do Patronato do Museo do Pobo Estradense.

7 A data de rexistro da Acta de Constitución e Estatutos do Patronato do Museo do Pobo Estradense no Goberno Civil de Pontevedra é de 16 de decembro de 1986.

bleceron un convenio polo que se fundou o Museo do Pobo Estradense "Manuel Reimóndez Portela", integrado na Fundación Cultural da Estrada[8] e rexido polo Patronato. Distínguense, polo tanto, dúas entidades:

- O Museo, dependente da Fundación Cultural da Estrada: aporta o edificio, cubre os gastos de conservación, funcionamento e servicios, e perténcelle o patrimonio que ingresou a partir da data da firma do convenio. Encárgase da súa xestión un Director-Xerente, cargo ocupado entre 1997 e 2002 por Olimpio Arca e que desempeña dende comezos de 2003 Juan Andrés Fernández Castro.
- A asociación "Patronato do Museo do Pobo Estradense": ten entidade xurídica propia, conta actualmente con once patróns e aporta ó Museo en calidade de depósito os obxectos reunidos con anterioridade á firma do convenio. Á cabeza está un presidente, cargo que tamén ocupa na actualidade Juan Andrés Fernández.

## O edificio

O Museo ocupa o edificio do antigo Matadoiro Municipal, construído entre 1924 e os anos finais desa mesma década seguindo o proxecto do arquitecto Juan Argenti. O inmoble foi rehabilitado para Museo polos alumnos da Escola-Taller da Estrada na primeira metade da década dos noventa do século pasado[9]. Tamén se acondicionou o entorno e accesos ó mesmo co fin de integralo no tecido urbano da vila.

No solar, de forma pentagonal, teñen cabida o edificio do Museo e un xardín. O edificio presenta planta en forma de "T" invertida,

8 Esta institución municipal creouse en 1994.

9 A construcción do antigo Matadoiro Municipal e a posterior rehabilitación do edificio para Museo son abordados por CARLÍN PORTO, Isabel: "Un edificio estradense recuperado para uso cultural: el Museo Manuel Reimóndez Portela", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, nº 5 (2002); pp. 115-121.



Museo "Manuel Reimóndez Portela".

constituída por un corpo central rectangular e dous laterais menores que comunican co anterior e co que se aliñan na fachada. En alzado ten unha soa altura e remata con cuberta a dúas augas tellada.

No exterior destaca o gran número de vans (a maior parte ventás) que se abren nos muros, de grandes dimensións e dispostos simetricamente. Nos paramentos murais contrasta a cachotería cos bloques de cantería de granito que percorren a sección inferior a modo de zócalo, enmarcan portas e ventás e marcan os volumes do edificio. A sección superior dos muros anímase cunha moldura de cornixa. Na fachada sobresae o corpo central, co seu remate apuntado marcado dende a cuberta con tres esferas de granito. Sobre o lintel da porta de acceso, no que conserva esculpido o nome "Matadero", ábrese un van en forma de arco de medio punto protexido cunha cristaleira e unha reixa.

No interior as ventás están tapiadas e destaca o *complejo sistema de viguería de madera que soporta el tejado (…)*[10].

10 CARLÍN PORTO, Op.cit., p.119.

## Tipo de museo e fondos

O Museo "Manuel Reimóndez Portela" é un museo local especializado na Estrada urbana e na rural, dous ámbitos que gardan estreitas conexións e que non poden estudiarse de xeito illado. Os seus centros de interese son, polo tanto, a historia e aspectos culturais da vila e das parroquias do Concello. Pero o Museo ten, segundo explicou o seu Director-Xerente, unha vocación de especializarse nun ou varios temas, que lle permitan definir uns obxectivos máis concretos.

Os fondos que custodia proceden de diversas zonas do Concello de A Estrada ou mesmo das terras nas que residiron os emigrados, e ingresaron mediante doazón, compra ou en calidade de depósito. Aínda que entre os fondos se atopan pezas arqueolóxicas e documentación dos séculos XVI e XVII, a maior parte dos obxectos, documentación e libros datan de épocas máis recentes, sobre todo do século XX.

Atendendo á tipoloxía dos fondos establezo a seguinte clasificación:

- *Fondos bibliográficos*.
- *Fondos documentais*. Destaca o Fondo documental de Mario Blanco Fuentes e o Arquivo fotográfico e documental Olimpio Arca Caldas.
- *Fondos museográficos*: constituídos maioritariamente por *fondos etnográficos*, *histórico-artísticos e arqueolóxicos* (obxectos expostos nas salas e no xardín).
- *Fondos administrativos*.

## Servicios e actividades

O Museo do Pobo Estradense conta no seu edificio cun espacio expositivo aproximado de 165 m$^2$, repartido en tres salas dedicadas a

exposición permanente[11]. Nelas atópanse a case totalidade dos fondos bibliográficos e museográficos. Tamén dispón dun xardín que se podería acondicionar para a montaxe de exposicións. Complétanse as instalacións cos aseos e co despacho do Director, que alberga os fondos documentais e administrativos e está dotado dun equipo informático.

Están proxectadas reformas nas que, mediante a división en altura da ala esquerda do edificio, se creará nesta zona unha segunda planta á que se trasladará o despacho do Director e na que terán cabida os novos servicios de biblioteca, arquivo e sala de investigadores.

O Museo, que ó longo dos anos veu organizando diversas actividades de carácter cultural, como conferencias e exposicións (*A Escola no museo* (1997), *Unha viaxe pola Arte Sacra das parroquias da Estrada* (1999), *Castelao. Mostra Antolóxica* (2000)...), conta ademais dende 1998 cun novo medio de difusión, a súa publicación anual *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*. Na actualidade destaca tamén o traballo de creación dun importante arquivo fotográfico de A Estrada, que leva o sobrenome Olimpio Arca Caldas, en soporte dixitalizado e documentado coa información que aportan os propietarios das fotografías orixinais.

11 No reducido espacio do Museo non teñen cabida exposicións temporais que sirvan de reclamo ó público. As organizadas ata o momento implicaron o traslado provisional dos fondos a outros edificios.

# SEGUNDA PARTE

## Características da exposición permanente

A carencia dun almacén no Museo ou fóra del fai que tódolos obxectos que integran os seus fondos estean repartidos polas tres salas da exposición permanente. Nelas non hai un criterio de montaxe previamente definido, sen embargo, a maior parte dos bens están agrupados con obxectos cos que gardan relación e que forman o seu contexto, polo que nos permiten unha visión máis enriquecedora que aqueles que se presentan illados. Na sala 2 preséntase un conxunto claramente definido: unha aula co material escolar e xogos infantís; na sala 1 e na sala 3 a temática non é tan concreta e resulta máis difícil trazar un percorrido seguindo unha orde lóxica sen ir saltando dunha sala á outra. A exposición recibe a iluminación de grandes lámpadas que proporcionan luz xeral, o que se complementa con focos de luz dirixida e puntual sobre algúns obxectos.

Sería necesario delimitar con claridade os contidos de cada espacio e deseñar unha montaxe expositiva axeitada, cunha boa selección de obxectos, colocación de paneis informativos e cartelas. En canto ós contidos, segundo explicou o Director-Xerente, aínda non están determinados, pero é posible que a sala 1 se especialice na evolución da Vila e o rural estradenses, a sala 2 continuará dedicada á escola e o mundo infantil, e na sala 3 quizais teñan cabida diversos aspectos relacionados coa etnografía e antropoloxía local ou galega.

## Un percorrido pola exposición

Para presenta-la exposición cunha certa orde establezo varios bloques temáticos:




Distribución das salas sobre a planta do Museo realizada por Ana Pazos

## *O concello da Estrada. A evolución da vila (salas 1-3)*

A *maqueta* a escala do Concello da Estrada, elaborada por Reimóndez Portela, permite unha aproximación ó seu territorio. Este antigamente estaba dividido en cotos e xurisdiccións, en 1836 pasou a ser Concello de Cereixo, coas 51 parroquias actuais, e en 1841 cambiaríaselle o nome polo de A Estrada.

Os restos máis antigos da cultura material deste territorio que se conservan no Museo son pezas de *muíños de man circulares* ("muíños romanos"), procedentes de varios castros e que se expoñen xunto cunha reproducción actual (salas 1-3).

Na entrada do Museo exponse a *reixa* do van que se abría sobre a porta principal da vella Igrexa Parroquial de San Paio da Estrada, que se comezou a construír en 1856, cando a Vila aínda era unha



Reixa e fotografías da antiga Igrexa Parroquial de San Paio. Med. s. XIX.

pequena aldea. Esta presenta distribución radial e decoración con puntas de frecha e unha sorte de tornapuntas. Tamén se amosan fotografías da igrexa e nalgunha pode verse a torre, reutilizada da Igrexa de San Paio de Figueroa[12], que ardera en 1855. O desenvolvemento da Vila levaría á construcción do actual templo (1899-1935), do que se expón un "Proyecto de Altar Mayor y Retablo", que presenta algunhas variacións co realizado, especialmente no corpo central.

Dos escudos que tivo A Estrada pódense ver dous exemplos. O que se empregou a partir de 1840 aparece representado nun lateral do carro do "Servicio de Incendios" do Concello, co anxo axeonllado chorando ante a tumba dos liberais fusilados polos carlistas en 1836. O que responde á iconografía actual, adoptado polo Concello en 1928, está preto da entrada. É de ferro forxado e foi elaborado por

12 CASTIÑEIRA RODRÍGUEZ, M.: "Novas matinacións encol do topónimo A Estrada", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, nº 5 (2002). pp. 6-7.

José Rodríguez en 1934[13]. Xunto a el hai un conxunto de recordos da Masa Coral Estradense (placas, un diploma, a pandeireta, o bombo...), agrupación fundada en 1948. Pese ó éxito alcanzado desapareceu, e na actualidade trata de segui-la súa tradición a Coral Polifónica Estradense.

Repartidos nas salas 1-3 atópanse diversos obxectos que nos falan da evolución e progresiva modernización da Vila e o rural ó longo do s. XX. Un dos grandes adiantos foi a instalación do alumado eléctrico nas rúas e nas casas[14], que deixou sen uso ás lámpadas de aceite, de carburo e ós farois que se mostran xunto a máquinas de coser "Singer" de finais do s. XIX, pranchas de carbón, pranchas eléctricas de ferro,... Indican a evolución nos medios de transporte un faro dun coche de cabalos e dous faros dun coche de 1940, e no mundo da imaxe e o son os proxectores de cine, unha cámara de fotos, aparatos de radio e un gramófono. Tamén se expoñen algúns obxectos de uso doméstico (filloeiro, oveira, pote e gramalleiras,...) e outros de diversos tipos, como cestos de pesca, un conxunto de chaves, un pedestal dunha fonte dos xardíns municipais, etc.

Na sala 3 recréase un establecemento da Vila: a barbería de Alfonso Vázquez, que se atopaba na Rúa Ulla. Nela vemos as cadeiras de brazos de perruqueiro, os espellos e estantes cos útiles do barbeiro, e unha sorprendente lista de prezos de 1970. Tamén se atopan nesta sala dúas chaquetas de mediados do s. XX pertencentes ós Xenerais do Ulla, manifestación cultural que revive cada ano polo

13 Analiza a iconografía e variantes dos mesmos: FERNÁNDEZ BASCUAS, Mª.J.: "Os escudos do Concello da Estrada dende 1840", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, nº 6 (2003); pp. 57-72.

14 Explica este longo proceso FERNÁNDEZ BASCUAS, Mª J.: "Unha aproximación ó estudio da chegada e desenvolvemento do alumado público eléctrico na Estrada (1900-1950)", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, nº 1 (1998). pp.151-167.



Barbería de Alfonso Vázquez.

entroido, cun encontro entre dous exércitos no que ten lugar un enfrontamento verbal cargado de ironía e crítica social.

### *Castelao, Virginia e A Estrada (sala 1)*

En 1912 Alfonso Daniel Rodríguez Castelao casou na Estrada con Virginia Pereira Renda, natural desta Vila. A relación do artista con esta terra sería importante e reflíctese na súa obra gráfica: "*...imaxes dos seus arredores aparecen repetidas en moitas das súas obras, o que demostra a profunda pegada que deixou nel*"[15]. El mesmo puxo de manifesto o seu *amor á Estrada* no discurso "Aos Estradenses" que pronunciou no local da sociedade Unión Estradense en Bos Aires nos anos 40 do s. XX, e do que se expón unha copia. Xunto a ela atópanse algúns dos mobles que formaban parte do enxoval da familia

15 CASTAÑO GARCÍA, J.M.: "A Estrada na obra gráfica de Castelao", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, núm. 1 (1998). p. 81.



Vista parcial da sala 1. No centro mobles da familia Castelao- Pereira.

Castelao-Pereira en Bos Aires, onde o artista faleceu en 1950. Trátase dun xogo de cómoda e mesas de noite acompañadas por un espello de parede. A sección complétase con varias láminas e carteis enmarcados. Destacan o cartel que deseñou para as Festas do Apóstolo do ano 1912 e as reproduccións dos debuxos *Castelao cos ananos de Liliput* e *Castelao coa súa dona* (Museo de Pontevedra). Tamén se mostra a súa orla da Licenciatura de Medicina (curso 1908-09), e a bandeira galega, asinada por Teresa R. Castelao, que cubriu os restos mortais de Virginia, trasladados ó cemiterio da Estrada en 1986[16].

## *O campo, a labranza (sala 1)*

No extenso ámbito rural estradense, como aconteceu no resto de Galicia ó longo do s. XX, os apeiros e útiles de traballo tradicionais

16 Virginia falecera en Madrid en 1969.



Sección dedicada á labranza.

empregados no cultivo da terra e actividades gandeiras fóronse substituíndo pola maquinaria moderna. Nesta sección consérvanse algúns deles, elaborados polos propios campesiños, por artesáns ou en fábricas, empregando principalmente a madeira, acompañada nalgúns casos de ferro.

oceánico húmido, cunha notoria subseca estival. As precipitacións, abondosas, superan a isoieta dos 1800 milímetros anuais doadamente, concentrándose nunha estación chuviosa de novembro a xaneiro. Na zona de Vea e Barcala pervive unha degradación de clima de tipo mediterráneo que se reflicte na presencia de sobreiras (*Quercus suber*) e outros vexetais arbustivos máis ben alóctonos, favorecida polo encaixamento que sofre a partir da Ponte Vea entre o Xesteiras e o Meda, antes de se botar nas veigas de Padrón. Nos lindes do concello, no seu curso máis alto, é quen de excavar por epixénese fondas gorxas nas veas dos seixos de Gundián, antes de saír do concello vixiado polos restos da fortaleza de Cira, sentada nunha pena, na beira do tempo. No intermedio quedan as parroquias de Cora, Paradela, Ribeira, Berres, Arnois e Castro coma testemuñas do seu paso.

Dos datos técnicos, quedámonos co seu valor de sinuosidade, que acada o 1,75%, superior a calquera das principais correntes galegas, e cun coeficiente de irregularidade dos máis sobresaíntes de Galicia. Ambos factores, e a presencia dunha ictiofauna que se beneficiaba deles para reproducirse mediante o remonte, levaron ó aproveitamento piscícola desde moi cedo. Xurdiron artes de pesca baseadas en estructuras que nun primeiro momento serían de madeira, para se metamorfosear logo en pétreas construccións de variada tipoloxía coa chegada do Medievo, que poden acadar varios corpos –poios– ou presentar unha sinxeleza moito maior, como veremos.

Pretendemos con esta breve aproximación ás pesqueiras do curso estradense do Ulla, poñer de relevo a existencia (ignorada por moitos) dunha arquitectura popular especializada na captura de varias especies de peixes, completar un recorrido polas fontes escritas (que fan referencia sobre todo a aspectos xurídicos e históricos) e polas propias beiras do Ulla (achegándonos a aspectos máis funcionais,

**Mapa situación do Ulla en Galicia e ó seu paso polo concello de A Estrada**




formais e ó entorno no que se ubican estas construcións), facer un sucinto balance do que supuxo para a economía tradicional, e do porvir e posibilidades delas e doutras estructuras do medio fluvial vencelladas a elas e ó bosque de galería ou de ribeira. Sabemos xa que imos ser quen de facer nada máis ca unha breve reseña destas testemuñas da explotación racional e sostible do medio fluvial mediante unhas estructuras que, carentes de morteiros hidráulicos, soportaron impasibles o tempo e a auga durante séculos.

## Aspectos morfolóxicos e distribución

Pesqueiras, canais ou pescos, de diversas tipoloxías, estendíanse en tempos dos nosos devanceiros desde San Miguel de Barcala ata San Miguel de Castro ó longo do paso do Ulla. É moi probable que existisen construccións desta índole ó longo de tódalas freguesías intermedias desas dúas na Estrada, como veremos pola documentación. Algunhas unicamente as podemos intuír a partir do estudio microtoponímico das beiras fluviais[1]; doutras quedan vestixios mudos, esquecidos ás veces, que se encenden coa luz e se apagan coas sombras, camuflados polas hedras e os fieitos e mudando de cores segundo as estacións do ano e as horas do día. Todas dan fe do aproveitamento dos recursos fluviais piscícolas desde antes da Idade Media ata os inicios da industrialización dos ríos, que tende a producir outro tipo de bens en resposta á demanda dunha sociedade que se alonxa con rapidez dos usos económicos tradicionais.

Cómpre ter un mínimo concepto do que é ou foi unha pesqueira para poder rastrexalas a pé de río. Anque ás veces, a capacidade abstractiva de ver nunha morea de pedras desordeadas o que noutrora foi, non só un instrumento vencellado a un uso concreto prácticoalimenticio, senón unha figura arquitectónica de coidado nivel de execución formal a partir de materiais de doado fornecemento e cun alto deseño e calidade, non é doado, debido ó paso do tempo e á despreocupación por elas unha vez que deixaron de ser económicamente rendibles e mudou o sistema de producción feudal por outro, é seguro que a maior parte se perderon ou se perderán para sempre. Da nosa futura maior ou menor desidia depende o conservalas.

1 *Regueiro da Caneira* en Barcala, *Caneirón* preto de Bruñido en Arnois, *Canal* en Berres, Paradela e Castro, *Canal do Chicos* e *Canal dos Vellos* en Cora, *O Canal* e *O Canaliño* en Ribeira, *Caneiros* e *A Boquiña* en Couso... .

Debemos alonxarnos das ideas preconcebidas sobre as pesqueiras en base ó coñecemento que posuímos das súas caraterísticas formais noutras partes[2] (o Miño ou o mesmo Ulla no curso baixo), onde se fixo en moitos casos un esforzo para a súa conservación nun estado recoñecible e explotable. Na parte media do Ulla a carreira cara a extinción de especies como a lamprea (*Petromyzon marinus*) ou o salmón atlántico (*Salmo salar*) axudaron ó paseniño abandono destas estructuras dende moitos anos atrás, a medida que a afluencia destes animais se fixo máis escasa e esporádica. Moitos pescos esmoreceron, foron reaproveitadas as súas pedras ou quedaron asulagados. Os últimos en explotación que temos documentado con certeza sitúanse en Arnois[3] e en Couso[4].

En principio unha pesqueira componse dunha fábrica de pedra (as posibles e primitivas construcións en madeira, obviamente non perduraron, pero os paralelismos etnográficos indícannos a súa existencia) que pode presentar diversas variantes, pero que procura sem-

2 No Sil, ó seu paso por Portomarín, e asulagadas polo encoro de Belesar, perduraban os caneiros, outra tipoloxía adicada preferentemente á captura da anguía ou eiroa (*Anguilla a.*). No Tambre existían pesqueiras de lampreas no século XV, segundo se anota no Tombo Vermello de Don Lope de Mendoza, folio 39: "Iten ha de aver el mayordomo la primera lanprea que los onbres del moyno mataren en el rio de Tamere desta parte, so pena de LX soldos leoneses.
Iten de las lanpreas del ochavo del rio, que es del arçobispo, que ha de aver el mayordomo.
Iten todas las lanpreas del rio que ha de aver el mayordomo de una noche, qual escoger el mayordomo una vez en el año, en tienpo de las lanpreas, e la qual noche los onbres de la villa de Muyno ha de procurar el mayordomo para su costa e darle todas las lanpreas que ovier en esta noche.
Iten el mayordomo ha e debe constrenir los herederos e onbres de la villa de Muyno, que adoben el rio e los canales del". Disposicións todas elas que se repiten nos pescos de Vea e que tendían a reafirmar o señorío territorial do arcebispo mediante o recoñecemento do dereito ás primicias do río en forma de salmóns e lampreas.

3 Reimóndez Portela, M. *A Estrada rural*. Páx. 64.

4 Dúas funcionaban cando X. Álvarez Limeses redactou a súa *Geografía General del Reino de Galicia*, no 1936: "Tiene dos pesqueras que fueron muy importantes en tiempos pasados, una en Couso que pertenecía al conde de Gimonde y otra en Maíndo en las cuales se pescaban muchos salmones. Hoy éstos puede decirse que han desaparecido, cogiéndose todavía en ellas algunas lampreas y bastantes anguilas".

pre o aproveitamento de zonas onde se producen correntes que faciliten a captura dos peixes, mediante o establecemento, polo común, de muros de sillares aliñados paralelamente ó río –poios– que os empuxen polas rúas camiño á rede[5] –ou boteirón. Varía a súa concepción se falamos de pesqueiras pensadas para augas fortes ou para augas máis mansas, e segundo a zona do curso que se queira explotar: resultan cando menos significativas as diferencias que hai entre as estructuras do pesco de Ribadulla, en Arnois e as de calquera pesqueira herbonesa. No primeiro caso falamos dunha gran canle asociada a un muíño[6], mentras que preto de Herbón e xa na zona de Barcala contariamos con enxeños de ata cinco boqueiras en data tan serodia como o 1594[7]. Tamén habería diferencias formais segundo as pezas que se pretendera capturar: eso parecen indicar dúas denominacións como "canal de los salmones" e "canal de los rreos" que había augas arriba do convento de Herbón[8]. No XVIII, nos datos do Catastro de Ensenada, vemos que nas cercanías da casa forte de Maíndo hai "un canal en el río Ulla y términos de la aldea de Maíndo do Pazo, con dos pesquerías de coger salmones y reos; otra de coger anduriños y anguilas [...]"[9].

5 Ou vasoura, boitirón, biturón... . Trátase dunha rede de forma cónica. Outras variantes permiten o emprego da rede cabaceira, e nalgúns casos (en Ribadulla de Arnois) constátase o emprego dunha grade de madeira e un sinxelo sirgo, que eran instrumental dabondo para reter ós peixes (Reimóndez Portela, 1990): "entraba a auga do río dirixida por unha presa de pedra... de súpeto a presa facíase máis ancha e tiña unha grade de madeira por onde os peixes caían a un oco máis fondo non podendo seguer por ter un sirgo que só deixaba pasar a auga; en ocasións recollíanse cestas cheas de peixe. Nas fortes enchentas do río a auga asulagaba todo o muíño coas pesqueiras".

6 As fontes fálannos da atracción que exercían os restos de fariña dos muíños verquidos no río para os peixes.

7 O atado nº 316 do Arquivo Histórico Diocesano, correspondente a un libro de bens e dereitos da Colexiata de Iria, no folio 279 vº fálanos do "Canal da Nova que tiene cinco boqueiras".

8 Idem. Folio 278.

9 Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Catastro do Marqués de la Ensenada. Real de Legos, L-192, Santa María de Couso, fol. 532 rº ata 536 vº.

A estructura granítica do leito sería sempre a idónea para erguelas[10] de certa envergadura (coma serían as de Couso), xa que impide que a canle do río sufra variacións apreciables e serve de base para as pedras mestras.

Poderiamos teorizar sobre a reducción a tres tipos básicos no Ulla: un tipo de pesqueira que coincidiría co que formalmente se conserva aínda (en ocasións reforzado con cemento) á altura de Carcacía e Herbón, que chegaría a atravesar o río de marxe a marxe. Este tamaño non podería darse curso abaixo, xa que, como veremos, a Padrón chegaban mercancías por vía fluvial e estaba convertido nun importante porto que proporcionaba bos ingresos ó arcebispo e ó monarca. Co obxeto de non interromper este tráfico, únicamente máis arriba de Pontecesures se darían estas dimensións.

Outro tipo consistiría en paramentos de pedra cun maior ou menor desenrolo en función das posibilidades técnicas pero pouco prolongados hacia o río, cunha ou varias boqueiras orientadas para encamiñar a pesca que sube. Sen chegar ás dimensións das primeiras, debían de ser as máis abondosas.

E un terceiro grupo que englobaría desde os pescos que entestaban con paredes de muíños, ou calquera outra construción ata os que simplemente aproveitaban penedos cunha disposición que facilitaba a pesca, beneficiándose dunha colocación estratéxica en relación ás variacións da corrente. Para comprender mellor a rentabilidade destes pescos, cómpre saber que moi a miúdo as lampreas e anguías buscan as beiras do río ou as faixas máis calmas para remontalo.

10 Portela Jardón, César. *As pesqueiras do río Miño*, páx. 15.

Resumindo, unha serie de exercicios de engano polos que se pretende convencer ás presas de que o mellor camiño para remontar o río son as rúas da pesqueira, caendo nas redes.

De todas formas, nun autocrítico apunte, queremos deixar constancia da dificultade do levantamento de planos e de realizar análises morfolóxicas pormenorizadas dunhas pesqueiras que a duras penas son recordadas polas xeracións máis vellas. Os longos recorridos, (algúns non exentos canto menos de dificultade) polas beiras do Ulla non nos depararon os resultados apetecidos, pese a ser moi reveladores. É tarefa que resta por facer en gran parte, e que urxe.

## Aspectos históricos: as pesqueiras e a documentación

As primeiras que cremos documentadas con fidelidade para o caso ullán, permiten que nos remontemos no río dos vellos papeis ata os episcopados de Sisnando II (952-968) ou de Cresconio (1037-1066), pontífice que fortificou o curso do Ulla contra os normandos[11] coa reconstrucción das Torres do Oeste ou *Castellum Honestum* e o engadido de cadeas entre as dúas beiras do río. Nesas datas xa existían pesqueiras polo menos en Bandín (Barcala), e xa eran obxecto de tributos tendentes ao mantemento digno dos cóengos irienses: "[...] el Señor Sesnando Ponttifice de Yria, por el asolamento, y destrucion de los Barvaros en Salnes [...], constituio, en donativo para los soldados, por el que nuestro predecesor, Cresconio, obispo de Yria, digno de veneracion agrego [...], a la misma Yglesia de Yria, la

11 Nesas datas Ulfo, conde danés, "conquistou e saqueou Galicia, e fixo un gran botín; por este motivo se lle chama Ulfo o Galego" (Texto da *Katynga Saga* citado por López Ferreiro en *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, tomo II, páx. 474). As incursións normandas viñan tendo como vía de penetración preferente o Ulla, que lles permitía achegarse en barca –drakar– ata moi preto das riquezas de Iria e Compostela.

dezima parte de ttoda quintta, de la Tierra de Yria ttanto de pan, como de Lino, y demas fructtos para que no falttase a estos referidos Canonigos de Yria, el Alimento y cubiertto [...], *dió tambien por escripto, ttoda la dezima de las Pesqueiras que ay, desde Puertto Vandin, astta el Lugar de Honestto* [...]."[12]

Documento que ten como paralelo de data similar outro do país veciño referido ó Douro, no que no 1059 e con motivo dun inventario de bens e igrexas de Guimaraes, se cita a "villa travazus integra cum suo porto et suas pescarias"[13].

Esto fai que nos aventuremos a situar a aparición dos primeiros pescos en datas anteriores ó século X. De antes aínda viría o emprego de aparellos como a nasa de varas de salgueiro[14] ou o aproveitamento da disposición natural de pedras situadas no río mediante escasas remodelacións. Tarefa esta que estaría en consonancia co aproveitamento de tódolos recursos posibles do entorno mediante a nova unidade de explotación económica mixta medieval: o casal, herdeiro dos esquemas das *villae* romanas (grandes extensións que usufrutuaba a oligarquía rural coa connivencia dos grandes señores laicos ou eclesiásticos), que representa a individualización do espacio ata as súas últimas consecuencias, xa que non haberá despois del ningunha entidade de menor rango na organización social do espacio. É un modelo de unidade de poboamento e explotación, empregado tamén como unidade de base nas novas ocupacións de terras que fan os mosteiros e potenciado para a detracción da renda en especie polos

12 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral. Atado 314. Trátase dunha copia do século XVIII ou XIX sacada dos privilexios da Colexiata de Iria. O orixinal estaba en latín, segundo o copista, e databa dos tempos de Xelmírez (1100-1140). Fol. 2º e 2º vº. Neste manuscrito (folios 3º e ss.) pódense obter máis suculentos datos sobre as pesqueiras e canais do Ulla nos séculos XII e XIII. A cursiva é nosa.

13 Documento 420 do *Portugaliae Monumenta Historica. Inquisitiones*. Lisboa, 1869.

14 Empregada no Douro ata fai pouco.

señores. O espacio agrario organízase a través del e da figura contractual do foro, que provoca a incardinación da vasalaxe entre todos os estratos sociais, desde os máis altos ata as familias campesiñas.

Xa no século XIII, o prelado compostelán Xoán Arias (1238-1266) se fixera con diferentes partes do que se denomina *piscariis de Arenis*, preto de Herbón pero pertencente en parte a Vea, que sería unidade productiva dun complexo maior que acada, mediado o século XIII, un dos seus mellores momentos: Arias Eáns de Barco e a súa dona Marina Pérez venderon a Arias Martínez, no nome do arcebispo Don Xoán Arias unha terceira parte do quiñón do finado Paio Pérez de Pereiro "in piscariis de Arenis que sunt in flumine Ulie sub signo sancte Maria de Orboe" o 26 de xuño do 1253, por 85 soldos leoneses[15]. Na mesma data Cecilia Diéguez de Padrón e o seu marido Xiao Pérez venden por 75 soldos leoneses outro tercio de quiñón. O 30 dese mes Dominga Páez e Xoán Pérez "dicto Calvo", venden a sexta parte dese mesmo quiñón por 36 soldos e medio.

Temos as pesqueiras inseridas no circuito comercial da época. Non debemos esquecer que polo século XII tivo lugar un cambio sustancial no modo de explotación: a aparición dos contratos de foro, que permitían ós grandes posuidores poñer en explotación os bens acumulados, conformando un sistema de percepción de rendas que caracterizará ó mundo rural galego durante séculos. Do val do Ulla podemos tirar topónimos abondo que atestiguan a presencia de granxas do cister e de mosteiros coma os de San Xoán da Cova ou San Sebastián de Pico Sacro que recurriron a aforar as posibilidades do entorno privilexiado que os cinguía.

15 Arquivo Catedralicio de Santiago. Tombo C. Folios 80 e 81.

Non é ilóxico supor que a construcción e posesión das pesqueiras deberon estar ligadas a cabidos, mosteiros e/ou señores feudais, todos capaces de encauzar o esforzo colectivo e económico que supoñía erguelas e mantelas en estado próspero. Así temos o conflito documentado en 1571[16] entre a Colexiata de Padrón e o convento de Herbón, no que ambas instancias pugnan polo reparto que a cada unha correspondería nos reparos das pesqueiras que explotan, e que no caso dos frades teñen do arcebispo compostelán. De todos xeitos, temos noticia do que debeu ser en tempos unha pesqueira comunal en Couso, e a propia documentación nos conta historias de señores eclesiásticos enfrentados ós seus conveciños con motivo da posesión de bens terrenais, entre os que se contaban os canais de pesca: "[...] Sabean todos que en presencia de min Juan Bochon nottario [...] estando en a Vila de Barco que he ena freguesia de Santa Maria de Herbon, Gómez Fernández Cóengo de Padrón [...] amostrou y por min nottario fiso leer [...] una Cartta dada por Gonzalvo Sanchez de

16 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral 1231. "Informaciones Varias. Libro 3" (1565-1598). Fol. 507: de 1571 "Ynformacion hecha por comission del Arçobpd don Xpoval Valodano de pedimento de los Canonigos de la Colegial de Padron sobre que piden que los flayres del monesterio de Herbon de siete partes las dos, y los Canonigos las cinco, les ayuden prorrata al rreparo del dicho Canal". O arcebispo citado é Cristóbal Fernández de Valtodano (1570-1572). Quédannos as noticias e interrogatorio do pleito entre os cóengos de "Santa Mª de Yria del Padron en el pleito que tratan con el guardián y conbento [...] de Herbon sobre el canal de los rreos. [...] a la primera pregunta digan si conoscen a las dichas partes y si tienen notiçia del dicho pleito [...]. Yten si saben que desde mucho tiempo y años a esta parte los dichos flaires de herbon han thenido y tienen y han cogido y cogen el pescado que a morido en el canal que hes la parte del ilustrissimo señor arzobispo de santº que son de çinco dias, dos, y como tales colectores y propietarios en el nombre del illustrissimo han siempre adresçado su parte del dicho canal y esto lo saben los testigos por que han bisto pagar a los dichos flaires la dicha parte del adresço dando hombres que ayudasen a llebantar el dicho canal y pagando a los offiçiales y jornaleros que alli trabaxaban, y esto siempre y cada año que hes menester digan. Yten si saben que en los mas canales que el ilustrissimo tiene en este rrio ansi de lampreas como de otro pescado los arrendadores que los tienen arrendados y los que los han tenido antes siempre de inmemorial tiempo a esta parte han contribuido y pagado y pagan la parte de los canales según cojen para adresçarse [...]".

Bendaña[17] Dian de Santiago y Vigario Geeral do Arzobispo [...], segundo por ela [...] para parttir [...] as ditas freguesias [...], y das freguesias de San Miguel de Barcala y de San Giao de Requeijo, Santta Mariña de Barcala [...], y a cada un de vos, a quen estta Cartta for mostrada Saude. Savede que Gómez Fernández Cóengo [...] beu antte min, y diçome que Vos que lle non quiriades estremar a ditta sua fregesia, das sobre dittas fregesias, pero que os saviades, et que el que há y lle pertenece, por la ditta Yglesia, herdamentos Casas, Casares y chanttados, *tamben en rio como en seco*, y que lle non quiriades dar o seu quiñon que lle perttecia [...] *y que levades as lampreas do Rio, que a el perteecen*, y que lle non queredes dar o seu quinon, e que esto, que o facedes maliziosamente, et *en peligro das bosas Almas* [...], por que bos digo y mando [...], y so pena descomunion [...] partades, y extremedes todos los herdamientos, Casas, Casares, Chantados tanben en Rio como en seco [...]. [...] na Ciudad de Santiago, a once dias de Abril ano Domine mil trescientos noventa [...]"[18].

No mesmo atado[19], da "hera de mill y quattro centtos y vintte anos, oitto dias do mes de Janeiro [...] en presencia de min, Juan Bochon nottario Jurado de Vila de Padron", temos un interrogatorio sobre as rendas e os dereitos inherentes á Colexiata de Iria, no que se pregunta a Pedro Fernández de Herbón baixo xuramento, e "Iten diso polo ditto juramento que da Pisqueira da bea, que há ditta

17 A casa dos Bendaña acaparou os canais de Barcala e a zona de Vea durante moito tempo; tanto que no século XX aínda pertencía unha pesqueira de Couso aos condes de Ximonde. Pero non é un feito illado. Máis adiante veremos a vinculación da casa dos Silva con outra canle de pesca río arriba, en Arnois. Sobre os Bendaña pódense consultar os artigos de H. Picallo Fuentes en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, nº 5, páxina 199 e seguintes ("Maíndo: Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do condado de Ximonde") e nº 6, páxina 163 e seguintes ("Maíndo: Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do condado de Ximonde II").

18 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral. Atado 314. Fol. 113 ata 115. A cursiva é nosa.

19 Fol. 110 vº.

Yglesia, as duas quintas, de una quintta y media. Itten diso que do Midel que ha ditta Yglesia, que ha meattade, y da Croquexiña, a quartta, y da francisca, a mettade, y que havia meade da de Vea, que chaman Batticolla, y a quarta da bea, y que havia a ditta Yglesia, as duas partes, de una quintta do Canal". Son datos de finais do século XIV que nos falan de que o dereito á propiedade das pesqueiras xa está moi parcelado e fragmentado. Varias corporacións e órganos eclesiásticos son os principais beneficiarios no Medievo e ben entrada a denominada Idade Moderna das pesqueiras do Ulla, segundo se infire da documentación producida por eles, repartindo ás veces os beneficios entre os seus compoñentes: desde os cóengos e a colexiata de Iria ata os conventos de Herbón, de San Martiño Pinario ou de San Paio de Antealtares, pasando polo Colexio de Sancti Spiritus[20] e o propio arcebispo. Todos tiñan participación nos beneficios das pesqueiras. Así temos, desde o comenzo, ós canais de pesca vinculados, en maior ou menor medida, ós estamentos privilexiados, coma calquera outro medio de produción. É unha situación similar á que se xenera noutras zonas da nosa xeografía: a abadesa de San Salvador de Ferreira de Pantón, por poñer un exemplo non sempre masculino, afora no 1349 un quiñon da "Pena da Ynfante" pola metade das capturas que se colleran na pesqueira dese nome.

Ademais, a comenzos do XV o pobo de Padrón está convertido nun importante porto fluvial e enclave estratéxico ó que chegan mercadorías desde a costa: ferro, sal, polbos, congrios, melgas, raias... Na mesma

20 Sobre este colexio-capela instalado na catedral fálanos Jerónimo del Hoyo nas súas *Memorias*, ó folio 127: "Capilla y Collegio de Sant Spiritus. En veintiocho de agosto de [1]603 visité esta capilla. Es adbocaçión de Sant Spiritus. Está inclusa en la Iglesia Mayor, entre la capilla de la Concepción de Nuestra Señora y el tránsito por do se pasa a la Corteçela. Llámase bulgarmente el colegio de Sant Spiritus. Hay en ella doçe capellanes que llaman racioneros. Provélos el arçobispo, mi señor, o el Pontífice conforme al mes que bacan. [...] Valdrá a cada racionero su raçión cien ducados. Algunos tienen tenençias del dicho colegio y les balen más".

vila elaborábase saín a partir das sardiñas ou das magas que alí chegaban, a decires do chamado Tombo Vermello de Don Lope de Mendoza[21]. Nel fálase[22] da "portagee minuda de Padrón. Se algûo onbre de outra parte venier a Padron mercar pescado, a de pagar al arçobispo, de cada carga de pixotas [merluzas] e de pulvos e de congros, ocho cornados de cada carga. E de carga de las rayas e de melgas e de caçôs, de cada carga seys dineros; e de cada millero de sardinas, un dinero [...]. En esto ha el portadgo del pescado quel arçobispo ha de aver en la villa de Padron, que venga desde do Este a ençima; del cento de pescado que chaman do Vallo, VIII peçes, e dos budiones que venieren en un barquo, quer que sean muchos o poquos pagen al mayordomo siete budiones, e del barquo de las sybias, e dos barquos de los polvos frescos, un polvo de cada barquo; e del barquo de las pixotas fresquas, a voluntad del mayordomo; e del barquo de los congros, quer sean muchos, quer pocos, ha de aver el mayordomo un congro. E se fuere de otro pescado grande, que sean yuos o toninas o pragos, o otros peçes grandes, anse de avenir con el mayordomo sobre ello. E del barquo de las sardinas, pocas o muchas en el barquo, ha de aver el vuestro mayordomo un ciento de sardinas e mas de cada millero dos purtugêes [...].

*Otrosy, ha de aver el arçobispo los primeros dos salmones que murieren des lo Ribero de Areas ata el castillo do Este* sy non paga el Conçejo una quantia de maravedis al arçobispo por ello. E demas ha de dar o Conçejo al arçobispo cen libras de blancas e al cabildo XXII libras e medea. E estos dineros son por la renda que llaman de Santiago.

---

21 Signatura nº 43 do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, encadernado en coiro vermello sobre táboa co título "Libro memorial y relación, en el qual se hallará escripto extensamente, y cada cosa en particular toda la hazienda, renta y bienes, preheminencias y derechos ecclesiasticos y temporales que la Dignidad Arçobispal de Santiago tuvo antiguamente [...], en el año 1435." Este códice está composto de tres partes, algunha de finais do XIV, aínda que o propio Tombo Vermello é a parte máis moderna. Todo el é un compendio dos dereitos e exaccións arcebispais.

22 Folios 8 ata 12. A cursiva é nosa.

Otrosy, *de todos los canaes que estan en la villa ata ençima del Lapido, de todo quanto y ovier de cinquo quinoes uno, e de mas en cada canal una noche, qual el arçobispo escoger cada año. E desto ha el cabildo la meytad, salvo que el arçobispo ha de aver do canal de Ervon, que he vuestra herdad las duas quintas de todo para siempre. E ha de aver mas do canal de Areas de tres redes que y son duas quintas de cada una, salvo de los canales de los Cavalleros* [...].

E estos son los serviciales del arçobispo que moran en las llaves de Padron e otros que andan en las llaves".

Dereitos que o arcebispo tiña nas pesqueiras derivados do seu señorío xurisdicional, xunto con outros moitos, que ás veces compartía co rei: "todos los otros serviçiales que moran en las llaves de Padron pagan el quinto de lo que labran, e seys gallinas de cada casa [...]. E pagan al vuestro mayordomo avenencia de terra e al arçobispo sy la fasen, que son XVIII libras, e gayosa, que son soldo, e o moniço que son LX soldos e lutuosa, la mellor cosa viva que fallar en la casa, que sea bestia o boy o puerco, qual el mayordomo quisier. E desto lieva el cabildo de Santiago la meytad e el mayordomo la meytad [...]. E demas estos moradores an de venir por carreteyro al mayordomo una vez en la semana a fazerle derecho [...]".

"Otrosy de todas las cosas que cargan o descargan en Padron lieva el arçobispo el diesmo dello. E esta diesma es la meytad del rey e la meytad del arçobispo [...]".

A navegabilidade do Ulla ata Padrón faría imposible o levantamento de pesqueiras que dificultasen o tránsito de mercadorías. Na década dos setenta do século XIX, Alfredo Vicenti[23] escribe ó respecto: "El Ulla, a causa de los numerosos diques (presas) que lo cor-

23 Vicenti, Alfredo. *A orillas del Ulla (Perfiles gallegos)*. Obra publicada por entregas entre 1875 e 1879.

tan de parte a parte y de la irregularidad de su lecho, solamente es navegable a su desembocadura y desde Ribadulla a Arnois".

## Aspectos xurídicos: as pesqueiras relacionadas co sistema foral e as fortalezas

Xa apuntamos como dentro do marco do casal se podían incluír as pesqueiras. Temos un exemplo sacado dunhas pesquisas e apeos en diversas zonas de Vea, con data inicial o 27 de xaneiro de 1522, feitos por Bula Apostólica: "Yten el dho Alonso de Sinde, vezino de San Pedro de Carcacia, aviendo jurado em forma y preguntado al tenor de la dha bula apostolica dixo que'l sabe bien el casal que se dize da casa do frade que´s del monasterio de san martin porque su padre syempre lo tubo y poseyo en nonbre de dho monasterio y que´l dicho casal tiene dos casas de morada pajaças y que tiene dos cortes para meter ganado e una heira e otros pardineiros viejos derrocados y cortina y salidas y que tiene dho casal todas las heredades, bouças, montes que son y estan desde el puerto de Coustenla por el Rego arriba asta la fomte do Chedon y de alli derecho arriba fasta dar em una piedra que tiene una qruz y de alli a derecho de la fuente [...] y que todas estas heredades y bouças y Reçios, a montes y a fomtes, demtro d´estos limites y demarcaçiones todas eram del dho casal da Casa do Frade, perteneciente al dho monasterio. Dixo mas que en Samto Andres de Beya que´l dho casal llebaba çiertas heredades pero que non save quantas son, y que paga por ellas Juan Ares, el biejo, el padre de este dicho Alonso de Senin [ou Sinde] una hanega de pan, medio millo y medio çenteno, por la medida de Samtiago, e dixo que hoyera ademas a su padre [...] que el dho monasterio de San Martin llebaba otras heredades, pero que non save quantas heran, salvo que

paga al padre d´este sobredicho dos çelemines de pan por la medida de Samtiago, y *que dicho casal tiene um terçio de una pesquera en el Rio de Lapido, que se dize Achaqueira, y que paguava su padre y este sobredicho por el dicho lugar y heredades sobredichas sasenta marabidis e seis lampreas*, e que tenian fuero fecho a su padre, e que lo mostrara, e que mas non save"[24].


Muíño e pesqueira de Silva.

Mais, a actividade destas construccións non se limita á zona de Vea. Como xa dixemos eséndese polo menos ata os lindes do concello estradense. No século XV xa hai constancia documental dunha canle de pesca no Ulla á altura de Berres[25] e do seu arrendo por parte do mosteiro de San Paio de Antealtares a Fernán de Estande.

"En 1º de diciembre de 1576 el apoderado del señor Prior del Real Priorato de Sar hizo foro a Juan de Rendo y a Dominga Peiteado su mujer, vecinos de Santa María Magdalena del Puente de la Ulla, de el Souto de San Juan da Coba, que principia desde la calzada de San Juan [...] con sus árboles, nogales, ameneyros, castaños y otros, por renta de 2 dozenas de Anguilas Curadas cada año [...]"[26].

24 Arquivo Histórico Universitario de Santiago. Sección Clero. Atado 1155. Folio 55 rº. A cursiva é nosa.

25 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo San Martiño Pinario 12 (1421-1494) "Libro IV de Notas de Gómez Méndez, Escribano, que contiene escripturas de Foros, presentaciones de Beneficios, convenios, y compras pertenecientes a este Real Monasterio de San Martín de la Ciudad de Santiago [...]". Folios 83 e 84.

26 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Priorato de Sar. Atado nº 27.

¿Fálanos esta renda en anguías da existencia de canles de pesca en San Miguel de Castro ou preto da Ponte Ulla? Cremos que si. Desde o século X vén a producirse na zona unha explotación de marcado carácter eclesiástico, de mans de mosteiros e eremitas que se instalan en cenobios próximos. Desde o XII o sistema feudal emprega para a explotación, como xa apuntamos, preferentemente o sistema de aforamento[27], que se basea na entrega de bens por tempo prolongado a cambio dunha parte considerable da producción. Vimos de ver como os señores eclesiásticos posuían a maioría dos dereitos das canles e pesqueiras, derivados moitas veces de compras. Ademais, a Igrexa beneficiouse dos medos ó Purgatorio, recibindo múltiples doazóns de particulares arrepentidos das súas culpas e pecados: o 20 de novembro de 1503, ante Xoán Álvarez como Notario Apostólico, Xoán Leal "notario vezino de esta Ciudad por su testamento q[ue] otorgo [...] dejó â los Señores Racioneros de el Colegio Sancti Spiritus toda la parte y quiñòn que hacia en dichas pesqueras, y lampreeiras con otros mas Vienes con Cargo de las missas [...]".

O notario decide deixar os seus bens en mans do colexio a cambio de certas misas anuais en sufraxio pola súa ánima.

Anos despois, o 18 de abril de 1632, sabemos de certo que posuía dito Colexio de Sancti Spiritus parte do "Canal de la lampreeira q[ue] llaman da Laje, sito en la frª de San Miguel de Barcala en el Rio de la Ulla que llaman Lapido, sin saber la parte q[ue] en el tocaba a dicho Colegio, a quien pagaban de renta anual seis lampreas

27 Sistema que se mantivo an activo no noso país nada menos que ata 1932. Os datos máis modernos que atopamos referidos a pago de rendas forais con productos do río, son do ano 1835. Concretamente dos veciños do iglesario de San Pedro de Carcacía: Libro de Fábrica e Culto (1777-1859). Ó comenzo, sen foliar: "Razon de los pagadores de la renta foral de Yglesario en 1835. Rosa Troans de Lamas Dos fe[rrad]os. Los vecinos del mismo lugar dos lampreas" (volume depositado no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago).

Curadas" entre 3 veciños: Juan de Outeiro el Viejo, Juan de Outeiro el Mozo e Domingo Gómez de Outeiro.

Ese mesmo día "[...] se hizo apeo, y declararon Juan de Outeiro el Viejo, Juan de Outeiro el mozo, Domingo, y Gomez de Outeiro poseher la parte que el dicho Colegio hacia en el Canal de la Lampreeira que llaman da Laje sito en la frª de San Miguel de Barcala en el Rio de la Ulla que llaman do Lapido, sin saber la parte que en el tocaba a dicho Colegio a quien pagaban de renta anual seis lampreas Curadas [...]"[28].

Temos un nítido exemplo de como unha lampreeira pode pasar de mans da oligarquía compostelán ó cabido de racioeiros dunha potente institución vinculada á Catedral, e dalí a pouco máis dun século estar fragmentada en porcións. Á súa vez cada unha destas partes está aforada a particulares para a súa explotación, a cambio dunha renda en especie. Podemos especular incluso coa posibilidade de que cada unha das rúas da lampreeira fose obxeto de repartos ou turnos en concepto de propiedade de herdeiros, dun xeito similar ó que acontecía ata hai pouco cos muíños.

Durante o XVII seguimos a ter abondosos exemplos de foros feitos por organismos eclesiásticos ou por persoas vinculadas a eles que orbitan sobre a riqueza dos canais: o 4 de agosto de 1604 o cóengo Miguel Vasco Gonzalez, Maxistral, arrendou a "Juan de Outeiro, de Barcala, la metad enteramente de todas las pesqueras que se dicen da Nova [...]". No 7 de outubro de 1618 outro cóengo apelidado Míguez arrendou "a Juan de Morono de Erbon dos quartas y media de la pesquera da Nova en esta parte de Barcala y Morono, por renta de 40

28 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral. Atado 348. Colexio de Sancti Spiritus. Mazo 1º. Documentación sobre bens e rendas. "Canales, y Lampreeiras llamados de Furadormigo, Xamis, Travesela, y Laxe de una, y otra parte del Río de la Ulla, y sitos en la frª de Barcala, y Carcasia". (1509-1851).

r[eale]s de v[ell]on". Do 4 de setembro de 1614 hai "Un foro q[u]e 277 hizo el Cav[il]do de Yría a Juan Domínguez y Juana Quístillan [sic] su mug[e]r del lugar y Casal de Cima de vila sito en la frª de Barcala con mas la quinta parte de la pesquera Nueva en el Rio Ulla [...]".

Ou "Un arriendo q[u]e en 7 de Nov[iemb]re de 1688, hizo el Canonº Alberto Miguez a Juan de Morono vzº de Erbon, de dos quintas y media de la Pesquera a Nova sita de la parte de Barcala, por renta de 40 r[eale]s en dinº y 4 lampreas secas [...]".

Incluso podemos rastrexar exemplos de subforos:

O 28 de outubro de 1638, Pedro Domene arrendou a Antonio García "la metad enteramente de la pesquera nueva sita en el Rio de la Ulla de la parte de Morono, que tie[ne] cinco pesqueras de matar lampreas, según tocara al Canonigo Gabriel Domene su hijo por foro que le hizo el Cavildo de Yria de que es la propiedad".

Ou unha escritura de venta que en 22 de Abril de 1611 se fixo "a favor de Leonarte Plan de cierta parte y quinon que tenia en los Canales y Pesqueras das Veas de Areas por foro del Cavildo de Yria".

O manierismo económico chega a cotas coma a do cabido de Iria, que arrendou a Antonio García e a Gonzalo Bacariza o 26 de decembro de 1615 "todos los diezmos de Lanpreas pertenecientes a dicho Cavildo en las pesqueras del Rio Ulla en 25 ducados"[29].

Outra modalidade curiosa de usar os dereitos ás pesqueiras derivouse da súa amortización para formar patrimonios; e aconteceu ata entrado o XIX: referímonos, procurando ser breves, á esixencia de que eran obxeto os que querían seguir a carreira eclesiástica, que debían vincular certos bens co fin de que lles proporcionasen a congrúa suficiente para vivir sen traballar, consagrados ó estudo. Un

29 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral. Atado 316. "Libro de bens e dereitos da Colexiata de Iria". Dos séculos XV ó XVIII. Folios 276 ata 279.

exemplo de 1816 témolo en Ramón María de Lagos e Albela "estudiante gramatico en la clase de Maiores", de Arnois, que quere ordearse de prima tonsura e grados. O Patrimonio danllo o seu pai e o seu tío, xa presbítero e consta dun cuarto de casa e leiras: "heredad y leira que nombra la de medio de Chenlo [...] por el agro de Bugalleiras [...] hasta la fuente llamada de la Zanca, toda regadía, labradia, viñedo en parra, erbal y mimbres, con un Molino Arinero en ella [...]. Y el Molino nuevo que ultimamente acabaron de construir en el Rio-Ulla y sitio llamado Agro de Reboredo [...], que se halla fuera de Madre en tierra seguro de Abenidas y pegado a otros quatro que tienen y fabricaron los citados otorgantes en dicho sitio todos Arineros negreros excepto uno que es Albero; cuio Molino nuevo con la quarta parte del derecho de la Pesquera que allí tienen y tambien le donan "[30].

Este tipo de vínculos para preservar o patrimonio familiar indiviso dábanse tamén entre os laicos: un caso relativo á temática que nos ocupa témolo na escritura do vínculo que fixo Rodigo Suárez de Castro "Alferez de la capitania de este Reino y su muger María Suárez de Reino, vezinos de la dicha ciudad [de Santiago]"o 26 de marzo de 1556 a favor de seu fillo, ó que deixan "Las feligresias de Santo Andres [de Sobrevea, San] Miguel de Barcala, Santa María de Fra[des] [...] con sus jurisdicciones [...] e las cosas á ellas anexo y perteneci[entes] [...]. Ytem la casa e paso de Maindo y Couso, con el pan de renta, vino , fruta e otras cosas que en el se paga [...]. Ytem el casal de Bumio. Ytem el casal de Fontenlo, con el molino e con los canales que ay que se dizen das Bargi y da Braña, que todos esos casares están en Santa María de Couso. [...] Ytem en San Andres de Bea el

30 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral. Sagradas Ordes e Patrimonios nº 84.

casal de Agrazamibustelo. Ytem en dicha feligresia el casal de Liñar de Piñeira, que trae Bartolome de Castro, *y el casal de Bilariño, con mas la parte que tiene en las pesqueras de Lapido* [...]"[31]. Temos de novo as pesqueiras relacionadas cos casais, e estos cunha entidade xerarquicamente superior: o pazo, que é o lugar onde se centraliza o pago da renda e que debía exercer certo poder coercitivo nos caseiros.

Tamén en Arnois temos a pesqueira que debeu ser da casa de Silva de Ribadulla. Tanto esta peza, coma as xestionadas polos donos da casa de Maíndo, nos dan pé para unha vinculación un tanto arriscada: A casa de Silva data polo menos do século XVI, e tivo en tempos unha torre. Foron os señores desta casa os que puxeron en marcha moito máis tarde unha fábrica de papel no río Bó ou da Barreira[32]. O muíño e a pesqueira anexa no Ulla pertencíanlles tamén. É de novo Alfredo Vicenti, refuxiado daquela en Castrotión, quen nos da a descripción máis recente do que hoxe son unicamente ruinas: "Este dique, bastante espacioso para que dos hombres puedan recorrerlo de frente y punto menos que a pie enjuto, está destinado a encauzar todo el caudal del río hacia la pesquera de un hidalgo, y es como un puente, a decir verdad, sobrado peligroso, que pone en comunicación entrambas orillas".

En Couso, outros fidalgos, os señores de Maíndo custodiaban as pesqueiras como parte dos dereitos adquiridos de vello naquelas terras:

Así temos constancia da "Donacion, y compusición que hizieron Juan Nuñez de Ysorna escudero, y su muger María Fernández, de la casa de la Insula a la Yglesia de Sanctiago, con que no se pueda bender, ni traspassar, en otra persona. Año de 1414 [...]"[33].

31 Arquivo do Pazo de Maíndo. Libro de Rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros. Folios 1vº ata 3 rº (Citado por H. Picallo en Miscelánea nº 6. Páx. 218 e ss.). A cursiva é nosa.

32 A Real Fábrica de la Barrera.

33 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral. Atado 503. Folio 37 vº.

Tres anos despois o arcebispo Rodrigo de Moscoso dou en feudo a "doña Maria hija de Gonçalo de Bendaña [...] la Mitad de Sancto Andres de Bea y de todas las feligresias de Sant Jurjo de Bea e de Sancta Maria de Frades, y de Sant Miguel de Barcala. E dos barraas de Sinde et de Coira"[34].

¿Poderiamos establecer unha relación entre as casas fortes, mosteiros e torres cercanas ó Ulla e as pesqueiras, como xeneradoras estas dunhas pingües rendas que xestionarían aquelas? Non hai dúbida do caráter defensivo das fortalezas contra eventuais veciños molestos: temos os casos do conde de Altamira e do arcebispo de Santiago e a tensión entre ambos moderada polas torres de Cira e do Pico Sacro. Esta última fortaleza fora construída coa pedra da antiga torre de Ximonde, onde a ponte Sarandón[35]. Mais tamén temos as fortalezas da Ínsua de Vea[36] e Maíndo, e outras das que non quedan senón escasas referencias que apenas nos permiten situalas coa debida exactitude e que controlarían a detracción das rendas do sistema feudal e o tráfico de mercadorías –entre elas o peixe– no entorno do Ulla, xunto con algúns centros monásticos en determinados períodos. Os señoríos (laicos e eclesiásticos) exercían a súa prepotencia por medio destes elementos coercitivos, nos que se centralizaba o pago das rentas da terra, primicias, dezmos, rentas xurisdicionais e exaccións en xeral, e que foron obxecto da ira dos oprimidos nas sucesivas irmandades. Recordemos que a reproducción do sistema

34 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral. Atado 45.

35 Que une A Estrada con Vedra.

36 Datos sobre esta casa forte e os desmáns que desde ela se cometían contra a poboación témolos no Preito Tabera-Fonseca, editadas as súas máis de 200 testemuñas por A. Rodríguez González baixo o nome de "*Las fortalezas de la mitra compostelana y los « irmandiños»*", Santiago, 1984. A fortaleza da Insua de Vea tardou tres semanas en renderse ós irmandiños.

feudal esixe unha mestura de consenso e coerción para obter o excedente por medio de tributos en especie e que o propio dereito medieval posibilita a plicación da lei do máis forte: o peixe que os soldados da Rocha Forte tomaban no camiño de Padrón a Santiago era, dacordo coas fontes señoriais[37], un dereito de portádego, mentras que non deixaba de supor un roubo que fai que na revolta de 1467 se derrube a fortaleza e se mate a un dos seus defensores. Os roubos eran parte das rendas feudais[38], baseadas en calquera tipo de ben, e o peixe era vendible e polo tanto transformable en moeda. E debían ser as casas fortes ulláns pezas cobizadas, xa que temos datos abondo de que se poñían sempre en mans de familiares ou achegados de plena confianza: no 1414 Xoán Núñez de Isorna, escudeiro, e súa dona dan "la casa de la Insula a la Yglesia de Sanctiago, con que no se pueda bender, ni traspassar, en otra persona"; o arcebispo Juan de Tavera fixo título da mesma con posterioridade a Xoán de Ulloa Sarmiento, seu sobriño, xunto coas de Lantaño e Rianxo; e o polémico arcebispo Rodrigo de Luna declara no 1458 "que haviendo el ydo en servicio del Rey a la guerra del Reyno de Granada contra los moros, se le han alçado muchos cavalleros bassallos, y feudatarios de su Yglesia, y suyos, y combocado, y atraido a otros muchos, y le tenian tomada, y ocupada la Ciudad de Sanctiago, y otras mas villas, y lugares de su Arcobispado. Y que para cobrar, y remediar esto le era necessario llamar, y ayudarse de personas poderosas, y amigos: *y para ello haria algunos feudos, y encomiendas, o enagenaciones de algunas fortalezas*, o bienes de su Dignidad, que no se excussarian de se hazer para remediar lo suso dho. Por tanto que declarava no lo hazer de su voluntad, sino

37 A. López Ferreiro, *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, páx. 548.

38 Os señores e os seus servidores nas fortalezas e noutros cargos delinquían a cara descuberta, e abonda ler calquera declaración do preito Tabera-Fonseca, fonte eminentemente popular, para convercerse.

para el dicho remedio, y protestava que si lo hazia no parase perjuizio a el, ni a los futuros Prelados". Moeda de cambeo para as altas xerarquías do medievo, como vemos, xa que as fortalezas se transpasaban con todos os vasalos, moradores, casais e dereitos, entre os que as pesqueiras non serían pouco anheladas, xa que delas se podían detraer uns pingües beneficios doadamente monetizables.

## Aspectos etnográficos: o medio fluvial ullán e o seu entorno

Cómpre falar tamén do entorno no que se ubican as pesqueiras e do xeito en que se artellan as especies vexetais que lle dan forma: o río presenta diferentes fases segundo falemos da cabeceira, tramos medios ou tramo final. Ímonos centrar nestes dous últimos, que caracterizan o paso do Ulla polo noso concello coa presencia dun bastante ben conservado bosque higrófilo ou de galería (tamén denominado bosque húmido ou souto ribereño), chamado así polo seu aspecto estreito e alongado. As especies arbóreas e arbustivas organízanse máis preto ou máis lonxe da auga segundo as súas necesidades: salgueiros (xénero *Sálix* nas súas múltiples variedades *atrocinerea*, *alba*, *salvifolia*, *vimialis*), amieiros (*Alnus glutinosa*), bidueiros (*Betula alba*), freixos (*Fraxinus angustifolia* e *excelsior*), chopos (*Populus nigra* e *alba*), lamagueiros (*Ulmus minor*) surtían e surten ás industrias madereiras que tamén empregaron a forza hidráulica para os tornos en certos momentos da súa historia. No estrato arbustivo o loureiro (*Laurus nobilis*) medra entre sanguiños (*Frangula alnus*) e saúcos (*Sambucus nigra*) e del fornecíanse para elaborar a armazón dos boteiróns, ou de avelaeira (*Corylus avellana*). Fieitos (xéneros *Osmunda*, *Polystichum* e *Athyrium*), rosáceas, lirios... Deixando apar-

te a varia vexetación do cauce (*Utricularias*, *Lemnas*, *Potamogeton*, *Ranunculus*, *Calthas*, *Juncus*...).

As noitadas de pesca deberon transcorrer neste microcosmos e constituír un feito etnográfico que nos gostaría ter contemplado. O número ideal de persoas para a colocación das nasas nas boqueiras, era de dúas. Por similitude co que acontece noutras zonas, aventurarémonos a decir que a maior atividade tería lugar de decembro ata maio, e sempre de noite, a cargo de varóns. O horario nocturno favorecería a complementariedade deste traballo cos outros propios do campo, dos que non distraería mans. A elaboración das redes con liño suporía unha participación indirecta do sector feminino da poboación, que tamén colaboraría no afumado e no secado das pezas. O comercio dos ciclóstomos, de tipo local ou incluso rexional, involucraría a outras persoas e sería dunha gran importancia: lembremos que os ríos, como os coñecemos hoxe, non son máis que caricaturas do que foron en tempos pasados. A imaxe de calquera dos ríos atlánticos se nos remontamos dous mil anos, semellaríase moito á dun cauce da Alaska salvaxe, cunha abundante poboación de osos e outros predadores que acodirían coa mesma puntualidade cós salmóns e os reos, ano tras ano. A productividade das pesqueiras fai cincocentos ou máis anos é dificilmente avaliable[39], pero se facemos

39 Pero non pode menos que sorprendernos a primeira reivindicación laboral coñecida dos mineiros de Asturias, que foi a de non comer salmón máis que tres ou catro días á semana, como moito. Dabondo para facernos unha idea da súa abundancia. Co paso dos séculos, a tecnoloxía e a codicia humanas fixéronos moito máis escasos, e moito máis pequenos: desde 1980 os salmón pescados na Península alcanzan unhas tallas e peso máximos de 90 centímetros e 6 kilos, aínda que non moito atrás rexistrábanse tallas de 115 centímetros e 20 kilos. No Bidasoa pescábase un milleirode salmóns por ano a comenzos do XX, mentras que na década dos oitenta as capturas oscilaron entre 10 e 80 exemplares. En Asturias houbo un mínimo histórico en 1997, con 580 oficialmente pescados, cando desde 1980 víñanse capturando entre 1000 e 3000 en toda a comunidade. Moralexa: a natureza non pode aumentar a súa producción como faría unha industria, para adaptarse a un incremento da demanda.

caso dos relatos das noites de faena que fan moitos dos derradeiros que as empregaron no século XX, estariamos a falar de varios centos de lampreas por rede e xornada. Ademais, as que non se consumían no mercado local, terían que ser mantidas vivas para aproveitar o seu sangue, co conseguinte emprego de man de obra na confección de cestos, bocois, caixas... . Pola *Compostelana*[40] coñecemos o "Decreto que los Canónigos de Santiago Apóstol, los Jueces y los ciudadanos de Compostela, con licencia [...] del Rey D. Alfonso y del Arzobispo D. Diego" fixeron "para abolir todos los malos fueros y restablecer los buenos". Nese documento, que regulamentaba a vida compostelana xa no século XII, figuran interesantes referencias ó consumo dos froitos do río: "Nin dentro, nin fóra da cidade se consintan os revendedores, nin as que tratan nas feiras; e non se compre pescado, nin carne, nin marisco, nin polbos, nin langostas, nin lampreas [...] para gañar volvendo a vender". E tamén ós seus precios: "Acerca dos peixes, establecemos, que por un denario se vendan cinco besugos [...], que a anguía grande se venda por un denario, [...] as lampreas a tres denarios". Polas ordeanzas sobre a venta de peixe na Coaresma[41], de 1241, facémonos idea da relevancia que acadaban nas mesas de Compostela e da maneira na que chegaban á cidade: "Durante a coaresma o peixe, ben sexa curado, ben fresco, debe venderse á porta e non dentro das casas, e o mesmo as lampreas e salmóns. Os homes e as bestas que traian o pescado para vender, e o mesmo as lampreas e salmóns, non poden entrar na cidade ata que empece a tocar a Prima. E deben vir dereitamente, entrando pola Porta Faxeira e seguindo pola Rúa do Villar ata chegar ó macelo. [...] As Dignidades, os cóengos e os cidadáns deben poñer cada un a un home coñecido

40 Libro III, capítulo XXIII.
41 Arquivo Catedralicio de Santiago. Libro I de Constitucións capitulares, fol 11.

para mercar o peixe. Os Xustizas deben repartilo tanto a cóengos como a cidadáns, segundo a condición e nobleza das persoas. [...] Ningún reciba lampreas, salmóns nin outros peixes para vender na súa casa. O que o fixera, salga da cidade por un ano. [...] Ningún compre peixe, nin lampreas, nin salmóns para revender [...]. Do salmón non se fagan senón dezaseis rodas [...]".

Tamén de antigo vén a preocupación pola conservación dos recursos piscícolas e polo seu uso: no código outorgado á Terra de Santiago por Alfonso X no 1252, mándase "que nengun ome non eche yervas nin cal nin otras cosas nengunas en las aguas con que muera el pescado. Et mando que en la terra o son los salmones, que non tomen los pequenos, que an por nombre gorgones. Et qualesquiere que nenguna cosa destas ficiere [sic], que peche en coto C mrs, et pierda el pescado; et si non oviere de que pechare el coto, que yaga en mi prisión quanto yo tovier por bien". Atitude encomiable para a época, que nos revela como estes recursos eran obxeto dun aprecio tal, que as malas artes e o furtivismo estaban á orde do día: nihil novum sub sole.

Chegados a este punto, é o momento de adicar unha liñas ós verdadeiros protagonistas desta historia: o salmón (*Salmo salar*) era o auténtico rei: recordemos a primicia en salmóns que pertencía ao arcebispo como señor territorial e o pilar de coller salmóns que tiña preto de Pontecesures[42], que era obxeto ademais un tratamento fiscal diferenciado. Logo de séculos de racionalizada explotación, o ocaso da especie poida que non sexa unicamente culpa da sobreexplotación dos bancos mariños (que segue a producirse coas artes de arrastre empregadas para sardiña e o arenque): nos cursos fluviais

42 Tombo Vermello. Op. cit. Fol. 12 vº: "Iten, ha el arçobispo un pilar de salmones a la Puente de Çisures, çerca de Padron; esta a medias un serviçial del arçobispo segund me dixieron e non entra en el mayordomadgo [...]".

coma o que nos ocupa, as actividades de extracción de áridos e de mineiría en xeral, a proliferación de presas e embalses[43] que dificultan o remonte dos desovantes e esmagan ós alevíns na baixada[44], os verquidos de caste diversa provintes de industrias e augas redisuais, as variacións de caudal caprichosas, as choivas ácidas.... e toda unha longa lista de afrentas remataron co colofón da conversión de valores que levou ó mellor trofeo de pesca fluvial, a converterse nun polo de piscifactoría embutido de colorantes rosa mediante a cría industrial en cautividade (actividade que se beneficia da merma das poboacións salvaxes). Resultado: quedan uns tres millóns de salmóns para todo o Atlántico ameazados de extinción nun 60% da súa área de distribución. Poida que aínda non sexa demasiado tarde para axudar á recuperación da especie, se facemos algo máis que festexala gastronomicamente unha vez ó ano, como facemos cos santos mártires do cristianismo nas parroquias próximas.

As lampreas (*Petromyzon marinus*) serían as segundas protagonistas, incluídas na categoría de "en peligro de extinción" trala derradeira modificación do Catálogo Nacional de Especies Amenazadas[45], unicamente manteñen efectivos importantes en Galicia, comunidade na que, paradoxicamente, non lles afeta esta nova catalogación legal. Anguías, troitas (*Salmo trutta t.*), reos (*Salmo trutta fario*), sábalos (*Alosa a.*), zamborcas ou sabogas (*Alosa fallax*) e incluso escalos ou bogas (*Chondostroma polylepis*), espiñentos (*Gasterosteus aculeatus*) e vermellas (*Rutilus arcasii*) padecerían as mesmas eibas aínda estando máis alonxadas do consumo humán.

43 Un obstáculo de só 50 centímetros de altura afecta xa de xeito significativo á migración dos salmóns, mentras que desniveis menores xa se fan prohibitivos para as anguías.

44 O salmón atlántico, a diferencia da especie do Pacífico, pode sobrevivir ó remonte e a repodución subseguinte.

45 B. O. E. do 5 de novembro de 2002.

## Conclusións, valoración final e perspectivas de futuro

Hoxe o porvir desta arquitectura da pesca fluvial no noso concello é tan pouco prometedor coma o das especies das que se nutría. Sería preciso un cambio de mentalidade coletivo encamiñado a considerar o río como algo máis que auga: falamos, reitero, dun complexo ecosistema que alberga formas de vida posiblemente aínda non estudiadas[46], que promoveu a primeira protoindustrialización da Estrada (lembrémonos da central elétrica de Pina, no Liñares, a primeira en surtir de fluido elétrico ó incipiente casco urbán e hoxe obxeto de explotación hidroelétrica con capital privado) e serviu de vía de transporte. As primeiras fábricas de papel da bisbarra no XVIII tamén xurdiron dos nosos ríos, que xeneraron a forza motriz a máis de medio milleiro de muíños e batáns que había no concello, e ós torneiros. A esto deberiamos sumar o feito de que seguen operando tamén como depuradoras naturais e espacios de lecer susceptibles de praticar deportes variopintos.

A Xunta de Galicia aprobou en maio do 2001 o Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa, que impactará nos ecosistemas fluviais coma poucos feitos desde a última glaciación, coa declaración de case 1000 kilómetros de tramos fluviais galegos como de interese hidroelétrico: o plan, promovido por "Aguas de Galicia", propón 24 novos embalses (o primeiro xa finalizado no Umia, outro histórico río lampreeiro[47]) dos que 7 son antigos proxetos hidroeléctricos rescatados da dictadura. Algúns encoros inundarán espacios naturais elexidos pola propia Xunta para a rede Natura 2000 (ríos

46 Vid. para o Baixo Miño as aportacións recentes da Associaçao da Estaçao Hidrobiológica do Río Minho sobre especies case descoñecidas de lampreas en *Actas do Primeiro Simpósio Ibérico sobre a Bacia Hidrográfica do Río Minho*.

47 J. del Hoyo dinos nas súas *Memorias*, no 420 rº, falando de Caldas: "Tiene esta villa dos ríos; el uno es grande y tiene muchas lampreas [...]".



Usos lúdicos do Ulla.

Landro, Ouro, Lérez e, por suposto, o sistema fluvial Ulla-Deza) mentras que a figura de protección "tramos de interese ambiental e natural", na que non se permiten usos hidroeléctricos, unicamente se aplica no río Sor. Os titulares destas minicentrais, que se instalan en dominio público hidráulico e utilizan unha auga que é de todos en beneficio privado, desfrutan ademáis de subvencións por producir unha enerxía calificada errónea ou hipocritamente como limpa ou alternativa[48], sabendo que teñen toda a producción vendida de antemán a un precio máis elevado do normal. Mentras, as nosas aldeas ribereñas van a seguer sen creación de emprego e van a ver como se acaba un dos principais recursos do crecente turismo rural: ríos ben conservados. En resumo, un estupendo negocio. Esto sucede mentras que en países primeiromundistas como os USA, se reti-

48 A Administración valora este tipo de central por reducir as emisións de gases nocivos provintes das centrais térmicas. Por se este argumento non fose falaz de por si, xa que aínda non se substituíu nin un kilowatio das térmicas por enerxía hidroeléctrica, non convirte tampouco en ambientalmente saludable a destrucción dos nosos ríos.

raron as subvencións ás minicentrais e as presas que acabaron cos salmóns no século XIX son a día de hoxe obxecto non unicamente de repudio pola comunidade científica mundial, senón de derrubo (en ríos coma o Concord en Massachusetts, o Narraguagus e o Penobscot en Maine, o Hudson... .) polas autoridades nun intento de recuperación de ecosistemas. En Francia derrubáronse dúas presas do Loira que impedían o remonte dos salmóns. Alemania vai seguer o mesmo camiño. En Suiza invírtense millóns de francos co mesmo fin... .O Ulla, no neoliberal e eurocentrista século XXI, ¿aínda debe pasar por esa fase decimonónica de embalsado para que nos decatemos do errado do plantexamento? ¿Non é unha entelequia represar o río da capital galega do salmón? Lembremos que as presas teñen unha vida media inferior a un século. Logo, a medida que envellece, os costes de mantemento superan ós beneficios, colmátase o leito e disminúe a capacidade de embalsar ó tempo que aumento o risco de rotura por desgaste de materiais.

Precisamos unha xestión dos cauces fluviais diferente, coma no caso dos ríos islandeses (que xeneran beneficios monetarios á poboación a cambio da administración que os propios veciños fan da pesca, da que o salmón segue a ser a peza estrela). Necesitamos medidas de protección urxentes para o medio e as especies, que garantan a conservación de ambos factores e que nun futuro incluso sexan quen de facernos soñar a posibilidade dunha nova explotación artesanal e tradicional das pesqueiras e do seu entorno e un aproveitamento racional da riqueza piscícola en xeral. Poida que sexa prioritaria a redación dun PORN (Plan de Ordenación de Recursos Naturais) na que interveñan tódolos setores sociais implicados e que prevaleza sobre a ordenación municipal, mais, o que seguro resulta imprescindible é a colaboración e conciencia-

ción de todos nós para que a auga dos ríos siga xenerando beleza, vida, identidades, emocións e economías de futuro sostibles, baratas e respetuosas.

## Fontes e bibliografía consultadas

### *Fontes*

Arquivo Catedralicio de Santiago. Tombo C.

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral: Atados 43, 45, 314, 316, 348, 503 e 1231; Fondos Parroquiais: Carcacía. Libro de Fábrica e Culto (1777-1859).; Fondo San Martiño Pinario: Atado 12. Fondo Priorato de Sar. Atado 27.

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra: Catastro do Marqués de la Ensenada. Real de Legos, L-192, Santa María de Couso.

Arquivo Histórivo Universitario de Santiago. Sección Clero: Atado 1155.

### *Bibliografía*

ÁLVAREZ LIMESES, X.: *Geografía General del Reino de Galicia*. Vol. XII. T. I. A Coruña, 1980.

BRAÑA, F.: *Biología y conservación del salmón atlántico* (Salmo salar) *en los ríos de la región Cantábrica*. Madrid, 1995.

BRUFAO CURIEL, P & SCHMIDT, G.: *Guía práctica para conservar y restaurar tus ríos y humedales*. Madrid, 2000.

CAMPELO, J. (Ed.): *Historia Compostelana*. Santiago, 1950.

DOADRIO, I.: *Atlas y Libro Rojo de los peces continentales de España*. Madrid, 2001.

ELVIRA, B., NICOLA, G. C., & ALMODÓVAR, A.: *Impacto de las obras hidráulicas en la ictiofauna. Dispositivos de paso para peces en las presas de España*. Madrid, 1998.

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, ESTANISLAO & GARCÍA-FERREIRA, S.: "Peces desconocidos de Galicia. La lamprehuela ibérica o colmileja (*Cobitis calderoni*) y la lamprehuela pálida en las aguas dulces del Bajo Miño", en *Actas do Primeiro Simpósio Ibérico sobre a Bacia Hidrográfica do Río Minho*. Páx. 65-72. Vilanova de Cerveira, 1996.

GARCÍA DE JALÓN, D. & SCHMIDT, G. (Coord.): *Manual práctico sobre minicentrales hidroeléctricas*. Madrid, 1988.

GARCÍA DE JALÓN, D. et al.: *Peces ibéricos de agua dulce*. Madrid, 1989.

GONZÁLEZ VÁZQUEZ, Marta: *El arzobispo de Santiago: unha instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*. Sada, 1996.

HOYO, Jerónimo del: *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Edición a cargo de A. Rodríguez González e B. Varela Jácome. Porto Editores, Santiago S.D.

LADRA FERNÁNDEZ, Xosé Lois: "Os caneiros de Portomarín: achega a un peculiar e desaparecido sistema de pesca da anguía no río Miño", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XLV, fascículo 110. Santiago, 1998.

LÓPEZ FERREIRO, Antonio: *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago*. Vol. II. Santiago, 1898-1908.

LÓPEZ FERREIRO, Antonio: *Fueros municipales de Santiago y su tierra*. Madrid, 1975.

McCULLY, P.: *Silenced rivers. The ecology and politics of large dams*. Londres, 1996.

PICALLO FUENTES, H.: "Maíndo: espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do condado de Ximonde I" e "Maíndo: espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do condado de Ximonde II", en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* nº 5, 2002 (páx. 199 e ss.) e nº 6, 2003 (páx. 163 e ss.).

PORTELA JARDÓN, César et al.: *As pesqueiras do río Miño. A destrucción e a integración do Patrimonio Arquitectónico*. C. O. A. G. Santiago, 1981.

PORTELA JARDÓN, César: *As pesqueiras do río Miño*. Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Cultura. Santiago, 1985.

Portugaliae Monumenta Histórica. *Inquisitiones*. Lisboa, 1869.

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel. *A Estrada rural*. Deputación de Pontevedra. Pontevedra, 1990.

RÍO BARJA, Francisco J. e RODRÍGUEZ LESTEGÁS, Francisco: *Os ríos galegos. Morfoloxía e réxime*. Santiago, 1995.

ROED, H. (dir.): *The Status of Wild Atlantic Salmon: A River by River Assessment*. Londres, 2000.

VARELA CASTRO, Pedro: *La Estrada. Tipografía de "El Eco de Santiago"*, 1923.

VICENTI, Alfredo: *A orillas del Ulla (Perfiles gallegos)*. Santiago, 1875-1879.



# Vermello, amarelo e morado: as cores de Ángel Lemos (In Memoriam)

Héitor Picallo Fuentes

Os tubos de pintura xa se pecharon definitivamente, as cores da paleta xa secan, pastosas; os pinceis apelmázanse no bote de cristal deixando a estela amarga do augarrás… Lemos morreu (xa hai un tempo), e con el o seu laboratorio pictórico énchese de po. A Estrada, vila, terra, atesourou –*quasi* inconsciente– a derradeira etapa da súa biografía; porque Ángel Lemos de los Reyes –que ese era o seu nome–, veu ao mundo entre as pólas da olívica cidade industrial o 1 de marzo de 1917; momento propicio para ser obrigado, anos despois, xa na pueril xuventude, a empuñar o enferruxado fusil.

Recordo aínda as nosas conversas, na Tertulia, no café con leite, observando as túas mans –os teus xeniais instrumentos– mestras, amarelentas, engurradas, coma a túa faciana. O venres aínda recende ao teu tabaco de liar. A esquina da barra deixa oco hoxe aquel espacio noutrora ocupado; mais a túa sombra aínda non se percatou da túa ausencia. Parece que non quere deixar de escoitar as túas conversas: o noxo que lle tiñas á violencia, aqueles relatos cos que nos entretiñas, emocionabas e sorprendías sobre aquela guerra (in)civil.




Ángel Lemos (caricatura de H. Picallo Fuentes).

A bandeira tricolor ondea hoxe na túa honra, porque ti tamén a bicaches, porque non podías aceptar nin ver as cruentas e humillantes aldraxes coas que se levantou altivo, despótico, fachendoso, aquel bando (in)nacional... iso reflexionabas. Vermello, Amarelo e Morado foron as cores primarias da túa vida, foron as cores dos teus cadros: vitalistas, dinámicos, espontáneos, xeniais, realistas, maternais.

Morado... Recorda, rapaz!, o día no seu último latexo, cando deixa paso á noite, morre de loito en cores moradas, obsérvaas!, comentabas. Que curioso! Porque Lemos era artista, artista coa tertulia e co pincel, coa palabra e coa súa pedagoxía, de tódolos xeitos emocionaba.

Quen coma ti pintou o mar?, quen compuxo mariñas coma as túas? Se Manuel Antonio foi o poeta do mar, foi cos seus versos o cronista oficial do Atlántico, ti nos teus óleos e nas túas acuarelas, nos teus pulos e arelas vitais, foches igualmente trobador do mar. Ninguén, nin os teus discípulos, souberon lograr vida e saudosismo mariño nun anaco celulósico de papel. Pintabas de memoria, o océano non tiña segredos líricos para ti, non che facía falta velo, observalo, estudialo... xa o fixeras durante non pouco tempo dende as rexas fiestras do caudillo Castelo de San Filipe, onde sete condenas de morte, casos sumarísimos, e algún intento de fusilamento cargábanse ás túas costas dende tempo atrás. Declararan estigmatizado o teu albo espírito.

As terras da Arxentina tamén pregan pola túa ánima internacional, onde deixaches —mais non esqueciches— aquelas cerámicas, as figuriñas de porcelana, a grande empresa coa que puideches pagar a túa cultura. Vigo, aínda pasando polo estudio do costumista Carlos Sobrino, non tivo tempo de che aprender os saberes que ti arelabas. Por iso, naquelas singraduras do "voluntario exilio", naquel arxentio paraíso, a prata obtida da suor ceramista pagaba á

instructora persoa, á mestra que moldearía o teu coñecemento universal, a túa formación "enciclopédica".

Hoxe es po, es vento, es auga, es terra, es elemento de inspiración eterna.

Os cadros que se penduraron nos cafés, en compostelás "librarías coma Couceiro", en pequenas galerías e exposicións, desmontaron definitiva e paseniñamente a fotográfica imaxe dunha vocación. A grande galería, as institucións, a "política de rendibilidade", non te soubo comprender (ou, se cadra, entendíate de máis): A súa pintura é demasiado realista, debe vostede cambiar de estilo, ser máis de vangarda, estar ao día, poñerse á moda!

Ti respostabas: eu non me prostitúo, eu pinto como me gusta, como sei!

Que ben te defendería Oscar Wilde!, aínda que non che facía falta: "Nada tan perigoso como ser demasiado moderno. Corre un o risco de quedarse subitamente anticuado". Non por iso, non por esas circunstancias, deixaches de conservar certa amizade co lalinense Laxeiro, e con outros contemporáneos teus, que si, talvez, se cadra, souberon "adaptarse mellor aos tempos".

Tranquilos, voitres da pinacoteca familiar!!, do cadro de firma!!, a morte non revaloriza, rebaixa; a vida, as vivencias, a súa persoa, a súa sabedoría, iso si era o valioso. O lenzo –o seu sustento–, tan so é hoxe recordo ao barlovento.



# O topónimo Baloira

Fernando Cabeza Quiles

Malia a que no seu día dubidamos (Cabeza, 1992: 323), no esvaradío tema da toponimia poucas veces un nome de lugar ofrece a súa etimoloxía e o seu significado de maneira tan clara como na caso de *Baloira*, en realidade *Valoira.* Así, visitando a freguesía do Divino Salvador de *Valoira*, do concello pontevedrés da Estrada, constatamos que na mesma parroquia existe un lugar chamado *Montoiro*, que alude ao mesmo detalle natural que *Valoira*, a saber: grandes pedras existentes no lugar dunha inequívoca cor áurea, é dicir, amarela, semellante á do ouro. Son polo tanto *Valoira* e *Montoiro* topónimos que, ao nomear o mesmo espacio xeográfico, fan alusión, na súa segunda parte -oria, á mesma circunstancia, referíndose ao val en *Valoira*, de *valle aurea,* val de cor amarela ou áurea; ou ás encostas ou monte que forma ese val en *Montoiro*, de *monte aureo*, lugar onde se atopan, segundo comprobamos, grandes penedos desa cor.

A forma de *Valoira* indícanos que estamos perante un topónimo antigo que recolle a palabra "val" en feminino, que era o xénero que este vocábulo tiña en latín. Non sucede o mesmo con *Valoiro*, nome


Montoiro, na parroquia de Baloira.

dun lugar da parroquia de San Martiño de Grou, Lobios (Ourense) do mesmo significado ca *Valoira*, pero máis moderno no tempo, ao presentar a palabra "val" en xénero masculino, o que ten hoxe en galego.

A anterior duplicidade de xénero da palabra "val" aparece tamén en parellas de topónimos como *Valonga* e *Valongo*, que fan referencias a vales longos; *Valiña* e *Valiño*, que alude a vales pequenos ou mellor pequeniños; *Valboa* e *Valbón*, a vales bos; e *Valcova* e *Valcovo*, a vales covos ou profundos, sendo os topónimos de xénero feminino máis antigos (latinos) cós masculinos, que xa son romances.

Versión, con metátese (cambio de lugar dalgún son nas palabras), de *Valoira* é *Valoria*, nome dunha aldea da parroquia de Nosa Señora do Carme de Mondoñedo, Mondoñedo (Lugo).

Se no canto de nomear un val ou monte de encostas ou pedras de cor amarela/áurea, un topónimo alude a unha vila que está nun entorno desa cor, xorde o apelativo de lugar *Viloira*, de *villa aurea*, topónimo repetido en Galicia, que dá nome, por exemplo, a unha aldea da parroquia de Requeixo, do concello lugués de Chantada.

Variante dialectal de *Viloira* parece *Viloura*, lugar da parroquia de Castrelos, Vigo, a cal estará, coma *Viloira*, nun entorno de cor áurea e/ou terá as súas casas con pedras feitas desa cor.

A unha vila nesta caso rubia ou vermella refírese o topónimo aragonés *Villaroya*, de *villa rubia*, lugar emprazado, segundo puidemos comprobar, nun terreo moi arxiloso e avermellado e que ten as súas casas feitas con pedras cementadas con barro tamén encarnado.

Co anterior debe estar relacionado, segundo pensamos, a expresión moderna "*pueblos de arquitectura negra*", referida a un conxunto de pequenas vilas rurais abandonadas, hoxe en proceso de recuperación, da provincia de Guadalajara, feitas, neste caso, con pedras de cor escura.

Volvendo á cor áurea e a Galicia, aparecen os topónimos *Fontoira* e a súa variante *Fontoura*, que nos parecen comparables aos devanditos de *Viloira* e *Viloura*. Así, entre outros, *Fontoira* é o nome dun lugar da parroquia de Castrillón, O Corgo (Lugo); e *Fontoura*, o apelativo doutro lugar da parroquia de Salvaterra, Salvaterra de Miño (Pontevedra).

A localización xeográfica dos nomes de lugar *Fontoira* e *Fontoura* parece ser a mesma ca de *Viloira* e *Viloura*. Así, mentres que *Fontoira* e *Viloira* se emprazan preferentemente no norte de Galicia, vemos que as súas respectivas variantes *Fontoura* e *Viloura* se localizan, como vimos antes, no sur da provincia de Pontevedra. Sexa como for, tanto *Fontoira* coma *Fontoura* proveñen de *fonte aurea*, igual a fonte áurea, seguramente en referencia, mellor que á calidade da súa auga, á cor áurea da mesma, por seren fontes de augas ferruxinosas de cor áurea/amarela ou, o que é o mesmo, como indica o profesor Moralejo "por el color de la limonita en el fondo del agua" (Moralejo, 1977: 105). Cor similar á dos penedos que culminan o val de *Valoira* no lugar de *Montoiro*.

Outros topónimos que, coma *Valoira* e *Montoiro*, se refiren de maneira dobre a un mesmo detalle natural son, os vistos noutra ocasión, *Cesures* e *Requeixo*, do concello de Ponte-Cesures (Pontevedra), que situados case no mesmo punto aluden a unha encosta ou corte orográfico do terreo (Cabeza, 1992: 150, 151 e 417). O mesmo para o par *Valenza* e *Castro Bo*, Coristanco (A Coruña), que

se refiren a un mesmo castro ou fortificación antiga, que valía ou tiña valencia ou valor e que, polo tanto, era bo (Cabeza, 2000: 127). Algo parecido sucede co fermoso *Val da Barcia* (tautoloxía), verdadeiro barcal natural percorrido polo río *Barcés*, afluente do Mero (A Coruña); ambos os dous topónimos, *Barcia* e *Barcés*, proceden de **barc* ou **barg*, base que debeu expresar a idea de concavidade orográfica ou val (Cabeza, 1992: 62).

O topónimo duplicado *San Xoán de Seoane*, nome dunha parroquia do concello do Courel é, así mesmo, unha clara repetición ou tautoloxía, nesta ocasión, de San Xoán, pois *Seoane* xa vén dun anterior *san Iohannis* ou, mellor, de **(ecclesiam) sancti Iohannis*= (igrexa) de san Xoán e despois san Xoán. Así, a expresión toponímica *San Xoán de Seoane* fai referencia, xa que logo, dúas veces, con dúas formas distintas a san Xoán, e formouse cando a forma *Seoane*, por máis antiga se fixo opaca, volvéndose nomear a mesma advocación relixiosa, que seguía vixente, coa forma máis moderna e transparente san Xoán; de aí a devandita repetición, inconsciente e inexistente para o coñecemento popular, *San Xoán de Seoane*.

Como a expresión *san Iohannis* ou **(ecclesiam) sacnti Iohannis* tamén puido dar *Sevane*, temos, nos topónimos repetidos *San Xoán de Sevane*, nome dunha freguesía e dunha parroquia dos concellos respectivos de Becerreá e Navia de Suarna (Lugo), outra repetición de santos similar á de *San Xoán de Seoane* (Cabeza, 2000: 389).

Outros topónimos que, coma o de *Baloira*, se refiren á cor da pedra ou do terreo son, os que vimos noutra ocasión, *Pedra Negra*, *Pedrapinta*, *Pedras Brancas*, *Pedras Vermellas* e *Pedras Rubias* (Cabeza, 1992: 349-350).

Verbo de *Negreira*, nome de concello da provincia da Coruña, tense conxecturado o seu posible carácter de topónimo necrolóxico,

a partir dunha quizais falsa forma antiga “Nicraria”, supostamente relacionada co vocábulo grego *nekrós*, “morto”, que daría ao topónimo *Negreira* o significado de lugar de antigos enterramentos; explicación que carece de rigor, ao considerar válida a forma “Nicraria”, que é, segundo pensamos, unha falsa latinización, feita por un amanuense medieval para darlle unha aparencia máis antiga, enxordecendo a súa velar, a cal en latín xa sería *g* e non *k*, polo que cabería esperar unha forma “Nigraria”, derivada do adxectivo latino *niger*, “negro”, e non “Nicraria”. Así, a partir de “Nigraria”, chegariamos, sen problemas de evolución fonética, ao actual *Negreira*, o cal, co seu máis que posible sufixo abundancial -eira, puido aludir a un conxunto de elementos de cor negra ou escura, que pode ser a cor do terreo ou quizais un grupo de árbores ou plantas de cor verde escura, coma pode suceder tamén nos topónimos similares *A Negreira*, *Negreiros*, *Os Negredos*, *Negradas*, *Negral*, *Negrelos* e *Negros*, que puido ser antes *(*montes) negros* (lembremos o apelido Montenegro) por estaren poboados en antigo tempo por algunha especie arbórea ou vexetal de tonalidade verde escura, ou por seren xeoloxicamente negros (Cabeza, 2000: 271-272).

## Bibliografía

CABEZA QUILES, F., (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*. Vigo, Ed. Xerais.

CABEZA QUILES, F., (2000): *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Noia, Ed. Toxosoutos.

MORALEJO LASO, A., (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago, Ed. Pico Sacro.



# La emigración en ocho parroquias de A Estrada[1]

Juan Fernández Casal

La elección de ocho parroquias, y no más, se debe a la curiosidad que despertó mi asistencia a la Fiesta de Los Pereiriños, y el arraigo que esta tiene dentro de la población emigrante que se reúne cada año con motivo de su celebración y que recuerda a las típicas romerías gallegas, donde se celebra ante todo una reunión de viejos amigos y conocidos que comparten experiencias y vivencias, año tras año y generación tras generación, manteniéndose a través de ellos vivo el espíritu de la emigración. Pero toda esta curiosidad no hubiese pasado más allá, sin el apoyo de la Profa. Dra. Mª Luisa J. Pazos Pazos[2], a quien agradezco toda su paciencia y apoyo, para llevar a buen término, el estudio que ahora presento.

1 Opción que se constata en la existencia desde antiguo de oriundos de este Ayuntamiento de La Estrada en las tierras gaditanas, (siglo XVIII).

2 Profesora titular de Historia de América en la Universidad de Santiago de Compostela, mi tutora en la Facultad de Historia, y que un día tuvo la brillante idea de invitarme a compartir con su familia la Fiesta de Los Pereiriños.

El estudio de la emigración comprende ocho de las parroquias[3] del municipio de A Estrada que organizaban la fiesta de los Pereiriños[4], en las primeras décadas del siglo XX para que se festejaran los logros de las escuelas fundadas y sostenidas por los emigrantes, a través de un certamen escolar. Esta situación guarda relación con lo que supuso el fenómeno migratorio masivo, que surge a finales del siglo XIX y comienzos del siglo XX, siendo dicha celebración con el consecuente "Certamen Escolar" una manifestación del propósito principal de los emigrantes: que sus hijos no se enfrentaran a la vida con el analfabetismo como formación y sus manos como única herramienta de trabajo, en un mundo desconocido, y víctimas fáciles de todo tipo de engaños.

A través de este estudio pretendo llegar más atrás en el tiempo, y encontrar el punto de partida de la tradición migratoria que afecta a la zona de A Estrada –empezando por estas ocho parroquias– y que me ha llevado hasta los primeros años del siglo XVIII, o incluso más atrás, dependiendo de cada una de las parroquias[5].

Tras el análisis de las distintas fuentes[6] disponibles para el período establecido, como se puede ver en la gráfica siguiente, que abar-

3 Las parroquias objeto de este artículo son; San Jorge de Cereixo, San Miguel de Curantes, San Verísimo de Lamas, Santa María de Olives, Santa Eulalia de Pardemarín, San Pedro de Parada, Santa María de Rubín, y Santa Cristina de Vinseiro

4 Certamen Escolar que surge a comienzos del siglo XX, impulsado por las Sociedades de Instrucción creadas por los emigrantes oriundos de estas parroquias, en distintos lugares e América, que eran las encargadas de construír las escuelas, cuyo fin era el fomento de la educación entre sus vecinos; apoyándose para ello en el Sindicato Agrícola de Pardemarín. Las parroquias que participaron en su origen de este certamen son; Rubín, Lamas, Pardemarín, Olives, y Curantes. Se puede ver más información sobre este tema en la obra de D. Olimpio Arca Castro. "Certame Escolar dos Pereiriños; precedentes, memoria e actualidade". Ed. Colectivo Pereiriños, 2000.

5 No todas las parroquias inician sus anotaciones en el mismo momento, y tampoco se conservan todos los libros en todas las series, (Bautizos, Matrimonios y Defunciones).

6 Las fuentes con las que contamos para este período son; los Libros Sacramentales de las diferentes parroquias, las Listas de Embarque, los Censos, y la Prensa.

ca el siglo XVIII y la primera mitad del siglo XIX, me encuentro que a pesar de ser limitadas en número, son portadoras de valiosos datos.

Es el caso de los Libros Sacramentales[7], dependiendo si son de Bautizos, Matrimonios o Defunciones, facilitan datos como; los nombres de los padres, los padrinos y sus profesiones, (siempre que no se trate de agricultores), el lugar de residencia, el nombre completo del niño; datos que nos permitirán obtener un número aproximado de habitantes totales, y potenciales a enfrentarse a la emigración, (en su mayoría suelen ser hombres jóvenes[8]), para poder calcular después la mayor o menor incidencia de la emigración en cada una de las parroquias, así como seguir su camino a través de los años, mediante los datos aportados por las listas de confirmados, el Libro de Matrimonios, y por último el Libro de Defunciones que, sin lugar a dudas, es el que más datos nos aporta para el estudio de la emigración en sus primeras etapas, dado que nos facilita datos sobre el lugar de defunción de todos los nacidos en la parroquia[9], su estado civil, si hacían testamento o no, y en el caso de fallecer fuera de las feligresías más cercanas, quien había sido el encargado de transmitir la noticia. Datos que nos permiten conocer los primeros pasos de nuestros protagonistas, que son anteriores en el tiempo a la conocida emigración americana. Y lo más interesante, el establecimiento de las cadenas familiares más allá del tiempo y el espacio.

Las fuentes para el estudio de la emigración al continente americano son muchas y variadas, entre ellas destacan los periódicos de la

7 Los Libros Sacramentales, nos permiten apreciar los cambios de residencia, y estado civil a lo largo de toda la vida del individuo, así como su ámbito para relacionarse.

8 La mujer no será protagonista del fenómeno migratorio, (de forma importante), hasta los años finales del siglo XIX. Más información en la obra de la Dra. Pilar Cagiao Vila, "Mujer y emigración". Ed. Xunta de Galicia, 1997, Santiago de Compostela.

9 Esta costumbre sólo se mantiene hasta 1870.

época[10], en los que era habitual encontrar anuncios de los barcos con dirección a América, y los puertos en los que hacían escala, dentro del territorio gallego, y que en un primer momento eran; Coruña, Vigo, Ferrol, Carril-Villagarcía, y Marín; los tres últimos fueron perdiendo importancia, a medida que la navegación a vela iba dejando paso a la navegación a vapor[11], en la misma medida que los consignatarios españoles iban dejando terreno a las grandes navieras europeas, especialmente a partir de 1870[12].

Las listas de embarque, donde obtenemos datos como el nombre, estado civil, edad, lugar de origen, y país o ciudad de destino; junto con la fecha y el nombre del barco. Su visión nos permite constatar que la emigración se realizaba en grupo, (normalmente formado por un grupo de vecinos o amigos; naturales del mismo lugar o de las parroquias cercanas), y no de manera individual. Siendo el mayor inconveniente de estas, que se encuentran mayoritariamente en manos privadas[13].

Y por último, tenemos los censos, que nos aportan información sobre el número de habitantes, donde se ve la diferencia entre el número de hombres y de mujeres, siendo la conclusión, que el campo gallego durante los últimos años del siglo XIX, y primeros años del siglo XX, se encuentra poblado mayoritariamente por ancianos, mujeres y niños, que son los encargados de realizar todas las tareas relacionadas con la casa y con el campo.

10 Un ejemplo, sería "Faro de Vigo", (fundado en 1854).

11 Los barcos de vapor eran de mayor tamaño, y el puerto de Villagarcia carecía del calado suficiente

12 Datos aportados por un artículo del Prof. Dr. Alejandro Vázquez de la Universidad de Vigo, titulado; "Los nuevos señores del entramado comercial de la emigración a América por puertos gallegos: Los consignatarios de las grandes navieras trasatlánticas, 1870-1939".

13 Archivos particulares de las casas consignatarias de buques, la mayoría ya desaparecidas, y las otras de acceso más restringido. Con la excepción de diez, (no todas completas), que se conservan en el Archivo Municipal de Vigo, correspondientes a los años; 1901, 1902, 1903, y 1904.

A través de las fuentes citadas, y con el análisis de sus datos, puedo establecer el discurrir de la emigración en esta zona a lo largo del tiempo; conocer sus destinos y clasificarlos según su lugar de origen, lo que me lleva a establecer que en estos primeros años, al igual que sucederá más tarde con la emigración a América, no emigra un solo individuo, sino que lo hacen en grupo; bien conformado por distintos miembros de una misma familia, o por un grupo de conocidos[14], o amigos.

**Gráfico 1. Número de emigrantes, diferenciados en función de la parroquia de origen, (1700-1830)[15]**




Lo expuesto anteriormente me permite acercarme al origen del fenómeno migratorio, (en estas ocho parroquias de La Estrada[16]), e iniciar el análisis de las distintas etapas de su evolución, diferenciadas en función de su destino, siendo las siguientes: Castilla, Cádiz, y América.

14 Datos aportados por los Libros de Defunciones de las distintas parroquias (AHDSC).

15 Gráfico de elaboración propia, con los datos aportados por los Libros Sacramentales, que se conservan en el AHDSC.

16 Pues hay datos de una emigración controlada desde tierras gallegas, a la Alpujarra, para la repoblación del Reino de Granada; más datos en Cabeza Quiles, Fernando. "Galegos en Las Alpujarras granadinas", Ed. Toxosoutos, 2003, Noia.

La emigración en la zona de La Estrada se caracteriza básicamente por su origen temprano en el tiempo y por que las distintas etapas establecidas no se sustituyen unas a otras, sino que conviven en el espacio y en el tiempo, como se refleja en el gráfico siguiente.

**Gráfico 2. Destinos de la emigración, 1700-1840**[17]




Esta división en etapas, se establece atendiendo al lugar de destino; pero debo añadir que esto no significa que fuesen los únicos lugares a los que se emigraba, pues más que nada lo que pretendo con ello, es hacer referencia a zonas, y no a poblaciones concretas, tal y como hoy las entendemos.

17 Gráfico de elaboración propia, a partir de los datos obtenidos en los Libros Sacramentales, de las distintas parroquias, (AHDSC).

En función de las etapas establecidas más arriba, y en ese orden[18], debo de añadir que: en un primer momento, se advierte una corriente migratoria, (formada mayoritariamente por hombres, aunque en este momento la edad no conforma un factor característico), que se dirige de manera continuada hacia tierras castellanas, reduciéndose a unos pocos meses al año, destinada a participar en las labores de recolección de la uva y la siega. Lo obtenido por el trabajo de estos meses, tiene como objetivo complementar las haciendas de las familias más humildes el resto del año. Siendo la característica más destacada de esta corriente su carácter cíclico, es decir, es una cita a la que se acude todos los años donde los protagonistas, año tras año y generación tras generación, se dirigen en la misma época del año hacía los mismos lugares, para nuestro caso, desde comienzos del siglo XVIII, hasta los primeros años del siglo XX disminuyendo en este siglo el número de personas que se dirigían hacia Castilla, pues hay otros lugares, cada vez más atrayentes para el emigrante.

En un segundo momento, que comenzaría en los últimos años del siglo XVIII, nuestros emigrantes se dirigirían hacía tierras andaluzas, y más concretamente a la ciudad de Cádiz, hecho que tiene su origen en la Real Orden de 1720[19], por la cual se autoriza el comercio

18 El orden de las distintas etapas lo establecí en función de la antigüedad en el tiempo, de los datos referidos a las noticias que tengo para los primeros emigrantes a cada destino.

19 Real Orden de 1720, que se conserva en el Archivo Municipal de Vigo, (AMV), carp. 1099; en la que se dice lo siguiente:
"… Que a último de junio próximo salga de Cádiz una flota de cinco a seis mil toneladas para Nueva España… a los fabricantes deese Reyno procure VS alentarlos y disponerlos a que himbien a Cádiz la mayor cantidad que pudieren de sus frutos tejidos y demas generos de España a fin de embarcarlos para Indias ya sea con factores propios o encargandolos a los de la Carrera de Yndias.
Vendiendolos a los negociantes que que residen en Andalucia haciendolos comprender que los derechos de los _ de la Seda…
… y al que se hace especial encargo a fin que a los de otras provincias de España pasaren a Cádiz con mercancía les de todo el auxilio que necesitaren a que el mejor logro de sus tráficos a cuio fin quiere tanvien su Majestad que Vuesa Señoria les franquee toda la

de los distintos puertos peninsulares con América, pero siempre a través del puerto de Cádiz[20]. Se puede aventurar en estos momentos que existió una emigración , de carácter interior, hacía las poblaciones costeras de la propia Galicia, dado que a partir de estos momentos se iniciaría una nueva etapa dentro del comercio marítimo, que tendría como consecuencia más directa el crecimiento económico experimentado por las localidades costeras, debido al nuevo horizonte surgido ante la posibilidad de comerciar con América, lo que redundaría en un aumento en la necesidad de mano de obra, que atraería a los vecinos de las localidades cercanas y facilitaría la circulación de noticias, actuando las localidades costeras como foco de atracción con respecto a aquellas que se encuentran situadas más al interior.

Una vez aquí, algunos de ellos darían el salto al sur peninsular[21], como marineros en los barcos encargados del transporte de las mercancías, hecho que se pone de relieve, en los datos de difuntos de varias de las parroquias, bien que fallece camino al Puerto de Cádiz en naufragios[22], o una vez allí[23], lo que nos permite establecer que la

asistencia que dependiere de VS y que a los que pasaren a Cádiz con estos encargos los acompañe VS con cartas que a el referido a fin que constándoles de donde son y las comisiones que llevan pueda ayudarlos y atenderlos como se le ordena…"

20 Hasta 1861, los pasajeros que desearan embarcar hacía América, deberían de embarcar o transbordar en Cádiz a los vapores-correo, que hacían la travesía a las Indias. Datos obtenidos a partir de Vázquez, Alejandro. "Los nuevos señores del entramado comercial de la emigración a América por puertos gallegos: Los consignatarios de las grandes navieras trasatlánticas, 1870-1939."

21 En el transcurso de la travesía hacia el puerto gaditano, algunos optaban por quedarse en alguna de las escalas que el barco hacía en el vecino reino portugués, lo que explicaría la presencia de una numerosa colonia gallega en la capital de dicho reino, y de que tenemos noticias desde finales del siglo XVIII.

22 Datos recogidos en; el Libro III de San Verísimo de Lamas, y en el Libro III de Santa María de Rubín, que se encuentran en el AHDSC.

23 Las noticias del fallecimiento de vecinos de esta zona en Cádiz, nos llegan mayoritariamente a través de familiares que se encontraban allí, y regresan, o por medio del Monasterio de San Juan de Dios, situado en dicha ciudad, y que durante estos años actuó como hospital, siendo en ocasiones beneficiario del testamento de algunos de los fallecidos.

emigración hacía el sur peninsular se hace por vía marítima[24], en la mayoría de los casos, dadas las malas comunicaciones terrestres.

Será esta emigración, más duradera en el tiempo, la encontrada en el principio de este estudio, caracterizada por una duración media de varios años, en los que se trata de conseguir lo más posible para regresar a la tierra, con el propósito de pagar alguna deuda contraída con anterioridad, o algo tan simple como conseguir el dinero para hacer una nueva casa y fundar una familia. También podemos suponer y constatar actualmente que fueron muchos los que decidieron permanecer en tierras gaditanas de forma definitiva[25].

Muestra de ello es el interés despertado por nuestros emigrantes entre los investigadores de la Universidad de Cádiz[26], debido a su importante número, (todavía hoy), y lo antiguo de sus orígenes, pues se trata de descendientes de gallegos, de tercera y cuarta generación. Naturales del Ayuntamiento de La Estrada, o en la mayoría de los casos, sus descendientes, siguen manteniendo relación con el lugar de origen, siendo una muestra de ello, su presencia en la Fiesta de los Pereiriños, donde puntualmente acuden para recordar los tiempos de su infancia y los origenes de sus padres y abuelos[27].

Otros optaban por continuar posteriormente su viaje, como marineros en los buques que transportaban las mercancías a las Indias, o como pasajeros una vez ganado el dinero suficiente para pagar el

24 Hecho que también explicaría la existencia de una importante colonia gallega en Lisboa, ya en el siglo XVIII.

25 Hecho que también caracterizará a los protagonistas de la tercera etapa, y que son conocidos en Galicia como indianos.

26 Sobre este tema ver: Mª José de la Pascua Sánchez, "Los gallegos en el Cádiz de la Carrera de Indias. Balance secular de un proceso migratorio (1662-1778). Artículo incluído en la obra; Eiras Roel, A., Rey Castelao, O. (Edit.) "Migraciones internas y Médium Distance en la Península Ibérica, 1500-1900". Xunta de Galicia. C.I.D.H. 1993.

27 Opción que se constata en la existencia desde antiguo de oriundos de este Ayuntamiento de La Estrada en las tierras gaditanas, (siglo XVIII).

importe de la travesía al nuevo continente, opción que cobraría mayor importancia una vez mejoradas las condiciones de la misma.

La introducción de los nuevos barcos de vapor, más cómodos, más grandes, y por supuesto más rápidos, contribuyó a que se acortasen los días de travesía, del mismo modo que la apertura de los puertos gallegos para el transporte de viajeros con las distintas ciudades americanas, siendo los destinos mayoritarios en estos primeros años, Cuba y Argentina: ello generó el movimiento poblacional más importante de los conocidos hasta este momento en tiempos de paz.

Serán estos los protagonistas de la última etapa del estudio; aquellos que en su empeño de mejorar las condiciones de vida de su familia y la suya propia optaron por dar el salto al nuevo continente en busca de nuevas oportunidades.

Esta fue una emigración con un carácter más estable que las dos citadas anteriormente, dado que se tratará, en la mayoría de los casos, de una emigración con carácter definitivo, o de más larga duración en el tiempo. Las visitas a la tierra de origen serán escasas, en la mayoría de los casos y se regresará una vez agotada la vida laboral, con el fin de descansar entre los suyos. Pero no siempre fue así, pues muchos de los que se fueron, nunca más regresaron, ni dieron noticia de su paradero a la familia que aquí dejaron.

La etapa más importante de la emigración a tierras americanas se iniciaría a mediados del siglo XIX, especialmente a partir de los años ochenta de dicho siglo, como se puede ver en el gráfico 3.

La salida de emigrantes se mantendrá en constante crecimiento hasta el primera mitad del siglo XX; salvo pequeños puntos de inflexión, como los años de la Guerra de Independencia de Cuba, hecho que supuso la diversificación del flujo migratorio hacía otros países de Latinoamérica; o los años de la Iª Guerra Mundial, (1914-1917),

**Gráfico 3. Balance de salidas y entradas de emigrbntes, 1882-1940**[28]




el crack de 1929, la Guerra Civil Española, (1936-1939), para decaer posteriormente, hasta ser sustituída prácticamente en su totalidad por la nueva corriente migratoria hacia los países del Norte de Europa a finales de los años sesenta del siglo XX.

Para finalizar, decir que fueron los emigrantes que se dirigen a América los que mayor curiosidad han levantado entre los estudiosos de la materia, debido a su volumen, y a la cantidad de información que han generado y siguen generando. También por su importancia desde el punto de vista tanto cultural como económico, y de la que son numerosos los ejemplos. Es el caso de creaciones, como el Centro Gallego de Buenos Aires (1879), Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia; creada en La Habana (1873), o la Casa de

28 Gráfico de elaboración propia a partir de los datos de *Estadística de movimiento de buques y pasajes por mar con el extranjero*. Madrid, 1956. Instituto Español de Emigración, "La emigración española y el crecimiento económico, Madrid, 1976. *Estadísticas de la Migración Exterior*. Ministerio de Trabajo.

Galicia de Montevideo (1879), que celebra ahora el 125 aniversario de su creación. Era el objetivo principal de estas asociaciones el velar por los intereses de sus miembros, preocupándose por su bienestar, así como por su formación; y también preservar y transmitir a los descendientes de aquellos primeros emigrantes los valores de la cultura de su país de origen.

En el estudio que estamos realizando intentaremos cuantificar el número de estradenses que tomaron parte en este proceso y de qué manera fue su participación en los países a los que emigraron, investigaremos también la influencia de este movimiento social y las consecuencias sociales, políticas y económicas que han tenido en La Estrada, tomando como base los estudios que profesores como Núñez Seixas, Pilar Cagiao, etc. han publicado, en los que las huellas de los emigrantes estradenses son evidentes.



# Maíndo (A Estrada Pontevedra): Espazo xeográfico, humano e histórico no dominio do Condado de Ximonde

Héitor Picallo Fuentes

Anteceden a estas investigacións dúas colaboracións máis ofrecidas a este mesmo anuario e que versan sobre os ascendentes familiares dos que foron titulares do Condado de Ximonde, así como igualmente a súa íntima vinculación coa Casa de Maíndo: columna que vertebra os nosos estudos. Resta tan só, con estas novas achegas, inmiscirnos na historia e xenealoxía relacionadas co mesmo edificio estradense. Mais a nosa tarefa investigadora non sería "completa" se non puidesemos botar man dalgún arquivo privado; entre outros –ademais daqueles xa citados de Gómez-Buxán (AGB) e do Pazo de Maíndo (APM)–, o do Pazo do Preguecido (APP)[1], a Casa da Parra (ACP)[2] e o Morgado de San Marco (AMSM)[3], sendo este último da

1 A documentación consultada do pazo do Preguecido (Sta. María de Aguións, A Estrada) foi tan só aquela que tivo a ben facilitarnos, en transcricións, G. Amor Moreno —secretario da "Asociación Amigos de los Pazos"—.

2 O arquivo da casa da Parra (Sta. María dos Baños, Cuntis), trata sobre diversas informacións da antiga casa dos Castro (Cuntis), a casa e torre do Vilar (S, Miguel de Brandariz, Vila de Cruces) e a granxa do Piar (Tui). Aínda que o seu contido non está relacionado con este pazo de Maíndo si nos serve para ambientar, nalgún apartado, datos concretos sobre as terras e xurisdición de Vea.

3 O Morgado de San Marco era aquel suxeito ao pazo do mesmo nome, sito este inmoble no lugar de Perdecanai, nos actuais termos municipais de Barro.

propiedade do noso amigo G. Amor Moreno, pioneiro, xunto con outros, na aprezación sociocultural que comporta a nosa arquitectura pacega: elemento definidor do que foron os centros de explotación agropecuaria en tempos do antigo réxime. Tamén resultou de boa axuda o arquivo fotográfico de Damián Porto Rico (AFDPR), verdadeiro explorador, historiador e retratista de espléndidas estampas documentais e visuais do patrimonio das terras estradenses. Por mor disto agradecémoslles a súa desinteresada contribución en beneficio dunha mellor realización deste proxecto.

## Fillos de burgueses, pais de aristócratas

Retomamos, logo así, a análise propietaria do fogar de Maíndo co pai do primeiro Conde de Ximonde, D. Antón Ramón Cisneros de Castro, persoa coa que nos introducimos nos esplendorosos séculos da Ilustración Galega, tempos de rexionalismo, liberalismo económico, enciclopedismo... e nos que figuras senlleiras daquela intelectualidade (Fr. Martiño Sarmiento, Bieito Feixoo, X. F. Castro Fernández, Cornide Saavedra, Somoza de Monsoriu, Herbella de Puga...) deron abondo de que falar e, asemade, conformaron os principios básicos nos que erixir a empresa de modernización e culturización do país galego, ámbitos que dende o solpor da Idade Media estiveron desprazados de todo concepto que implicase avance.

(liña 12) **Antón Ramón Cisneros de Castro Figueroa e Sarmiento e Mª. Rosa de la Barrera Navia e Castrillón**

Comezamos, con estas, co declarado D. Antón Ramón, renomeado fidalgo da xeografía compostelá que destacaría polo seu desempeño en numerosos cargos públicos, sociais e militares na urbe apostólica

galega. Son salientables, por unha banda, o seu oficio de rexedor perpetuo do partido de Santiago (1720-1740)[4], logo tamén polo de frade do Santo Oficio e, así mesmo, por ser "Caudillo Mayor de numero de Tercios de Villanueba de Arosa y agregados, en cuyo empleo sirvio con mucho celo al Sr. Rey Don Felipe 5º, aplicado con la mayor vigilancia a la guarda o custodia de las costas de su departamento"[5].

## *O enlace cos Sánchez-Vaamonde*

Casaría o señor de Maíndo con Dª. Mª. Rosa de la Barrera Navia e Castrillón, veciña de Santiago de Foz, nas terras do bispado mindoniense, e sendo filla de D. Brais Antón de la Barrera Navia e Castrillón e Dª. Margarida Sánchez Vaamonde Otero e Luaces (señores xurisdicionais tanto de S. Martiño de Mondoñedo como de S. Xoán de Vilaronte)[6].

Case seguro que Dª. Margarida debeu ser filla do capitán D. Gregorio Sánchez Vaamonde, o cal vivía en Santiago polo ano 1671, e da súa muller Catarina Otero e Luaces (pais estes, asemade, do doutor D. Xoán Sánchez Vaamonde, arcediago de Nendos)[7]. Enxérgase isto ao comprobar que este último matrimonio, e o citado D. Xoán Sánchez, habían fundar diferentes vínculos, dos cales podemos rexistrar aquel denominado do Vilar, o mesmo patrimonio polo que anos máis tarde estaría en preito o segundo Conde de Ximonde cun seu parente chamado D. Xoán Xosé de Neira e Pardo.

4 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS), Fondo Xeral (FX), Xurisdicional, *Provisións seculares. Libro XXIII. Títulos de rexedores de Santiago*, atd. 61, "Rexeimento" número 15. Expediríalle o título o arcebispo D. Lois Salcedo e Azcona. Ver tamén: AHDS, Provisorado, Preitos, cax. 18V, carp. de Santiago, "Preito entre D. Antón Ramón Cisneros e Sarmiento, rexedor perpetuo desta cidade, con Rosendo e Salvador do Allo, sobre propiedade e uso dun muíño", ano 1739.

5 APM, libriño titulado "Genealogías". O seu estado de conservación é bastante lamentable.

6 Sobre o territorio mindoniense é de recomendación: E. CAL PARDO, *Episcopologio Mindoniense* (Santiago 2003).

7 Valórese esta afirmación a partir do indicado en S. GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ, *O Colexio de San Clemente de Pasantes de Compostela* (Santiago 1993), pp. 170-171.

Destacaron en Compostela os Sánchez-Vaamonde, entre outros moitos motivos, polo seu exercicio nas rexedurías da mesma urbe, xa dende comezos do S. XVII[8]. Porén, esta liñaxe fainos cavilar nunha das persoas de maior resplandor da ilustración galega, estámonos a referir ao membro da Real Academia de Historia D. Pedro A. Sánchez Vaamonde, fundador da Biblioteca do Consulado da Coruña, construtor dos baños minerais de Vea e en 1784 (xunto co lucense Antón Páramo e Somoza) da *Real Sociedad Económica de Amigos del País* de Santiago. Pero, para ser máis exactos, é necesario subliñar que si era certo que estes Cisneros era parentes do referido ilustrado, tal e como se pode deducir dos *Linajes Galicianos* de P. Pérez Costanti[9].

En relación cos Barrera-Castrillón cómpre mencionar que algún dos desta casa acadaría igualmente unha rexeduría na cidade de Compostela, en concreto D. Francisco Barrera e Castrillón[10] (cónxuxe de Dª. Mª. Ventura Vicenta Mosquera Pimentel Caamaño Soutomaior). Este fidalgo de pluma, debido aos seus desposorios, anúnciase como dono da Casa Grande da Fincheira na vila de Noia, e residente, alomenos esporadicamente, na Granxa de Gondelle (Sta. Baia de Oza, Teo[11]), cuxa propiedade era de certo dos Cisneros[12];

8 AHDS, FX, Xurisd., atd. 58, rexeduría terceira; Id., atd. 59, rexeduría sétima; atd. 60, rexeduría undécima; e, Ibid., atd. 61, rexeduría décimosexta.

9 E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *Bajo las luces de la Ilustración: Galicia en los reinados de Carlos III y Carlos IV* (A Coruña 1977), pp. 361-362.Consúltese tamén: P. PÉREZ COSTANTI, *Linajes Galicianos* (edic. de E. Pardo de Guevara y Valdés, Santiago 1998), p. 295.

10 Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP), Protocolos, Xosé de Caldas, N-140A, ano 1771, f. 77: "En la ciudad de Santiago a ocho dias del mes de diziembre, año de mil setecientos setenta y uno, ante mi, escriuano, y testigos siendo presente personalmente constituhida doña Ventura Vizenta Mosquera y Caamaño, dueña viuda que fincò de don Francisco la Barrera y Castrillón, rexidor perpetuo que ha sido de esta ciudad".

11 Sospeitamos que esta casa de Gondelle se localizou en Sta. Baia de Oza posto que, ademais de existir aí ese topónimo, moitos dos Sánchez-Vaamonde serían veciños desta freguesía da xeografía de Teo.

12 Vid. X. COMOXO-X. SANTOS, *A heráldica nas terras de Rianxo: brasóns e liñaxes* (A Coruña 1997), pp.93 e 193-206.

a cal lle procedía a esta última familia por transmisión directa do declarado fogar dos Sánchez-Vaamonde.

Continuando con D. Antón Ramón, gardamos constancia de que sendo el rexedor da cidade compostelá polo ano 1737 o Capítulo Catedralicio xunto con D. Manuel Abadiano (Tenenciero de Arandas), lle habían reivindicar certos bens pertencentes á referida tenencia[13]. Como engadido a estes apuntamentos históricos podemos sinalar que polo 1748 o padroado da ermida de Sta. Isabel, no espazo territorial de Vedra, recaía nesta casa de Ximonde, quen tiña creada nela unha fundación perpetua de 55 misas anuais[14].

Membros da proxenie Cisneros-de la Barrera serían:

a) D. Xoán Antón Bernaldino Cisneros de Castro, que seguirá a liña hereditaria, bautizaríase en S. Miguel de Sarandón o 31 de maio de 1725, e quen tería por padriños a D. Xoán Sánchez Vaamonde (Arcediago de Nendos e Cóengo Dignidade de Santiago) e Dª. Margarida Sánchez Vaamonde (veciña de Sta. Baia de Oza[15]);

b) D. Xurxo Cisneros, ao cal derramaríanlle as augas sacramentais na pía da parroquial de S. Fiz de Solovio o 23 de abril de 1730. No que afecta a aspectos biográficos é mester indicar o seu oficio eclesiástico na Metropolitana Igrexa de Compostela, da cal sería cóengo (1777), séndoo xa tempo atrás da de Mondoñedo. Ademais, por ser *persoa de grande respectabilidade*, estaría á fronte da administración das rendas derivadas do

13 Mª. del M. GARCÍA MIRAZ-A. GONZÁLEZ LARA, *Real Audiencia de Galicia. Juzgado de la Protectoría del Voto del Apóstol Santiago. Catálogo Documental* (A Coruña 1998, dir. P. López Gómez), p. 59.

14 AHDS, FX, Visita Pastoral, caixa 12, anos 1748-1750, arciprestado de Ribadulla, ff. 62v-63r.

15 Id., Provisorado, Beneficial, Sta. María de Troáns, ano 1762. Non podemos facilitar máis información, nin o número de atado ou caixa, por atoparse actualmente en fase de catalogación esta parte do fondo.

Voto do Apóstolo Santiago nas terras granadinas[16]; e inclusive, D. Xurxo, sería aquel que logo da morte do crego de S. Breixo de Arcos de Furcos (Cuntis) faría oposición a este beneficio curado parroquial, sendo outro dos pretendentes D. Lois Cernadas (irmán do galeguista cura de Fruime, D. Diego Antón Cernadas de Castro[17]). O primeiro deles, o descendente da casa de Ximonde, renunciaría en favor do último por beneplácito papal, mais con todo sería favorecido polo novo titular cunha renda anual de sesenta ducados por razón do traspaso[18]. No ano de 1761, e sendo D. Xurxo veciño da "villa y Corte de Madrid", proporíao seu irmán D. Xoán Antón para acceder á reitoría da parroquia de S. Fins de Freixeiro, que estaba baleira pola morte de D. Francisco Rei Basadre[19].

c) D. Xacobe Secundo Antón Cisneros, bautizado en Solovio (de onde eran fregueses os seus pais), o 1 de xuño de 1731, sendo o seu padriño D. Fabián Pardiñas Villardefrancos (cóengo da Igrexa de Santiago)[20];

d) D. Antón Vicente Bieito Ramón Manuel Xurxo Xoán Cisneros, a quen o había introducir na fe católica D. Xurxo Bernárdez e Núñez (crego de S. Martiño da Laxe) o 22 de xuño de 1732, e concretamente ás once da noite. Proceder este que nos fai cavilar nunha potencial morte prematura para o neno. Xa o día 26, e no templo de S. Fins de Solovio, recibirá os Santos Óleos e outras bendicións polo tenente cura desta freguesía[21]; e

16 A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la S.A.M.I. de Santiago de Compostela*, XI (Santiago 1909), pp. 47, 50-56 e 62-63. Ver tamén: P. PÉREZ COSTANTI, *o.c.*, pp. 232-233.
17 J. M. RIVAS TROITIÑO, *Diego Antonio Zernadas y Castro: un precursor del Galleguismo* (Santiago 1977).
18 AHPP, Protocolos, Marcos Andrés da Riva, atd. 141, ano 1762, ff. 23-24.
19 AHDS, Provisorado, Beneficial, caixa F-11, S. Fins de Freixeiro.
20 Id., Fondo Parroquial (FP), S. Fiz de Solovio, Lib. 7.
21 Ibid.

e) D. Roque Vicente Alonso Antón dos Milagres Cisneros, bautizado polo seu padriño D. Alonso Calvelo de Puga, impoñéndolle os Santos Óleos e outras bendicións eclesiásticas D. Domingo Antón Bolaño (tenente cura de Solovio, con data do 14 de maio de 1738)[22].

## Un condado para Ximonde, un vizcondado para soar

Guimaráns é linda cousa,
mais Ximonde sin disputa;
e máis que entrambas aínda
Santa Crús de Ribadulla.

(Popular)[23]

(liña 13) **Xoán Antón Bernaldino Cisneros de Castro Figueroa Mendoza e Manuela de Ulloa Cadórniga Lousada Pardo e Ribadeneira**

Seguirá a liña de herdanza dos vínculos o rexedor compostelán (1747-1798)[24] D. Xoán Antón Bernaldino Cisneros de Castro Figueroa Mendoza Bermúdez Sarmiento e Soutomaior Barrera e Castrillón González de Guevara Osorio Moscoso Ribera e Falcón, quen sería recoñecido como nobre pola monarquía borbónica, como logo teremos oportunidade de comprobar. Contraería nupcias con Dª. Manuela de Ulloa Cadórniga Lousada Pardo e Ribadeneira, descendente dunha familia de vellas orixes e de destacada autoridade polas terras de Vila de Cruces e de varias bisbarras de Ourense. Debido a isto

22 Ibid.
23 M. VALLADARES NÚÑEZ, *Cantigueiro Popular* (ca. 1869-1899; edic. X. Luna Sanmartín, 2004), p. 102.
24 AHDS, FX, Xurisdicional, atd. 150, rexeduría número 15 da cidade Compostelá. Ver tamén: A. LÓPEZ FERREIRO, *Fueros municipales de Santiago y su tierra* (Santiago 1895, edic. 1975), pp. 581-582.

faremos a recomposición xenealóxica, a xeito esquemático, dos ascendentes desta nobre dama, xa que máis polo miúdo e con todo detalle téñeno realizado en varias ocasións C. Gómez Buxán e F. Rubia Alejos, máximos responsables dos estudos da arquitectura pacega e da historia (fidalga ou non) daqueles campos e fragas mollados polo río Deza, e incluso doutras xeografías do norte pontevedrés e coruñés.

## *A unión coa Casa de Pedroso (Vila de Cruces)*

Tendo como manuais didácticos as publicacións destes dous investigadores citados, podemos comezar a nosa andaina retrospectiva con *Vasco Rodríguez de Monteagudo*, señor de Oirós e Alcaide da fortaleza de Borraxeiros polo ano 1457. Seguirao o escudeiro *Antón de Oirós*[25], ás veces denominado Sánchez de Deza, que testaría –segundo Taboada Roca– en 1475 perante Xoán Fernández de Rodeiro. Por mor das alianzas sacramentais de Antón con Leonor Barreira (filla do escudeiro Vasco Barreiro, "O *Vello*"), procédenlle ao matrimonio as casas soares de Cercio (Santiago de Cercio, Lalín) e Pedroso (Sta. María de Oirós, Vila de Cruces)[26]; coñecéndose posteriormente este último edificio como "o antiquísimo pazo de Pedroso", segundo o que se rexistra na documentación do APM[27].

Como abrollo deste último himeneo fará continuación xenealóxica o escudeiro *Vasco Barreiro*, quen se declara sucesor das anteriores habitacións fidalgas e casado con Leonor Vázquez, da tería unha boa descendencia. Coñécense os nomes de non menos de cinco

25 F. RUBIA ALEJO-C. GÓMEZ BUXÁN, 'Cercio, siete siglos de historia' e 'Remontándose a la Edad Media', en *La Voz de Galicia*, edición do Deza, sección "Pazos de Deza" (14-05-2000), pp. 46-47.

26 Id., 'Pedroso, un pazo transformado' e 'Antón de Oirós, famoso escudero', en *La Voz de Galicia*, edición do Deza, sección "Pazos de Deza" (12-11-2000), pp. 4-5.

27 APM, libriño titulado "Genealogías".



Armas dos Novoa (Biblioteca Xeral).

fillos, mais así e todo aquel que motiva o noso interese é *Vasco de Monteagudo*, sucesor do pazo de Pedroso, e co que se atopa engarzada esta residencia coa dos señores de Lueda. A razón deste parentesco reside no feito de terse desposado con Isabel de Ulloa (filla de Pedro Oxea de Albán e Maior de Ulloa, póla que xermolara das xineas dos Bendaña e Ulloa)[28]. Outros compoñentes desta familia Barreiro-Vázquez seguirán coa liña sucesoria do pazo de Cercio e coa fundación da casa de Brenzos (Sta. Baia de Losón, Lalín), etc.

Que se saiba, de Vasco e Isabel habían ser fillos outro Pedro Oxea de Albán (que viviría no soar de Lamela, non moi lonxe da referida de Brenzos) e *Inés Pérez de Ulloa*, coa que avanzamos no estudo xenealóxico de Pedroso. Esta afidalgada muller contraería nupcias cun descendente da monterrosina casa da Laxe, en concreto con D. Gómez Gundín Salgado[29] (fillo de Alonso Gómez Gundín e Beatriz Salgado), quen por aquel momento era viúvo xa de Dª. Beatriz Enríquez. D. Gómez, segundo Yebra de Ares, instituiría o vinculo da casa e pazo de Mundín (S. Salvador de Sambreixo, Monterroso), aló polo ano 1555, patrimonio sumamente celme e

28 C. GÓMEZ BUXÁN, "Xenealoxías dezanas: a desaparecida Casa de Brenzos", en *Descubrindo: anuario de estudios e investigación Deza*, 4 (2002), p. 15.
29 F. RUBIA ALEJOS-C. GÓMEZ BUXÁN, 'Tocante a los hixosdalgo: carta de Manuel Toubes, genealogista dezano del siglo XVII', en *Descubrindo...*, 2 (2000), p. 47.

nutritivo que recaería no seu fillo D. Alonso Gundín de Novoa (esposo de Dª. Catarina de Soutomaior)[30].

Non en tanto, outro dos fillos de Dª. Inés e D. Gómez, o chamado *D. Gonzalo de Ulloa Gundín e Salgado*, pasa a aproveitar o patrimonio de Pedroso na compaña da súa muller Dª. Francisca de Novoa e Villamarín (filla de Vasco Albán de Novoa e Villamarín e de Dª. Margarida Taboada Moure), de cuxos esponsais continuará a liña sucesoria do soar lalinense *D. Gómez Gundín Salgado de Ulloa Novoa e Villamarín*, cónxuxe de Dª. Isabel Pardo de Aguiar González de Ribadeneira e Taboada; descendente esta doncela da casa dos señores da fortaleza de Trebolle –inmoble castrense localizado na freguesía de S. Martiño da Torre, nas terras lucenses do Páramo, e de cuxa posesión foron señores, dende antano, a familia dos Pardo, tal e como se contempla ao observar os nomes dos proxenitores de Dª. Isabel: D. Pedro Pardo de Aguiar e Ribadeneira e Dª. María López Taboada–[31].

Había suceder a D. Gómez, no que respecta ao pazo de Pedroso, *D. Pedro Pardo de Ulloa Ribadeneira*, fidalgo co que se entroncará coa mansión lalinense de Golmar (Sta. María de Noceda), logo do seu enlace sacramental con Dª. María Taboada e Ulloa (nada das alianzas do escribán da Súa Maxestade D. Gonzalo Taboada e Ulloa con Dª. Domingas Fernández de Deza).

Proséguese na sucesión co licenciado, correxedor e Alcalde Maior de Monforte de Lemos, así como Xuíz Ordinario da xurisdición de Deza polo ano 1679, *D. Francisco Pardo de Ulloa Taboada e Ribadeneira*, esposo de Dª. Gregoria Ponte e Andrade (filla do rexe-

30 A. B. YEBRA de ARES, *Pazos y Señoríos de la Provincia de Lugo*, II (Lugo 2000), pp. 191-193.

31 AGB, *Árbore Xenealóxica da Casa de Pedroso de Santa María de Oirós (Carbia, Lalín)*.

dor betanceiro D. Antón Sánchez Raposo Ribadeneira, así como de Dª. Inés de Ponte e Andrade), e dos cales identificamos o nome da súa sucesora en Pedroso: *Dª. Manuela Antonia Pardo de Ulloa e Andrade*, parella sacramental do rexedor ourensán e cabaleiro[32] D. Brais González de Ulloa e Taboada (abrollo das nupcias de Dª. Xoana Taboada Ribadeneira e Seixas con outro homónimo D. Brais que foi Avogado dos Reais Consellos e igualmente ocupante dunha rexeduría na mesma cidade das burgas)[33].

Quen sucederá na propiedade de Predoso tralas vodas dos Ulloa cos Pardo sería *D. Antón Francisco Ulloa Pardo e Ribadeneira*, unido en connubio a Dª. Xoana Rosa de Lousada Cadórniga Suárez de Ribera e Salgado Montenegro, da que se di descender dos compromisos de D. Francisco de Lousada Cadórniga e Gos con Dª. Isabel de Ribera Salgado e Montenegro. Estas orixes para dona Xoana Rosa supóñennos coñecer o motivo polo que as herdanzas da casa de Xinzo da Limia (así como as xurisdicións do Mosteiro, Novás e Queirogáns), se habían incorporar no patrimonio dos señores de Maíndo (e Ximonde, obviamente).

Será legatario de Pedroso *D. Lourenzo Ulloa Pardo e Lousada*, o mesmo que se prometería con Dª. Rosa Luísa de Cadórniga e Añel (filla de D. Nicolás Cadórniga e Dª. María Añel e Mondragón, veciños de Congostro, onde tiñan a súa casa soar, na xurisdición ourensá da Limia)[34]. Neste nivel xenealóxico imos bater de novo con Dª. Manuela de Ulloa Cadórniga e Pardo Ribadeneira, a suce-

32 APM, libriño titulado "Genealogías".

33 C. GÓMEZ BUXÁN, 'Xenealoxías dezanas: Notas sobre a ascendencia materna de D. Ramón María Aller Ulloa', en *Descubrindo*..., 5 (2003), pp.37-40. Algunha desta información permanece rexistrada no AGB.

34 P. PÉREZ COSTANTI, *o.c.*, p. 34. Estes datos foron completados co AGB, *Árbore Xenealóxica da Casa de Pedroso de Santa María de Oirós (Carbia, Lalín)*.


Armas dos Taboada (Biblioteca Xeral)

sora do matrimonio anterior e parella ante a Igrexa de D. Xoán Antón Bernaldino Cisneros[35].

Segundo o libro de rexistros de rendas derivadas desta familia que se conserva de xeito formidable no APM, identificamos de forma precisa os lugares onde os Cisneros recadaban certos tributos e conservaban un interesante conxunto propietario polo seu enlace cos Ulloa. O elenco reflíctese, isto é, na vila e freguesía de Sta. Mariña de Xinzo, S. Miguel de Cima de Ribeira, S. Salvador de Damil, S. Bartolomeu de Ganade, S. Miguel de Gudín, S. Xoán de Guntimil, Sta. María das Lamas, S. Pedro de Laroá, S. Salvador de Parada de Ribeira, Sta. María de Ribeira[36], S. Nicolás de Novás –onde se situaban os coutos xurisdicionais do seu nome, de Queirogáns e do Mosteiro– e S. Pedro Fiz de Solveira[37] (todas elas parroquias dos actuais termos municipais de Xinzo da Limia), S. Bartolomeu de Baltar (Baltar), Sta. María de Covelas (Os Blancos), na xeografía do concello da Porqueira (concretamente un lugar denominado S. Lourenzo da Porqueira), Sta. Mariña de Gomariz (Leiro), etc. O declarado libro titúlase como:

35 Cf. AHDS, Provisorado, Beneficial, caixa L-10, freguesías de Sta. María de Arnego e S. Xoán de Larazo.

36 Nos termos municipais de Xinzo da Limia existen dúas freguesías con este nome, mais ningunha con advocación a Sta. María, por iso coidamos que se puidese tratar da de S. Tomé de Moreiras de Ribeira.

37 A parroquia de Xinzo da Limia que se denomina Solveira leva a advocación de S. Salvador na actualidade.

Libro Cobrador de las Rentas correspondientes a los señores Condes de Gimonde en el partido de la Limia, a cargo del señor don Vicente Diaz Teygeyro, Comandante del Batallon de Realistas de la villa de Ginzo; hecho por orden de los señores doña Agustina de Puga y Araujo y don Manuel Cisneros, Madre y tio de la señora doña Jacoba Cisneros, actual Condesa de este titulo. Principio de la cobranza del año de 1829[38].

Continuando coas xenealoxías, fáisenos obrigado apuntar que das nupcias Cisneros-Ulloa quedaría a seguinte proxenie coñecida:

a) D. Pedro Mª. Ambrosio Cisneros de Castro e Ulloa, co que retomaremos en breve a sucesión dos vínculos;
b) D. Manuel Francisco Xabier de Cisneros[39], que chegaría ao final dos seus días en estado célibe;
c) Dª. María do Carme Bieita Rita Ramona Ana Xoaquina Xosefa Tareixa Cisneros, bautizada na parroquia da que eran veciños os seus pais –S. Fiz de Solovio– o 16 de abril de 1757, e actuando como padriño Fr. Xosé de Xesús María (relixioso carmelita descalzo)[40];
d) Dª. Xoana, que finaría igualmente en estado célibe; e
e) D. Ambrosio Xoán Baptista María da Cerca Bieito María das Dores Isabel Ramón Lourenzo de Cisneros e Ulloa, bautizado na cidade de Santiago e na parroquial de Solovio o 6 de marzo de 1765, sendo o seu padriño D. Ambrosio Taboada e Lemos (crego de Sta. María dos Baños de Cuntis)[41]. Chegaría a ser cabaleiro Gardamariña por 1778, e igualmente a moi ceda idade (un ano máis tarde), segundo a súa limpeza de sangue no

38 APM, *Libro de contas do partido da Limia*, ano 1829.
39 P. PÉREZ COSTANTI, *o.c.*, "Limpeza de sangue de D. Xoán Antón Cisneros e Castro", p. 33.
40 AHDS, FP, S. Fiz de Solovio, Lib. 7.
41 Id.

Concello de Santiago de Compostela, cabaleiro da Orde de Malta; porén, segundo parece ser, morrería sen sucesión e sen contraer alianzas matrimoniais[42].

## *Pedro Martín Cermeño, xenro do I conde: un resplandor na arquitectura dezaoitesca*

Chegados a este punto sería interesante facer estancia por uns intres na biografía dunha persoa de sumo interese para estes estudos, D. Pedro Martín Cermeño e García de Paredes, marido da referida Dª. María do Carme Bieita Cisneros de Castro e Ulloa, xa que este foi un dos maiores expoñentes dezaoitescos en eidos das arquitecturas civil e militar. Podemos indicar del que era fillo do enxeñeiro e arquitecto D. Xoán Martín Cermeño (natural de *Ciudad Rodrigo*, Tenente Xeneral do Reais Exércitos e da Praza de Melilla) e de Dª. Antonia de Paredes Fernández (descendente do matrimonio do Capitán de Infantería Española e Sarxento Maior da Praza de Melilla D. Xosé de Paredes con Dª. Ana Fernández e González). Por parte de pai D. Pedro dicíase neto de D. Domingos Martiño Baez (igualmente de *Ciudad Rodrigo*) e da lusitana, das terras de *Trejo*, Dª. Isabel Fernández Cermeño. Segundo se sabe, talvez o 2 de xuño de 1755, indicando ser natural de Melilla, ingresa D. Pedro Martín como Cabaleiro na Orden de Alcántara, carreira militar da que manifestaba posuír, polo ano 1784, as seguintes honras e distincións:

> Caballero de la Orden de Alcántara, Administrador de Villafamés en la de Montesa, Teniente General de los Reales Exércitos, del Consejo de S. M. en el

42 Arquivo Municipal de Santiago (AMS), Limpezas de Sangue, lib. 507, letra C, doc. 45, *Limpeza de Sangue de D. Ambrosio Cisneros e Ulloa*, ano 1778.

Supremo de Guerra, Gobernador y Capitan General del Reyno de Galicia, y Presidente de su Real Audiencia[43].

Contemplamos que este cabaleiro acadaría o rango de Capitán Xeneral do Reino de Galiza[44] (1774-1784); pero, así e todo, destacaría na historia do estado español por varias razóns máis. Primeiramente, debido aos seus estudos en enxeñería e arquitectura, realizaría (ou idearía) proxectos de suma relevancia para a cidade da Coruña así como tamén para terras catalanas. Nestas últimas serán notables os seus planos da nova catedral de Lleida (erixida por Francisco Sabatini entre 1761-1781), os da Igrexa de *San Miguel del Port* (construída por Damián Ribas en 1753), a urbanización da Rambla de Barcelona, etc. Dentro da arquitectura militar interviría –logo de ter confeccionado o seu pai os planos– na dirección das obras do *Castell de Sant Ferran de Figueres*, entre 1753 e 1760 e coa colaboración de Xoán Caballero; edificio que está considerado como un dos máis senlleiros da arquitectura europea do S. XVIII, xa que superando a súa superficie as 32 hectáreas se condecora como o "monumento de maiores dimensións do país catalán, así como a maior fortaleza da Europa daquela centuria", razóns polas que se lle outorgou a cualificación de Ben Cultural de Interese Nacional. Aínda que a obra do *Castell de Montjuïc* fora concibida no seu deseño por *Jorge Próspero de Verboom*, en datas de 1753, os dous Cermeños, Xoán e Pedro, pai e fillo, arquitectos e enxeñeiros ámbolos dous, ampliaron e reforzaron as súas estruturas. Xa no ano setenta e dous Pedro Mar-

43 Observar en A. B. YEBRA de ARES, *o.c*, I, a ilustración da páxina 48. Tamén se pode ler isto mesmo no Arquivo do Reino de Galicia (ARG), Real Audiencia de Galicia (RAG), Particulares, atd. 4410, ano 1778, doc. 32.

44 A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia...*, XI (Santiago 1909), pp. 62-63. Ver tamén: E. FERNÁNDEZ-VILLAMIL ALEGRE, *Juntas del Reino de Galicia*, I (Madrid 1962), pp. 499-500.

tín proxecta a fortificación da capital balear, cando concretamente estaba na posesión do rango de Mariscal de Campo.

Afincado na cidade da Coruña idea e ordena construír as neoclásicas Casas de Paredes e a sé do Real Consulado de Galiza (posteriormente Museo de Belas Artes), así como unhas estruturas murarias de defensa pola zona da Maestranza, as cales –aínda que quedan inconclusas– comezan a ser ergueitas polo ano 1774. Entre os seus recoñecementos sociais destaca o de ser membro de mérito e consiliario da Real Academia de San Fernando de Cádiz[45].

D. Pedro, que fina no ano 1792, tería por fillo da declarada súa dona ao "Capitán de los Reales Ejercitos" D. Santiago Cermeño, sepultado no adro parroquial de S. Miguel de Sarandón (Vedra) o 22 de setembro de 1834; días máis tarde (específicamente o 27 dese mes e ano) trasladaranse os seus restos mortuorios ao mausoleo que os Condes de Ximonde posuían nese camposanto. Outro dos fillos do matrimonio Cermeño-Cisneros foi un tal D. Xacobe, que se aproveitaría durante algún tempo da fogar de Anzobre (non moi lonxe da capital herculina).

## *As mercés de Castela: o vizcondado de Soar e o condado de Ximonde*

De volta da nosa fugaz parada en Pedro Martín Cermeño, regresamos de novo con D. Xoán Antón Cisneros, posto que a este lle debemos anunciar un feito de intenso resplandor social –e non só con implicacións directas para el, senón tamén para cos seus familiares– e polo cal se lle había avivar aínda máis o seu fulgurante creto

45 *Enciclopedia Galega Universal*, 5 (Vigo 1999, edit. Bieito Ledo Cabido), pp. 204-205. Consúltese igualmente E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *Bajo las luces de la Ilustración...,* pp. 551-553.

pola diocese de Santiago, abríndoselle en recoñecemento as fronteiras que lle puidesen restar do reino galego; referímos ao seu ingreso na máis alta aristocracia de Galiza, á concesión das mercés do Vizcondado de Soar e o Condado de Ximonde, outorgados –un logo do outro– polo monarca borbón Carlos III. O último deles sería aprobado o 17 de decembro de 1765[46] (Real Despacho do 14 de xaneiro de 1766).

Porén D. Xoán Antón, aínda que evidentemente procedía da burguesía galega, simultaneamente coa súa incorporación na Real Maestranza de Granada[47] (tempo antes de ser agraciado cos declarados títulos de Castela), xa levaba ratificado a súa pertenza ao estamento nobiliario galego logo de ter cumprido as tres premisas para o ingreso na orde militar:

a) profesar a fe católica,
b) ter por naturalidade o estado español e
c) demostrar a súa nobreza polos catro costados (nos seus catro primeiros apelidos).

Logo de sérenlle concedidas as mercés, D. Xoán Antón dicíase:

> Conde de Jimonde, Vizconde de Soar, Caballero de el Real Cuerpo de Maestranza de la ciudad de Granada, dueño de los cotos y jurisdiciones de Ximonde, Anzobre, Soar, San Juan de Villaronte y San Martin de Mondoñedo y otras, de las thorres y casas de Pegariños, pazo de Couso y Bea, Santiago de Fox, y de la casa de la ciudad de Mondoñedo, Gondelle y otras, vecino y rejidor perpetuo de esta ciudad de Santiago[48].

Posuía ademais:

46 F. GONZÁLEZ DORIA, *Diccionario heráldico y nobiliario de los reinos de España* (Madrid 1987), p. 144.
47 Corporación de cabalería constituída en 1686 baixo a advocación de Nosa Señora do Triunfo.
48 AHDS, Provisorado, Beneficial, caixa L-1, S. Martiño de Laxe, ano 1788.




Escudo de armas do I Conde de Ximonde.

> la casa de Santiago (...) y coto de Bea, con los de Santa María de Frades y San Miguel de Barcala; de la casa, torre y jurisdicción de Anzobre, castillo de Mirón y casa de Bergondo; de los cotos y jurisdicciones de Monasterio, Novás, y Quiroganes y de las casas solariegas de la Abertezga, Ginzo de Limia y pazo de Pedroso y más agregados, con sus vinculos y mayorazgos[49].

Para máis alarde, o de Cisneros, por transmisión dos seus antecesores, xa se aferraba a un *status* abondo reputado, formaba parte da administración civil da cidade de Santiago por mor do seu exercicio nunha das rexedurías urbanas, acadando a decanía municipal da mesma urbe[50], a alcaldía no Ano Santo de 1750 e logo en 1762, así como o oficio de alcalde maior tanto en 1784 como en 1785[51]. Temos constancia que polo ano 1789, nove anos antes da súa morte (acaecida o 20 de decembro de 1798)[52], o seu señorío non baixaba dos 19'40 quilómetros cadrados[53], superficie á que se lle tería que engadir outras áreas por onde se difundían as súas pertenzas non señoriais –e si rústicas ou tributarias– para ter un concepto xeral da magnitude do seu capital.

Era, con estas, posuidor do señorío secular e a xurisdición ordinaria das terras de Ximonde (tamén coñecidas como o couto redondo de Sarandón), xunto co seu pazo; do couto e casa de Soar (S. Lourenzo de Moraña, con señorío secular e xurisdición ordinaria[54]);

49 G. SARMIENTO GIL, 'Memorial dirigido á S.M. por D. Juan Antonio de Cisneros suplicando la concesión de título de Castilla', en *Boletín de la Real Academia Gallega* (*BRAG*), III (A Coruña 1910), p. 38.

50 AHDS, Provisorado, Beneficial, caixa C-33, Sta. María de Cequeril.

51 APM, libriño titulado "Genealogías".

52 AHDS, FX, Xurisdicional, atd. 61.

53 A. EIRAS ROEL, 'El Señorío gallego en cifras. Nómina y Ranking de los Señores Jurisdiccionales', en *Cuadernos de Estudios Gallegos* (*CEG*), 38 (1989) p. 132.

54 Compartidos estes dereitos señoriais co Conde de Grajal (Marqués de Montaos) e Dª. Xoaquina de Aldao. Cf. X. FARIÑA JAMARDO, *Os Concellos galegos*, VI (A Coruña 1991), p. 139.

casa, couto e Pazo de Vea (Sto. André de Vea)[55], a fortaleza de Couso (denominada igualmente como de Maíndo), a torre de Pegariños (Sto. Tomé de Ames[56]), a casa e couto de Sta. María de Frades57 (na freguesía de idéntico nome), a fortaleza de Anzobre, xunto co señorío secular e a xurisdición ordinaria de San Pedro de Armentón (nas terras de Arteixo[58]), o dominio xurisdicional de S. Xoán de Vilaronte e S. Martiño de Mondoñedo, o pazo de Santiago de Foz e a casa que lle foi do seu haber na cidade mindoniense (nas terras da mariña de Lugo), o soar de Gondelle (Sta. Baia de Oza, Teo), a casa de Bergondo, etc[59]. Eralle de seu, asemade, a capelanía colativa que os Cisneros tiñan erixida no interior do convento terciario dos Franciscanos de Santiago de Compostela (reedificada en tempos do II Conde de Ximonde)[60].

De buscarmos o conxunto propietario derivado do connubio coa súa declarada dona, habería de falar dos vínculos e morgados da casa de Abertesga (S. Xenxo da Peroxa), o "antiquísimo" pazo de Pedroso (Sta. María de Oirós[61]), unha casa e torre nos termos de Monterroso[62], varios dereitos de beneficios curados –entre outros os de Sta.

55 Lugar onde, séculos antes, se debeu dar soar á casa forte do Somoza, en Sto. André de Vea. Cf. H. PICALLO FUENTES, 'Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do Condado de Ximonde, II', en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* (2003), p. 184.

56 ARG, Cabido, atd. 23462, doc. 19. Este lugar estivo no "dominio" da liñaxe dos Reino, ascendentes dos de Cisneros, alomenos dende a primeira metade do S. XV, sendo o seu posuidor García de Reino (que testou o 12 de setembro de 1445).

57 Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), Protocolos de Santiago (dende agora PS), Ramón Paz de Ponte e Andrade, protoc. 5832, ano 1784, ff. 49r-52v.

58 Cf. X. FARIÑA JAMARDO, *Os Concellos...*, I, pp. 212-224.

59 AHDS, Provisorado, Beneficial, caixa L-1, S. Martiño de Laxe, ano 1788. Ver tamén J. BUGALLAL y VELA, 'Condado de Gimonde', en *GEG*, 16 (Santiago-Xixón 1974), p. 36.

60 C. MARTÍNEZ BARBEITO y MORÁS, *Torres, Pazos y Linajes de la Provincia de la Coruña* (A Coruña 1978), p. 712.

61 AHDS, Provisorado, Beneficial, caixa L-10, freguesías de Sta. María de Arnego e S. Xoán de Larazo.

62 APM, libriño titulado "Genealogías".

María de Arnego e S. Xoán de Larazo (ambos en Vila de Cruces)–, os señoríos seculares e as xurisdicións ordinarias de Queirogáns, Mosteiro e Novás (nas terras da Limia[63], compartidos tales dereitos neste dous últimos emprazamentos cos veciños daquelas terras e así mesmo con D. Xoán Gándara); compételle, asemade, dentro destas terras ourensás, a casa de Xinzo da Limia, núcleo centralizador dos produtos tributarios que lle eran propios nesta comarca.

Segundo a información que D. Xoán Antón Cisneros lle envía ao rei Carlos III (coa fin de conseguir a concesión do título de Castela) dáse constancia que do aluguer das súas casas recadaba unha rédito anual que ascendía á cantidade de oito mil ducados, posuíndo en total preto de seiscentos vasalos. Eran tamén do seu haber:

> (...) el derecho de presentar en veintinueve beneficios eclesiásticos; además de otras distinguidas regalías, como son varias sepulturas, y dotaciones en la catedral de Santiago, y en los conventos de Santo Domingo, San Francisco y San Agustín de la misma ciudad, con nichos, y escudos de mayor antigüedad, á que se agrega la provisión de varas, y más empleos de ministros de justicia en las mencionadas jurisdicciones[64].

## *Localización xeográfica dos títulos*

A nivel xeográfico resulta sinxelo a identificación do Condado de Ximonde co antigo couto xurisdicional do seu nome, localizado –como estivemos a confesar no decurso destas exploracións histórico-xenealóxicas– na freguesía de S. Miguel de Sarandón. Mais no caso do Vizcondado de Soar puidera aparentar non ser tan evidente. Tendo en todo momento moi presente o lugar de espallamento dos

63 Fr. J. S. CRESPO POZO, *Blasones y Linajes de Galicia*, V (edic. ano 1983), pp. 338-339. Consultar igualmente X. FARIÑA JAMARDO, *Os Concellos...*, X, p. 446.

64 G. SARMIENTO GIL, *a.c.*, p. 41.

herdos de D. Xoán Antón, tódalas nosas miras se dirixen a S. Lourenzo de Moraña, naquel lugar da xurisdición de Peñaflor denominado Soar e xa existente como couto no S. XVI[65], onde aos ascendentes desta casa dos Cisneros habíanlle proceder diversas propiedades dende o momento en que Gregorio de Reino Mariño e Soutomaior contrae matrimonio con Isabel Álvarez Bermúdez de Castro e Aldao. Sería dende aquela, e non antes, cando Soar pasa a formar parte do control da liñaxe dos Reino e logo dos Cisneros, desligándose unha parte dos legados daqueles Aldao (oriúndos da península do Morrazo) e pasando a engrosarse nos vínculos daqueloutras liñaxes das beiras dos ríos Ulla e Umia.

## O segundo conde: das armas á filantropía

Retomando de novo as xenealoxías, debemos continuar co sucesor dos estados de Ximonde, con Pedro María Cisneros, verdadeiro filántropo e mecenas nos albores decimonónicos.

(liña 14) **Pedro María Ambrosio Cisneros de Castro Ulloa e Agostiña de Puga Cisneros Sarmiento Araúxo e Puga**

O II Conde de Ximonde e Vizconde de Soar (no mesmo grao), Cabaleiro Maestrante de Granada[66], ocupante dende 1798 da décimo quinta rexeduría municipal de Santiago (por título expedido polo metropolitano D. Félix Fernández Ballejo)[67], sería unha das personaxes desta casa máis interesantes dende o punto de vista sociolóxico, debido sobre todo ao seu verdadeiro desprendemento económico en favor das humanidades e das ciencias. Por unha

65 AHDS, FX, Catálogos, atd. 3.

66 APM, árbore xenealóxica n. 9, liñaxe dos Cisneros.

67 AHDS, FX, Xurisdicional, atd. 150, rexeduría número 15 da cidade de Compostela.

banda sobresairía como membro destacado da ilustración galega de finais do S. XVIII e comezos do seguinte, cando xa agoniaba o desenvolvemento ilustrado, quen ademais –utilizando unha expresión de E. González López– chegou a ser "la gran figura de la Ilustración gallega compostelana"[68]. De resaltarmos varios feitos da súa persoa é obrigado indicar, así como subliñar, o seu interese polas letras e as artes, pasando a ser un dos símbolos máis senlleiros da *Real Sociedad Económica de Amigos del País* de Compostela[69].

Cisneros, dentro da intelectualidade decimonónica, aventuraríase no cultivo e estudo de diversos eidos do saber, verbo disto nos da heráldica e a xenealoxía; investigacións que deron en madurar na obra titulada *Libro que hago yo, Conde de Gimonde, de varios escudos de armas, con las descripciones, sacadas de varios libros de formado y manuscrito y de varias que adquirí*[70]. Exemplar inédito do que hoxe descoñecemos o seu paradoiro.

A filantropía, como xa levamos enunciado, residiría nel igualmente, servindo o seu mecenado para formar ou axudar a artistas noveis que logo terían un espazo na historia da arte galega. Son exemplos deste patrocinio o que lles ofreceu aos irmáns composteláns Melchor e Manuel de Prado Mariño –arquitecto e escultor, respectivamente–, ao gravador e prateiro Lois Piedra e ao pintor Plácido Antón Fernández de Arosa[71], entre outros. Afección polas artes plásticas e arquitectónicas que desembocaría no sufraxio dos gastos da fundación dunha *Escuela de Dibujo* gratuíta que estaba a

68 E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *Bajo las luces de la Ilustración...*, p. 257.
69 Institución que tiña a súa sé nun local das instalacións de S. Martiño Pinario.
70 A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Diccionario Bio-Bibliográfico de Escritores*, I (Santiago 1951), p. 281.
71 E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *Bajo las luces de la Ilustración...*, pp. 566-568 e 572-573.

idear xunto co seu remoto parente P. A. Sánchez Vaamonde[72]; institución vencellada á referida Sociedade Económica de Santiago, inaugurada seica por febreiro de 1805[73], e pola que pasaron mestres arquitectos tan destacados como M. Ferro Caaveiro. Á par, sensibilizado notablemente D. Pedro Cisneros co progreso da agricultura e da repoboación forestal dos montes galegos, comprometíase coa situación renovadora e evolutiva do país, tempos nos que o maior fulgor nestas materias agropecuarias estivo personificado en F. X. Somoza de Monsoriu e X. A. Cornide Saavedra, compoñentes ámbolos dous da Academia de Agricultura do Reino de Galiza (1765).

Había ser nos primeiros anos do século XIX cando D. Pedro Cisneros comeza a padecer fortes achaques reumáticos, sufrimentos que o terán obrigado a aproximarse ás obsoletas –porén reputadas– instalacións balnearias cuntienses co obxecto de curar a súa enfermidade ou, alomenos, aliviala. Chegado a estas terras, onde tiña algunha que outra propiedade no rural, debeu observar tres feitos importantes nos recintos terapéuticos: o primeiro, e o máis palpable, a gran afluencia de bañistas que se dirixían ata alí co mesmo propósito có del; o segundo, o carácter asistencial que antano tivera o hospital-balneario da Virxe e que se atopaba naquel entón practicamente deteriorado; e, o último, a limitación tanto de recursos económicos como de calidade nas instalacións. Segundo di a tradición, o aristócrata quedou bastante satisfeito, sensación que o había inducir, como agradecemento, a reparar toda a infraestrutura balnearia e crear unha nova fundación hospitalaria que renovase e dinamízase a

72 Id., p. 362.
73 E. FERNÁNDEZ CASTIÑEIRAS, 'Placido Antonio Fernández de Arosa', en *GEG*, 12 (Santiago-Xixón 1974), pp. 38-44; e tamén C. FERNÁNDEZ CASANOVA, 'Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago', en *GEG*, 26 (Santiago-Xixón 1974), pp. 102-104.

faceta caritativo-asistencial[74]. Tal idea xurde no ano 1807 e, en verbas do cura párroco de Sta. María dos Baños de Cuntis, D. Nicolás García Sueiro, o feito sucedeu –segundo el lle narra ao arcebispo, posteriormente Cardeal, D. Manuel García Cuesta no ano 1853–, do xeito que aquí se extracta:

> En esta villa de los Baños de Cuntis hubo desde antiguo un baño mineral caliente, cuya propiedad perteneció siempre á la yglesia de esta parroquia. En el año de 1807, don Pedro Mª. de Cisneros, Conde de Gimonde, mandó construir en aquel punto una casa de capacidad y hacer los baños para hombres y mugeres gastando un buen capital en obsequio a la Virgen Santisima. Los productos de este baño que pagaban voluntariamente los ricos se echaban en un cepillo del cual tenía una llave el parroco como patrono, y otra el Juez de la antigua Jurisdicion como interventor, y que en el se hallaba se entregaba al fabriquero de la yglesia despues de satisfechos los bañeros, de cuyas cantidades se formaba cargo respectivamente en las cuentas segun resulta del libro correspondiente, que no dejaban de ascender un año con otro de dos cientos reales.

En vindeiras ocasións a 1807 e logo da invasión napoleónica, o Conde de Ximonde visitaría as terras cuntienses seguramente baixo o mesmo propósito, e nalgunha, como por exemplo aquela de 1821, faría incluso estancia e residencia (téndose por veciño destes lugares), aínda que a seu fogar habitual facíao na casa do Preguntoiro da urbe de Compostela. Vexámolo no encabezamento daquela información na que D. Pedro María lle concede poder a D. André Villar (crego e veciño de S. Martiño da Laxe, Moraña), para que cobrase tódalas rendas que o nobre tiña espalladas polo partido do Salnés:

74 Cf. H. PICALLO FUENTES, 'A liñaxe dos Castro de San Miguel de Brandariz. Dende Vila de Cruces a Tui pasando por Baños de Cuntis', en *Descubrindo: Anuario de Estudios e Investigación Deza*, 4 (Lalín 2002), p. 34.

> En la villa de los Baños de Cuntis, a nuebe dias del mes de octubre, año de mil ochocientos veinte y uno, ante mi, escribano, y testigos el Señor Conde Ximonde, don Pedro Maria Cisneros, residente en este pueblo y vecino de la ciudad de Santiago (…)[75].

A nivel político-administrativo o II Conde entra dentro dos compoñentes da *Xunta Suprema de Defensa e Armamento do Reino de Galiza*, constituída en xuño de 1808 na cidade da Coruña para coordinar, dirixir as milicias e funcionar como organismo reitor do reino galego no estrépito da Guerra da Independencia, logrando o posto –logo da imposibilidade do Capitán Xeneral– de Presidente das referidas sesións[76], e actuando igualmente como membro da Xunta Provincial de Santiago[77]. Mesmo incluso despois do Motín de *Aranjuez* –no que D. Manuel Godoy (*Principe de la Paz* e *Duque de Alcudia*) entra no cárcere e a Carlos IV non lle queda outra que abdicar no seu fillo Fernando VII– acontecendo no verán de 1808 e nesa mesma cidade madrileña a *Xunta Suprema Central* (que pretendía, entre outras intencións, frear o avance francés e recoñecer a Fernando VII como verdadeiro soberano dos reinos de españois)[78], sería o noso persoeiro un dos delegados enviados para representar ao Reino Galego, xunto co tudense D. Manuel Avalle[79]. A selecta lista para os territorios de Castela, León e Galiza foi a seguinte: "Don Antonio Valdés y el vizconde de Quintillana, D. Francisco Xavier Cano y D. Lorenzo Bonifaz y Quintano por los de Castilla y León; el conde de

75 AHPP, Protocolos, Xosé Valiñas, N-150A, ano 1821, f. 20.

76 E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *Bajo las luces de la Ilustración…*, pp. 257-258; consúltese tamén: X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ, *Galicia contemporánea (ss. XIX-XX). Historia política*, I: 'Los acontecimientos políticos' (A Coruña 1982), pp. 51-56.

77 A. COUCEIRO FREIJOMIL, *o.c.*, I, p. 281.

78 X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ, *o.c.*, I, pp. 60-61.

79 E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *Bajo las luces de la Ilustración…*, p. 258.

Gimonde y D. Manuel María Avalle por el de Galicia"[80]. Tal xeito de representación na Xunta Suprema Central, e apropiándonos das propias palabras de E. González López, semellaba que se "hubiera imitado el sistema federal norteamericano para la formación del Senado"[81].

D. Pedro Cisneros, de conviccións obviamente monárquicas, conservadoras e absolutistas, actuaría incluso como Deputado do Reino de Galiza nas xeiras da Xunta Suprema realizada en Sevilla (mentres durou o cativerio francés de Fernando VII)[82] e, en relación coa monarquía española, formaría parte do Consello de Estado da Súa Maxestade.

## *O enlace coa casa de Meréns (Cortegada): un matrimonio endogámico*

Xa en aspectos das liñaxes, cómpre sinalar que contraería nupcias o señor de Maíndo cunha dama da casa ourensá de Meréns, en Cortegada, preto dos lindes de Portugal. Chamábase a noiva Dª. Agostiña de Puga Cisneros Sarmiento Araúxo e Puga, quen era da proxenie de D. Filipe de Puga Cisneros e Sarmiento e Dª. Bieita de Puga e Araúxo (irmá, a prometida, de Baltasar de Puga, como indica J. Bugallal y Vela[83]). Observamos, así entón, que a Condesa Consorte de Ximonde era parente de D. Pedro María, concretamente segundos curmáns; os avós dela chamábanse Dª. María Xoana Cisneros e Sarmiento (de quen xa tratamos noutra ocasión[84]) e D. Xosé Álvaro de Puga[85].

80 Id., *El águila gala y el buho gallego. La insurrección gallega contra los franceses* (Buenos Aires 1975), p. 145.
81 Ibid., p. 166.
82 C. MARTÍNEZ BARBEITO y MORÁS, *o.c.*, p. 68.
83 J. BUGALLAL y VELA, 'Condado de Gimonde', en *GEG*, 16 (Santiago-Xixón 1974), p. 36.
84 H. PICALLO FUENTES, 'Maíndo..., II', p. 213.
85 APM, libriño titulado "Genealogías".

Como dato curioso poderíase acenar que esta casa de Meréns presume de posuír, posiblemente, unha das labras heráldicas de Galiza con maior número de cuarteis (dezaseis, concretamente[86]), e en onde se representan algunhas das armerías propias dos Castro, Puga, Feixó, Mosquera, Figueroa, Sarmiento, etc.

Das alianzas de D. Pedro Cisneros con Dª. Agostiña de Puga naceu, en contra do que sinalan varios estudos, unha única filla chamada Dª. Xacoba; afirmación que se observa ao contemplar o seguinte parágrafo do ano 1825, cando a sucesora de Ximonde era orfa de pai e, asemade, aínda non acadara a maioría de idade:

> Doña Jacoba Cisneros, Condesa de Gimonde, Vizcondesa de Soar, hija unica y como tal subcesora del señor don Pedro Maria Cisneros, difunto, Conde de Gimonde (...) y doña Agustina de Puga y Araujo, Condesa viuda del mismo titulo (...)[87].

Serve para o noso interese tamén esta data de 1825 debido a que a documentación daquel entón asegúranos que simultaneamente ao óbito do II Conde, e vivindo a muller deste, Dª. Agostiña –"curadora" da súa vinculeira– existían importantes conflitos encol da presa pesqueira que no río Ulla conservaba a casa de Maíndo, posto que varios veciños da redonda, segundo se declara, danaban abondo a empresa salmoneira destes aristócratas. Así versa un parágrafo do acontecido con André García, André Gómez, Antón Barreiro e outros que estaban relacionados co litixio:

> A los mayorazgos que posee la Condesa de Gimonde, doña Jacoba Cisneros, es anexa y perteneciente la propiedad del rio Ulla desde el canal del Combento de San Antonio de Herbon hasta el de que hacen uso algunos vecinos de la feli-

86 Vid. X. RAMÓN E FERNÁNDEZ-OXEA, 'Heráldica de las riberas del Miño', en *CEG*, t. 19, fasc. 59 (1964), pp. 328-354.

87 ARG, RAG, atd. 27278, doc. 56, f. 1r.

> gresia de San Cristobal de Reis. En esta porcion de rio correspondiente a la parroquia de Santa Maria de Couso tiene una presa para molinos y canal de pesca que le atrabiesa de una a otra margen con producion tan apreciable que forma parte de uno de los maiorazgos titulado Pazo de Maindo. Desde uno, diez, veinte y mas años, tiempo inmemorial hasta el dia, nadie le interumpió la posesion y vso esclusibo de esta porcion de rio, presa y canal de pesca (...)[88].


Escudo da casa do Preguntoiro, onde vivía o II Conde

A parte, estas circunstancias supúñanse extremadamente duras para a casa dos Cisneros: o II Conde levaba pouco máis de oito meses no frío loito da sepultura e o feminil domicilio debía asir con enteireza o control das rendas dos seus estados. Segundo o libro de defuncións de S. Fins de Solovio, o patrucio D. Pedro María morrera o 12 de xullo de 1824, logo de recibir os sagrados sacramentos. Decontado, o día 13, dáselle repouso na igrexa de S. Agostiño de Santiago, templo onde lle habían ofrecer unha misa diaria pola súa ánima durante o período dun ano[89]. Así e todo o núcleo doméstico posuía unhas pautas de actuación previamente marcadas para a organización do capital familiar e das disposicións espirituais do II Conde; un par de semanas antes do pasamento do patricio (27 de xuño) xa el deixara declaradas as súas últimas vontades ante o escribán D. Francisco Oca, veciño tamén de Compostela.

88 Id., f. 3r.
89 AHDS, FP, S. Fiz de Solovio, Lib. 19, f. 64r.

## A terceira condesa: cando a vella árbore se murcha

No palacio de Ximonde
unha nena toma o fresco.
Millor lle fora tomalo
naquel soutiño de cedros.
(Popular)[90]

### (liña 15) **Xacoba de Cisneros e Puga e Xosé María Bermúdez Acevedo Pardiñas e Villardefrancos**

O terceiro persoeiro en ocupar os títulos derivados de Ximonde sería a filla única do matrimonio condal, Dª. Xacoba de Cisneros e Puga, quen tería por consorte ao cabaleiro maestrante de Ronda D. Xosé María Bermúdez Acevedo Pardiñas e Villardefrancos[91], herdeiro dos coutos de Villardefrancos, Castro, Xubia (xunto coa súa ría, o seu porto e as súas saíñas), Caranza, Santa Icía de Trasancos (en unión coa súa casa), Outeiro de Lamas (nas terras lucenses), e o fogar soarego de Mandiá. Por ser D. Xosé María rexedor perpetuo de Ferrol, vocal nato do arbitrio da mesma vila e Xentilhome da Súa Maxestade[92], portaba xa unha reputada fama nas terras do norte da Coruña; mais esta incrementaríase logo de adquirir a mercé condal. Con respecto á súa biografía precísase indicar que polo ano 1836 aparece na presidencia da Xunta Suprema de Galiza co obxecto de organizar as milicias carlistas galegas (que buscaban proclamar ao Duque de Molina –D. Carlos Mª. Isidro de Borbón– como o futuro monarca Carlos V). Segundo X. R. Barreiro Fernández, no seu fogar

90 M. VALLADARES NÚÑEZ, *o.c.*, p. 97.

91 D. Xosé María tiña por bisavós paternos a D. Xoán Antón de Armada e Mondragón e Dª. Mª. Ana Caamaño Mondragón e Soutomaior (Marqueses de Santa Cruz de Ribadulla). A súa nai era, ademais, señora de Ramiráns (de quen procende o Condado de Ramiráns), da Vila do Adro, da Torre de Preguecido, etc. Cf. Fr. J. S. CRESPO POZO, *o.c.*, I (edic. ano 1997), pp. 338-339.

92 Id., pp. 339.

tiñan decotío acollida os partidarios do referido Borbón, e así "en las bodegas de su casa se hacía pólvora y una especie de granadas de mano diseñadas por el pintor Cayetano Jordán, con material que proporcionaban los drogeros Labarta de Santiago"[93]. Ao noso D. Xosé María Bermúdez Acevedo chegaríalle o momento do seu óbito no ano 1855[94], porén Dª. Xacoba aínda viviría un lustro máis, xa que o dela lle alcanzaría na cidade de Santiago o 7 de abril de 1860[95], concretamente, ás nove da mañá, segundo carta que recibira o párroco de S. Miguel de Sarandón D. Francisco Xosé Blanco. Así e todo, con anterioridade a condesa xa dera conta das súas últimas vontades formulándoas a 16 de febreiro de 1856 diante do escribán numerario da cidade da Coruña D. Ruperto Suárez[96].

## *As alianzas coa casa de Preguecido (A Estrada) e o parentesco cos condes de Ramiráns*

Entrando en eidos da historia das liñaxes, procedía D. Xosé María Bermúdez de importantes familias galegas, mais as que nos interesan aquí son aquelas relacionadas coas terras do arcebispado de Santiago, e con maior concreción as localizadas nas superficies estradenses. Deste xeito, precísase apuntar que descendía daqueles antigos persoeiros que na Baixa Idade Media se integraban na xinea dos Riobó (ou *Rioboo*). Algúns deles, ademais, farían residencia naqueles tempos no entorno de Padrón[97] e outros na parroquia de S. Martiño de Riobó (A

93 X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ, *o.c.*, I, pp. 281-284.
94 APM, libriño titulado "Genealogías".
95 AHDS, FP, S. Miguel de Sarandón, Lib. 12, Defuntos (1852-1910), f. 39.
96 APM, *Testamento de Dª. Xacoba Cisneros e Puga, III Condesa de Ximonde.*
97 Vid. ADM (Arquivo Ducal de Medinaceli, Sevilla), Xunqueiras, atd. 1, doc. 35; e tamén nestes mesmos arquivo e fondo o atd. 3, doc. 115.


Pazo de Casalnovo (Caldas de Reis), co que entroncaría o Preguecido.

Estrada), lugar este último onde se situou o bastión militar da Barreira e que tan cobizoso foi para os grandes magnates do medievo. Podemos mencionar logo ao fidalgo notorio D. Roi Soneira *Rioboo*, o cal polo ano 1379 tería en agasallo esta freguesía do Ulla e a de S. Pedro de Corcoesto (Cabana de Bergantiños) por concesión do Conde de Trastámara, Lemos e Sarria D. Pedro Enríquez[98].

Así e todo para recompoñermos o vello tronco xenealóxico da casa do Preguecido, do que procedía o III Conde, cómpre avanzar un pouco máis nos tempos, comezar falando de *D. Xoán Rodríguez de Castro e Riobó* (*O Vello*), señor deste soar fidalgo naqueles primeiros raios vitais da Idade Moderna, e quen parece ser estivo casado, en segundas nupcias, con Urraca Ares de Soutomaior[99], presunta filla de D. Pedro Bermúdez de Castro e Aldao (descendente das casas de Gondar, Aldao, Sebil e Montaos) e de Dª. Catarina de Soutomaior (da proxenie do mariscal e señor de *Lantañón* D. Sueiro Gómez de Soutomaior[100]).

98 E. PARDO de GUEVARA y VALDÉS, *Los señores de Galicia: Tenentes y Condes de Lemos en la Edad Media*, I (A Coruña 2000), p. 215.

99 A nivel bibliográfico recomendamos consultar: H. de SÁ BRAVO, *Caldas de Reis. Páginas históricas de la villa y de linajes de la misma y su contorno* (Pontevedra 1986), pp. 452-453.

100 Sobre a casa de Lantañón consúltese: H. PICALLO FUENTES, 'Arquitectura extinguida. Historia da fortaleza de Lantañón', en *Arousa, un mar de cultura*, suplemento cultural do *Diario de Arousa* (1 de agosto de 2004), p. 26.

De Xoán e Urraca nacerá unha filla chamada Dª. Inés Rodríguez de Soutomaior e Castro que, aínda que non herdaría este pazo estradense, é interesante citala xa que –logo terse desposado con Xácome Paseiro Pose e Villardefrancos– sería proxenitora de Aníbal Rodríguez de Castro (cóengo da Santa Apostólica e Metropolitana Igrexa de Santiago e persoeiro que daría nome, na segunda metade do S. XVI, a unha das tenencias do Capítulo Catedralicio Compostelán[101]). Dª. Inés arrolou asemade, como nai, o berce de Gracia Rodríguez de Castro Soutomaior e Villardefrancos –quen había gozar da casa de Lagartóns e de cal derivan xermolos cara as de San Paio de Figueroa (A Estrada), Casalnovo, O Curuxal e Somonte (Caldas de Reis), A Buzaca (Moraña), a Torre da Peroxa (Portas) e o pazo de San Marco (Barro)–[102].

Logo desta breve inserción proseguiremos na liña sucesoria do pazo do Preguecido con *D. Gómez Rodríguez de Soutomaior e Riobó* (I), un dos gromos das alianzas de D. Xoán Rodríguez con Dª. Urraca Ares, e fundador –segundo G. Amor Moreno[103]– do vínculo do Preguecido[104], instaurado o 15 de xaneiro de 1556 cando acordara testar as súas últimas vontades ante o escribán Gonzalo Puñal, sendo daquela o tal D. Gómez cóengo da Catedral de Santiago:

> Iten digo que por Su Magestad me fue hecha merced y dado facultad para que pudiese dar de mis bienes a Juan Rodriguez, mi pariente, fasta en quantia de mil ducados, e usando de la dicha merced e facultad mando al dicho Juan Rodriguez, mi pariente, para en todos los dias de su vida, la mia Casa e Torre de

101 AHUS, FBN, atd. 158, Tenencia de Aníbal Rodríguez. Consúltese tamén no Arquivo da Catedral de Santiago (ACS) a información derivada desta declarada Tenencia.

102 AMSM, *Trasunto de xenealoxías de D. Gómez Varela*, así como outras informacións deste arquivo de G. E. Amor Moreno.

103 APP, *Fundación do vínculo e morgado da casa de Preguecido*.

104 É de interese tamén consultar: ARG, RAG, Vínculos e Morgados, atd. 1101, doc. 89, que versa sobre o fundación vincular de D. Gómez Rodríguez de Riobó.

> Preguecido, sita en la feligresia de Santa Maria d'Aguions, con sus guertas y heredades e lo a ella perteneciente, que vale de renta en cada un año diez cargas de pan, poco mas o menos[105].

A este fundador do vínculo habíao suceder *D. Xoán Rodríguez de Riobó e Soutomaior* (I), o cal de Inés Alonso tivo por descendente a un fillo homónimo del, *D. Xoán Rodríguez de Riobó e Soutomaior* (II), o mesmo que se desposaría con Maior Suárez del Villar (da casa de Vilar de Paio Muñiz). Neste momento cómpre facer anotación dunha nova histórica que se relaciona directamente co pazo de Maíndo, xa que segundo sentenza dada na Real Audiencia do Reino de Galiza, D. Xoán Rodríguez vese obrigado a ceder os dereitos, rendas e froitos dos lugares das Covas, *Pina* e Vilanova (sitos en Sta. María de Paradela e S. Xoán de Santeles), en favor de D. Roi Suárez de Castro e Reino, quen se dicía ser o seu lexítimo posuidor. Dátase este traspaso a 3 de agosto de 1574[106].

Aos anteriores señores do Preguecido seguirá *D. Gómez Rodríguez de Soutomaior e Riobó* (II), quen se une en sacramento a Elvira de Ribera e Soutomaior (que descendía do Alguacil Maior do Reino de Galiza D. Diego de Ribera, do que xa tratamos noutra ocasión, e dunha das súas donas, aquela que se chamou María Álvarez de Soutomaior). O 22 de setembro de 1602 habíaselle conceder a este D. Gómez e á súa muller o foro –polas súas vidas e a de tres reis– do lugar que se denominaba de Toende (ou do Río dos Sapos, tal e como se designa hoxe) sito en Sta. Baia de Matalobos, así como tamén a quinta parte do lugar e casal de Sar (Sta. Mariña de Barcala), a her-

105 APP, *Testamento do cóengo da S.A.M.I. de Santiago Gómez Rodríguez de Riobó*. O extracto que achegamos é da transcrición de G. E. Amor Moreno.
106 APM, cartafoles varios.

dade da Longra (Sta. María de Aguións), e a cuarta parte dunha vivenda urbana sita na Rúa de Mazarelos da cidade de Santiago[107].

Logo deles continuará a xenealoxía *D. Alonso Rodríguez de Ribera e Soutomaior*, cónxuxe de María Álvarez de Castro, e proxenitor do Capitán *D. Xoán Rodríguez de Ribera e Soutomaior*, o cal enlazaría coa casa de Granxa (Sta. Cruz de Herbón) tralos seus esponsais con Dª. Tareixa de Mera e Ulloa.

A partires de aquí fai entrada no portalón do Preguecido *D. Baltasar Rodríguez de Ribera e Soutomaior*, descendente do matrimonio anterior, Capitán de Cabalos, esposo de Dª. Isabel Ibáñez Sarmiento de Pazos e fundador da capela anexa a este pazo estradense e sometida ao patrocinio de Santo Amaro (no ano 1686):

> Dentro de la Casa y Torre del Preguecido, feligresia de Santa Maria de Aguiones, a veinte y un dias del mes de septiembre de mil seiscientos y ochenta y seis años, por ante mi el escribano y testigos, parecieron presentes don Baltasar Antonio de Rivera Sotomayor, dueño de dicha Casa y mayorazgo del Preguecido, y doña Isabel Ibañez Sarmiento de Pazos, su mujer (...) dijeron que por quanto ellos tenian intencion y devoción de hacer y edificar, dentro del circuito de este dicho lugar del Preguecido, una capilla a advocacion, honor y reverencia del glorioso Señor San Amaro, adonde los otorgantes y doña Theresa de Mera y Vlloa, madre del dicho don Baltasar Antonio de Ribera, y sus hijos pudiesen oir misa los dias festivos, por estar dicha su casa muy distante de la iglesia parroquial (...)[108].

Mais estas non serían as únicas nupcias de D. Baltasar, logo de quedar viúvo recibiría novamente o sacramento do matrimonio no enlace con Dª. Isabel Tareixa de Deza Mondragón e Soutomaior (sobriña

107 AHDS, Fondo do San Martiño Pinario, Priorado de Sar, atd. 29.
108 APP, *Fundación da capela do Preguecido*. A transcrición volve a ser de G. E. Amor Moreno.

do Marqués de Santa Cruz de Ribadulla, Vizconde de Piñeiro e Cabaleiro de Santiago, D. André de Mondragón Soutomaior)[109].

Como herdeiro do vínculo dos seus pais presentarase a filla de D. Baltasar, *Dª . María Xacinta Ribera Sarmiento e Soutomaior*, representante que se engarza coa casa dos señores de Ramiráns logo de recibir as arras nupciais de mans daquel que sería Coronel de Milicias D. Lois de Acevedo e Lira, en quen fundarían vínculo e morgado os seus pais (D. Antón de Acevedo e Lira e Dª. Escolástica Mosquera Acevedo Soutomaior)[110].

*D. Xosé Francisco de Acevedo e Ribera*, igualmente Coronel de Milicias da cidade de Santiago, que continuaría na sucesión dos seus maiores coas facendas do Preguecido e Ramiráns (este co seu dominio), desposarase con Dª. Melchora Abraldes e Vega, unha das fillas dos señores de Guimaráns –D. Xoán Abraldes e Dª. María Tareixa de Vega e Portocarrero–[111]. Seguiraos o seu fillo *D. Antón Lois Acevedo e Abraldes* quen, ademais de se declarar señor das Covas e posuír o mesmo rango militar que o seu pai e o seu avó (porén esta vez con exercicio na cidade de Tui), se uniría en sacramento eclesiástico a Dª. María Ana Francisca de Yebra Oca e Pimentel (filla do matrimonio de D. Pedro Isidro de Yebra Pimentel e Suárez de Deza con Dª. María de Oca Ulloa e Pimentel Cadórniga, o primeiro do pazo lucense de Láncara, ela do de Mariñán, nas coruñesas terras de Bergondo[112]).

Destas alianzas virían ao mundo varios fillos, dos que debemos resaltar a dous:

---

109 AMSM, *Trasunto de xenealoxías de D. Gómez Varela*, f. 3v.
110 J. M. LÓPEZ-CHAVES MELÉNDEZ-G. E. AMOR MORENO, *Inventario de Pazos y Torres de la Provincia de Pontevedra*, XI (Vigo 1982), pp. 16-17.
111 Fr. J. S. CRESPO POZO, *o.c.*, II (Poio, edic. ano 1983), pp. 12-13.
112 A. B. YEBRA de ARES, *o.c*, I, pp. 99-101.

a) Dª. María de Acevedo e Yebra, que casaría co por aquel entón viúvo IV Duque de Patiño (D. Xoán Antón Patiño de la Chica, quen estaba empadroado na vila de Pontevedra polo ano 1754 e nas terras de Sanxenxo por 1785)[113]; e

b) D. Ramón.



Exterior da capela do Pazo do Preguecido (AFDPR).

*D. Ramón Acevedo Yebra e Oca* había ser o sucesor dos vínculos, mais segundo afirma G. Amor Moreno, xa non así do da casa do Preguecido (posto que por venda trocara de titularidade)[114]. Na biografía deste persoeiro sublíñanse dous aspectos importantes: o seu rango militar de Coronel Provincial de Santiago e as súas nupcias coa señora de Mandiá Dª. María Xerónima Bermúdez Ribadeneira (da proxenie do Maestrante de Ronda D. Xosé María Bermúdez Pardiñas e Villardefrancos e dunha dama do soar de Vilaquixada, Dª. María Xerónima Ribadeneira Navia Bolaño e Castro).

A D. Ramón e Dª. Mª. Xerónima haos continuar *Dª. María do Carme Acevedo e Bermúdez*, esposa do seu parente o Cabaleiro da Real Maestranza de Ronda D. Pedro Bermúdez Ribadeneira Pardiñas e Villardefrancos; do cal se dicía ter sido Gardamariña dende 1790, Alguacil Maior do Santo Oficio da Inquisición en Santiago

113 L. CUADRADO, 'Nobreza, liñaxes de Pontevedra. II', en *Pontevedra: revista de estudios provinciais*, 11 (Pontevedra 1995), pp. 203-207.

114 J. M. LÓPEZ-CHAVES MELÉNDEZ-G. E. AMOR MORENO, *o.c.*, XI, pp. 16-17.

de Compostela e señor de numerosas casas soares, xurisdicións e gorentosas facendas.

Con eles dous, Dª. María do Carme e D. Pedro, chegamos a D. Xosé María Bermúdez Pardiñas e Villardefrancos, cónxuxe da III Condesa de Ximonde. Non en tanto é de interese afondar un pouquiño máis nunha das pólas familiares das nupcias Bermúdez-Acevedo, aquela que agromou da irmá de Dª. María do Carme, a chamada Dª. Mª. do Socorro Bermúdez, xa que ela xunto co seu marido, D. Xosé Varela del Villar Cadaval Correa Fernández de Tejada e Duque de Estrada (Deputado a Cortes e fillo de D. Ramón Varela del Villar Fernández de Tejada e Dª. Francisca Cadaval e Correa de Soutomaior), serían os primeiros titulares do Condado de Ramiráns (Real Decreto de 5 de xullo de 1875, Real Despacho de 4 de abril de 1876)[115]. Este conde, D. Ramón, segundo testemuños de Reimóndez Portela que non puidemos confirmar documentalmente, posuíu ademais unha casa na freguesía estradense de Sto. André de Vea, precisamente no lugar de Ramiráns (e que corría polo nome da casa dos Tatos); edificación da que parece ser non se distinguían moitos restos construtivos por aquel entón (ano 1990)[116]. O que si vén a ser certo é que naquel espazo rural gardaban certas posesións os marqueses de Valladares (tamén titulados como duques de Atrisco)[117].

## *Os títulos perden a súa sucesión*

Ao finar sen descendencia os terceiros Condes de Ximonde os patrimonios familiares traspasaríanse a outras pólas das xineas conxu-

115 *Gran Enciclopedia Gallega* (dende agora *GEG*), 26 (Dir. edit. Silverio Cañada, Santiago-Xixón 1974), p. 67.

116 M. REIMÓNDEZ PORTELA, *o.c.*, p.307.

117 ACP, documento do 20 de outubro de 1751. Era foreiro destes bens D. Xoán de Castro e Lira (Receptor dos Reais "Alfolies" da cidade de Tui), a quen ademais se lle concederon outros que o citado Marquesado posuía en Sto. André e S. Xurxo de Vea, Sta. Baia de Matalobos e Sta. Cristina de Vinseiro, entre outros moitos.

gais. Por unha banda os de D. Xosé María hanse destinar ao seu irmán D. Ramón María Bermúdez de Acevedo (Cabaleiro Maestrante de Sevilla); namentres que os de Dª. Xacoba, por non posuír nin irmáns nin herdeiros directos ou forzosos, se reparten entre tres parentes máis ou menos achegados: D. Manuel María de Puga ("Coronel Graduado Primer Comandante de Ynfanteria de reemplazo en la villa de Celanoba") e os seus curmáns D. Pedro e D. Manuel Puga e Sarmiento.

Dª. Xacoba decidiría pronunciar os seus últimos desexos na cidade herculina, e quen sabe se talvez nalgunha das súas casas de apousento que alí conservaba; unha delas, segundo nos declara o noso amigo X. A. García González-Ledo, foi a mesma que antano serviu de habitación ao afamado xenealoxista Vasco de Aponte, isto é, aquela que porta na súa fachada as armas características dos Aponte e que se sitúa no número 6 da rúa das Damas[118]. A data escollida para formalizar os desexos *post mortem* da condesa veu a ser o 16 de febreiro de 1856, dando fe do que ela ía declarando o avogado e escribán da Súa Maxestade D. Ruperto Suárez.

Logo da morte da antiga titular de Ximonde, e concretamente polos anos 1882-1883, varias freguesías da arquidiocese compostelá aínda se dicían do padroado leigo –total ou parcial– da casa dos Cisneros; verbo disto as de Sta. Mariña de Anxeriz (Bergantiños), S. Breixo de Arcos de Furcos, Sta. María de Cequeril e Sta. María de Troáns (Cuntis), S. Fins de Freixeiro (Dubra), Sta. María de Aguións (A Estrada), Sta. Cruz de Lamas e S. Martiño de Laxe (Moraña), S. Simón de Ons (Teo), S. Miguel de Sarandón (Vedra), Sta. María de Arnego, S. Xoán de Larazo e Sta. María de Oirós (Vila de Cruces), entre outras[119].

118 Cf. X. A. GARCÍA GONZÁLEZ-LEDO, *As pedras armeiras. Catálogo monumental e artístico do Concello de Culleredo* (A Coruña 1992), p. 71.

119 Cf. *Nomenclator de las parroquias y personal eclesiástico del arzobispado de Santiago de Compostela, terminado en junio de 1883* (Imprenta do Gran Seminario Conciliar, Santiago 1883).

## Contemporaneidade: unha nova Puga para a permanencia do anacrónico

Con este infortunio para a perpetuación íntegra dos capitais de Ximonde, é cando, así entón, a consanguínea familia dos Puga se beneficia maiormente dos relictos bens condais. Algúns deles, simultaneamente, recaerían en Dª. Gumersinda Puga, a cal en segundos enlaces connubiais habíase unir a D. Xesús Novoa (catedrático da Universidade de Santiago de Compostela). Destes compromisos nacerá Dª. Carme, D. Manuel, D. Agostiño e Dª. Xesusa Novoa Puga (herdeira do pazo de Maíndo e cónxuxe de D. Salvador Lissarrague Molezún[120]). Posteriormente, con brío, preséntase en Maíndo unha muller de magnífica personalidade, e que arestora –esporadicamente e en tempos de estío– habita e fai fogar neste poético *locus amoenus*, *quasi* rosaliano, referímonos a Dª. Carme Lissarrague Novoa, sincero exemplo de intelixencia, sinxeleza e xenerosidade para con todos.

Ata aquí a nosa contribución ao estudo do Pazo do Outeiro de Maíndo, verdadeira mansión do medievo que soubo perdurar, incorrupta, no tempo e no espazo, sen supor un concepto de anacrónica ou estrutura arcaica para a súa multitude de propietarios. Desexamos así continúe. É de esperar, igualmente, sirvan estas nosas investigacións –parciais, loxicamente– para poder valorar e saber difundir o valor que supón a arquitectura autóctona do noso país, da nosa historia e, sobre todo, das raíces da nosa benquerida Galiza (*Nai e Señora*).

120 M. REIMÓNDEZ PORTELA, *A Estrada Rural* (Pontevedra 1990), pp. 136-137.

## Apéndice documental

### *doc. 1*

PREITO QUE SE TRAÍA D. BERNALDINO CISNEROS FIGUEROA CON PEDRO LÓPEZ (VECIÑO DE COUSO) SOBRE O PAGO DAS RENDAS QUE LLE PERTENCÍAN POLO LUGAR, CASA, TORRE E PAZO DE MAÍNDO

(ano 1702)
(AHDS, Provisorado, Preitos, caixa 18-BI, Santiago)

Pedro Lopez Labandeyra, en nombre de don Bernardino de Zisneros [Figueroa], rexidor perpetuo de esta ziudad en el pleyto con Pº. Lopez, vezino de Sta. Mª. de Couso, y otros sus consortes, en rebeldia sobre lo conthenido en los autos de pago que Vuestra Merced se a de seruir condenar a los sobredichos â la restituzion de los vienes demandados con los frutos desde la (sic.) asta la efetiua entrega que proçede por lo faborable y porque mi parte se alla lexitimo dueño y poseedor de la casa y paço de Maindo y subzesor lexitimo en el vinculo y mayorasgo que fundaron Maria Suarez de Reino y Maria Suares de Aldao, en que se conpreende y hes aneja dicha casa y paço, y porque tanbien son anejos â el la casa, prados y heredades conthenidos en el [memori]al que tengo presentados y propios de dicho vinculo y sus subzesores, y por esso las contrarias y mas llebadores han pagado y paga anualmente el canon y pension en reconozimiento de dominio a la mia y sus causantes, como atualmente lo haze dicho Pº. Lopez y consortes, quienes por raçon del lugar y heredades que lleban pagan de renta ueinte y cinco ferrados de centeno, ueinte de trigo y quinçe y medio de mijo menudo y dos pares de capones, y dicho Mº. de Jorribas y los suyos ueinte ferrados de zenteno, doze de mijo y dos pares de capones, transportando y llebando dicha renta al sitio que acostumbran, y porque desde el ynmemorial tiempo que dichos vienes se reputaron sienpre fueron thenidos por el dicho vinculo y por uerdaderos y lexitimos dueños dellos sus subzesores, y ser asi notorio y publica boz y fama, sin auer coas en contrario, y porque en esta aten[zi]on las contrarias se allan yntrusos en ellos y sin titulo alguno, por cuia causa es legal la condenatoria a su restitu[z]ion con frutos en la forma referida a Vuestra Merced. Suplico asi lo declare y en todo segun ba dicho por ser de justicia, pidiola con costa y se entienda

con la persona y asi pague R$^{ca}$. en la forma hordinaria, y se me entregue copia del, memoria delos vienes.

Alberto de Sines Nodal
[Ante mi]
[Pedro Lopez Labandeyra]

## *doc. 2*

### DILIXENCIAS CON CATARINA BALADO SOBRE RENDAS QUE LLE DEBÍA A D. BERNALDINO CISNEROS EN RAZÓN DA CASA DE MAÍNDO

(27.10.1711)
(AHDS, Provisorado, Preitos, caixa 18-BK, Santiago)

En la cassa del pazo de Mayndo, feligresia de Sta. Mª. de Cousso, a beyntte y siete dias del mes de octubre del año de mill setezientos y onze, yo, escribano, de pidimiento y requerimiento de don Bernardino Cisneros de Figueroa, hize sauer y nottefique el despacho antecedente de su merced el Dr. don Juan Antonio de Cortes Monreal, Asistente y Justicia Maior en la ciudad y arçouispado de Santiago, de fecha ueinte y ocho de agosto proximo pasado deste año a Cattalina de Balado, que ansi dijo llamarse, ser viuda de Anttonio Belttron, vezina deste lugar y feligresia, y en su virtud le perçiui, jure y declare de posesiones conforme por el auto ynserto se le manda al tenor de la pitizion a que se proveyo, y si en verdad lleba y posee este dicho lugar do pazo de Mayndo, con sus casas, heredades, canal y mas de que se compone por propio de dicho don Bernardino Cisneros, como dueño de su directo dominio, como tambien le hize sauer de lizencia a Bernardino y Pedro Belttron, sus hijos, para que esso mesmo juren y den sus declaraçiones como se les manda, mediante se allan solteros y de uajo de su dominio, ya que agalo uno y otro en casso de omision le protesto compeler a ello a su costa en su persona, que auiendolo entendido dijo obedeçe como deue lo que se le haze sauer y que desde luego daua y dio lizencia a los dichos Bernardino Belttron y Pedro Beltron, sus hijos, para que agan las declaraciones que se les manda, y luego hizo parecer delante de mi, escribano, a los referidos Bernardino y Pedro Beltron, sus hixos, a quienes eso mesmo hize notorio dicho despacho y la lizençia a ellos dada por la dicha Cattalina Balado, su madre, y les aperciui que, conforme a lo vno y otro, agan el juramento y den las declaraziones que se les manda

todo ello em personas de los dichos Bernardino y Pedro Beltron, segun dijeron llamarse, que auiendolo oydo, entendido y obedeçido dijeron estaban prestes cumplir con lo que se les manda.

Y madre e hijos, todos los tres juntos de una conformidad, bajo juramentto que hicieron por Dios Nuestro y Señor, y cada vno su cruz que formaron en sus manos derechas, de que doy fee, declararon que hes verdad que los bienes de que se compone este lugar do pazo de Maindo, con sus casas, prados, heredades labradias, montesias, soutos, deesas, canal y todo lo demas a el anejo, deuido y perteneciente que ellos poseen, es propio del dicho don Bernardino Cisneros de Figueroa, quien es dueño de su directo dominio, y por tal le reconoçen, y no a otro ano alguno, y en essa conformidad le poseen y poseya dicho Antonio Beltron, marido y padre de los que declaran, y dicha Catalina de Balado dize que de horden de dicho don Bernardino Çisneros habia benido desde el cotto de Ximonde, donde es oriyunda, para esta cassa y lugar, al tiempo y quando se caso con dicho Anttonio Beltron, su marido, y que dicho su amo les dexaba labrar dicho lugar en la conformidad que ansi lo poseyya dicho Antonio Beltron, su marido, de horde de los mayores y causantes del dicho don Bernardino Cisneros, como dueño de su directo dominio, y por este titulo le poseen y no otro alguno; y en esa atencion que dicho su amo aga lo que quisiere de dicho lugar como dueño de el.

Esto dijeron y declararon, de uajo de los juramentos que fecho llieuan en que se afirmaron y rateficaron. Firmolo de su nombre dicho Bernardino Beltron, no lo hicieron los demas porque dijeron no sauer, y que son de edad la dicha Catalina de Balado de cinquenta años, Bernardino de beyntte y seis y Pedro Beltron de veintte y cinco años, poco mas o menos.

Y visto por mi, escribano, sus declaraziones y confesiones que por ellas hazen, les hize sauer que dentro de segundo dia se ajusten a quentas con dicho don Bernardino Cisneros, en raçon de la renta y dicursas atrasadas que se les pide y le estan deuiendo. Y pasado dicho tiempo no lo auiendolo a ello les protesto compeler a costa de sus vienes en dichas sus personas, que dijeron estaban prestes cumplir con lo que se les haze sauer respondieron, doi fee.

Bernardino
Beltron
Ante mi
Santiago de Silba Piñeyro

## *doc. 3*

### CAPITULACIÓNS ENTRE O CONVENTO DOS FRANCISCANOS DE SANTIAGO E O I CONDE DE XIMONDE SOBRE UNHA CAPELA

(30.08.1784)
(AHUS, PS, R. Paz de Ponte e Andrade, protoc. 5832, ano 1784, ff. 49r-52v)

Dentro del comvento de Nuestro Padre San Francisco de la ciudad de Santiago, a treinta dias del mes de agosto, año de mil setecientos ochenta y quatro, ante mi, escribano, y testigos parecieron presentes el Señor don Thomás Serantes, canónigo prevendado de la Santa Yglesia de Señor Santiago de dicha ciudad, hermano sindico de esta santa comunidad, en virtud de patente de la religion, que por ser notoria no se inserta, que como tal hace de procurador y economo el Reverendisimo Padre Ministro Guardiàn de dicho Combento Frai Antonio Vazquez, predicador general; el Reverendisimo Padre Custodio Fr. Francisco Albarez, lector jubilado; el Reverendisimo Padre Fr. Domingo Antonio Villa, lector jubiliado, exdifinidor; el Reverendo Padre Ministro Cathedratico Fr. Benito Lemos; el Reverendo Padre Predicador General Fr. Juan Francisco Villar; el Reverendo Padre Fr. Agustin Martelo, lector de casos; el Reverendo Padre Lector de Theologia Fr. Luis Otero; el Reverendo Padre Fr. Francisco Garcia, vicario de este combento; el Reverendo Padre Fr. Joaquin Martinez, maestro de nobicios; el Padre Predicador de Exempciones Fr. Miguel Fernandez, procurador de dicho comvento; el Padre Predicador de Exempciones Fr. Cristoval Naueira; el Padre Predicador Fr. Joseph Cortegoso, visitador de la Venerable Orden Tercera; el Padre Predicador Fr. Andres Perez Mariño, vicario del coro; y el Padre Predicador Fr. Bartholome Bugarin, todos religiosos, profesos y combentuales en dicho combento, juntos en su capitulo al son de campana tañida, segun tiene de uso y costumbre, para tratar de las cosas pertenezientes a esta Santa Comunidad, que hacen por lo que les toca y a los mas ausentes, enfermos e ympedidos por los quales se obligan, hacen boz y presta la suficiente caucion de rato, grato en forma de que estaràn y pasaràn por lo que en sus nombres hicieren, obraren y otorgaren, y lo aprovaran y ratificaran a todo tiempo, y siempre que sea necesario, so expresa obligazion que para ello hacen y el derecho requiera, de la una parte, y de la otra el Señor don Juan Antonio Cisneros y Castro Figueroa Mendoza y Sarmiento, caballero, Conde de Jimonde, Vizconde de Soar, dueño de las jurisdiciones de sus titulos; la de Anzobre con sus torres; y de las casas y maiorasgos de Santiago;

Sta. Maria de Couso, tamuien con su casa y torre; la de Milleiròs; Sta. Maria de Frades, y otras, Cavallero Maestrante del Real Cuerpo de Maestranza de Granada, Regidor Perpetuo, Alcalde Maior y mas antiguo de esta dicha ciudad y su jurisdicion, donde es vecino; e dijeron que a dicho señor Conde, por deribacion de los cavalleros señores sus padres, abuelos y mas ascendientes, como dueños llebadores y poseedores que han sido de sus casas solariegas, torres y fortalezas, vinculos y maiorazgos desde inmemorial tiempo a esta parte, toca y pertenece, y se halla con muchas y barias regalias, privilegios, doctaciones y fundaciones eclesiasticas y seculares, correspondientes a dichas sus casas y maiorazgos, como lo es entre otras una capilla sita en la yglesia de este dicho combento existente al lado de la epistola de la maior de ella, con la adbocacion de San Yldephonso, segun por escriptura authentica del año pasado de mil quinientos quarenta y uno, la zedieron a los referidos señores sus pasados el Reverendisimo Padre Guardian y religiosos que entonces eran en este mismo combento, precedido licencia del Mui Reverendo Padre Comisario General de Su Sagrada Religion, de que mas vien conetará a que se remiten, y los citados señores la adornaron y pusieron en ella barios ornamentos, calix y mas necesario, como resulta por reciuos de los religiosos de aquel siglo, e ya antes de la cesion tenia esculpida en una piedra en medio de dos arcos, donde estauan dos nichos metidos en su pared, la ynscripcion siguiente:

Esta Capilla (segun consta de documentos exsistentes en el Archibo de dichos señores Condes) es de Dª. Mencia de Cisneros, hija de Dª. Mencia de Cisneros, y de Garcilaso de la Vega, casó con don Pedro Henrriquez, hijo del Conde don Tello, es de los señores de Campo Redondo, que estan en septimo grado con el Señor Rey don Alonso, que murió en Gibraltar. La qual dicha capilla se hallaua cerrada con su reja de hierro, y citados dos nichos de canteria antiquisimos, alzados con sus figuras en la superficie y escudos de armas de los explicados señores que posehian tambien las sepulturas de ella, y con motiuo de hauerse arruinado y desecho dicha yglesia, y fabricandose de nuevo, la que oi se halla con numero de capillas, se propuso por parte de dicho señor Conde, a esta comunidad, le señalase en equibalencia y lugar de la antigua que tenia y ba mencionada, otra en la referida yglesia nueva, a fin de no perjudicarse y a los señores sus hijos y subcesores en esta regalia antigua, y el señalamiento fuese con iguales circunstancias y sitio; y atendiendo a todo ello la comunidad desde luego combino en señalarla y se halla conforme con lo pretendido por dicho señor Conde, vajo las capitulaciones siguentes:

\1ª/ La primera, que desde oi dia de la fecha, y para en todo tiempo de siempre jamas, elije y señala esta dicha comunidad por si y subcesores por capilla propia del expresado señor Conde, y señores sus hixos y herederos en subrrogacion de la que antes tenia la primera que se halla al lado de la epistola, despues del crucero de dicha yglesia nueva de este combento, entendiendose que solo ha de tener reja por la parte de afuera, que dice al cuerpo de la misma yglesia, porque por adentro deue quedar libre el paso a las otras capillas que le siguen para hir a celebrar los religiosos, andan las procesiones y mas funciones de comunidad, de uno y de otro lado de la propia yglesia, segun y como estan las capillas de la del Real Monasterio de San Martin de esta ciudad, guardando orden y simetria para la mexor hermosura del templo.

\2ª/ La segunda, que pueda desde aora el mismo señor Conde hacer colocar y se coloquen en la citada capilla las antiguas ymagenes de Nuestra Señora y San Yldephonso que tenia la anterior, y estàn guardadas en el capitulo de este comvento, adornandolas de lo necesario, y quando llegue el caso de que las demàs capillas de dicha yglesia se pongan sus respectiuos retablos tamuien dicho señor Conde y señores sus hijos y herederos pondrán a su costa el correspondiente en aquella, guardando asimismo el propio orden de arquitectura.

\3ª/ La tercera, que el propio señor Conde y señores sus subcesores, no solo han de ser dueños de la explicada capilla sinò de todas las sepulturas de su pavimento, en las que no hà de enterrarse ni dar sepultura a ninguna persona que no sea de su antigua y noble prosapia, o de su satisfacion, con expresa licencia suia, y se han de mantener lisas y llanas sin escudo alto, sinò grabado, que cause disconformidad a las mas de la yglesia, y la ynscripcion que atras queda inserta y todos los mas escudos y blasones que quiera poner el señor Conde y subcesores han de estar por la parte de adentro, sin perjuicio de la fabrica y construcion de la pared, y con atencion a que no hai alli sitio para los dos nichos que existen en los vestigios de dicha yglesia bieja pueda usar de ellos a su bolunta, como mejor le pareciera, sin ningun estorbo ni embarazo y mandandolos llebar a donde gustare fuera de la expresada yglesia.

\4ª/ La quarta, que esta dicha comunidad religiosa ha de continuar y proseguir en la celebracion y cumplimiento annual de las misas y sufragios que dejaron fundados los señores antecesores de dicho señor Conde otorgante, conforme a las scripturas de sus fundaciones, sin alterarse de ningun modo, y dicho señor contribuir con los seiscientos diez y seis reales de vellon con que contribuhia su casa, y lo harà a lo subcesiuo por si y subcesores, sin figura de juicio, como igualmente el reparar y adornar la dicha

capilla, con arreglo a su antigua debocion, nobleza y circunstancias de su persona, y de los señores sus pasados, que no le permiten ni pueden cosa en contrario que a ello se oponga.

Y visto y entendido por dicho señor Conde el relato de este ynstrumento y las quatro capitulacion que contiene y cada una de ellas que esta comunidad religiosa propone, asimismo, dixo que por si y a nombre de los señores sus hijos, herederos y subcesores en su antigua casa, vinculos y maiorazgos, desde oi dia las aceta y se conforma con todo su expreso, y desde luego usando de la generosidad propia de su nobleza y elebadas circunstancias ofrece a dicha comunidad religiosa, por bia de limosna y justa compensacion de los gastos ocasionados en la fabrica de la nueva capilla, por una sola vez, la cantidad de quatro mil y quinientos reales de vellon, que baxo su palabra de onor mandarà aprontar à dicha comunidad religiosa ó al señor hermano sindico como su economo, con lo perteneciente a las misas y sufragios con que contribuihia su casa, y lleba ofrecido hacerlo a boluntad suia, y con la maior brevedad que sea posible, y exsige el caso y sufragio, sin que por ello se siga detrimento ni perjuicio sobre que es escusado mas obligacion, trato, ni plazo, que ratificar de nuebo su palabra de onor a la menor breuedad, como cavallero de sus nobles circunstancias, antiguo y esclarecido nacimiento que es notorio en todo el Reino y fuera de el.

Y enterada dicha comunidad religiosa, tamuien dixo, con el señor hermano sindico, que por si y subcesores, ygualmente acetan esta escriptura y oferta cavallerosa de dicho señor Conde, y no dudando de ninguna manera su cumplimiento y execucion, con arreglo a sus nobles prendas con la breuedad que explica y les es veneficiosa, esta para imbertir en la obra de dicha yglesia, por careceren de medios a los muchos gastos que ocasiona, y se obligan igualmente, segun el derecho permite y requiere, de cumplir y guardar todo lo expreso de dichas capitulaciones y cada una de ellas sin faltar a ninguna cosa, alterarlas ni bariarlas en juicio ni fuera de el, y lo mismo el señor Conde, por si y señores sus hijos y subcesores reciprocamente, cada uno en la parte que le toque y comprehenda, para que tenga toda fuerza y balidacion en lo futuro, y no se trate mas del asumpto, y a maior abundamiento para mas seguridad y zertera de ello juraron segun derecho y sus estados lo requieren de que doi fee, que este ynstrumento de capitulaciones, acetacion y obligacion no hacen ni otorgan con themor de litigio que pudiese aun promoberse de no efectuarse, gastos de el que no les fuese guardado justicia ni por otro fin mas que el de evitar uno y otro amar la paz y quietud que corresponde entre partes tan respetables, y de las circunstancias expresadas, y vajo el ratifican la obligacion y cumplimiento reciproco

de todo lo capitulado y ofrecido en el, que no le rebocaran, ni contra el reclamarán en tiempo alguno por otro ynstrumento judicial, por escrito ni de palabra, aunque el derecho se lo permita, de que se apartan nuebamente, y caso no pensado hagan o intenten lo contrario consienten desde aora no se les oiga en juicio ni fuera de el, y pagar las costas y gastos que ocasionen al que no lo haga, atendidas dichas circunstancias y hauerlo mirado y tratado con cristiandad, madurez y armonia.

Y para ansi cumplirlo y ejecutarlo se someten a las justicias de S. M. y de sus fueros, que de ellos y sus causas conforme a derecho puedan y deban conocer, para que se lo hagan guardar por firme y baledero, como si lo aqui expresado fuera sentencia difinitiua de juez competente, pasada en cosa juzgada por dichos señores otorgantes, consentida y no apelada, cerca de que renunciaron a todas leis de su favor, con su propio fuero, jurisdicion, domicilio y vecindad.

Y dicho señor hermano sindico, Reverendisimo Padre Ministro Guardian y mas religiosos expresados de su comunidad tamuien renunciaron el capitulo Obduardus de Solucionibus, Sacros Canones, Licencia de Su Prelado, y mas que conforme a reglas y estatutos de Su Sagrada Religion puedan y deban renunciar, con la general que las prohiue, y derechos de ella en forma.

Ansi lo dijeron, otorgaron, firmaron dicho señor hermano sindico, el Reverendisimo Padre Guardian, por si y en nombre de su comunidad, segun costumbre; y dicho señor Conde; siendo presentes por testigos, don Joseph Rey, Francisco Tenoira y Francisco Menendez, maestros de carpinteria y pedreria, vezinos de dicha ciudad. Y de todo ello y conocimiento de los señores otorgantes yo, escribano, doi fee.

D. Thomas Serantes

Fr. Antonio Vazquez,
Predicador General y Guardian

El Conde de Jimonde

Fuy presente,
Joseph Rey

Paso por ante mi
Ramon Paz de Ponte y Andrade

En veintte y uno de septtiembre destte mismo año di copias desta escritura: una al señor Conde en ocho oxas de papel, sello primero y comun; y

ottra al comvento en las mismas, pero el papel sellado de oficio como orden mendicantte, sin derechos, y lo anotto de que ago fee.

Andrade

## *doc. 4*

PARTIDA DE DEFUNCIÓN DO II CONDE DE XIMONDE

(12.07.1824)
(AHDS, Parroquial, S. Fiz de Solovio, Lib. 19, f. 64r)

En doze de julio de mil ochocientos y veinte y quatro murio el señor don Pedro Cisneros, marido de la señora doña Agustina de Puga, Condes de Gimonde, vecinos de la parroquia de San Felix de Solovio de esta ciudad de Santiago. Recibio los Santos Sacramentos de Penitencia, Comunion y Extremaucion. En el dia siguiente al de su fallecimiento se dio sepultura a su cadaver en la yglesia de San Agustin. En veinte y siete de junio del año dicho hizo testamento, de que dio fe don Francisco Oca, vecino de esta ciudad. Dexó ordenado que durante un año se diga una misa diaria en la referida yglesia de San Agustin, y que las impuestas sobre los mayorazgos que ha poseido se repitan annualmente por espacio de veinte y cinco años. Y como cura propio de la expresada de San Felix lo firmo.

Doctor don Jose Mendoza

## *doc. 5*

AUTO ORDINARIO SOBRE A TITULARIDADE DAS PESQUEIRAS QUE NO RÍO ULLA POSUÍA A CASA DE MAÍNDO

(17.03.1825)
(ARG, RAG, atd. 27278, doc. 56, ff. 1r-2v)

En la reja y locutorio del Convento de Nuestra Señora de la Enseñanza de esta ciudad de Santiago, a diez y siete dias del mes de marzo, año de mil ochocientos veinte y cinco, ante mi, escribano y testigos constituidos personalmente, la señora doña Jacoba Cisneros, Condesa de Gimonde, Vizcondesa de Soar, hija unica y como tal subcesora del señor don Pedro Maria Cisneros, difunto, Conde de Gimonde, y con ella los señores doña Agustina de Puga y Araujo, Condesa viuda del mismo titulo, y el lizenciado don Manuel Cisneros, vecinos de esta dicha ciudad, sus curadores segun

el discernimiento hecho por el señor don Jose Maria Aguiar, Alcalde Justicia Real y Ordinaria en ella, en los veinte y siete de febrero ultimo por ante el presente escribano, y despues de precedida la licencia que de curadores a menores se requiere, la que fue pedida, dada y acetada, la señora doña Jacoba dijo: que a los mayorazgos de que se halla quieta y pacifica poseedora es anexo y perteneciente la propiedad del rio Ulla para la pesca desde el Canal del Combento de San Antonio de Herbon hasta el de que hacen uso algunos vecinos de la feligresia de San Christobal de Reis y otros, en cuya porcion de rio y parroquia de Sta. Maria de Couso tiene una presa para molinos y canal de pescar, que coge todo el rio de una a otra margen, y cuios productos, tanto de pesca quanto de molienda, forman una parte del mayorazgo nombrado Pazo de Maindo desde tiempo inmemorial, sin condicion alguna; mas en el dia esperimenta la novedad de que Andres Garcia, Andres Gomez, Antonio Barreiro, Andres Cambadela y otros vecinos del lugar de Freijeiro, parroquia de San Christobal de Reis, aprobechandose de la muerte del ultimo conde difunto y de la menor de edad de la otorgante, se propasaron furtiva y clandestinamente a hacer un muro o represa en principios de este año, el qual tendra como mas de treinta cuartas de largo al frente con corta diferencia de las bocas de la pesquera de la menora, y precisamente al lado de la suvida de la pesca. Con esta novedad se advirtió tambien que en setiembre del año ultimo los mismo Andres Garcia y compañeros habian construido otro muro que tendrá de largo mas de cinquenta cuartas, seguramente con el fin de hacer nuevas pesqueras con conocido perjuicio de la de la otorgante, y en contrabencion y desmedido abuso de la licencia que antes de ahora se les concediera a los referidos Andres Garcia y otros vecinos del lugar de Freigeiro para construir un muro, y no mas, mubho mas abajo, con obgeto de formar un molino bajo las restricciones que contiene una escritura de convenio otorgada en trece de noviembre de mil ochocientos veinte y uno por ante el escribano José Maria Rodriguez, vecino de la villa del Padron, ademas de que con tal procedimiento causan una desmedida perturbacion, y hacen fuerza al monio y posesion de la menora otorgante; se adviente en ellos una usurpacion demasiado concocida, que con el principio de los muros se impide la entrada de salmones y mas pesca de esta clase en la de la señora condesa; y que, construidos al lado del descenso de la corriente del agua, hace rechazar el curso natural de esta, y que empujandose en la marjen opuesta ciega precisamente cuando las crecientes del rio la bajada de la pesquera, ademas de otros daños que se harán incalculables a no contener los perturbadores en su decidida mala fe. Y a fin de que todo ello se haga presente en el Real Tribunal de este Reino,

proponiendose contra el Andres Garcia y mas compañeros la competente querella que tiene por derecho, pueda mas deba valer a don Pedro Patiño, provisor del mismo Real Tribunal, con clausula espresa de substitucion, para que a nombre de la señora condesa obcurran ante V. E. solicitando Real Provision para el recivo de la sumaria ynformacion, y compulsa de los documentos que fueren señalados, y especialmente el de trece de noviembre de mil ochocientos veinte y uno, arriba espresado, y de asi verificado sigan la instancia por los tramites legales, segun la clase del juicio, aleguen, comprueven, arguyan y redarguyan, tachar y contradigan, oigan reales autos y sentencias, lo favorable consientan y de lo perjudicial apelen y supliquen, para alli y donde con derecho puedan y deban que el poder que para ello sea necesario el mismo les otorga amplio, general y especial, con libre, franca, general administracion y con las de aprobacion, obligacion, relebacion, sumision, poderio de justicias y renunciacion de leyes, incluso las de menor de edad, con la general en forma. Asi lo dijo, otorga y firma con sus curadores, siendo testigos: Domingo Pintos, Manuel Enciso y Mateo Vazquez, vecinos de esta ciudad. De todo lo qual y conocimiento, yo, escribano, doy fe.

Jacoba Cisneros y Puga
La Condesa viuda de Gimonde
Manuel Cisneros
Ante mi, Joaquin Pintos

Concuerda con su original que escrito en un pliego de papel sello quarto mayor queda en mi poder para registro, a que me remito. En fe de lo qual, como escribano de Su Magestad, vecino de esta ciudad, doy la presente que signo y firmo en este pliego al sello que se reconoce; estando en Santiago, el dia, mes y año de su otorgamiento. Enmiendo: del combento, valga.

Mateo V. Soto
Joaquin Pintos

## *doc. 6*

### CARTA DO PÁRROCO DE STA. MARÍA DOS BAÑOS SOBRE A FUNDACIÓN HOSPITALARIA QUE O II CONDE DE XIMONDE CREARA EN CUNTIS

(25.08.1853)
(AHDS, FX, Varia, Arciprestado de Moraña, caixa 57, cartf. de Sta. María dos Baños de Cuntis, "Un baño de la fabrica")

Exmo. e Illmo Sr.

En esta villa de los Baños de Cuntis hubo desde antiguo un baño mineral caliente, cuya propiedad perteneció siempre á la yglesia de esta parroquia. En el año de 1807, don Pedro Mª. de Cisneros, Conde de Gimonde, mandó construir én áquel punto una casa de capacidad y hacer los baños para hombres y mugeres gastando un buen capital en obsequio a la Virgen Santisima.

Los productos de este baño que pagaban voluntariamente los ricos se echaban en un cepillo del cual tenía una llave el parroco como patrono, y otra el Juez de la antigua Jurisdicion como interventor, y que en el se hallaba se entregaba al fabriquero de la yglesia despues de satisfechos los bañeros, de cuyas cantidades se formaba cargo respectivamente en las cuentas segun resulta del libro correspondiente, que no dejaban de ascender un año con otro de dos cientos reales. Fuese por la imposivilidad de mi antecesor ô inadvertencia de sus coadjutores ellos es que desde el año de 1824, no se encuentra cargo alguno en las sucesivas cuentas sobre producto de los baños. Despues que me posesioné de este curato y me enteré de estos antecedentes inquiri la razon de la falta del cargo, y supe que el director de baños que en aquella epoca era, creyó util hacer otras obras en el edificio á pretesto de salud publica; obras que despues se han desecho, y que se había apoderado de todos sus productos para el efecto dandole nuebo regimen á los pagos por lo cual se estaban adeudando varias sumas, las cuales se iban satisfaciendo segun producian, pero todo sin intervencion alguna del parroco verdadero y unico patrono, en fin, como si la fabrica no tubiera la propiedad.

Mis gestiones vervales fueron inutiles y por mas que registré en los libros de la yglesia ningun documento hallé en razon de haber sito todos ellos con la parroquia incendiados por los franceses en la invasion de 1808. Ultimamente en fuerza de investigaciones supe que al parroco de esta villa le corresponde el patronato de estos baños, que estos en su origen fueron ya propiedad de la yglesia, que sobre ello hubo un pleito que pendio en la Real Audiencia por el cual fue declarado la propiedad que en su consecuencia

los redificó otro Sr. Conde Gimonde en beneficio de la humanidad y pobres, y sus emolumentos para la Santisima Virgen, que para recaudarle se puso un cepo en el cual se recogia y formaba cargo á los fabriqueros hasta la epoca que va referido. Averigué ultimamente que en la escrivania del numero que fue de esta parroquia y jurisdicion don Manuel Nieto existian documentos correspondientes al efecto, la que existe en poder de Dª. Dolores Nieto, hija del don Manuel, vecina de esta parroquia.

Y en su virtud ya no puedo para menos que poner todo ello en el superior conocimiento de V. E. para la determinacion oportuna y de que segun el Real Decreto de 10 de Abril del año pasado ultimo la comision investigadora de obras pias y fundaciones no cumplidas tenga noticia de lo que dejo referido, para los efectos consiguientes.

Dios que la importante vida de V. E. déla todos años para vien de la Diocesis.
Rectoral de Cuntis, 25 de Agosto de 1853
Exmo. e Yllmo. Sr. Nicolas Garcia Sueiro
Exmo. e Yllmo. Sr. Arzobispo de Santiago

## *doc. 7*

### TESTAMENTO DE D. XACOBA CISNEROS DE PUGA, III CONDESA DE XIMONDE E VIZCONDESA DE SOAR

(16.02.1856)
(APM, Testamento da III Condesa de Ximonde, ff. 1r-7v)

En la ciudad de La Coruña, a diez y seis de febrero de mil ochocientos cinquenta y seis, yo Dª. Jacoba Cisneros de Puga, Condesa de Gimonde, Vizcondesa de Soar, viuda del Señor D. José María Bermudez, hallandome en mi sano y cabal juicio, he determinado hacer este testamento con animo deliverado de rebocar todos los anteriormente otorgados hasta esta fecha, habiertos y cerrados; o bajo cualesquiera forma o nombre, con que aparezcan; ademas de los que espresamente suenan rebocados en esta mi ultima disposicion.

Primeramente: creo y confieso el Misterio de la Santisima Trinidad, y todos los preceptos de nuestra Madre Yglesia Catolica y Apostolica Romana, en cuya fé y creencia he vivido y protesto morir.

Declaro: que sintiendome duramente lastimada por los procederes del licenciado Don Juan do Porto, abogado del Ylustre Colegio de Madrid y del de esta Capital, la mas imperiosa necesidad, me ha compelido a retirarle toda mi confianza, despidiendole de mi casa y compañia.

Declaro: que en cuanto me vi desamparada de herederos forzosos o necesarios, mi situacion fue cada dia mas triste y dificil, asendereada por las malas artes de la codicia, con asechanzas y peligros de que si por ahora me encuentro ya precabida, no enteramente curada de sus funestos efectos.

Declaro: que atrahida con astuacia a este domicilio, no puedo menos de sentirme profundamente reconocida a los medios singulares y raros con la Divina Providencia, me sacó de graves conflictos, habiendo mediado la consumada prudencia de una respetabilisima persona, hornamento brillante de la cultura de este pueblo hospitalario, que si no me es permitido nombrarla por no ofender su modestia, faltaria a las consideraciones mas vulgares, sino dejase recomendada su grata memoria a mis parientes y favorecidos por medio de la mas intima confianza.

Declaro: que por otro especial favor de la Divina Providencia alcancé a conocer y tratar un pariente digno de toda mi intimidad, a pesar de las malas circunstancias de que me he visto rodeada, que es D. Manuel Maria Puga, Coronel Graduado Primer Comandante de Ynfanteria de reemplazo en la villa de Celanoba y actualmente en mi compañia, que queda especialmente encargado no solo de transmitir mi gratitud a quienes deba, sino de acreditarla en su dia decorosamente y sin ofensa.

Declaro: que aprovechando estos momentos favorables para librar de siniestros futuros contingentes el porvenir de mis sucesores, el de mis parientes y familiares, asi como el arreglo y distribucion de mis intereses, es mi deliverada voluntad, rebocar como espresamente reboco el testamento cerrado de que dio fé en Madrid a veinte de diciembre de mil ochocientos cincuenta y tres el escribano D. Gabriel Santin de Quevedo, secretario de S. M. y notario público, como igualmente el codicilio con que suena corroborado, otorgado por mi en veinticuatro de noviembre ultimo por ante el presente escribano, entendiendose tambien rebocados como estos aqui citados, todos cuantos pudiese haber otorgado antes de esta fecha, y que sean en todo o parte contrarios al presente, cualquiera que sea el signo o contraseña con que siniestra y misteriosamente se haya querido disfrazar la astucia.

Declaro: que es mi voluntad que en cuanto fallezca se me haga el entierro, honras y cabo de año en la forma correspondiente a mi clase y se entreguen por una vez seis mil reales a los hospitales y casas de beneficencia de Santiago, cuatro mil a los de La Coruña, otra igual cantidad a los de Orense, sin perjuicio de que se pida lista a los parrocos de la poblacion en que suceda mi fallecimiento de las personas, que segun su conciencia consideren en verdadera necesidad entre quienes se distribuya con interven-

cion de mis cumplidores la cantidad de seis mil reales, con mas dos mil a la comunidad del monjas carmelitas de Santiago, otros dos mil a las monjas capuchinas de La Coruña, para que respectivamente estas comunidades se dignen invertir esta limosna en sufragios propios por mi anima, las de mis causantes y demas obligaciones. Por parte mis cumplidores abonarán el estipendio de diez reales por cada una de las misas que se apliquen por mi anima en la Yglesia en que fuere depositado mi cadaver de cuerpo presente; así como con la mayor urgencia mandarán mis cumplidores aplicar otras mil misas, a razon de la limosna de cinco reales una, por mis obligaciones; en las que no se cuenten tres al Santo de mi nombre, otras tres al de mi guarda, otras tres a San José, y otras tres a la Virgen de los Dolores, que se aplicarán en sus respectivos altares por la limosna de veinte reales una; tambien se me tendrá en la Yglesia parroquial una misa de hora y responso, con cuatro hachas encendidas, en todos los dias de obligacion de oirla, por la limosna de diez reales, y al sacristan por el cuidado del túmulo y hachas ganará cien reales cumplido el año que durará esta misa. Y como sea hermana de la Cofradia de los Dolores y su Camarera en la yglesia de San Miguel de la Ciudad de Santiago, mando se haga una novena en dicha yglesia por mi intencion, a cuyo fin mis cumplidores de acuerdo con el parroco invertirán cincuenta doblones.

Declaro: haber fincado hija legitima del señor don Pedro Maria de Cisneros y Ulloa, Conde de Gimonde, Vizconde de Soar, y de la Señora doña Agustina de Puga y Araujo, y haber sucedido y heredado a ambos y al primero en todos sus titulos, vinculos, mayorazgos y bienes libres, de los cuales es mi deliverada voluntad disponer por este testamento. En consecuencia de ello ordeno y mando que sea mi heredero mi muy querido pariente el referido Coronel Graduado D. Manuel Maria Puga y por tal le instituyo de la casa de Anzobre y sus anejos y pertenencias; que todo anda englobado con la fincabilidad libre, de que soy dueña y legitima poseedora, como heredera universal de mi primo hermano D. Jacobo de Cermeño y Cisneros, para que todo lo lleve para si y sus herederos sin limitacion alguna, siendo mi voluntad que para que no se le ponga obstaculo por mi sucesor en cuanto a la parte vincular tengo dispuesto se reintegre mi primo D. Manuel Puga Sarmiento en la mitad libre de las vinculaciones de Gimonde, Santiago y Soar, de que puedo disponer segun la ley establecida en treinta de agosto de mil ochocientos treinta y seis, sin contar con los demas bienes libres, fuera de las fundaciones citadas que me corresponden en los tres parages, que es también mi voluntad pasen colectivamente al referido mi primo D. Manuel Puga Sarmiento, a condicion de que su her-

mano D. Pedro, tambien mi primo, sea participe en la mitad de todo lo libre que este compuesto integramente, y para mayor compensacion quiero adjudicar a los dos hermanos la mitad desvinculada y todo lo libre que me corresponde en San Ginés de la Abertezga, con el bien entendido de que si por cualquiera accidente o contingencia se opusiere el D. Manuel a que nuestro pariente el Coronel Graduado D. Manuel Puga o sus derivados no disfrutasen pacifica y libremente mis estados integros de Anzobre, es mi voluntad le quede a dicho coronel graduado todo lo libres fuera de fundaciones vinculares en Santiago, Gimonde, Soar y Abertezga, y al mismo coronel graduado D. Manuel Mª. de Puga y a mi primo D. Pedro Puga y Sarmiento la mitad de los bienes desvinculados en los cuatro puntos referidos de Santiago, Gimonde, Soar y Abertezga, en virtud de la citada ley restablecida en Agosto de mil ochocientos treinta y seis.

Declaro: que es mi voluntad que la mitad libre en virtud de la ley de desvinculaciones, y todo lo que fuera de ella me corresponda en mis estados de Mondoñedo, Ginzo de Limia, Oirós y Barbantes se distribuya entre mis parientes que aqui irán señalados; como en homenage de reconocimiento a mis causantes que por sangre me ligan a ellos y vengo en señalar a D. Vicente Araujo y Arias, vecino de Orense, trescientos ferrados de centeno de renta perpetuamente por si y sus herederos; otros tantos de la misma especie y de igual conformidad a las hijas de D. José Feijóo y Puga, Dª. Mariquita y Dª. Juana, vecinas de La Arnoya, con la limitacion de que no puedan disponer respectivamente de la propiedad de su cupo de renta mientras no tomen estado, debiendo la ultima que superviva heredar a la otra hermana que no dege herederos forzosos; otros doscientos cincuenta ferrados de renta para siempre a Dª. Ramona Villar, esposa de D. Justo Reynoso, vecinos de Orense; otros doscientos ferrados tambien de renta para siempre a los cuatro hijos del licenciado D. Manuel Viso y Carpintero, de su primera esposa, de los cuales será aquel usufrutuario mientras viva; y con la reserva de que teniendo entendido de que uno de estos cuatro hijos ausente es desgraciado recaerá su cupo en los dos hermanos para que le suministren alimentos y se evite que la justicia disponga de su parte, en cuyo caso quiero se entienda reservada la propiedad a las hermanas y disminuido el usufruto del padre en cuanto a las hijas se casen o esten casadas; otros doscientos ferrados de centeno para siempre de renta divididos por iguales partes entre los hijos que fincaron de D. José Alvarez de Castro, vecino que fue de Gomesende, teniendo presente que ha fallecido uno de los mismos llamada Dª. Maria Manuela, y que dejó una hija en quien debe recaer su cupo; otros doscientos ferrados a los herederos de don Vicente

Salgado, vecino de Poulo, que como sus circunstancias sean en estremo desfavorables quiero que mi primo D. Pedro Puga y Sarmiento cuide de suministrarselos por via de alimentos y transmitirselos a los herederos de estos vivos, tan luego pueda hacerlo sin responsabilidad o peligro de que la curia se los consuma; otros trescientos ferrados de centeno para siempre á Dª. Benita Puga, otra hermana que se halla casada en La Arnoya, o sus herederos, vecinas que fueron de San Salvador de Las Arnoyas, para que los dividan entre si por iguales partes; otros ciento cincuenta ferrados de centeno de renta para siempre a los hijos que fincaron de don José Antonio Araujo, vecino de La Arnoya, con la reserva de que solo sean usufrutuarios mientras no se coloquen o tomen estado, y aun despues no podrán enagenar la propiedad sin previo consentimiento de su primo don Vicente Araujo y a falta de este su hijo don Antonio; otros ciento cincuenta ferrados de centeno de renta para siempre a los hijos que fincaron de don José Blanco de Proente; otros cincuenta ferrados de centeno de renta para siempre a doña Mariquita Marquina, vecina de Gomesende; otros ciento cinquenta ferrados de renta de centeno para siempre a don Bernardo Reyno, residente en Santiago. Si disistiere de la cuestion pendiente contra mi casa antes de fenecer la segunda instancia. Pues si asi no lo hiciere es mi voluntad que este cupo se sortee ante una comision de la Junta de Beneficiencia de Santiago entre las huérfanas del hospicio de la propia ciudad, cuya operacion deseo se celebre el primer dia de Santiago Apostol despues de mi fallecimiento, para que le sirva de dote y pueda casarse la beneficiada por la suerte y hasta cuya época no pueda disponer de la propiedad, y si falleciere sin llegar a casarse se repetirá otro igual sorteo bajo las mismas condiciones a beneficio de las huérfanas del mismo establecimiento en cualquiera día festivo, cuya operacion se repetirá hasta llegar a conseguirse el fin deseado.

Declaro: que habiendo sido asistida y cuidada con particular esmero por mis dependientes y familiares don Luis Carnero y Jacoba Rivera, es mi voluntad dejar al primero para él y su muger el usufruto pleno por los dias de su vida de la casa inmediata a la yglesia de San Agustin de la ciudad de Santiago, conocida en el número seis, la huerta cerrada sobre si de la carniceria, llamada La Tafona, con mas doscientos ferrados de centeno de renta para siempre, cuya propiedad así de la casa como de la huerta y granos recaerá en sus cuatro hijos al fallecimiento del ultimo de los padres y a la referida Jacoba en consideracion a que paga treinta y seis ferrados de maiz y veintiuno de centeno por un foro que le tengo hecho del lugar de San Roque, sitos en termino de Gimonde. Es tambien mi voluntad rebajarle para siempre dicha pension a la cantidad de cien reales con que cumplirá

al plazo señalado en cada año vigente la condicion establecida ultimamente en beneficio de su madre mientras viva.

Declaro: que deseando dar una prueba de mi particular estimacion a don Santos Fernandez Lavandera, encargado actualmente de los asuntos de mi casa en Santiago, es mi voluntad dejarle ciencuenta ferrados de centeno de renta para siempre.

Declaro: que es tambien mi voluntad que a los criados que esten en mi casa ganando soldada el dia de mi fallecimiento se le abonen respectivamente los de los seis meses siguientes, para que puedan buscar colacion y se les entreguen ademas las camas arreadas de su uso. De la misma manera ordeno que mis cumplidores perdonen a los caseros que me deban atraso de rentas mas afligidos de necesidad la cantidad de doce mil reales, haciendoles conocer este beneficio por via de limosna.

Declaro: que no considerandome obligada al pago de las deudas contraidas durante mi matrimonio con el señor D. José Mª. Bermudez, sobre cuya fincabilidad está anejo el descargo de las que pueda haber de dicha procedencia, transmito mis derechos a mis herederos para que los hagan valer en justicia.

Declaro: que es mi deliverada voluntad instituir ademas herederos universales de todos los bienes libres de que no haya dispuesto en las clausulas antecedentes o no aparezcan vinculadas en debida forma a mis primos don Manuel y don Pedro Puga y Sarmiento por iguales partes, bajo la espresa condicion de estar y pasar por lo dispuesto espresamente en este testamento, con sugecion a lo ordenado respeto a los bienes libres de Santiago, Gimonde, Soar y Abertezga en apoyo de la integridad de Anzobre.

Declaro: finalmente que es mi voluntad que la primera anualidad de los frutos despues de mi fallecimiento de todo lo libre se entienda consignada para ayuda del pago y cumplimiento de cuanto dejo dispuesto en este mi testamento (escepto los criados) ningun otro de los aqui favorecidos podrá reclamar cosa alguna de mis cumplidores, quienes dispondrán de todo lo moviliario, semoviente, ropas y alajas de mi herencia con sus deudas activas en la forma que reservadamente les tengo indicado, sin que nadie les pueda poner embarazo ni obstaculo alguno, ni por la Justicia que no quiero se entrometa ni que haga inventarios, ni diligencia alguna, dejando todo al arbitrio de dichos sus cumplidores. Asimismo cuidarán estos de que todos los agradecidos por este testamento alcen a prorrata las cargas con que están gravados los bienes que respectivamente les toquen en la distribucion aqui hecha, con obligacion de desempeñarlas a lo sucesivo.

Nombro por mis albaceas y cumplidores testamentarios al referido Coronel graduado don Manuel Maria de Puga y a mi pariente el Licenciado don Teofilo Rodriguez Vaamonde, que mereciendo uno y otro mi intima confianza espero desempeñarán ecsactamente todo cuanto dejo dispuesto, a cuyo fin les autorizo con el poder mas amplio que para ello necesiten les porrogo el año del albaceazgo y el mas tiempo preciso.

Acogiendome al beneficio que me conceden las leyes poivo espresamente, como ya lo llevo dispuesto, el recuento e inventario judicial de mis bienes, por no ser necesario, y si a pesar de ello se esigiere esta formalidad, faculto como llevo dicho a mis cumplidores para que lo hagan por si mismos y dispongan sobre el particular lo que crean conveniente. Con lo cual doy por acabado este mi testamento y ultima disposicion por el que nuevamente reboco y anulo otro cualquiera o codicilo que anteriores aparezcan, que quiero que ninguno de ellos valga ni surta efecto, sino el presente que merezca toda la fé y credito en juicio y fuera de él. Así lo dijo, otorga y firma, siendo testigos los señores don José Maria Camba, rector cura propio de Santa Maria del Campo de esta ciudad, don Rosendo Rodriguez, Coronel de Ynfanteria retirado en esta plaza y el licenciado don Ramon García Montes, abogado del Ylustre Colegio de esta Audiencia Territorial, todos vecinos de esta ciudad, de todo lo cual y consentimiento de la señora otorgante que se halla en pié, aunque enferma y en su cabal juicio, por las razones que dá y haber dispuesto este testamento yo escribano de número doy fe. Y la Condesa de Gimonde. Fui testigo: José Mª. Camba; fui testigo: Rosendo Rodriguez, fui testigo: Ramon Garcia Montes. Ante mi: Licenciado Ruperto Suarez.

Concuerda con su matriz que escrita en sello cuarto queda en mi registro de escrituras publicas del corriente año bajo el número sesenta y nueve a que me remito. Y en fé de ello yo, D. Ruperto Suarez, abogado de los Tribunales Superiores y escribano por S. M. del número y colegio de esta ciudad, signo y firmo la presente en estas siete hojas, las dos primeras y ultimas sello de Ylustres y las del intermedio del cuarto, rubricadas al margen con la de que uso, estando en dicha ciudad de la Coruña, el dia de su otorgamiento. Enmendado =m= las= e= v= vª.

(signo) Ruperto Suarez

# Apéndice xenealóxico

## Árbore xenealóxica 1
## (Enlace dos señores de Queirogáns, Mosteiro e Nováns e o pazo de Pedroso)

(Documentación facilitada por Cesar Gómez Buxán)

Vasco de Monteagudo c.c. Isabel Sánchez | Vasco Barreiro "O Vello"

↓ | ↓

O escudeiro Antón de Oirós (señor de Cercio e Pedroso) → c.c. Leonor Barreira

↓

Vasco Barreiro (señor de Pedroso e Cercio) c.c. Leonor Vázquez

↓

Vasco de Monteagudo (señor de Pedroso) c.c. Isabel de Ulloa (descendente da fortaleza de Lueda) | Alonso de Gundín c.c. Beatriz Salgado

↓ | ↓

Inés Pérez de Ulloa → c.c. Gómez Gundín Salgado "O Vello", fundador do vínculo de Mundín (S. Salvador de Sambreixo, v. 1555)

↓

Gonzalo de Ulloa e Salgado (señor de Pedroso) c.c. Francisca de Novoa e Villamarín

↓

Gómez Gundín de Ulloa c.c. Isabel González Ribadeneira (dos señores de Trebolle)

↓

Pedro Pardo de Ulloa (señor de Pedroso) c.c. María Taboada e Ulloa

↓

Francisco Pardo de Ulloa c.c. Gregoria de Ponte e Andrade

↓

Manuela Antonia Ulloa Pardo e Andrade c.c. Brais de Ulloa e Taboada (v. 1712)

↓

Antón Francisco de Ulloa Pardo de Ribadeneira (rexedor da cidade de Ourense) c.c. Xoana Rosa Lousada Cadórniga | Nicolás Cadórniga e María Añel e Mondragón

↓ | ↓

Lourenzo de Ulloa Pardo e Lousada → c.c. Rosa Luisa de Cadórniga e Añel

**Liña 13** ↓

Manuela de Ulloa Cadórniga Pardo e Ribadeneira c.c. Xoán Antón Bernaldino Cisneros

**Liña 14** ↓

Pedro María Ambrosio Cisneros de Castro Ulloa c.c. Agostiña de Puga Cisneros Sarmiento e Araújo e Puga

# Árbore xenealóxica 1

## (Entronque cos Condes de Ramiráns e a casa do Preguecido)

(Documentación facilitada por G. E. Amor Moreno)

Urraca Ares de Soutomaior c.c. Xoán Rodríguez de Castro e Riobó

↓ Xoán Rodríguez de Castro Riobó e Soutomaior (I) c.c. Inés Alonso

↓ Casa de de Figueroa (A Estrada)

Xoán Rodríguez de Riobó e Soutomaior (II) c.c. María Suárez del Villar

↓

Gómez Rodz. de Soutomaior e Riobó (II) c.c. Elvira de Ribera e Soutomaior

↓

Alonso Rodríguez de Ribera e Soutomaior c.c. María Álvarez de Castro

Xoán Rodríguez de Ribera e Soutomaior c.c. Tareixa de Mera e Ulloa

↓

Baltasar Rodríguez de Ribera e Soutomaior (c.c.$_1$ Isabel Ibáñez Sarmiento de Pazos, c.c.$_2$ Isabel Tareixa de Deza Mondragón e Soutomaior)

↓

Mª. Xacinta Ribera Sarmiento e Soutomaior c.c. Lois de Acevedo e Lira

↓

Xosé Francisco de Acevedo e Ribera c.c. Melchora Abraldes e Vega

↓

Antón Lois Acevedo e Abraldes c.c. María Ana de Yebra Oca e Pimentel

↓

Ramón Acevedo Yebra e Oca c.c. María Xerónima Bermúdez Ribadeneira

↓

Mª. do Carme Acevedo e Bermúdez c.c. Pedro Bermúdez Ribadeneira Pardiñas e Villardefrancos

↓ Ramón Mª. Bermúdez de Acevedo c.c. Dª. Mª. do Carme de la Puente e de Acevedo

↓ Mª. do Socorro Bermúdez de Acevedo c.c. Xosé Varela del Villar Cadaval Correa Fernández de Tejada e Duque de Estrada (I Condes de Ramiráns)

**Liña 15** ↓ Xosé María Bermúdez Pardiñas e Villardefrancos c.c. Xacoba Cisneros e Puga (III Condes de Ximonde)

LENDA: c.c.: Casado/a con — v.: Vivía polo ano

c.c.$_1$: Casado/a en primeiras nupcias con — c.c.$_2$: Casado/a en segundas nupcias con



# Alén da saudade: a fotografía como documento histórico

Juan Andrés Fernández Castro

*Agradecementos*
Marisé García, Fernando Pereiras, Juan Moimenta, Alba Fernández, Manuel Docampo, Noni Araújo, Tere Vicente, Fernando Porto, Mavi Sanmartín, Juan Fernández, Chus Fernández e todos aqueles que coas súas fotografías colaboran na ampliación do Fondo Gráfico do Museo da Estrada.

Malia existiren algúns esperanzadores indicios que indican o contrario, o certo é que as fontes fotográficas foron ata o de agora pouco explotadas como recurso histórico, non pasando, a meirande parte das veces, de imaxes ilustrativas do texto ó que acompañan, ou ben simples inductoras de respostas emocionais. A edición de multitude de coleccións fotográficas que responden ó título xenérico de *memoria gráfica de…*, destinadas a satisfacer as demandas saudosas de determinados colectivos humanos, vilas ou cidades, ilústrannos abondo sobre o anteriormente exposto.

Sen embargo as fotografías, do mesmo modo que calquera outro material do pasado ofrécense ó historiador como eficaz instrumento

para axudar a interpretar e explicar a complexa realidade dos feitos. E por iso mesmo, porque a realidade histórica é complexa e case nunca unívoca ou plana, cómpre observala desde diversas perspectivas, facendo entrar en xogo tódalas fontes das que poidamos dispor –incluídas as fotografías–, na seguridade de que só mediante a súa saudable concorrencia estaremos en condicións de explicar con maior rigor e obxectividade certos aspectos do pasado.

Anímanos Jim Sharpe a plantexar novas preguntas ós documentos e apliacar neles a nosa imaxinación histórica; realizar con eles cousas diferentes e explorar os seus segredos aínda non desvelados. Este noso intento de valoración da fotografía como documento histórico inspírase nestes principios e participa daquela *aura de subversión* que caracteriza o emprego de certas fontes non ortodoxas.

## Lendo entre liñas

No xa lonxano 1989 vía a luz por primeira vez en español o libro de Carlo Ginzburg *Mitos, emblemas, indicios. Morfología e historia*[1], compilación de textos entre os que se encontraba, en último lugar, un artigo de título revelador, "Indicios. Raíces de un paradigma de inferencias indiciales", no que o autor insistía na necesidade de valorar o secundario e incluso o trivial, na seguridade de que certos detalles aparentemente ínfimos poderíannos facilitar o acceso ó realmente fundamental. Así, a sombra do sol nos obxectos, a presencia ou ausencia de follaxe nas árbores, a atenta observación da xestualidade e a vestimenta ou a localización de detalles so percibidos a través da lupa ou mediante a considerable ampliación da imaxe que hoxe nos

1 GINZBURG, CARLO. *Mitos, emblemas, indicios, morfología e historia*. Turín, 1986. Da primeira edición española, Barcelona, 1989.

facilitan os métodos informáticos, desvelan facetas que pasan desapercibidas á simple observación do producto fotográfico.

Afirma Roy Porter[2] que as fotografías constitúen artefactos culturais que transmiten signos codificados de maneira complicada a "lectores" informados. Iso é fundamentalmente certo, mais cómpre engadir que as fotografías, do mesmo modo que un texto escrito, posúe niveis de "lectura" distintos, ós que cada quen poderá acceder en virtude do seu nivel "lector", isto é, do dominio das claves de acceso a aquel producto codificado.

Abondando no anterior, a presencia de persoas ou de grupos humanos nas fotografías indúcenos a escrutar coidadosamente unha serie de factores de índole voluntaria, o que habitualmente se ven designando a "presentación do eu" e que inclúe colocación, vestimenta, xestualidade consciente, decoración, etc, xunto con aqueles outros signos que denominaremos involuntarios ou, para continuar o discurso freudiano que propón Ginzburg, inconscientes. Lemos na páxina 140 que *nuestros pequeños gestos inconscientes revelan nuestro carácter en mayor grado que cualquier otra actitud formal, de las que solemos preparar cuidadosamente*.

2 PORTER, ROY. "Historia del cuerpo", en *Formas de hacer historia*. Burke, Peter, Ed. Madrid, 1993.



1 Na primeira imaxe que presentamos o fotografíado relega a súa propia persoa a un lateral cedendo protagonismo a unha serie de instrumentos e obxectos evidentemente importantes para el e que presumimos reveladores de aspectos moi significativos da súa vida e personalidade.

Observamos que o home mira directamente ó obxectivo da cámara mais sen dar a espalda a esa serie de obxectos que sitúa nun plano de igualdade. Correcta e pulcramente vestido -fixémonos no impecable terno, o pano asomando no bolsiño dereito da chaqueta, a cadea do reloxio, os puños da camisa asomando baixo as mangas e suxeitos con xemelos- mantén un porte ergueito no que se percibe certa marcialidade; sostén coa man esquerda un cigarro e oculta no bulso, con elegante abandono, a destra.

Á dereita da imaxe aparece unha emisora conforme ós modelos e tecnoloxía da década dos anos trinta e ó seu carón un impresionante receptor de radio. Sobre este último moble vese un busto de Mozart e xusto á altura da cabeza do home unha fotografía que representa unha formación militar. A especial composición da imaxe suxire a vontade do fotografiado de ligar a súa persoa a aqueles obxectos que definen ou completan a súa personalidade; trataríase pois dunha persoa escrupulosa e amante do detalle, disciplinado e pulcro; radioaficionado avanzado (el mesmo se definía como *radiomaniático)* que goza de soltura económica; melómano e seguramente militar de alta graduación.

Efectivamente, así é; trátase do Comandante don Ángel Pereira Renda, fillo de don Camilo Pereira Freijenedo, irmá de Virxinia e polo tanto cuñado de Castelao, nunha fotografía de 1934. Dinos del don Mario Blanco Fuentes[3] *[...] Y también vivía en La Estrada otro retirado de la Ley de Azaña, don Ángel Pereira Renda, cuñado de Castelao, muy enterado de radio y que tenía una emisora de onda corta EAJ-BS (Berlín-Siberia) que fue uno de los más importantes medios de enlace que tuvieron los militares sublevados en el Noroeste de España. Esta emisora, durante la guerra,*

3 BLANCO VALDÉS, JUAN L. "A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testemuños", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* nº 6, 2003, pax. 113.

*prestó servicios civiles desde distintos puntos, enlazando con Madrid para transmitir mensajes a través de la Cruz Roja Internacional [...]*

Pola súa parte Manuel Silva Ferreiro[4], unha vez iniciado o levantamento militar de Franco, completa a anterior información dicindo que, *[...] en la noche del 19 al 20* [de xullo de 1936] *recibe esta* [a forza pública da Estrada] *del Gobernador de la provincia, orden telegráfica de proceder a la detención inmediata del Comandante Sr. Pereira Renda, y a la incautación de la emisora de Radio que aquel tenía en La Estrada.*

A presencia simbólica do busto de Mozart debemos ligalo á afición deste personaxe pola música, conforme ás lembranzas dalgúns familiares que tamén loubaron a súa mestría como pianista. O significado do cadro representando unha parada militar é evidente a teor do arriba exposto.



2

Comité organizador e madriñas da Festa dos Pereiriños do ano 1923 que se fai retratar nun marco natural no que destaca ó fondo un bosque de carballos e ... unha bandeira dos Estados Unidos de América. Aínda admitindo que neste certame escolar anual era bastante frecuente a presencia de estandartes das sociedades agrícolas, escolas, asociacións de emigrantes e enseñas nacionais, cómpre admitir que a bandeira USA supón un detalle tan exótico como inusual. A resposta a este enigma encontrámola na noticia publicada no diario *El Emigrado*[5], onde se dá conta da recaudación efectuada en Nova York pola señorita Consuelo González entre a colonia galega daquela cidade da cantidade de 462´50 pts, destinada á festa dos Pereiriños; acompaña dito donativo unha bandeira de EEUU, co rogo de que sexa izada no decurso da celebración.

4 BLANCO VALDÉS, JUAN L. "A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testemuños" en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* nº 6, 2003, pax. 123.

5 *EL EMIGRADO, periódico independiente, órgano de las sociedades de emigrados y de agricultores*. A Estrada, 30-6-1924.




3 Coma un paxaro abatido, no medio dun milleiral apréciase a incompleta imaxe dunha avioneta, arredor da que se presinte unha morea de curiosos, dos que a imaxe so capta algúns. Nun primeiro plano o home da gorra, poida que o dono da leira, pousa a carón do piloto que, con xesto abatido, semellante ó do capitán que perde a súa nave, síntese involuntario protagonista dunha aventura de final feliz. Obsérvese como tódolos paisanos levan a cabeza cuberta; tamén o contraste entre a súa indumentaria e a do piloto.

As tres relacionadas coa morte e os mortos (4, 5 e 6) , motivo pouco frecuente na fotografía actual aínda que bastante popular nas derradeiras décadas do século XIX e principios do XX, coincidindo co apoxeo da emigración transoceánica. As fotos dos finados, especialmente meniños, enviábanse ós familiares cunha dobre finalidade; a constatación dun feito que quedaba debidamente rexistrado e a lembranza do ser querido. O interese da foto 4 radica na adicatoria do seu reverso: *... dedico muy cariñosamente a mi hermano José y cuñada María esta fotografía de su ahijado finadito ...*



4



5




6



7 Velaquí a serena dignidade destas sete mulleres que pousan ante o fotógrafo con arreglo a unha coidadosa e simétrica composición e lucindo como única xoia unha ponliña de carballo, a árbore totémica de Galicia que simboliza o tesón, a nobreza e o traballo, mais tamén o indisoluble vencello entre o home e a súa terra. O carballo é tamén árbore heráldica, presente no escudo da Estrada.

8 Sen dúbida foron numerosísimas as imaxes fotográficas que non se conservaron por seren obxecto de premeditada destrucción. Outras moitas foron manipuladas coa finalidade de modificar, ocultar ou limitar o seu contido.




9 En ocasións no reverso das fotografías inclúense certas cláusulas restrictivas, coma esta do ano 1954 que, por motivos evidentes, non reproducimos.





Velaquí outro exemplo de imaxe mutilada por obra da tixeira. Os retratados son membros do Somatén, milicia civil armada refundada no 1923 por Primo de Rivera da que formou parte, coa graduación de cabo, don Benito Vigo. 10

O flemón que deformaba o fermoso rostro desta dama foi o causante da drástica ocultación, vía tinta china indeleble, do inoportuno absceso. Ignoramos se esta actuación se extendeu a tódalas copias que sen dúbida se fixeron desta foto, obtida na escaleira primitiva da Casa Consistorial da Estrada. 11





Esta imaxe foi obxecto de coidadosos recortes para suprimir certos elementos e limitar o motivo. 12

## A presentación do eu. Xestualidade e linguaxe corporal

¿É posible estudiar mediante os documentos fotográficos a evolución da expresividade corporal a través do tempo? A resposta é indudablemente afirmativa, engadindo que as fotografías –para os derradeiros 150 anos–, e a pintura en xeral, xunto con algúns escollidos textos do pasado, conformarían as únicas fontes para emprender aquel estudio. Sen embargo habemos admitir que a fotografía na súa primeira época estaba suxeita a unha serie de ríxidas normas en canto a composición, xestualidade, indumentaria e temática. Os fotografiados, do mesmo xeito que en épocas anteriores aqueles que acudían ó estudio dun pintor na procura dun retrato, aportaban únicamente a súa persoa (era frecuente en certos estudios fotograficos que se prestasen ou arrendasen traxes, xoias, abanos e outros adubíos estéticos) amoldándose no demais o cliente ás indicacións do retratista. Este actuaba sempre conforme ós cánones estéticos do momento con moi poco marxe para a innovación imaxinativa, sempre reservada a fotógrafos de talento. Pecan polo tanto aquelas imaxes de excesiva rixidez e acusan a falla da esponteneidade que só se acadou cando o avance tecnolóxico puxo en mans dos non profesionais cámaras portátiles capaces de realizar "instantáneas". A pesar de todo en ocasións aínda somos capaces de descubrir nalgunhas fotos o brillo duns ollos namorados, a altivez soberbia, o xesto vehemente, a sombra do sufrimento, a dor da saudade, rasgos que convirten esas imaxes en perennes homenaxes á dignidade do ser humano.



Suave contrapicado, mirada ó lonxe e sombras delongando no chan as figuras destes tres xoves que evocan inevitablemente a imaxe inconformista e rebelde de James Dean. 13

O ambiente sacralizado, definido polas cruces, as paredes do templo e a presencia do sacerdote, determina a actitude respectuosa, aínda que non exenta de certa espontánea cordialidade, deste grupo de persoas. Un pouco ó marxe un home observa a escea gardando a "cortesía do sombreiro". 14



15 Grupo de excelente composición en base a un triángulo rectángulo determinando unha orde descendente: don Domingo Paseiro, o pai, pedra angular da familia, ampara coa súa man á esposa sentada, dona Olivia Andión, que acouga no seo o fillo de ambos, Segundo.




16 Eran moi frecuentes as fotografías que a familia enviaba ó pai ausente na emigración, coma esta dunha nai co seu fillo. A muller, ataviada con vestido escuro practicamente exento de adornos, acolle ó tímido meniño que busca protección na man de súa nai. Foto obtida na eira da casa co palleiro servindo de fondo.



17



Nai e filla adolescente retrátanse nun estudio fotográfico. A vestimenta, acorde coa idade, é escura na nai e crara, de dúas pezas, na mociña. O retratista utilizou o recurso pictórico do abano na man, que a señora emprega para comunicarnos: "velaquí a miña filla". Ningunha das dúas mulleres mira ó obxectivo, circunstancia que imprime na foto un aire de distanciamento e intemporalidade.

18



Os vestidos brancos, moda bastante inusual en Galicia a principios do século XX, denotan a orixe cubana desta escea, na que dona Camila Fernández compón as fitas do pelo á súa presumida filliña Georgina Pereira. A calidade da roupa indica a boa posición económica das retratadas.

19 Tamén do outro lado do Atlántico procede esta excelente maternidade. Nai e fillo fundidos na albura dos lenzos.






20 Magnífico escea de recén casados que emana un suave erotismo. A modo de simbólico anticipo da noite nupcial, a muller está xa desposeída do tocado da cabeza e do veo e ofrécese ó esposo na sinuosa curva do seu corpo xove.

21 O lánguido perfil desta xove esposa que parece ocultar co seu brazo dereito un incipiente embarazo contrasta coa resolta expresión do seu home. No centro exacto da imaxe, onde converxen as diagonais, vemos xunguidas ámbalas mans. Aí mesmo nace a forza expresiva deste retrato, que se transmite ó observador mediante a mirada do varón.





Este xove romántico de finais do XIX que mantén a cabeza languidamente pousada na man evoca na súa linguaxe xestual a imaxe mesma da melancolía. 22



De novo a ausencia de homes neste enigmático retrato múltiple no que destaca a uniformidade xestual e indumentaria ¿Onde está o pai, irmán ou esposo? 23



24 Ante a porta dun importante edificio que acaban de abandoar, este grupo de sacerdotes pousan ante o fotógrafo coas súas roupas talares: sotana e capa (que algúns levan recollida ou terciada); completa o atuendo o sombreiro redondo que sustituíu á antiga tella. A postura informal dos pillabáns que se colaron no retrato contribúe a mitigar un tanto a clerical gravidade do conxunto.



25 Este xove militar mostra no retrato os atributos do seu oficio, emprego e arma: tenente do Corpo de Enxeñeiros do exército, galardoado cunha medalla que loce no ombreiro esquerdo. O seu corpo apóiase sobre o sable, arma reservada ó uniforme de gala dos oficiais.



O interese deste magnífico retrato reside na contradicción que se establece entre a idade do modelo –apenas un adolescente–, e a imaxe de adulto que nos transmite a fotografía. Para lograr este obxectivo o fotógrafo "moldeou" a expresividade do rostro e empregou un atuendo propio de home de máis idade. Excelente a iluminación. 26




A principio do século vinte popularizáronse estas series fotográficas onde o modelo era retratado en diversas poses, como esta dama que loce elegante conxunto completado cun aparatoso toucado con frores. Daquela era frecuente que nos estudios fotográficos de máis categoría se realizasen tamén pinturas. 27

28 Elegante e segura de si mesma esta dama obsérvanos desde o óvalo perfecto do seu rostro. A súa linguaxe corporal revela certo aire desenfadado que se manifesta na colocación das pernas. A imaxe do mantón de manila que cae ós seus pés a modo de cascada pon tamén en evidencia o gusto da muller pola ostentación. Mais ¿Por que oculta a súa man esquerda?



29 A prosperidade que na década dos anos vinte vive a República Arxentina faise patente na imaxe fotográfica deste galego emigrado que camiña de par dos seus dous fillos, Elena e Jorge, por un elegante paseo da cidade de Mar de Plata.





Interior burgués con alfombra de pel de animal para esta parella de acomodados propietarios bonaerenses. A xestualidade e posta en escea do varón, solidamente sentado nunha torneada cadeira, denotan seguridade en si mesmo e orgullo da folganza económica que mostra. A muller, semioculta tralo seu esposo e levemente inclinada hacia el, asume no retrato o seu papel secundario. 30



O zapato prano e os grandes lazos no pelo delatan a xuventude destas fermosas mulleres en pleno tránsito á idade adulta, que se adiviña xa na serena expresión dos seus rostros e a dignidade do porte. 31

32 Retrato de don Francisco Salgado (†A Estrada 1881) bisavó paterno de Georgina Pereira.



33 Retrato de don Juan Salgado. Buenos Aires 1878.





34 Retrato de don José Salgado. Santiago de Compostela, 1877.



35 Retrato de dona Rosario Salgado. Santiago de Compostela, 1883.

## Tempo de convivencia e lecer

Mentres que no campo, ata épocas ben recentes, a actividade humana estaba sometida ó ritmo das estacións e das faenas agrícolas, a vida urbana presentaba características propias incluso nunha vila fortemente vencellada ó seu entorno rural como A Estrada. Estas peculiaridade virían definidas, desde o punto de vista humano e económico, pola presencia dunha pequena burguesía terratenente, rentista ou comerciante; a existencia do funcionariado propio dunha capitalidade municipal (e dun destacamento militar en certas épocas) e, por último, por uns traballadores asalariados que podían compaxinar a súa actividade ordinaria coas faenas agrícolas. A celebración regular de feiras, a acumulación de capitales na vila e a existencia de locales específicos de esparcemento e diversión conformarían, finalmente, un "modelo vilego" de concebir o lecer e disfrutar do tempo libre.



Actores no decurso dun ensaio da obra *Media naranja*, dos irmáns Quintero, celebrada no Salón Novedades da Estrada o domingo, nove de novembro do 1924, coa fin de recaudar fondos para a obra da "Igrexa nova". Ver tamén foto 99. 36

Grupo de danza e declamación formado por dona Melania Nine e grupo de gaiteiros, nunha foto obtida no esceario do Salón Novedades da Estrada, no decurso da velada benéfica á que fixemos referencia. 37





38 O anterior grupo, do que faltan tres mulleres, xunto cos gaiteiros de Soutelo, retratado na carballeira de Gradín propiedade da familia Nine e lugar frecuentado por dona Melania para celebrar eventos sociais e festas escolares.

39 Un grupo de estradenses disfrutan de conversa e compañía nunha soleada mañá de domingo (ou poida que das festas patronais, en vista dos elegantes atuendos) no *Portland* da praza principal.





As cubas do viño, o mostrador, o vaso colocado na repisa, a máquina de cortar fiambre, calendario de Justino Bastida... todo parece indicar o interior dun café-bar ou taberna na que un grupo de amigos departe en alegra camaradería. ¿Falaban quizás de fútbol? 40

É a hora da sobremesa e os comensais, incluídos nenos, agrúpanse na cabeceira da mesa para facer o retrato de lembranza que mandarán ós seus lonxanos e queridos familiares da Estrada. 41





42 Baixo o lobio inzado de uvas por madurar varias familias celebran un banquete nupcial. Na parede do fondo, encolgado da parede vese unha popular reprodución da *Última cea*, de Leonardo da Vinci, coa súa embalaxe orixinal, poida que fose un regalo. Xullo 1965.

43 Vestidos coas lixeiras e informais roupas que impón o verán e a vida ó aire libre, este grupo mantén un coloquio polarizado polas persoas que ocupan as cabeceiras da rústica mesa. Alleos á conversa, dous dos rapaces observan o fotógrafo.





A procesión co santo patrón de cada parroquia adoitaba celebrarse no decurso da misa solemne, completando unha volta arredor da igrexa e nela participaba todo o pobo, o sacerdote titular da parroquia, cregos convidados e a banda de música interpretando unha marcha procesional. Viña despois o xantar de festa e á noite a romaría e o baile. 44

Cando os rapaces acadaban o "uso de razón" –arredor dos sete anos–, estaban xa en condicións de celebrar a súa Primeira Comunión, cerimonia que suplía o antiquísimo rito de iniciación á idade adulta. Comulgante e invitados a unha Primeira Comunión nunha parroquia rural. 45



46 A mesma cerimonia nunha parroquia urbana. Obsérvese como os adultos ocupan unha zoa marxinal da fotografía, conscientes de que o verdadeiro protagonista é o neno, vestido de almirante, e os rapaces que o acompañan.






47 Aínda que máis tarde se extendeu a tódalas crases sociais, nun principio o veraneo convertiuse nun dos máis importante signos de identidade das familias burguesas e con posibles. A partir dos anos finais da decimonovena centuria os *baños de mar* acadan unha extraordinaria popularidade na súa doble faceta de actividade hixiénica e social. Como se aprecia na foto, tanto mulleres coma homes tomaban os baños case completamente vestidos.



En ocasións as familias alquilaban unha casa a carón do mar para efectuar o seu periodo de veraneo, época na que eran especialmente ditosos os rapaces, que convivían cunha rolada de primos da súa idade. As mulleres coidan da prole mentres os homes permanecían nos seus postos de traballo. 48



Noutras ocasións as familias elixían o campo para pasar as vacacións: un alegre día de lecer en compañía dos amigos. 49



50 Os emigrantes galegos que vivían nas cidades americanas aproveitaban os domingos para disfrutar de reunións familiares nas que, ocasionalmente, participaba algún amigo. Nesta instantánea de 1920 a carón da familia aparecen dous profesores dos rapaces (4 e 6) e dúas serventas (8 e 17).



51 Grupo Scout que serviría de modelo ós Exploradores estradenses, 1924 ca. Foi o seu Presidente e “Jefe de Tropa” don Pedro Gil Crespo. Entre os seus obxectivos figuraba *... preservar al niño estradense, aun no corrompido por los afanes políticos ... y conservar intactas las virtudes innatas en la raza celta ....* Diario *El Emigrado*, 16-8-1924.



Despedida do Capitán Bielza. Sentados: dona Melania Nine Fraga e o capitán don José Bielza, Delegado Gubernativo. En pé, varias mulleres (entre elas Georgina Pereira, Sofía Vicente, Conchita Villar, Carlota Gil, Aurora Sánchez e Carmen Villar) ataviadas con bandas coas cores nacionais e a bandeira de España. O militar fora destinado á Escola Superior de Guerra. 52

## A evolución da paisaxe urbana

As cidades, as vilas, os núcleos urbanos en xeral responden a modelos sempre inconclusos sometidos a un permanente proceso de transformación que as vai adaptando ás necesidades que acucian ós seus habitantes. Os paulatinos cambios que experimenta un núcleo urbano son especialmente perceptibles na longa duración a través das *imaxes conxeladas* que nos ofrecen os planos de poboación e as fotografías, fundamentalmente.

As numerosas fotografías urbanas que da Estrada se conservan faría posible o estudio diacrónico do peculiarísimo proceso de urbanización desta vila que naceu nunha encrucillada de camiños; non pretendemos efectualo nesta ocasión, conformándonos agora con presentar, a modo de anticipo, unha serie de imaxes que poden ilustrar, aínda que sexa someramente, aquela evolución.



A rúa San Paio, debido á pouca presión urbanística que sobre ela se exerceu, mantivo a súa fisonomía case inalterable durante moitos anos. Fins do século XIX. 53

O mesmo vial nos anos vinte. 54





55 Perspectiva da rúa San Paio coa Igrexa parroquial da mesma advocación á dereita.

56 Vetusta fotografía da que xenéricamente denominaremos “Praza Principal”, que tantos cambios de denominación experimentou no decurso dos anos. Obsévese a insólita imaxe dun carro de vacas “estacionado” no que posteriormente se denominaría *Portland,* xusto diante do actual comercio *Loigar.*





Fotografía coetánea da anterior que nos presenta o lado sur da mesma praza, da 57
que partían as rúas Ulla, Serafín Pazo, San Lorenzo, Peregrina e San Paio, polo que popularmente era denominada a praza das *cinco calles.* A rúa Travesía da Igrexa, actual D. Nicolás, foi urbanizada máis tarde. Naquela época -finais do século XIX, principios do XX- a toma dunha fotografía convocaba unha gran cantidade de curiosos que aportaban calor humano ás paisaxes urbanas.

O plano da Estrada respondía ó modelo longuilíneo propio de "vila de camiño". A 58
Praza Principal exercía de nucleo rector e aglutinante do deseño urbano e nela confluían as máis importantes rúas da vila.



59 Nesta vista aérea pódense apreciar, todavía en pé, tres dos edificios máis significativos da Estrada, hoxe desaparecidos: A antiga igrexa parroquial de San Paio, a Praza de Abastos e a casa popularmente coñecida como "da ferretería Parrondo".




60 A saturación urbana do centro da vila aconsellou a apertura dun gran vial paralelo (xa prevista no plano de urbanismo do ano 1926) que desafogase aquela área e permitise a creación de solo urbano. Así xorde a Avenida de Benito Vigo, a popular "Gran Vía" que apreciamos na fotografía todavía sen urbanizar. Destaca á esquerda o Grupo Escolar "José Antonio Primo de Rivera".





61

Interesante retrato que nos ilustra sobre a evolución da paisaxe rural en Ouzande; así vería Alfonso Castelao o entorno da igrexa parroquial, motivo recurrente na súa producción gráfica. Ouzande 1917.

62

Anchas aceras e firme da rúa groseiramente empedrado. O característico perfil da *casa do escobeiro* (empezada a construir no 1925) aínda non se destaca no fondo.






63 Entronque da rúa Peregrina coa Praza Principal. Apréciese como as persoas -moitos nenos-, se desprazan maioritariamente pola rúa, o que nos ilustra sobre a intensidade do tráfico na Estrada a mediados dos anos vinte. Na parede da primeira casa retranqueada situábase o único escudo urbano coñecido.



64 Metade sur da Praza Principal e arranque da rúa Serafín Pazo. No fondo destaca a impresionante cúpula da casa consistorial.



Outra vista da Praza Principal, á sazón Ramiro Ciorraga. Destaca a amplitude dos espacios reservados ós viandantes e o aspecto pulcro, fortemente humanizado, do conxunto. 65



Perspectiva elevada da anterior paisaxe. Día de calor; os paseantes procuran a frescura das árbores e a sombra dos edificios, agás un grupo de curiosos rapaces que observan ó fotógrafo. 66



Vista da Praza da Feira, na que destaca a fonte pública e algún daqueles "coches mixtos" que transportaban xente e gando simultaneamente. Á dereita exemplar supervivinte da inmensa carballeira que outrora bordeou a vila polo Norte e Leste, desde Vilar deica Matalobos, e da que son senlleiros testigos algúns carballos da feira, Gradín e carballeira municipal. 67



68 Bucólica imaxe da igrexa parroquial rodeada de hortas con hórreo. Á esquerda apréciase a casa dos Cusidó, coa súa aguia coroando o cumio.

69 Ruína da antiga igrexa parroquial e perspectiva da rúa San Paio.





Asido a un dos paus da portería o entrenador berra ós seus xogadores. Primitivo "campo de fútbol" da Baiuca. A cúpula do Concello e o perfil da antiga Escola de Traballo (no solar que posteriormente ocupou o Instituto de Ensino Medio) ofrécense como referentes visuais. 70



Día de feira na Estrada; carros de vacas circulando pola rúa posteriormente denominada *Calvo Sotelo,* animais nas aceras e farola de queroseno: 1880 ca. 67

## A vila como escenario

Os historiadores urbanos, (en especial Sennett, 1977) admiten case sen reservas que a utilización dos espacios públicos polos habitantes das cidades sufríu un progresivo retraemento que culminaría no século XIX, cando se consumou a definitiva retirada ó ámbito privado en detrimento dos lugares públicos. Aínda así as prazas e rúas de moitas cidades e vilas seguiron conservando aquel primitivo protagonismo constituíndose en improvisados escenarios nos que a xente manifestaba a súa devoción nas procesións, o fervor político dos mitins e manifestacións, a afirmación como pobo e a demanda de servicios que se consideraban imprescindibles. O espacio público foi tamén ámbito de disfrute e lecer nos paseos, terrazas, parques e espectáculos ó aire libre, sen esquencer que na conciencia colectiva estas áreas urbanas eríxense aínda en reductos de liberdade onde en ocasións aflora a subversión e a rebeldía.




72 Pintura mural no valado dun solar da rúa Irida reivindicando a revolución sandinista en Nicaragua.



73 Improvisado taboleiro de anuncios nas paredes dunhas casas deshabitadas: propaganda das eleccións autonómicas galegas do ano 1989.



74 Os gandeiros da Estrada efectúan unha *tractorada* en demanda de melloras da súa situación laboral, abril de 1990.



75 Carreira de burros infantil, humoristicamente anunciada como *Gran Derby asnal*. A praza pública constituída en escceario, do que son observatorios privilexiados balcóns e ventás das casas, algunhas xa desaparecidas.

76 Os autobuses, camións e turismos da vila coidadosamante aparcados á espera da bendición do cura no San Cristobo do 1953.





A *Travesía de la iglesia,* tamén coñecida como *Calle de Vega de Armijo* e actualmente *don Nicolás*, loce adornos de gala baixo os que as "anxiñas" sorrín en devota actitude. Diante da igrexa parroquial non se encontra aínda a imaxe da Inmaculada e o edificio aparece sen a torre, que finalmente se levantou en cemento. 77

A vila engalanada para as festas; vista nocturna. 78





79 Esta serie de tres fotografías podería recibir o título *Un día de feira do ano 1923.* A inclinación das sombras, o emprego do paraugas para se protexer dos raios solares e o tránsito pola umbría da rúa Peregrina, fálannos dunha mañá calurosa de verán.



80 Apenas un minuto máis tarde (fixémonos nas mulleres que portan, respectivamente, unha cesta e un cesto) o fotógrafo, situado nun balcón da casa dos Pereira, dispara a segunda instantánea na que se percibe a xente facendo a feira na Praza Principal.



A terceira fotografía está efectuada nun día distinto desde un lugar elevado que, 81
evidentemente, non se corresponde co anterior. Apreciamos o rebumbio do mercado, os tenderetes e os inevitables rapaces que porfían por sair no retrato.




A construcción dunha vía férrea que pasase pola Estrada foi unha das máis per- 82
manentes reivindicacións deste pobo. Desde 1896 deica agosto do 2004 sucedéronse os actos de reclamación daquela mellora; sen embargo o de maior trascendencia celebrouse na vila o 8-3-1925 e del conservamos unha magnífica serie documental. Na foto, a manifestación parte da rúa San Paio.



83 Banda de música e estandartes das sociedades agrarias abren a manifestación popular. Comenta Manuel García Barros a propósito deste acto: *... La Estrada se viste de fiesta engalanando sus balcones y cerrando sus comercios. La gente afluye por todas las avenidas. Las bocacalles ostentan artísticos arcos de follaje, con sus flameantes gallardetes, con sus representativos escudos a cuyos esmaltes de oro y plata arranca el sol vivos reflejos...*[6].



84 Á espera das autoridades provinciais na Praza Principal. Varias mulleres enchen as baldas ou sellas de madeira na fonte pública. Ventás engalanadas coa bandeira nacional e ruínas dunha casa derrubada xa no 1923.

6 *EL EMIGRADO, diario independiente, órgano de las sociedades de emigrados y de agricultores*. A Estrada, 16-3-1925.




Once da mañán aproximadamente. Chega á Praza Principal da vila a caravana de automóbiles que transporta ás autoridades. Obsérvese un dos *artísticos arcos de follaje* que menciona Ken Keirades. A construcción da "Casa do Escobeiro" na esquina da Praza de Ramiro Ciorraga con Peregrina e a retirada do antiestético transformador habían modificar completamente a fisonomía deste espacio só un ano máis tarde. 85




Xa pola tarde, concentración popular ante o palco de autoridades no momento en que fai uso da palabra o Sr. Gobernador Civil da Provincia D. José M. R. Villaamil. 86




87 Esta excelente fotografía de gran valor documental aproxímanos ás persoas reunidas no palco de autoridades o 8 de marzo de 1925 para reivindicar o ferrocarril pola Estrada. Apréciese a placa recén descuberta co novo nome da praza: *PLAZA I3 DE SEPTIEMBRE.* Á dereita: Gobernador civil (con gafas e bigote), don Nicolás Mato e don Benito Vigo (de espaldas), entre outros. Á esquerda: dona Melania Nine, madriña do acto, Sr. Castedo, tenente de Alcalde e mozas en traxe rexional, entre elas, por citar só unha, Georgina Pereira.



88 Última da serie de fotos de Blanco. O público, que García Barros cifrou en torno ás 2.000 persoas, escoita a disertación dun dos oradores ... e o ferrocarril non veu á Estrada.

## A representación do traballo

Un dos asuntos máis difíciles de captar a través de imaxes fotográficas sería o do traballo, actividade esta algo apartada do repertorio de motivos *fotografiables* e polo tanto máis proclive a situarse no ámbito da fotografía "especializada", case documental. A súa escaseza valora aínda máis se cabe estas vellas imaxes que nos axudan a lembrar a forma en que noutros tempos os nosos devanceiros se enfrontaban á dura –a veces durísima– tarefa de ganar o pan de cada día.

89 A construcción do viaducto da Ponte Ulla, entre os concellos da Estrada e Vedra, deu traballo a gran cantidade de operarios entre os que podían encontrarse rapaces coma este da foto.



90 A Segunda Guerra Mundial puxo en valor os xacementos de volframio de Fontao, actualmente abandoados. Unha vez extraída a parte máis rica do filón, a mena, o río Deza arrastraba pequenas cantidades de mineral que era separado da area mediante un proceso de decantado no que se empregaban uns recipientes especiais de pouco fondo. Centos de estradenses probaron fortuna naquela gran aventura do volframio.





A actividade tipográfica estradense experimentou un gran esplendor no primeiro tercio do século XX como o demostra a publicación dos diarios, *El Emigrado, El Estradense* ou *La Palanca,* entre outros. Sobrevive algunha daquelas vellas imprentas dedicadas, fundamentalmente, á confección de impresos breves como esquelas ou invitacións. 91

Nas décadas dos cincuenta e sesenta os fabricantes de máquinas de coser estimularon a demanda dos seus productos, *Alfa, Sigma, Singer ...* mediante a organización de cursos de costura ó que acudían as súas potenciais clientas. 92





93 Acto de clausura dun curso de soldadores do PPO (Promoción Profesional Obrera) na Estrada, especie de formación laboral acelerada e eminentemente práctica, impartida por técnicos de cada especialidade.

94 Na década dos anos sesenta constrúese o embalse do Monte Pedroso para abastecer de auga potable a vila da Estrada. A conducción da auga deica o punto de distribución supón unha obra considerable na que se emprega numerosa man de obra non especializada, meniños e mulleres incluídos. Cobertura da tubería con mulime e terra.





Moitos emigrante galegos rexentaron na América prósperos negocios, coma este de confección e tecidos. Mentres o dono le displicentemente un diario, os dependentes e rapaz dos recados pousan para esta fotografía na cidade da Habana. 95



A carón da vizosa uveira érguese lentamente o palleiro que garda mantenza do ano para o gando. Labor colectivo por excelencia, nel participa toda a familia e incluso algún veciño sen exclusión das mulleres, que traballan a carón dos homes. 96



97 O laboreo das terras con arado e tiro animal, na que as mulleres, conforme á súa idade, participaban activamente, convertiuse xa nunha escea para a lembranza.

99 Tódolos estradenses temos contraída unha impagable débeda de gratitude con aqueles mestres sacrificados e entusiastas de antano que, nunhas condicións de traballo a veces ínfimas, souberon formar xeracións de homes e mulleres útiles á sociedade.



## A fotografía como documento

A información aportada pola fotografía conclúe habitualmente na imaxe que transmite: rango icónico primario. Sen embargo, en contadas -e felices- ocasións, o seu valor documental pódese ver considerablemente enriquecido cando concorren certos factores como datas, lugares ou relacións de persoas, propiciando deste modo un nivel superior de información que denominaremos "documental" ou "secundario". Habitualmente estas notas manuscritas consígnanse no reverso da fotografía e son contemporáneas á súa obtención. Outras veces, sen embargo, engádense anos máis tarde para fixar de forma definitiva aqueles datos e circunstancias que se atopan xa no límite da memoria.

Cabe unha terceira modalidade de documentación, aquela á que acudimos habitualmente no Arquivo Gráfico do Museo, e que consiste en reconstruir as circunstancias de cada imaxe en base ós datos conservados na memoria das persoas, cartas, prensa e testemuños da máis variada índole.



99 No reverso da fotografía pódese leer: *1924. Componentes de la obra a favor de la Iglesia Nueva. Izquierda a derecha: Enrique Franco, Miguel Carrero, Comandante Velasco, Cándido Tafalla, Javier Casais; Georgina Pereira, Consuelo Ruza y José Pereira Rial.* Podemos completar esta información en *El Emigrado,* 16-11-1924. Pódese ver a foto nº 36.

100






Fotografía dunha promoción de Bacharelato en Santiago con profesores, alumnos e conserxes. A información, aportada sen dúbida polo alumno Juan Lois García (cabeza destacada), estudiante de 5º curso, ocupa as áreas marxinais da imaxe. 101

En ocasións os fotógrafos ambulantes tomaban fotografías das familias no seu propio medio (100), coma esta obtida en Riobó no 1908. A numeración correspóndese na parte posterior co nome de cada persoa: 1. Jesús Baltar Villaverde (porta unha *requinta*, instrumento que tamén tocaba seu irmán José) 2. José Pazos Canicoba, 3. Socorro Gondar Cidre, 4. Carmela Pazos Canicoba, 5. Aurora Pereiras Pazos, 6. Mercedes Pereiras Pazos, 7. Ramón Rey, 8. Dolores Pazos Gondar, 9. Dolores Rey Pereiras, 10. Manuel Pazos Gondar, 11. José Baltar Villaverde, 12. Ramón Pazos Gondar, 13. José Pazos Gondar, 14. Manuel Rey Pereiras. Non se fai referencia ás dúas meniñas máis pequenas.




102 En ocasións o texto (rango informativo secundario) sitúase no anverso da fotografía, chegando incluso a invadir o espacio reservado á propia imaxe, vinculada sempre, como deixamos dito, ó "rango icónico ou primario" ¿Carta-foto ou foto-carta?




103 A identificación das persoas ven dada polos números que corresponden a cada unha delas: 1. D. Benjamín Lois e 2. D. Constantino Sieiro Simal.



Palco de autoridades asistentes á Festa dos Pereiriños o 5 de xullo do 1925. De dereita a esquerda: don Manuel Torres Agrelo, deputado provincial; don Daniel de la Sota, Presidente da Deputación de Pontevedra; Sr. Espinosa, deputado provincial; Sr. Villaamil, Gobernador Civil; Sr. Rey Maceira, secretario da Comisión organizadora dos Pereiriños; Sr. Iturrioz, Delegado Gubernativo; Sr. Arca Castro, tesoureiro da Comisión; don Benito Vigo, Alcalde da Estrada; Sr. Andreu, enxeñeiro agrónomo; Sr. Adrio, perito agrónomo; Sr. Presidente do sindicato agrícola; Sr. Peleteiro, secretario do Gobernador e don José Fondevila Torres. 104



Eran mozos no 1915: de esquerda a dereita, Faustino Ulloa Otero, Agustín Fernández Pereira, Paco Franco Señarís, Antucho Barcala e Antonio Campos Paseiro. 105



106 Cada fotografía que ingresa no Arquivo gráfico do Museo Manuel Reimóndez Portela é sometida a un proceso de documentación que posteriormente se adxunta a imaxe dixital da foto. Reproducimos a continuación varios exemplos da primeira fase deste procedemento. Excursión de mulleres estradensea a Convadonga, 1958.



107 A mesma fotografía documentada.



Grupo de persoas participantes na comida de homenaxe a don Manuel Landeiro Piñeiro ó ser ascendido a Maxistrado. A Estrada, setembro de 1957. 108




A anterior fotografía xa documentada. 109



110 As fotografías de grupos nas que aparecen persoas de distintas idades ofrecen a posibilidade de establecer “cronoloxías relativas” e “secuencias de coetáneos”, tan valiosas cando se carece de datacións precisas. O valor documental desta imaxe (xa coñecida por outra parte nesta vila) reside na información que nos proporciona o reverso, circunstancia que a dota dun importante valor engadido: “*En la ventana, Pepe Campos. Primera fila: de pie, una de Figueroa, un niño de idem, otra niña de id, Isaura Calvo, Sinda Crisóstomo, Carmen Durán, Evangelina Durán, Concepción Gestoso, N. Varela, cura párroco, Sofía Carballeda, Mercedes con Mª Carmen de la Calle, Carlota Gil, María Santos, Corona Pazo, Lucita Pazo, Merceditas Barcala. Segunda fila: Carmen Neira, Etelvina de la Cuvela, Francisco Gestoso, Inés Carballeda, Elvira Sanmartín Rey, Mª Teresa Señorán, Georgina Pereira, María Mayo, Fernando C. Tercera fila: Carmen Oliveira, las cuatro hermanas Sanmartín Mayo, María y Lino Valcárcel, Rafael Sanmartín, Saturio de la Calle, Manuel de la Calle, un niño, Severino Riveira, Pepe Franco, Néstor Neira. Cuarta fila: María Pájaro, América Vilariño, las hermanas Riveira de Figueroa, Miguel de la Calle, Cándido Vigo, Alejandro Hidalgo, Luis Sanmartín con Elena, Pepe Piñeiro, ¿? Durán, Carlos Señorán, Laura Araujo y Manuel Piñeiro.”*

## Memoria do desaparecido

A modo de saudosa evocación e xeral coñecemento dos estradenses máis novos, traemos agora á memoria algúns edificios xa desaparecidos que un día formaron parte da paisaxe urbana da vila. Sen embargo non son só edificios e casas os que perecen sacrificados á evolución urbanística dos pobos; tamén as paisaxes naturais se transforman en virtude do emprego que en cada momento se lle dá ó solo.



111 Estructura adventicia que afeaba a fermosa arcada do estanque do Pazo de Oca.

112 Edificio de pedra da Praza Principal da Estrada, a carón dunha casa que se derumbou no ano 1924. Hai un texto no anverso da fotografía: *"ESTRADA. Plaza Principal. En construcción para B. Pío Losada".* A profusión de ventás e galerías desta fermosa casa denota a súa crara vocación de mirador privilexiado da praza pública.






113 Tralo incendio da parroquial de Figueroa constrúese –mediados do século XIX– a nova igrexa de San Paio, reutilizando o campanario orixinal. A portada responde ó gusto neoclásico serodio: corpo rectangular delimitado por pilastras adosadas e frontón clásico rematado por acróteras. Foi derrubada no 1972. O texto facilítanos a data da fotografía e ilústranos sobre o urbanismo e vestimenta da época.




114 Entrada principal da antiga praza de abastos da Estrada. Entre dous cornos da abundancia –elaborados en azulexo da Cerámica Celta de Cesures–, un texto infórmanos da función do edificio e data de construcción.




115 Situado perto da embocadura da antiga rúa San Lorenzo, a fermosura e persoalidade deste singular edificio residía no plantexamento arquitectónico do segundo corpo da fachada e a espaciosa mansarda con balcón sostida por columnas.



116 Ninguén poderá xa percorrer este bucólico camiño, tapizado de follas secas e ourizos de castiñeiro. Foi achanzado no seu día para construír a Academia de Policía da Estrada.



117 Romántica imaxe de "Villa Parque", edificio de Villa Brasil rodeado de camelios. No cumio había unha placa marmórea coa seguinte inscrición: *19¿?5. VILLA PARQUE. G. BERGUEIRO.*



118 Fachadas a dúas rúas, Peregrina e Travesía de Vea. No primeiro andar deste edificio ubicouse a sede local da Sección Femenina da Falange Española, onde tantas mulleres realizaron o seu *Servicio Social.*



119 Soberbiamente ergueito entre dous colosos este edificio de armónica feitura ofrécese como heroico testemuño da arquitectura vilega das últimas décadas do século XIX.

## Os ámbitos do privado

Advertíanos Michelle Perrot[7] das enormes dificultades que han superar os historiadores da vida privada para introducirse naquel mundo sumido na penumbra da reserva e xeralmente vedado a tódalas persoas alleas ó estricto círculo familiar. E máis adiante engadía outra circunstancia bastante reveladora: a meirande parte das imaxes relacionadas coa vida familiar e privada proceden de ambientes estrictamente burgueses, circunstancia que inclina a balanza das evidencias gráficas contra o lado daquel grupo social. Este segundo aserto foi sobradamente confirmado no decurso das nosas pesquisas fotográficas; aceptamos a limitación que as fontes impoñen e pasamos a ofrecer o vagaxe da nosa escolma.

7 PERROT, MICHELLE, "La familia triunfante" en *Historia de la vida privada*. Madrid, 1989.



120 Contención xestual neste grupo de amigos sorprendidos polo obxectivo no transcurso da súa conversación. Apréciase a asunción do rol postural propio de cada sexo na colocación das pernas e xestualidade da cara. A parede empapelada, o sofá, a presencia –pouco espontánea– de monecas de porcelana e a propia indumentaria dos tertuliáns revelan a súa posición acomodada.

121 Familia retratada nun floreado rincón da sala. A expresión seria e reflexiva dos pais contrasta co irónico sorriso dos rapaces.





122 A intensa luz lateral eríxese en verdadeira protagonista desta excelente fotografía: acentuando o perfil do rostro paterno e reducindo a miúda figura do neno a un violento contraste de luz e sombra. Na penumbra, un tanto retraída, a meniña mira a cámara con xesto tímido.

123 Na propia alcoba, último reducto da privacidade, esta sorrinte dama pousa para o fotógrafo coa indumentaria propia de andar pola casa. A presencia do espello denota unha concesión á coquetería feminina, mentres que a proximidade das fotografías dos seres queridos simboliza o apego á familia.





A fotografía ante o umbral da casa ofrece unha solución intermedia entre a fría foto de estudio e o interior doméstico que se presinte trala porta aberta. Matrimonio estradense no pórtico da súa vivenda americana. 124



As ventás con vidros establecían unha sutil fronteira entre o ámbito privado e o público e servían para comunicar ambos mundos. 125



126 A electrificación doméstica supuxo a victoria definitiva da luz contra as tebras nas longas noites da invernía. 126

127 As hortas traseiras de moitas casas vilegas supoñían unha extensión da propia vivenda adquirrindo a consideración de ámbito semiprivado onde se podía encontrar un hórreo, o pozo da auga ou os tendais de enxugar a roupa.



128



Velaquí os venerables restos dun *parladoiro* pertencente a unha casa rectoral arruinada. Sentadas nos seus poios as persoas disfrutaban da conversación mentres admiraban a paisaxe ou vixiaban o gando.

## A mirada da inocencia

Repeiteados, coas fitas do pelo recén amañadas e coidadosamente colocados (¡ quietiños, non vos movades, mirade o paxariño ...!) asoman os pícaros nas fotos dos vellos álbumes familiares, case sempre adoptando unha actitude tranquila e xuiciosa, froito da profesionalidade e paciencia do fotógrafo. Sen embargo a meirande parte destas fotos adoecen de falta de espontaneidade e ofrecen unha imaxe falseada da persoalidade infantil, pois de todos é coñecido que o acougo dos rapaces ante a cámara é mera apariencia, efémera formalidade que dura xusto o tempo de accionar o obturador. Cómpre tamén admitir que as fotografías de nenos responden case sempre a modelos estandarizados e fortemente mediatizados polos pais (cliente), a pericia do fotógrafo e gustos do momento.

Aínda así estas fotos de meniños exercen sobre nós unha especial fascinación que nace no máis íntimo do noso ser, alá onde cada quen evoca con infinita nostalxia os tempos en que foi neno. Cando aínda podiamos observar o mundo coa mirada da inocencia.

Omitimos deliberadamente os comentarios das imaxes de nenos que seguen; ante calquera dúbida interróguense os seus ollos.





129, 130

131, 132







133

134







135, 136

137, 138







139

140



141





142



143



144

## ¿Fotobiografía, biofotografía?

Nos últimos anos está acadando certo predicamento un subxénero biográfico denominado *fotobiografía*, producto sustentado fundamentalmente nas imaxes fotográficas, no que o texto acada un valor secundario, constituíndose en mero auxiliar da imaxe á que serve.

Afirma a sabiduría popular que a vida dunha persoa está escrita no seu rostro, o mesmo que os rasgos dominantes do seu carácter. Daquela tamén debería ser factible a *biofotografía*, especialidade *non nata* que tivese como principal obxectivo o rexistro da evolución físico-corporal das persoas ó longo de todo o seu itinerario vital, mediante o emprego de dilatadas series de imaxes que nos ilustrarían sobre o modo en que o paso do tempo vai modelando corpos e rostros e poñendo en evidencia rasgos que perduran á par doutros que se modifican ou acaban desaparecendo.

A modo de exemplo incluímos a continuación unha breve serie fotográfica, deliberadamente limitada por cuestión de espacio, que mostra a evolución física - ¿e por que non? tamén psicolóxica-, dunha persoa dende a infancia deica a idade adulta. Dona Georgina Pereira Fernández (illa de Malta, 1909 – A Habana 1980 ca.)



Fotografía tomada na Habana no 1910, ós sete meses de idade. 145



En Cuba con seus pais Luis Pereira e Cándida Fernández, tíos e prima; georgina é a meniña da dereita. 146

147 Ós trece anos e medio de idade.





148 Georgina ós vinte anos.



149 Caracterizada para unha función teatral na Estrada, ano 1925.



Retrato tomado ós 21 anos da súa idade. 150



Con súa nai Cándida na Habana no 1927. 151

## A imaxe da familia



152 Alegoría do paso do tempo nesta imaxe onde a tenra idade dos meniños contrasta coa vellez da adusta avoa.



153 A perfeccción compositiva e técnica xunto coa intensa emoción que emana deste magnífico retrato falan ás craras dun daqueles excelentes fotógrafos de estudio que non descoñecían a obra pictórica de Ingres, Gainsborough ou Reynolds.



A familia nos seus inicios: xove matrimonio e meniña que se sinte adorada por seus pais. 154



Protagonismo absoluto do recén nacido no que converxen as tenras miradas do pai e da nai. 155

156 As fotografías de “nais soas” ofrécense a miúdo como testemuños da ruptura familiar producida pola emigración. Moitas destas fotos estaban destinadas mitigar a saudade do pai ausente.



157 Durante a ausencia do marido as mulleres asumían en solitario a educación dos fillos e preservaban co seu traballo a supervivencia da familia.





As familias amplas convivían armonicamente baixo o mesmo teito, compartindo pan e traballo. Interesante imaxe que pon en evidencia o contraste xeracional. Os palleiros e hórreos, símbolos da fartura e da previsión, aparecen con moitísima frecuencia como fondo nas fotos campesiñas. 158



Os pais anciáns conviven cos fillos e netos nesta familia retratada no 1920 por don Pedro Brey. 159



160 Estes dous felices anciáns son a viva imaxe da pervivencia do amor tras longos anos de vida en común.

## Varia

Neste apartado inclúense algunhas fotografías certamente singulares pero de difícil clasificación. O exotismo de terras lonxanas, a saudosa lembranza dos anos da escola, a atmósfera de misterio que impregna algunha foto ... Lanzamos tamén un desafío a todos aqueles que desexen poñer a proba as súas cualidades investigadoras. Certas fotografías reproduciránse sen pé; no seu lugar inclúense unhas liñas en branco onde quen o desexe, trala pertinente pescuda, escribirá os nomes e demáis circunstancias relacionadas coas fotos en cuestión. Traballo interactivo, colaboración investigadora, reto intelectual ... ¿de que maneira poderiamos bautizar esta proposta?

161 Soldado do Batallón de Regulares de África que axudou a Franco na súa rebelión militar. Posiblemente un "afillado de guerra" dalgunha estradense.



162 Curiosa e perturbadora fotografía tomada nun hospital de campaña durante a contenda civil española do 1936. O soldado ferido, pertencente á tropa nativa de África, pousa a man esquerda sobre a madriña de guerra (ou poida que enfermeira) quen, desentendéndose del, mira fixamante á cámara.





Un soldado galego, de servicio en África escorrenta as langostas, que voan sobre o ermo areoso. 163



Excelente estudio de perfil con retrato incluído do oficial da Armada Española don César Vicente. 164



165 Don César Vicente foi testigo de excepción da *Revolta de Shanghai* do ano 1927, maxistralmente descrita por André Malraux na súa novela *A condición humana.* Dende o porto onde fondeara o seu barco, tivo a oportunidade de pasear pola cidade e fotografiar diversos aspectos das escaramuzas finais da gran ofensiva de Chiang Kaishek. No reverso da foto lese "*Soldados cantoneses apresados por marinos japoneses cuando los disturbios de 1927. Shanghai, Agosto 1927".*

166





Enigmática imaxe a desta muller que fixa o seu ollar no horizonte ¿Despídese acaso dalguén que acaba de zarpar con rumbo a lonxanas terras? No lousado do porto dibúxase a sombra indiscreta do fotógrafo. 167



168

Grupo de música popular retratado por don Pedro Brey (166), nunha das copias que se realizaron do negativo orixinal. Na caixa Aurelio Figueiras Baltar; Maximino Neira Muíños no bombo, seu irmán Manuel tocando a gaita, e os requinteiros Xosé Figueiras Baltar e Xaquín Baltar Baloira.




169



170



171



172

173





174




175

## Créditos fotográficos

1. Museo Manuel Reimóndez Portela. Fondo Noni Araujo. Ángel Pereira Renda a carón da súa emisora de radio. A Estrada, 12-1934.
2. Museo MRP. Fondo Arquivo Pereiriños. Comité organizador festa dos Pereiriños,
3. Museo MRP. Fondo Isaura Tarrío.
4. Museo MRP. Fondo Carmen Matalobos
5. Museo MRP. Fondo Carmen Matalobos. Foto Jiménez, SA de Giles.
5. Museo MRP. Fondo Carmen Matalobos
6. Museo MRP. Fondo Tere Vicente
7. Museo MRP. Fondo Arquivo Pereiriños. Madriñas Pereiriños 1921. De esquerda a dereita, primeira fila: Argentina da Bemposta, Generosa Porto, Dolores Torreiro. Detrás: Consuelo Pose, Felisa de Anselmo, Isaura de Reboredo e Isolina Iglesias.
8. Museo MRP. Fondo Carmen MatalobosMuseo MRP. Fondo Pazo Preguecido
9. Museo MRP. Fondo José Rodríguez. 1954.
10. Museo MRP. Fondo Carmen MatalobosMuseo MRP. Fondo Noni Araujo. Membros do Somatén, milicia civil armada para defensa do orde público.
10. Museo MRP. Fondo José Rodríguez. 1954.
11. Museo MRP. Fondo Terita Portas. Primitiva escalinata da Casa Consistorial estradense
12. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. 1930.
13. Museo MRP. Fondo Alfonso Rey, campo de fútbol da Baiuca, febreiro de 1961.
14. Museo MRP. Fondo Jesús Mayo.
15. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. Ricardo Otero, Fotógrafo. Domingo Paseiro Andújar, Olivia Andión Tato (+ 6-1938) cun fillo no colo.
16. Museo MRP. Fondo José Manuel Rodríguez. J. Ramos Fotógrafo. Codeseda.
17. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido
18. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. Mental Fotografía, Obispo 90, Habana. Camila Fernández e a súa filla Georgina Pereira, 1918 ca.
19. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. Foto ¿? Calle Corrientes 1.670, Buenos Aires. 7-2-1911.
20. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. Foto Pacheco, Orense. 1915.
21. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. Foto Manuel Reguera, Villagarcía.

22. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente.
23. Museo MRP. Fondo José Manuel Rodríguez.
24. Museo MRP. Fondo Noni Araujo. Foto Ksado, Santiago.
25. Museo MRP. Fondo Miguel de la Calle. Carlos Roth, Fotógrafo, Valladolid. Braulio de la Calle.
26. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. Foto Lumière, Montera 29, Madrid. 1933.
27. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. Bernardino Pascale, fotografía y Pintura, 1.670-1676 Corrientes, B. Aires.
28. Museo MRP. Fondo Elvira Fraiz. Carmen Rey, 1932.
29. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. Elena, Luciano e Jorge. Mar de Plata 1925.
30. Museo MRP. Fondo Tere Vicente. Foto Pedro Cima, Vieytes 1181 Bs. Aires. Pilar e Ramón, 6-1928.
31. Museo MRP. Fondo Tere Vicente. Foto Viúda e hijos de Martínez, Villagarcía. Irene Pereira e María López. A Estrada, agosto de 1909.
32. Museo MRP. Fondo TereVicente. Fotografía de Manuel Reguera, Villagarcía. Francisco Salgado.
33. Museo MRP. Fondo Tere Vicente. GB. Ansaldi y cia. Fotógrafos, Recoba Nueva, Bs. Aires. Juan P. Salgado. 5-1878.
34. Museo MRP. Fondo Tere Vicente. Gabinete fotográfico de V. Ferrant y M. Chicharro, Rúa Nueva 34, Santiago. José Salgado, marzo de 1877.
35. Museo MRP. Fondo Tere Vicente. Fotografía M. Chicharro, Rúa Nueva 34, Santiago. Rosario Salgado, 6-1883.
36. Museo MRP. Fondo Noni Araujo. 1924.
37. Museo MRP. Fondo Noni Araujo. 1924.
38. Museo MRP. Fondo Noni Araujo. 1924.
39. Museo MRP. Fondo Miguel de la Calle. Foto Madrid, J. Durán B. La Estrada, Pontevedra.
40. Museo MRP. Fondo Noni Araujo.
41. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido.
42. Museo MRP. Fondo Manuel Iglesias. Casamento de Manuel Iglesias e Estrella Eiras, 17-7-1965.
43. Museo MRP.  Fondo Jesús Mayo.
44. Museo MRP. Fondo Alicia Vázquez.
45. Museo MRP. Fondo Familia González García. 6-1971. L. Carollo, Fotos. Riveira-A Estrada.

46. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. Fotos Caso, Maudes 58-1, Madrid. 5-1951. 1- Mª Esther; 2- Raúl; 3- José Javier; 4- Mª Victoria.
47. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. Mar de Plata, 1923. 1- Elena; 2- Elena; 3- Purita; 4- Hortensia.
48. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. Foto Olimpio, Estudio y Laboratorio, Villalonga-Pontevedra.
49. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido.
50. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido, 1920.
51. Museo MRP. Fondo Tere Vicente. Formación dos "Exploradores Estradenses". 1924 ca.
52. Museo MRP. Fondo Noni Araujo, 1924.
53. Museo MRP. Fondo Mario Blanco Fuentes.
54. Museo MRP. Fondo Mario Blanco Fuentes.
55. Museo MRP. Fondo Familia Pereiras Magariños.
56. Museo MRP. Fondo Mario Blanco Fuentes.
57. Museo MRP. Fondo Mario Blanco Fuentes.
58. Museo MRP. Fondo Alfonso Rey.
59. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente.
60. Museo MRP. Fondo Manuel Docampo Pego.
61. Museo MRP. Fondo Noni Araujo. Ouzande,1917.
62. Museo MRP. Fondo Manuel Docampo Pego.
63. Museo MRP. Fondo Manuel Docampo Pego.
64. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente.
65. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente.
66. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente.
67. Museo MRP. Fondo Manuel Docampo Pego.
68. Museo MRP. Fondo Noni Araujo.
69. Museo MRP. Fondo Miguel de la Calle. 27-6-1968.
70. Museo MRP. Fondo Familia Gestoso Pazos.
71. Museo MRP. Fondo Mario Blanco Fuentes.
72. Museo MRP. Fondo Juan Andrés Fernández. Rúa Irida, 1989.
73. Museo MRP. Fondo Juan Andrés Fernández, 1989.
74. Museo MRP. Fondo Juan Andrés Fernández, 1990.
75. Museo MRP. Fondo Gestoso Pazos.
76. Museo MRP. Fondo Manuel Docampo Pego. San Cristobo 1953.
77. Museo MRP. Fondo Galería Sargadelos, A Estrada.

78. Museo MRP. Fondo Manuel Docampo Pego.
79. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente.
80. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente.
81. Museo MRP. Fondo Manuel Docampo Pego.
82. Museo MRP. Fondo Manuel Docampo Pego. Foto Blanco. 8-3-1925.
83. Museo MRP. Fondo Manuel Docampo Pego. Foto Blanco. 8-3-1925.
84. Museo MRP. Fondo Manuel Docampo Pego. Foto Blanco. 8-3-1925.
85. Museo MRP. Fondo Manuel Docampo Pego. Foto Blanco. 8-3-1925.
86. Museo MRP. Fondo Manuel Docampo Pego. Foto Blanco. 8-3-1925.
87. Museo MRP. Fondo Noni Araujo. Foto Blanco. 8-3-1925.
88. Museo MRP. Fondo Noni Araujo. Foto Blanco. 8.3.1925.
89. Fotos Mougán. Cortesía da Asociación Cultural Ullán, Santa Cruz de Ribadulla. O viaducto de San Xoán da Cova foi inaugurado no 1957.
90. Museo MRP. Fondo Familia González García.
91. Museo MRP. Fondo Alfonso Rey.
92. Museo MRP. Fondo Teresa López. Foto Madrid.
93. Museo MRP. Fondo Mario Blanco Fuentes. Llanos, fotógrafo, Colón 34, Vigo.
94. Museo MRP. Fondo Mario Blanco Fuentes.
95. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido.
96. Museo MRP. Fondo Ángel Iglesias. Foto Durán, Erundino, La Estrada, Pontevedra.
97. Museo MRP. Fondo Ángel Iglesias. Foto Durán, Erundino, La Estrada, Pontevedra.
98. Museo MRP. Fondo Aurora Lorenzo.
99. Museo MRP. Fondo Noni Araujo. 1924.
100. Museo MRP. Fondo Fernández Baltar. Riobó,1908.
101. Museo MRP. Fondo Benjamín Lois.
102. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido.
103. Museo MRP. Fondo Benjamín Lois.
104. Museo MRP. Fondo Arquivo Pereiriños. 7-1925.
105. Museo MRP. Fondo Noni Araujo. 1915.
106. Museo MRP. Fondo Noni Araujo. Foto Durán, Erundino, La Estrada, Pontevedra. Covadonga, 1958.
107. Documentación a cargo de Noni Araujo.
108. Museo MRP. Fondo Noni Araujo.

109. Documentación a cargo de D. Manuel Docampo.
110. Museo MRP. Fondo Noni Araujo. 1918.
111. Museo MRP. Fondo Terita Portas.
112. Museo MRP. Fondo Tere Vicente.
113. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. 10-1905.
114. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente.
115. Museo MRP. Fondo Terita Portas.
116. Museo MRP. Fondo Juan Andrés Fernández, 1993.
117. Museo MRP. Fondo Juan Andrés Fernández, 2001.
118. Museo MRP. Fondo Noni Araujo.
119. Museo MRP. Fondo Juan Andrés Fernández. 2004.
120. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido.
121. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido.
122. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido.
123. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido.
124. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. César e Carmen, Tampa (Florida-USA) marzo de 1912.
125. Museo MRP. Fondo Juan Andrés Fernández, 1991.
126. Museo MRP. Fondo Juan Andrés Fernández, 1991.
127. Museo MRP. Fondo Juan Andrés Fernández, 1992.
128. Museo MRP. Fondo Juan Andrés Fernández, 1996.
129. Museo MRP. Fondo Olga Campañó. Ismael Parafita.
130. Museo MRP. Fondo Miguel de la Calle. Foto Pacheco, Vigo, 1924.
131. Museo MRP. Fondo Miguel de la Calle. Foto Garay, Logroño, 9-1920. Juan Fco. García de la Calle, 20 meses.
132. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. Foto Garita, Franco 30, Santiago. Gumersindo López.
133. Museo MRP. Fondo Miguel de la Calle. Isabelita e Lidya, Habana 1940.
134. Museo MRP. Fondo Miguel de la Calle. Ana María ós 7 anos. Habana, 1952.
135. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente.
136. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. 1925.
137. Museo MRP. Fondo Elvira Fraiz. Elsa Somoza. Olives, 1936.
138. Museo MRP. Fondo Manuel Iglesias. Foto Schneider, Buenos Aires, 1926.
139. Museo MRP. Fondo Tere Vicente.
140. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. Foto Madrid, La Estrada.
141. Museo MRP. Fondo Tere Vicente. Merceditas, Paco e Pepe.

142. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido.
143. Museo MRP. Fondo Tere Vicente.
144. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. Foto J. Gispert, Habana.
145. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. Georgina Pereira, Habana 1910.
146. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. Luis e Cándida (pais de Georgina), César e Carmen; Georgina Pereira e Josefina. Habana 1916.
147. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. Georgina Pereira.
148. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. Georgina Pereira.
149. Museo MRP. Fondo Tere Vicente. Georgina Pereira, 1925.
150. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. Georgina Pereira, 1936.
151. Museo MRP. Fondo Tere Vicente. Foto Gispert, Av. De Italia, 73, Habana. Georgina Pereirra e súa nai Cándida Fernández.
152. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente.
153. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido.
154. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. Habana 6-1928.
155. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. Foto Samaniego, Orense.
156. Museo MRP. Fondo Familia García-Vicente. Foto Mental, Habana. Josefina, Camila, Georgina.
157. Museo MRP. Fondo Carmen Matalobos.
158. Museo MRP. Fondo Ángel Iglesias. Selgas, Laboratorio Fotográfico, Betanzos.
159. Museo MRP. Fondo Fernández Baltar. Foto de Pedro Brey. Riobó 1920.
160. Museo MRP. Fondo José Rodríguez.
161. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. Aomar Gorfti, 8-1937.
162. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido.
163. Museo MRP. Fondo Manuel Iglesias. Foto Vázquez, Sidi-Ifni.
164. Museo MRP. Fondo Tere Vicente. Foto Garay, Ferrol. César Vicente, 1926.
165. Museo MRP. Fondo Tere Vicente. Foto de don César Vicente. Shanghay, 8-1927.
166. Museo MRP. Fondo Fernández Baltar. Foto de don Pedro Brey, Riobó, 1916.
167. Museo MRP. Fondo Pazo Preguecido. 1925.
168. Museo MRP. Fondo Noni Araujo.
169. Museo MRP. Fondo Benjamín Lois.
170. Museo MRP. Fondo Noni Araujo.
171. Museo MRP. Fondo María Carbón. Foto Durán, Erundino, La Estrada-Pontevedra.
172. Museo MRP. Fondo Noni Araujo.

173. Museo MRP. Fondo Noni Araujo.
174. Museo MRP. Fondo Noni Araujo.
175. Museo MRP. Fondo Benjamín Lois. 1975.



# Excavación arqueológica del túmulo megalítico de Xestas (A Estrada-Pontevedra)

Pablo Bandín Rosende (PyA Arqueólogos s.l.)

## Presentación

El presente texto describe de manera sintética los trabajos arqueológicos realizados en 1996 en el túmulo megalítico de Xestas, localizado en los terrenos expropiados para la construcción de la Academia Galega de Seguridade.

El yacimiento fue localizado e inventariado durante los trabajos de desbroce y acondicionamiento del terreno para la construcción de la Academia, viéndose afectado parcialmente por estas obras en su zona SW. Consiste en un túmulo megalítico, catalogado con el código GA56017051 y emplazado en la zona central de una dorsal allanada a 273 m de altitud, próximo a la zona de vadeo de un arroyo. Sus dimensiones son 19 m en el eje N-S y 20 m en el eje E-W, con una altura aproximada de 1,90 m.

Ante la imposibilidad de modificar el proyecto de construcción y con el fin de corregir el impacto de estas obras sobre el patrimonio, la Dirección Xeral de Patrimonio de la Xunta de Galicia planteó la



Localización del túmulo de Xestas.

necesidad de realizar una intervención arqueológica encaminada a la excavación del túmulo.

## Trabajos arqueológicos realizados

Una vez realizado un levantamiento planimétrico del yacimiento e instalada una carpa, se procedió a marcar el área inicial de excavación. En principio se planteó un sector central de 6x6 m con el fin de localizar la estructura central del enterramiento, y cuatro zanjas de 1 m de ancho que, desde el centro del túmulo, se prolongaban hasta su periferia en el sentido de los cuatro puntos cardinales, a fin de delimitar la extensión real del yacimiento y localizar sus estructuras perimetrales.

La longitud de las zanjas varió en función del espacio disponible en el interior de la carpa. La zanja N ocupó cinco metros cuadrados a partir del sector central, la zanja S siete metros, la zanja W ocho y la zanja E nueve. Se optó por una disposición lateral y no central de las zanjas N y S para poder obtener unos perfiles continuos, forma-



Vista general del túmulo durante las labores de excavación.

dos por cada zanja más su proyección con el área central. Dado que generalmente el acceso a la zona de enterramiento aparece orientado al SE, las zanjas S y E se dispusieron muy próximas con el fin de localizar alguna estructura de acceso al área de inhumación. En total, en esta primera fase se realizó la apertura de 65 $m^2$.

La localización inicial de una estructura que se introducía en la esquina SE del sector central motivó la realización de varias ampliaciones a fin de definir la naturaleza y características de dicha estructura. Estas ampliaciones permitieron poner al descubierto un acceso y una estructura perimetral bastante bien definida en la zona E del yacimiento, mientras que en las zanjas N, S y W sólo se pudo identificar de manera parcial dicha estructura perimetral. Asimismo, las ampliaciones permitieron integrar en una gran área de excavación (144 $m^2$) la estructura central y la estructura perimetral del yacimiento.

La estrategia del trabajo respondió en todo momento a los presupuestos propios de una excavación en área, con el fin de documentar en planta (registro horizontal) la mayor superficie posible del yacimiento sin ningún tipo de interrupciones (testigos, etc.)

## Estructuras localizadas

### *Estructura de acceso ó corredor*

Consistía en un pasillo de acceso a la zona central del túmulo, flanqueado por dos muretes de piedras de granito inclinados que apoyaban directamente sobre la masa tumular. Caracterizado por un perfil en U abierta y forma alargada con orientación NW-SE, poseía unas dimensiones de 5 m de longitud, 2 m de ancho y 0.60 m de profundidad, apareciendo sellado mediante un relleno de piedras y tierra de color negruzco que ocupaba el espacio interior de la estructura. En su extremo SE, coincidiendo con la entrada, se documentó una acumulación de piedras de mayor tamaño, dispuestas a modo de cierre sobre un nivel bastante potente de carbones. El tramo NW, más próximo al sector central, apareció sellado por otra estructura ("estructura superior") que se disponía transversalmente sobre los muretes laterales y el relleno del corredor.

### *Sector central*

La excavación del sector central hasta la roca base significó la localización de los siguientes elementos:

#### Estructura superior

Se correspondía con los restos de una estructura más compleja parcialmente destruida por la violación del yacimiento, consistente



Corredor de acceso.

en una acumulación de piedras irregulares de granito de trazado semicircular, una longitud de 2 m y una anchura de 1 m, dispuesta a escasos centímetros de la superficie con una orientación aproximada N-S. La excavación y el desmontaje de esta estructura proporcionó información acerca de sus características y su relación con los niveles y estructuras localizadas hasta ese momento:

- Sus extremos N y S se apoyaban directamente sobre la masa tumular, mientras que el tramo central se disponía sobre los laterales y el relleno del corredor. Esto indicaba que fue la última estructura construida en la zona central del túmulo.
- En la zona del cráter de violación del túmulo aparecía gran cantidad de piedra dispersa debida a la destrucción parcial de esta estructura, cuya base se apoyaba parcialmente sobre un ortostato granítico.


Sector central.

## Ortostato central o estela

Consistía en una laja de granito localizada *in situ* de forma aproximada a un triángulo con el vértice superior redondeado y dispuesta en posición casi vertical. Medía 114 cm de longitud, 96 cm de ancho y 20 cm de grosor en la base, que aparecía cimentada directamente en el nivel inferior de la masa tumular. El aspecto general de la pieza, bastante agrietada y con fracturas toscas en su base, y su disposición sobre la masa tumular parecen indicar que se trataba de un ortostato fracturado y reutilizado posteriormente como estela. Adosada a su cara SE se documentó una acumulación de piedras de granito de pequeño y mediano tamaño de forma circular, dispuesta entre la estela y el final de la estructura de acceso.

## Zona de inhumación

Una vez excavada la masa tumular se localizó una tierra bastante compactada de color negruzco, con abundancia de cenizas, identificable con un "suelo preparado" previo a la construcción del túmulo.  El área de inhumación se fue definiendo con claridad al NW de la estela en una zona de 3 m de longitud (NW-SE) y 2 m de ancho (SW-NE) donde este suelo preparado aparecía interrumpido.

La excavación del sector central hasta la roca base dejó al descubierto tres fosas y tres improntas excavadas en el sustrato:


Fosas localizadas en el sector central del túmulo.

- Fosa nº 1, de forma ovalada, 145 cm. de longitud (eje N-S), 95 cm de ancho (eje E-W) y 40 cm de profundidad máxima. Aparecía rellena con una tierra de color marrón claro apenas compactada. En su zona superior, a nivel con la roca base, se localizó un microlito geométrico de sílex y una laminilla de cristal de roca. A escasos centímetros de esta fosa se disponían tres improntas o pequeñas fosas.
- Fosa nº 2, de forma casi circular (90 cm de longitud, 65 de ancho y 25 de profundidad), presentaba un relleno similar al de la fosa anterior. A escasos centímetros del fondo de la fosa se localizó un fragmento de metal férrico, indicando alguna intrusión hasta este punto.
- Fosa nº 3. Difería considerablemente de las anteriores, presentando forma alargada, con 140 cm de longitud, 30 cm de ancho y 30-50 cm de profundidad. En su interior se localizaron varios fragmentos de cerámica.

## Estructuras perimetrales

Los trabajos realizados en la zona E del túmulo perseguían el estudio de su periferia, documentando la existencia de un doble anillo, de 12-14 m de longitud y 3 m de ancho, formado por dos bandas paralelas de bloques irregulares de granito distantes entre sí 1 m, una

dispuesta al final de la masa tumular y la otra sobre ella. Este doble anillo se veía interrumpido en un tramo de 3 m de longitud, coincidiendo exactamente con la zona E del yacimiento. El tiempo disponible para la ejecución de los trabajos de excavación no permitió documentar la continuidad de esta estructura en todo el perímetro del yacimiento. No obstante, es importante señalar que en los extremos de las zanjas N, S y W se localizaron varias acumulaciones de piedras que posiblemente se correspondían con los restos del anillo interior documentado en la zona E. En cuanto a las características principales de esta doble estructura se puede decir lo siguiente:

- Anillo exterior: Se trataba de una estructura perimetral documentada en la zona oriental del túmulo, compuesta por una acumulación de bloques irregulares de granito que delimitaba la masa tumular en dirección N-S, con unas dimensiones de 10 m de longitud y 1 m de ancho. Su base se asentaba a pocos centímetros de la roca madre. Dispuestos a escasos centímetros de la base exterior del anillo, hay que destacar el hallazgo de cinco ídolos-guijarro localizados en la zona SE, coincidiendo con el eje longitudinal del corredor.
- Anillo interior: Segunda estructura perimetral del túmulo, asociada a una banda de tierra oscura, con unas dimensiones y orientación similares al anillo exterior y paralelo a éste. Las piedras utilizadas eran de menor tamaño, asentándose directamente sobre la masa tumular. Al final de las zanjas N, S y W se localizaron acumulaciones de piedra que documentaron la continuación de este anillo interior en todo el perímetro del túmulo.



Ídolos guijarro.

## Materiales

Los materiales localizados, un total de 481 piezas, consisten básicamente en fragmentos de cerámica y en menor medida algunos líticos. Asimismo, se localizó una moneda de época moderna en el interior de la violación. A continuación se ofrece una descripción somera del conjunto:

### *Material lítico*

Su número es poco representativo. En la zona de violación se hallaron dos fragmentos de durmiente de molinos naviculares. En cuanto a piedra tallada, se localizaron dos microlitos geométricos y un cuchillito de silex, alguna laminilla en cristal de roca y varias lascas en cuarzo. Al SE del anillo perimetral exterior y próximos a su base se descubrieron cinco pequeños ídolos-guijarro.



Estela localizada en el sector central del túmulo.

## *Material cerámico*

Supone la mayor parte del conjunto de materiales arqueológicos recogidos, no apreciándose la existencia de zonas de concentración significativas. En general, se trata de fragmentos de pequeño tamaño caracterizados por pastas de grosor medio de color rojizo o negro. Se documenta la presencia de algún fragmento con decoración incisa adscribible a época calcolítica, varios bordes y otros fragmentos con decoración de pezones que parecen pertenecer a la misma pieza. En cuanto a las formas, se pueden identificar formas globulares, con pastas que por su tosquedad y sencillez parecen tipicamente neolíticas. Aunque la mayor parte de los fragmentos aparecieron incluidos en la masa tumular, también se localizaron algunas piezas en el suelo preparado localizado en la base del túmulo e incluso sobre el propio sustrato.

## Conclusiones

La excavación del túmulo megalítico de Xestas documentó la presencia de varias estructuras directamente relacionadas con la construcción y posterior utilización del mismo. La originalidad de alguna de ellas proporciona un interés adicional a este yacimiento de época neolítica, al que se pueden atribuir las siguientes características:

El túmulo presentaba unas dimensiones considerables de 20 m de diámetro y 2 m de altura, y aparecía circundado por un doble anillo perimetral.

En su zona central presentaba una violación que alteró de manera importante las estructuras originales, alcanzando posiblemente la propia base del túmulo en esa zona.

La disposición de las diferentes estructuras localizadas en el sector central (estructura superior, corredor, estela y fosas de inhumación) indica la existencia de varias fases constructivas, exponentes de otros tantos momentos en la utilización del yacimiento, estando representadas las fases más antiguas por las estructuras localizadas en la zona central y las más recientes por estructuras tales como el corredor de acceso localizado hacia el SE del túmulo.



# A razoable esperanza. Quince momentos

Alberte Maceira Peiteado

Cómpre rebelarse sensatamente contra a vellez, sen deixar decaer a actividade vital, non permitindo que esmoreza o amor polas obras escomenzadas na xuventude, dando lentura ás ilusións de razoable esperanza.

RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL

Saber envellecer é a obra mestra da sabiduría e unha das parte máis difíciles da gran arte de vivir.

H. F. AMIEL
















IBERIA















**Agradecementos:**

José López, Gumersindo Iglesias, Emilio Rey, María Tato, Generosa Gómez, Emilio Neira, Alicia Caramés, José Oubel, Juan Fernández, Hipólito Gómez, Daniel Rodríguez, Pura de Oliveira, José Baltar, Manuel Pazos e José T. Brey.



# Alcaldes estradenses

María Jesusa Fernández Bascuas

O alcalde, sobre todo en concellos pequenos ou medianos coma A Estrada, é alguen próximo, que forma parte de noso entorno e comparte as nosas necesidades e aspiracións coma un cidadán máis, pero nel existe tamén unha dimensión política que a estas alturas ninguén pon en dúbida pola trancendencia indiscutible que tivo ó longo da vida municipal deste país, pois a súa figura serve de enlace entre o Estado e os veciños do seu municipio.

Este cargo foi evolucionando, adaptándose ós tempos, e na súa traxectoria séguese nítidamente o trasfondo do que podemos chamar "a política", que nos concellos presenta o nivel máis elemental.

Neste primeiro achegamento ofrécese a relación sucinta de tódalas persoas que durante os 164 anos de historia municipal da Estrada, desde o seu necemento como concello no 1840, ocuparon o cargo de alcalde. Os datos son escasos, sobre todo dalgúns que pasaron fugazmente polo cargo ou que o fixeron de xeito case accidental.

## Alcaldes

Antes de presentar a lista de alcaldes da Estrada quero aclarar ulgunhas cuestións metodolóxicas que nos axudarán a comprender mellor a súa presentación. Seguiuse unha orde cronolóxica; o ano que aparece a carón do nome é aquel en que tomou posesión. Nas persoas que ostentaron o cargo en varios ocasións, os datos persoais inclúense sempre na primeira, e os complementarios, na última. E, para rematar, case tódalas datas que se citan son do Pleno onde se reflexa o exposto.

Pasamos de seguido a enumeralos:

### *1839. Gómez, Joaquín María*

De Tabeirós, avogado e Alcalde Primeiro (presidente) do Concello de Cereixo, nomeado en febreiro de 1839, podemos dicir que serviu de ponte entre os dous períodos.

### *1840. do Pazo Rodríguez, Manuel*

(Ás veces aparece como Manuel Pazo e outras como Manuel do Pazo)

De Ouzande, terá unha longa e azarosa vida política,

Figura como alcalde na primeira acta, de data 23 de setembro do Libro de Actas de Pleno de 1840.

En 1840 é deputado provincial e tamén xuíz de paz.

Entre 1841- 42 é procurador e deputado.

### *1842. Otero, Ramón María*

Da parroquia de Riobó

É Alcalde durante o ano 1842.

### *1843. Otero, Manuel*

De Santa Mariña de Riveira, onde posuía un pazo, tiña a explotación das Barcas de Sarandón para cruzar o río Ulla.

Faise cargo da presidencia no 1843 e durante este periodo sustituíao en numerosas ocasións o alcalde segundo, D. Diego Peña Leire.

### *1844. Paseiro Cadavid, Eusebio*

Da parroquia de Callobre.

Tenente retirado do exército

Elixido alcalde o 2 de marzo de 1844, cesa a finais de 1849.

Foron primeiro tenente de alcalde con el D. Cayetano Taboada Sotelo, que no 1849 é nomeado procurador Síndico, e D. Francisco de Oca desde 1849.

### *1850. de Oca, Francisco*

Nado na Mota, parroquia de Riobó. Escribano de número do Xulgado de Tabeiros.

Elixido a finais de decembro de 1849, segundo consta na seguinte comunicación: "*Su Majestad la Reyna, teniendo presente la lista de concejales elegidos en la Villa de la Estrada, se ha dignado nombrar alcalde de la misma para el bienio que termina el 31 de diciembre de 1851 a D. Francisco de Oca*", e foi suspendido no Pleno do 29 de agosto de 1851.

Ocuparon os postos de tenente de alcalde:

Primeiro: Ignacio Porto.

Segundo: Manuel Isla.

Terceiro: Francisco López.

## *1851. Porto, Ignacio*

Da parroquia de Moreira.

Nomeado no Pleno de 29 de agosto de 1851.

Pasa a ocupar o cargo de alcalde por suspensión de D. Francisco de Oca, de data 23 de mesmo mes.

Cesa o 14 de xaneiro de 1852.

## *Nieto, José María,*

Veciño da Estrada, avogado.

Nomeado o 14 de xaneiro de 1852 (Pleno) e cesado o 2 de outubro de 1854.

Actúa como procurador síndico Eusebio Paseiro Cadavid.

## *García Fernández, Juan*

Veciño de Codeseda, avogado.

Nomeado o 2 de outubro de 1854 e cesado o 4 de agosto de 1856 (Pleno) *…Dado cuenta de la comunicación del Sr. Gobernador de la Provincia de 2 del actual en que participa haber tenido por conveniente destituir a la municipalidad de este Distrito, reemplazándola con las personas que expresa al margen, y hallándose presente el licenciado D. Julián Paseiro electo presidente, el saliente le dio posesión de dicho cargo.*

## *Paseiro Andújar, Julián*

Veciño de Callobre, médico cirurxián.

Nomeado en sesión de 4 de agosto de 1856 e cesado o 18 de novembro de 1856.

Durante este período de tempo o número de concelleiros elévase a 23 polo aumento da poboación do término municipal.

### *1856. García Fernández, Juan*

Regresa á alcaldía o 18 de novembro de 1856 e permanece ata o 12 de marzo de 1857.

### *1857. Paseiro Andújar, Julián*

Toma posesión o día 12 de marzo de 1857; o 31 de maio acepta o cargo de Médico Consultor da Xunta de Sanidade en Vigo, cesando no cargo o 12 de agosto de 1857.

### *1857. Porto Leira, Joaquín*

Da parroquia de Barbude, avogado.

Entra o 12 de agosto de 1857 para sustituír ó titular e ocupará a alcaldía ata o 1 de xaneiro de 1859.

Foi xuíz municipal.

Fillo do mestre D. José Porto Romero.

### *1859 - de Oca, Benito Mª*

Do lugar da Mota, Riobó, e veciño da Estrada onde exerce de avogado.

Nomeado alcalde o 1 de xaneiro de 1859, a primeiros de 1862 acada o cargo de Promotor Fiscal de Tabeirós, posto que deixa vacante o día 1 de marzo dese mesmo ano.

Procurador no 1872, Deputado provincial no 1968 e 1872.

Xuíz de paz na Estrada.

### *1862. García Fernández, Juan*

De novo volve á alcaldía para sustituír a D. Benito de Oca; será nomeado o 1 de marzo de 1862 e cesa en novembro do 1864.

## *1864. Silva Castroverde, Andrés*

Primeiro figura como veciño de Arnois e posteriormente de Oca, era avogado.

É elixido o 24 de novembro de 1864, e renuncia o cargo o 28 de setembro de 1865, sendo sustituído polo rexedor primeiro.

## *1865. Badía Martínez, José*

De Tabeirós, sustitúe o 28 de setembro de 1865 ó alcalde que renuncia e permanecerá ata outubro de 1868. Xuíz de paz segundo en Tabeirós.

## *Fraga Vázquez, Benigno*

Da parroquia de Guimarei.

Posiblemente toma posesión o 1 de outubro de 1868 e cesa a finais dese mesmo ano.

## *Pazo Rodríguez, Manuel*

De novo entra na política municipal.

Toma posesión o 1 de xaneiro de 1869 e cesa el 1 de febrero de 1872. Figura na lista de maiores contribuíntes en 1864. O seu talante liberal e progresista lévao a participar no levantamento de abril de 1846 organizando unha Xunta e un Concello revolucionarios na Estrada, para o que contou coa colaboración do seu fillo Serafín, daquela estudiante en Santiago (2).

## *1872. Nieto, José María*

De novo volve a encargarse da Alcaldía desde o 1 de febrerio ata o 27 de agosto de 1873.

### *Villar Rey, José María*

Veciño da Estrada, comerciante.

Ocupa o cargo desde o 27 de agosto de 1873 ata o 27 de xullo de 1874.

### *Nieto, José María*

Esta vez estará na alcaldía desde o 27 de xullo de 1874 ata o 7 de abril de 1875. Foi xuíz suplente entre 1871 e 1872.

### *García Fernández, Juan*

Outro vello coñecido, faise cargo da alcaldía desde o 19 de abril de 1875 ata o 1 de marzo de 1877.

### *Otero García, Gumersindo*

Dono do pazo da Mota, en Riobó; fillo de D. Ramón Mª Otero, propietario da fábrica de papel situada nesa mesma parroquia.

Toma posesión o 1 de marzo de 1877 e cesa o 1 de xullo de 1881.

### *de Silva Espinosa, Eliseo*

Veciño da Estrada, escribán de actuacións, vive na Praza Principal. Debeu nacer en torno ó 1844. O 1 de xullo de 1881 faise cargo oficialmente da Alcaldía, anque nos últimos tempos viña exercendo como tenente de Alcalde a miúdo por ausencia do titular.

En xuño do ano 1884, decrétase polo xulgado do Partido o procesamento e suspensión do alcalde e varios tenentes de alcalde polo que cesa o 13 de xuño dese ano.

### *1884. García Fernández, Juan*

Como era tenente de alcalde da corporación, ó ser cesado De Silva sustitúe a este o 13 de xuño de 1884, ata seren restituídos no cargo o alcalde e concelleiros; cesa o 17 de marzo de 1886.

Exerceu de secretario interino da corporación en 1848.

Entre 1871 – 1872 é xuíz suplente.

### *1886. de Silva Espinosa, Eliseo*

En marzo de 1886 déixase constancia nunha Acta Extraordinaria da comunicación do Gobernador Civil pola que se restitúen no seu cargo o alcalde e concelleiros suspendidos. Hai unha pequena polémica en canto que se indica que foron cesados pola autoridade xudicial non civil, sinalándose que esta última non ten competencia para dictar unha sanción penal; pero no Pleno do 17 de marzo dese ano repóñense nos seus cargos, cesando o 6 de setembro de 1886.

### *1886. Otero García, Gumersindo*

De novo é alcalde desde o 6 de setembro de 1886, anque renuncia polo mal estado de saúde o 25 de maio de 1887. Xa non voltará a ser alcalde pero sí ocupará outros cargos de responsabilidade, destacando:

Deputado provincial en 1888, 1892,1896, 1901 e 1909.

No 1902 ocupou a presidencia da Deputación.

Así mesmo tamén foi Gobernador Civil de Ourense.

### *1887. de Silva Espinosa, Eliseo*

Regresa á Alcaldía o 25 de maio de 1887, por renuncia de D. Gumersindo Otero, que alega motivos de saúde. De Silva presenta

unha excusa á que o Gobernador non contesta e ante esta situación, o 22 de xuño de 1888 deixa o cargo. Aparece como Secretario de Goberno no Xulgado de primera instancia de A Estrada en 1905, neste mesmo figura como "escribano de actuaciones" na Consolación onde ten o seu despacho. En 1896 foi presidente do Casino.

### *Otero Carbia, José*

Naceu na parroquia de Santeles, veciño da Estrada, casado, ten 11 fillos, comerciante.

Inicia a súa andadura como alcalde en substitución de Eliseo de Silva en data 22 de xuño de 1888, pasando a ocupar o posto de primeiro tenente de Alcalde Laurentino Espinosa Valladares; cesará o 1 de xaneiro de 1890.

### *1890. Otero Vinseiro, Jenaro*

Da parroquia de Riveira, avogado.

Toma posesión o 1 de xaneiro de 1890 e cesa o 1 de xullo de 1891.

### *189. Otero Estévez, Ramón María*

De Riobó. Toma posesión o 1 de xullo de 1891 e cesa o 1 de xullo de 1895.

### *1895. Espinosa Valladares, Laurentino*

Nado no lugar de Vilancosta, parroquia de Berres. Veciño da Estrada, en 1890 vivía na rúa Riestra onde tiña o seu despacho de avogado.

Toma posesión o 1 de xullo de 1895 e cesa o 1 de xaneiro de 1902.

Posteriormente é Xuíz municipal en Moraña.

## *Cagide Iglesias, Manuel*

Veciño da Estrada, avogado e comerciante, casado cunha filla do Secretario do xulgado municipal D. José Ciorraga, é pai de Eduardo Cagide Ciorraga, tamén avogado.

Toma posesión o 1 de xaneiro de 1902 e cesa o 1 de xaneiro de 1904.

Desempeña o cargo de fiscal municipal entre mediados de 1901 e 1903.

## *Otero Vinseiro, Jenaro*

Volve para facerse cargo da alcaldía no bienio comprendido entre o 1 de xaneiro de 1904 e o 1 de xaneiro de 1906.

A primeiros de 1918 toma posesión como xuíz municipal suplente e entre 1918 e 1921, con máis de 60 anos, exerce como xuíz municipal titular.

## *1906. Otero Carbia José*

O 1 de xaneiro de de 1906 entra na alcaldía, que exercerá durante un longo periodo, ata o 1 de xaneiro de 1914. Neste tempo entra na corporación Benito Vigo Munilla e tamén Jesús Durán Taboada que a partires de 1912 execerá como primeriro tenente de alcalde. É presidente do "Casino de Estrada" en 1900 e 1904

Morreu o 10 de decembro de 1938 á idade de 87 anos.

## *Durán Taboada, Jesús*

Veciño da Estrada, vive na Praza (principal), onde ten o seu estudio de procurador. Tío do que será alcalde Jesús Durán Martínez.

Toma posesión o 1 de xaneiro de 1914 e cesa o 1 de xaneiro de 1916.

En 1902 preside "el Casino de Estrada"

Entre 1908-09 foi presidente do Gimnasio.

### *1916. Ulloa Villar, Ramiro*

Procede da parroquia de Orazo, solteiro, avogado, posuía un establecemento de venta de lotería. No ano 1925 figura como propietario dunha librería-papelería na Plaza Principal.

No 1912 dáse de baixa como avogado na Estrada.

O 1 de xaneiro de 1916 toma posesión da alcaldía, cargo ó que renunciará o 25 de marzo de 1917 por ter sido elixido Deputado Provincial e existir incompatibilidade entre as dúas funcións.

Presidente do Casino en 1901 e entre 1913-1914; entre 1917 e 1921 é Deputado Provincial. Morreu o 10 xuño de 1933.

### *1917. Varela de Castro, Pedro*

Veciño da Estrada onde execía de procurador na rúa Ulla.

En 1917 ocupaba o cargo de primerio tenente de alcalde e ó quedar vacante a alcaldía por incompatibilidade do titular, desde a Federación Agraria envíase un escrito ó Concello dando conta de que as entidades agrarias en sesión xeral e por unanimidade propoñen para a vacante de alcalde ó primero tenente de alcalde, Pedro Varela. A corporación está de acordo e noméase no Pleno do 25 de marzo de 1917, cesará o 1 de abril de 1920. Foi presidente do Casino de Estrada en 1923. Traballou sobre a historia do Concello; no 1923 publicou un libro titulado *"La Estrada y su comarca"*. Morreu no 1958.

### *García Pichel, José*

Nomeado Alcalde o 1 de abril de 1920, anque durante o seu mandato preside de forma reiterada os plenos o primeiro tenente de alcalde Andrés Varela Sánchez, *"por hallarse con licencia el propietario"*.

Desde setembro a decembro de 1921 preside o segundo tenente de alcalde, Andrés Cora, porque quedou vacante a primeira tenencia de alcaldía debido a que se anularon as eleccións municipais no colexio electoral da Consolación. Elíxese como primeiro tenente de alcalde a D. Martín Otero García, que preside habitualmente ata febreiro de 1922 en que suspenden ó alcalde e algúns concelleiros.

### *1922. Valenzuela Ulloa, Antonio*

O 18 de febreiro de 1922 (pleno) elíxese por votación a D. Antonio Valenzuela Ulloa, que solo permanecerá no cargo ata o 1 de abril dese mesmo ano.

### *1922. Durán Taboada, Jesús*

O primeiro de abril constitúese o Concello para o bienio 1922-23 e Durán Taboada resulta elexido acalde; o cargo de primeiro tenente de alcalde recae en D. Antonio Valenzuela Ulloa.

Antes de que rematen os dous anos hai un cambio político importante coa chegada ó poder de Primo de Rivera en setembro de 1923.

O pleno de 1 de outubro de 1923 é presidido por D. Adriano del Pino Sáinz, comandante militar desta plaza xunto co alcalde, D. Jesús Durán Taboada.

O Gobernador envía un telegrama coa orde recibida do Subsecretario de Gobernación que dí :*...me telegrafía siguiente R.D., a propuesta del Presidente del Directorio Militar y de acuerdo con el mismo vengo a decretar lo siguiente:*

*Art. 1º Cesarán en sus funciones, finalizando su cometido, todos los concejales de ayuntamientos de la nación, que serán reemplazados instantá-*

*neamente por los vocales asociados del mismo ayuntamiento, que sustituirán a los concejales el mismo día bajo la presidencia de la autoridad militar.*

Respondendo a estas esixencias correspóndelle ocupar o cargo a:

### *1923. Cerragería Urreta, Gabino.*

Veciño da Estrada, comerciante, posuía unha tenda de comestibles na rúa do mercado. Esta situación durará uns meses, desde o 1 de outubro ó 4 de febreiro de 1924 en que se destitue á corporación e noméase a nova.

### *1924. Vigo Munilla, Benito*

Naceu en S. Clemente de Sisán, concello de Ribadumia, no ano 1875; fillo de Cándido Vigo e Balbina Munilla, en 1898 establécese na Estrada e casa el 21 de abril de 1901 con María Girbau, filla de Francisco Girbau (que fora concelleiro entre 1891-93) e Manuela Pérez Chundurreta, veciños de A Estrada. Ten tres fillos. Vivía na rúa do Mercado e exercía de perito agrícola.

Nomeado alcalde o 4 de febreiro de 1924, permanecerá no posto ata finais de marzo de 1930.

É nomeado fiscal suplente do Xulgado municipal e Tribunal Municipal da Estrada para o cuatrienio 1921-24 e outra vez no 1930.

Presidente de "el Gimnasio" entre 1917-18.

### *1930. de Silva Gómez, José Mario*

Naceu na Estrada o 5 de marzo de 1875, residía na rúa posteriormente coñecida como "Generalísimo Franco"; solteiro, rexentaba unha librería.

Nomeado alcalde a o 13 de abril de 1930, cesará en abril do 1931.

## *1931. Rodríguez Seijo, juan Manuel*

Naceu o 26 de novembro de1866, solteiro, Perito Agrícola, vivía na rúa Serafín Pazo.

Toma posesión en abril do 1931, preside ata o 24 de xuño de 1933. Desde esta data ven desempeñando os labores propios da alcaldía D. Manuel Riamonde Lorenzo, primeiro tenente de alcalde. No pleno de 10 de agosto de 1934 declaráse a incapacidade do Sr. Rodríguez Seijo en atención a unha reclamación realizada por D. Gumersión Loureiro Brea por ser dono da Casa-Preventorio e tela alugada ó Concello a través doutra persoa.

Desde mediados de agosto de 1934 ata o 8 de outubro preside D. Jesús Puente Fontanes, segundo tenente de alcalde, por indisposición do primeiro, D. Manuel Riamonde Lorenzo.

A situación segue a complicarse; a sesión do 15 de outubro era presidida polo 3º tenente de alcalde D. Manuel Galán Porto, porque D. Jesús Puente Fontanes está detido no cárcere desta Vila a disposición da autoridade militar, xunto con varios concelleiros.

El 22 de outubro un oficio do Gobernador comunica a suspensión de Rodríguez Seijo e de D. Manuel Riamonde, por ilo o día 29 (pleno) o quinto tenente de alcalde, Sr. Otero Ulloa, manifesta que ó seren suspendidos o alcalde e demais tenentes de alcalde nas súas funcións e co desexo de dar facilidades ó organismo municipal para reconstituirse, renuncia ó seu cargo.

## *1934. Otero Ulloa, Arturo*

**V**eciño da rúa San Paio, avogado. Resulta elixido nese mesmo pleno (22/10/1934). Ulloa ben pouco durará na alcaldía xa que o día 23 de marzo de 1935 presenta a renuncia por motivos de saúde, que é aceptada na sesión do 6 de abril.

### *1935. Vila Caramés, Severino*

Veciño da Estrada, estivo emigrado en Cuba e á súa volta montou unha ferretería na Porta do Sol. É nomeado alcalde en funcións na mesma sesión en que se acepta a renuncia do anterior (6/4/1935). Vila Caramés era primeiro tenente de alcalde, e estará interinamente ata principios de febreiro de 1936, (21/02/).

### *1936. Rodríguez Seijo, Juan Manuel*

O día 21 febreiro de 1936 reponse no cargo xunto cos concelleiros cesados no 1934, e permanecerá ata o 5 de maio de 1936 en que se constitúe unha comisión xestora municipal.

### *1936. Puente Fontanes, Jesús*

Veciño de Guimarei, solteiro, tiña unha xastrería na rúa Pérez Viondi. O 5 de maio de 1936 constitúese a Comisión Xestora Municipal que o elixe como alcalde presidente da mesma.A situación dura ben pouco porque a sesión do 26 de xullo de 1936 non se celebrou por estar detidos ou en paradeiro descoñecido a maioría dos compoñentes da Comisión Xestora.

De seguido noméase a Benito Vigo Munilla Delegado para encargarse da Administración Municipal, pero renuncia, designándose entón a

### *1936 - Gil Crespo, Pedro*

Veciño da Estrada, Capitán retirado de Infantería (pola chamada ley Azaña de 24 de abril de 1931), permanerá no cargo desde o 28 de xullo de 1936 ó 3 de febreiro de 1937 en que se incorpora ó servicio militar.

### *1938. D. Antonio Muñiz Cruces*

Veciño da rúa Generalísimo Franco da Estrada, propietario.

Alcalde desde o 5 de febreiro de 1937 sustituindo o Sr. Gil, provisionalmente.

### *1939. Constenla Otero, Alfonso*

Veciño da Estrada, praza de Ramiro Ciorraga, Capitán do Corpo de Inválidos.

En marzo do 1938 era alcalde ata o pleno do 16 de setembro de 1939.

### *1939. Aguilar Polo, Jaime*

Nacido en Palencia en 1903, veciño da Estrada, Mestre Nacional.

Inicia o seu mandato o 16 de novembro de 1939 e permanecerá nel ate o 31 de xaneiro de 1940. Presidente do Recreo Cultural no 1940.

### *1940. Castro Valladares, Felipe*

Veciño de Sabucedo, nado en 1900, propietario (labrador), foi xefe local de Falange Española Tadicionalista y de las JONS.

Toma posesión o 1 de febreiro de 1940 e renuncia o 16 de maio do mesmo ano, por “surgirle un contrato de servicios inherente a la recaudación voluntaria y ejecutiva del repartimiento de utilidades de este municipio, lo que lo hace incompatible...”.

Foi Deputado provincial.

### *1940. de la Calle Sáenz, Miguel*

Naceu en abril de 1913 e finou o 27 de setembro de 1991.

Veciño da Estrada, casado, seis fillos, comerciante. Era segundo tenente alcalde e fíxose cargo da Alcaldía provisionalmente o 31 de

maio de 1940, por renuncia do alcalde e primeiro tenente alcalde, e cesa o 25 de novembro do mesmo ano.

### *1940. Muñiz Cruces, Antonio*

De novo ocupa a alcaldía; é nomeado o 25 de novembro de 1940 e cesa en xuño de 1942.

Presidente do Recreo Cultural no1931.

### *1946. de la Calle Sáenz, Miguel*

Agora volve á alcaldía como titular; permanecerá no cargo desde de xuño de 1942 ata o 31 de xuño de 1952 en que dimite.

### *1952. Campos Paseiro, Manuel*

Veciño da Estrada, nado en 1913, casado, catro fillos, médico.

Tomou posesión como alcalde o 31 de xullo de 1952, cargo no que cesará o 9 xuño de 1958.

### *1958. Durán Martínez, Jesús*

Veciño da Estrada, empresario.

É nomeado alcalde no Pleno do 9 de xuño de 1958 e cesa o primeiro de agosto de 1959.

### *1959. Blanco Fuentes, Mario*

Nado en Cuntis o 18 de setembro de 1917, desenvolve a súa actividade profesional na Estrada como Mestre e despois como avogado.

É noemado o 1 de agosto de 1959 e cesará o 27 de febreiro de 1971.

Deputado provincial entre 1960 e 1964.

Morreu o 21 de outubro do 2000. (2)

### *1971. Fernández-Novoa Rodríguez, Jesús José*

Veciño da Estrada, nado o 20 de decembro de 1920, casado, dúas fillas, empresario.

É nomeado en febreiro de 1971 e cesa 19 de abril de 1979 cando se convocan as primeiras eleccións municipais democráticas, corporacións nas que tamén será concelleiro.

### *1979 - Durán Martínez, Jesús*

De novo volta á política municipal, agora presentándose a unhas eleccións.

É alcalde desde o 19 de abril de 1979 ata o 25 de maio 1983.

Foi Deputado provincial.

### *1983. Reimóndez Portela, Manuel*

Nacido en San Miguel de Castro o 26 de marzo de 1916, casado, tres fillos, médico. Toma posesión o 23 de maio de1983 e cesa o 30 de xullo de 1987.

Escritor e etnógrafo, súas son obras coma a *Guia Turística da Estrada*, e *A Estrada Rural*.

Participou na redacción do Estatuto de Autonomía de Galicia.

O Museo Municipal da Estrada leva o seu nome, e o 2004 adicóuselle a súa figura.

### *1987. Fernández Díaz, Elvira*

Nada en Becerreá, provincia de Lugo, viúva, dous fillos, mestra, veu para A Estrada como funcionaria de Extensión Agraria.

Toma posesión o 30 de xuño de 1987 e cesa o 16 de xuño de 1991.

Deputada provincial durante o seu mandato como alcaldesa e despois elixida Senadora na lexislatura 1988-1992. Deputada en Madrid.

### *1191. Tallón Maceira Jesús*

Nado no concello de Vedra, veciño de A Estrada, casado, tres fillos mestre.  Tomou posesión o 16 de xuño de 1991 e cesa o 21 de xuño 1992

Foi membro do Consello de Radio Televisión. Secretario do Gobernador Civil.

### *1992. Campos Durán, Ramón*

Nado na estrada en 1930, casado, dúas fillas, foi funcionario da Seguridade Social e empresario; na actualidade atopáse xubilado.

Nos anos 60 realizou a súa primeira incursión na política municipal da man de Mario Blanco Fuentes, corporación na que foi tenente de alcalde. Tras este periodo deixou a actividade política adicandose ó seu traballo como funcionario da Seguridade Social e máis á empresa familiar.

Será no 1991 cando regrese á política. Un ano, despois, xuño de 1992, acadará a alcaldía froito dunha moción de censura do Partido Popular e a formación que el encabezaba. Na actualidade segue na alcaldía, cargo que acumula ó de Deputado Provincial desde 2003.

## Conclusións

Anque este traballo é mais ben un compendio de datos que un estudio sobre a figura dos alcaldes, sí nos permitiu comprender algunhas cuestións básicas que paso a enumerar:

1. Que ata avanzado o século XX o goberno local estaba nas mans dunha élite económica e intelectual que se ía turnando no poder ó son dos cambios políticos ocurridos en Madrid.
2. O alcalde non era unha persoa que de repente se incorporaba á política, senón que case todos eles foron concelleiros durante moitos anos, ocupando nas corporación das que formaban parte cargos diversos, desde alcalde segundo, tenente de alcalde, procurador síndico, ete., incluso exercendo ocasionalmente de alcalde. Alguns foron tamén Deputados provincias, procuradores, etc.
3. Desde o nacemento do concello e ata iniciado o século XX pasaban da oposición ó poder de maneira rotatoria -o "turnismo"-, e repetían mandato con bastente frecuencia.
4. O seu nomeamento era de desigación Real, Gubernativa, mixta (nomeaban entre os concellerios elixidos) ou electiva, en consonancia coa lexislación aplicable (3), pero en longos periodos de tempo era nomeado pola autoridade competente, acentuándose entre 1936 e 1975.
5. Coas primeiras eleccións democráticas no 1979, suxeitas a Constitución de 1978 e lexislación electoral aplicable, normalízase esta institucións, establecendo as normas de elección e cese e a periodicidade (4 anos) para os mandatos. Aínda así, en canto ás persoas non supuxo unha ruptura, pois alcaldes do periodo anterior fórono tamén nesta nova etapa democrática, adscritos a partidos políticos, sen maiores problemas.
6. Na curta historia deste Concello houbo periodos especialmente prósperos e de progreso, case sempre vinculados a alcaldes especialmente dedicados a súa tarefa, e outros máis grises, vinculados tamén, en moitos casos, a periodos convulsos e de inestabilidade.

En total pasaron pola alcaldía 48 persoas: 47 homes e unha muller; algúns exereceron o cargo en diferentes épocas.

Se nos fixamos na súa procedencia xeográfica, destaca o seguinte:

- No primeiro periodo (entre 1840 e 1900), nótase o peso que tiña o rural respecto da Vila, pois dos 21 alcalde só o 20% estaban radicados no casco urbano. Os restantes tampouco se reparten homoxeneamente polo término municipal senón que se concentran cara ó noreste, por exemplo, de Riveira, Riobó e Callobre, proceden en torno ó 40%.
- No século XX a tendencia invírtese e dos 29 alcaldes que pasaron polo Concello, en torno o 80% residen na Vila, anque, curiosamente, sobre un 20% son orixinarios doutro lugar e afincados na Estrada.

  Isto podémolo relacionar co peso que A Estrada foi adquirindo tanto como centro comercial como polo números de persoas que nela se asentaron, sobre todo a partires dos anos 20. Paralelamente o rural foi perdendo puxanza e habitantes, que buscaron na emigración hacia as cidades, un mellor nivel de vida.

Outro dato significativo é o nivel de fomación que varía dun periodo a outro, sendo medio-alto no XIX (sobre todo tendo en conta os índices de alfabetización), e descendendo ó longo do XX.

Todos eles son, en parte, reflexo da sociedade e da coxuntura política da súa época, e de seguro que a persoa idónea para exercer de alcalde nese momento histórico concreto, anque desde a nosa perspectiva poidamos plantexar análises diferentes.

## lexislación

Tendo en conta o período que abarcamos, imos iniciar o percorrido no século XIX e achegarnos ata o presente.

Un dos problemas que se afrontou foi o da electividade das institucións do goberno municipal oscilando o sistema conforme á tendencia dominante no goberno.

Iniciamos o repaso pola lexislación cinguíndonos ó periodo que abarcamos; facémolo de maneira case esquemática, só co fin de centrar un pouco a cuestión.

1. A Lei de 3 de febreiro de 1823 ven desenvolver os preceptos da Constitución de 1812 nesta materia, nela establecese a elección popular polos cidadáns maiores de 25 anos, que levarán residindo algún tempo no distrito, para o cargo de concelleiro; o alcalde era igualmente de elección popular.
2. A Lei de 8 de xaneiro de 1845, esta lei pretende corrixir o que se estimaron esaxeracións da anterior; significa un retroceso porque o sistema electoral era censitario e só podían ser electores os veciños con determinada capacidade económica e conforme a reglas e procedemento moi estrictas.

   O nomeamento de Alcaldes correspondía ó Rei en capitais de provincia e cabezas de partido de máis de 2000 veciños, e o Xefe político nos demais, entre os concelleiros elixidos polo pobo, asimesmo o Rei podía nomear libremente un Alcalde-Correxidor, en lugar do ordinario cunha duración determinada, onde o estimase conveniente.
3. Lei de 2 de outubro de 1877. Despois de varias tentativas, da Lei de 1870 ( a máis descentralizadora respecto as institucións municipais) e outra de 1876, esta recolle das dúas e establecía ó seguinte:

- O número de concelleiros era proporcional á poboación do término municipal.
- Electores. Nos concellos de mais de 100 veciños requeriánse algunhas das seguintes condicións:
  - Ser cabeza de familia con casa aberta, dous anos de residencia e que viñese pagando cun ano de antelación algunha cota de contribución.
  - Ser empregado estatal ou local en servicio activo.
  - Ser cesante con haber por clasificación, xubilación ou retiro do exército.
  - Ser residente con dous anos, maior de idade e título profesiona ou académico.
- Elixibles. Dividense os pobos por categorías, segundo número de veciños: Nos pobos con mais de 1000 habitantes:
  - Os que levaban catro anos de residencia fixa e continua e pagasen cuota comprendida nos dous primeiros tercios da lista de contribuintes.
  - Nos concellos entre 400 e 1000 habitantes os mesmos requisitos, salvo estar comprendidos nos primeiros catro quintos da lista.
- Elección de Alcalde, nos municipios de mais de 6000 habitantes, capitais de provincia e partidos Xudiciais, pode nomealo o Rei entre os concelleiros, cando o Rei non exerce esta potestade ou en municipios inferiores a 6000 habitantes a elección corresponde ó Concello entre os concelleiros.

5. Estatuto de 8 de marzo de 1924

   Proclama a electividade dos membros das Institucións de goberno. Distinguía entre os concelleiros de elección popular e os de representación corporativa. Os electores eran os mayores de 23

anos e os elixibles os maiores de 25 inscritos no Censo, tendo dereito de sufraxio as mulleres cabeza de familia e as maiores de 23 anos non sometidas á patria potestade, autoridade marital ou tutela e veciños con casa aberta.

O sistema electoral era proporcional ó número de habitantes.

O alcalde era elixido polo Concello entre os concelleiros ou electores con capacidade para selo, salvo ser privado das funcións como delegados do Goberno; prohibíase o cese gubernativo de alcaldes.

6. Lei Municipal de 1935 implantou a elección de Alcaldes, ben polo Concello ou polo pobo, para o cese segue o mesmo sistema.
7. Lei de Bases de 1945 e Texto articulado de 1950 e 1955

   Estableceuse unha representación orgánica para a elección de concelleiros por terceiras partes iguais a través dos cauces familiar, sindical e corporativo: O primeiro é de elección directa polos veciños cabezas de famila, e os outros dous indirecta.

   Os alcaldes eran de elección gubernativa; polo Ministro, os de poboacións superiores a 10.000 habitantes e polo Gobernador nos inferiores.
8. Constitución de 1978.

   Impuso a volta ó sistema electivo para as eleccións locais. No seu artigo 140 indica que a Constitución garante a autonomía dos Concellos. Estes gozarán de personalidade xurídica plena. O seu goberno e administración corresponde ós seus respectivos "Ayuntamientos" entregados polos Alcaldes e concelleiros que serán elixidos polos veciños mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e segredo, na forma establecida pola Lei. Os Alcaldes serán elixidos polos concelleiros ou polos veciños.

   A lexislación electoral vixente está constituída fundamentalmente pola Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral

Xeral, que sufriu diversas modificacións pola Lei Orgánica 8/1999, de 21 de abril, Lei Orgánica 6/2000, de 27 de xuño, de Partidos Políticos, e a Lei Orgánica 16/2003, de 28 de novembro.

## Fontes

Arquivo Municipal do Excmo. Concello da Estrada:

Libros de Actas e borradores de Pleno.

Libros da Comisión Municipal Permanente de 1926-1932

Libro Rexistro de Matrícula Industrial 1867- 1925.

Presuposto anos 1927-33

Arquivo da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra:

En elección municipais os anos 1842-44, 1846, 1848-49, 1850-51, 1852-53, 1854-55, 1857-58, 1859-60, 1861-62, 1863-64, 1865-66, 1869, 1869-70, 1871, 1872, 1874, 1875, 1883, 1906-07, 1911, 1913, 1917,1920.

En eleccións de Deputados Provinciais – Varios anos.

## Bibliografía e notas

(1 )FERNÁNDEZ CASTRO, JUAN ANDRÉS: Acción colectiva e élites locais en Galicia. O motín de xullo de 1870 na Estrada (Pontevedra). *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural.* Nº 3 – 2000. Museo de Pobo Estradense.

ARCA CALDAS. OLIMPIO: Callejero histórico de la Villa de A Estrada. A Estrada 1996.

FARIÑA JAMARDO, XOSÉ: O nacemento dos axuntamentos de provincia de Pontevedra. Pontevedra 1987.

GARRIDO COUCEIRO, XOÁN C.: Manuel García Barros. Loitando sempre. Fouce. Lugo 1995.

REIMÓNDEZ PORTELA, MANUEL: A Estrada Rural. Pontevedra. 1990.

VARELA DE CASTRO, PEDRO: La Estrada. Santiago de Compostela. 1924.

SANMARTÍN SOBRINO, JOSÉ: Un país llamado Estrada. Pontevedra. 1997.

(2 )BLANCO VALDÉS, JUAN LUIS: Mario Blanco Fuentes (1917-2000). Unha fotobiografía. *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural.* Nº 4. Museo do pobo Estradense Manuel Reimondez Portela. 2001.

ARCA CALDAS, OLIMPIO: Memoria Histórica do Recreo Cultural. 1995.

BARREIRO FERNÁNDEZ, J.R.: El carlismo Gallego. Ed. Pico Sacro. 1979.



# A Tradición e as tradicións na freguesía de Ouzande (A Estrada-Pontevedra) nos séculos XVII, XVIII e XIX

Manuel Castiñeira Rodríguez
*Párroco emérito da Estrada e Ouzande*

Na medida en que un vai adentrándose en anos, os interrogantes que a cotío asoman á propia conciencia de ordinario polarízanse arredor do propio ser, da orixe da que procede e do destino ó que se encamiña. Cando se é novo indágase na historia coma unha realidade allea, arredada dun e da que se é espectador e non constructor. Velaí unha razón pola que se tén coma algo normal comezar o traballo de indagación polos grandes acontecementos, levados a cabo por xente sempre importante e que teñen lugar en países lonxanos. Do mesmo xeito, os adolescentes, cando toman conciencia de que o mundo está deshumanizado ou descristianizado e na súa xenerosidade séntense impulsados a facer algo por cambialo, de contado pensan en actividades levadas a cabo en lonxanos países, Mozambique ou Indonesia, poñamos por caso. Non se decatan de que o seu entorno inmediato, a familia, o barrio ou o propio colexio están tamén necesitados de humanización.

Entrado en anos, o ser humano ve a historia coma a realidade na que se sente inmerso, resultado da súa propia actividade vital; realida-

de que é en maior medida producto das accións daqueles que nin sequera son nomeados nos libros impresos; das actividades cotiás máis ca das accións dos detentadores do poder na terra ou das grandes batallas da historia. Paréceme acertado o método actual de ensinar ós nenos o coñecemento da natureza, o estudio que eles din “do medio”. Ós do meu tempo levóusenos por un camiño inverso: de contado aprendín os nomes dos oito ríos máis importantes de España pero tardei moito en aprender como se chamaban os de Galicia, o río do Porto ou río Grande, poñamos por caso; e xa non digamos o regatiño troiteiro que pasaba perto da miña casa natal e que aínda hoxe sigo a chamar de distintas maneiras: Badoferreiro, Badanzón, Basandiño, Badocais ... conforme ós lugares en que antano se cruzaba sen pontellas. Aínda hoxe non lle coñezo outro nome máis propio.

Outro tanto me pasaba cos accidentes xeográficos; sabía os nomes das serras máis elevadas de España e Galicia, mais nunca aprendín na escola os nomes chamativos e fermosos daqueles montes que eu vía dende a fiestra do meu cuarto, do camiño que levaba á escola ou á misa os domingos. Facerme con eses nomes pasou a ser esixencia persoal na medida en que me fun facendo adulto; é imperativo de conciencia ó entrar na “terceira idade”.

O coñecemento das pequenas grandes historias do meu entorno, dos familiares dos que descendo faime sentir dono da historia, porque na deles xa me sento incluído; eu non son un mero receptor, son tamén –dun xeito certamente difícil de explicar– realizador, protagonista desa historia. Aínda máis, se calquera se sente inxustamente tratado cando alguén plaxia a súa obra, eu vivo a gozosa sensación de que fun plaxiado cando descubro que algún dos meus devanceiros realizou na vida aquilo que tamén realizara eu denantes de coñecer a súa historia, polo que me sentía orgulloso ata o punto de dialo-

gar interiormente coa persoa á que me refiro para dicirlle: graciñas por valorar tanto a miña obra que tiveches a ben plaxiarma.

Penso que sintonizo ben neste aspecto –coma noutros moitos– cun meu amigo que na introducción a unha obra súa sobre historia da arte, froito da súa tese de doutoramento, semella gabarse de algo que outros tratarían de ocultar: ser neto, bisneto e tataraneto de mulleres solteiras. E dá a razón: "*Porque foron quen, nun mundo en que case tódalas mulleres pobres tiñan que quedar solteiras, de transmitir a vida e o apelido; loor a estas Quintas –que tal era o nome polo que eran coñecidas na aldea–, mulleres caseiras, pobres case de pedir polas portas que, ó longo dunha centuria foron quen de conservaren o apelido por vía feminina. Loor especial a Farruca da Quinta, que soubo inculcar ós seus descendentes a necesidade da cultura*". Descubrira xa o meu amigo que a súa bisavoa lle plaxiara o pensamento, que, dun xeito sobranceiro, tamén trata el de inculcar ós seus alumnos.

Canto veño de insinuar, no campo da cultura humana, sendo eu crente, cobra aínda máis relevancia se se trata do ámbito da fe e da experiencia relixiosa. Cada vez que tiña oportunidade de tomar nas miñas mans os libros do arquivo da parroquia onde nacín, sentía a necesidade de coñecer o nome da persoa que bautizara, casara ou dera sepultura ós meus devanceiros; de botar unha ollada á idade en que finaran, averiguar se recibiran os sacramentos antes de morrer, se estableceran mandas piadosas, misas ou obras de caridade. Preocupábame tamén por averiguar en que lugar do templo ou do camposanto foran soterrados. Descubrín cales dos meus maiores optaran pola vida sacerdotal, coma aquel párroco de San Adrián de Toba sepultado dentro da igrexa contra o 1660; outro foi enterrado en San Andrés de Tallo polo 1818; outro máis en Santiago de Mens no 1824; outro meu antepasado, párroco de Corcubión, a quen os fran-

ceses lle queimaron a casa parroquial e o arquivo, que deu recuperado en parte, e que foi soterrado dentro da igrexa parroquial de San Marcos no 1827. Houbo, ademais, un irmán da miña avoa paterna, sepultado xa fóra da igrexa na que eu recibín o bautismo no ano 1911. Aínda outros dous irmáns de meu pai foron así mesmo sacerdotes: o primeiro faleceu sendo párroco de Fisterra no ano 1942 e o segundo recibiu sepultura nas lonxanas terras da cidade de Calabozo en Venezuela no 1959. Coñecidos os datos dos seus pasamentos visitei, en actitude relixiosa, cada un deses lugares, facendo oración de sufraxio e de gratitude a Deus, pensando que o meu presente de hoxe estivera xa, dalgun xeito, na vida deles.

Tamén tratei, xa desde rapaz, obter de meus pais, nacido el no 1866 e ela no 1895, e tamén de miña avoa paterna –nacida no 1854–, coñecementos sobre as actitudes relixiosas e de fe dos nosos devanceiros. Repenso moitas veces a fondura da fe do avó materno de miña avoa, nacido alá pola penúltima década do XVIII. Tendo un neto cura que vivíu de mozo na súa casa mentres agardaba destino por parte do Arcebispado, íalle axudar á Misa pola mañá; e observando como o neto chegaba á casa de volta case denantes có monago, logo lle dicía: "Francisco, e logo ¿tiveches medo de que che caise enriba o tellado da igrexa, ho? ¿Non deberías quedarte un anaquiño co Señor, sen deixalo só tan de contado?" Referíame miña avoa que, cando lle levaron o Viático, xa de oitenta e moitos anos, pediulle ó Cura que lle permitise axeonllarse enriba da cama, por suposto que era unha cama dura, un xergón de follato sobre táboas de castaño, cuberto cunhas sabas de estopa, manta de lá e colcha de trapo. Non foi ninguén quen de disuadilo, de forma que o fidalgo don Luís Pose de Leis, rico no don da fe e pobre en riquezas, recibiu a Cristo coa profunda certidume de que estaba ante Xesús, a quen lle abría a

porta do seu corazón para facer ó seu carón a derradeira viaxe, dende a súa casa no lugar de Reboredo de Nande deica o camposanto onde sería soterrado. ¿Non estaría xa no seu pensamento que o seu tataraneto Manuel, hoxe párroco emérito da Estrada e Ouzande, poidese un día facer algo que superase todo pensamento humano: poñer ó Fillo de Deus, morto e resucitado, a disposición de quen quixese recibilo como compañeiro e como alimento. Sería poder facer aquilo que fermosamente explica o poeta Cabada Vázquez:

> ¿Falar con Deus a miúdo?
> Lendo o Testamento Vello,
> vemos que aqueles Petrucios
> cuase a cotío o fixeron;
> mais facer que Xesucristo
> descese dos outos ceos
> sobor das táboas do altar
> para nós como pan comelo,
> iso nin sequera a Virxe
> –e é súa Nai– pode facelo;
> en troques, con catro verbas
> o fai calisquera crego;
> dicindo Hoc est corpus meum,
> ás súas mans vén Deus correndo.

Despois de ter pescudado xa moitos datos da experiencia relixiosa dos antepasados, ó paso dos anos sinto aínda máis necesidade de coñecer o pasado, porque a resposta ós interrogantes sobre o meu futuro penso que a encontrarei clarificando o pasado. Preciso, por medio dos testemuños que deixaron os tempos idos, chegar a conectar, na miña experiencia de fe, con Xesús morto e resucitado. Á miña idade entendo, moito mellor que de novo, o que San Paulo (1ª Corintios, 15, 12–20) nos di: *Se Cristo non resucitou, a miña predicación está baleira, e mesmo resultaría ser unha testemuña falsa contra Deus*,

*dicindo del que resucitou a Cristo, non sendo certo*. Daquela os meus devanceiros, dos que me sinto orgulloso, terían desaparecido para sempre, ora ... non é así, pois *Cristo resucitou, polo tanto o reencontro está asegurado*. E eu, facendo memoria da historia do pasado, atopo o futuro que ansío e dalgún xeito anticipo. Cando rezo polos meus antepasados xa non o fago somentes *por* deles, aínda que tamén, senón *en lugar* deles, prestándolles o meu pensamento, a miña actitude externa, a miña voz. Cando na catedral de Compostela entro a rezar o credo ante o sartego do Apóstolo Santiago como me encargou meu pai desde rapaz facelo no seu nome, vivo a sensación de que meu pai e meu tataravó don Luis e tódolos meus devanceiros, e ata Santiago Cebedeo, están ó meu carón dicíndolle a Deus aquilo que pensamos del e da súa obra salvadora. Camiño cara ó futuro mergullándome no pasado.

A calquera crente este pasado fáiselle accesible na Sagrada Escritura (A Biblia) e na Tradición. Cómpre lembrar que esta última palabra é susceptible dunha doble significación: Tradición, en senso amplo quere significar a totalidade da Revelación divina que Deus, en Xesucristo, lle confiou á súa Igrexa. A iso se refire San Paulo cando na segunda das cartas a Timoteo, 1, 14 e 11, escribe: *Garda o precioso depósito polo Espíritu Santo que mora en nós*. Pola súa parte San Ireneo escribiu: *A Verdade os cristiáns podemos recabala de mans da Igrexa xa que nela, como en tesourería, os Apóstolos, de forma completísima, depositaron canto pertence á Verdade; por iso debemos amar o que pertence á Igrexa e conservar con fidelidade a Tradición da Verdade*.

Tradición, en senso máis reducido quere significar canto nos foi revelado por Cristo sen que fose consignado por escrito baixo a inspiración do Espíritu Santo formando parte dos libros que compoñen a Sagrada Escritura; e que chega ás xentes de tódalas xeracións trans-

mitida oralmente, baixo a acción misteriosa do Espíritu Santo. Dicía fermosísimamente San Vicente de Lerins no século IV *É cousa decidida, dentro da Igrexa Católica, manter con fidelidade canto* semper, ubique et ab omnibus *(sempre, en todas partes e por todos) foi confesado e crido*. Abrangue neste senso a palabra Tradición o elemento obxectivo –aquilo que cremos–, e tamén o elemento subxectivo, o feito mesmo de transmitirmos ese contido, sexa pola predicación, pola catequese, a liturxia, polos símbolos utilizados como expresión da nosa experiencia de fe e devoción; polos comportamentos e o estilo de vida e relacións interpersoais familiares ou comunitarias. Tamén polos cantos, institucións, parroquias, confrarías, culto dos difuntos e outras. A todo este conxunto de transmisión da Tradición é ó que eu quero significar co segundo elemento do título deste traballo, *as tradicións* en Ouzande nos séculos XVII, XVIII e XIX, en tanto foi parroquia matriz, deica quedar unida á de San Paio da Estrada no 1869.

Cómpre non esquencer que os primeiros axentes da transmisión da mensaxe revelada son os membros da familia, e logo a comunidade parroquial, facendo tamén uso, de ser posible, dos centros de ensino, elemento importantísimo na adquisición dos saberes da cultura relixiosa. Así mesmo ha terse en conta que a totalidade do contido da fe cristiá, incluíndo canto está recollido na Biblia, énos transmitido tamén oralmente. Certamente cando na nosa mocidade se nos transmitiu tamén oralmente a certeza da fe sobre a Inspiración divina das Santas Escrituras e sobre cal é o Canon ou elenco dos libros Inspirados, poida que teñamos vivido –a min así me sucedeu–, a sensación de que a certeza que me ofrecía a Palabra Escrita era superior, con moito, á da Palabra revelada que me chegaba na transmisión oral: ensino da familia, proposta relixiosa na parroquia, etc. Cando agora, á miña idade, volvo a mirada á miña experiencia de fe, vivo a

sensación de que as conviccións relixiosas que configuraron máis fondamente a miña existencia proceden do ámbito da familia e da parroquia en moita maior medida cá das aulas do centro de estudios teolóxicos, onde é certo que aprendín conceptos de valor incalculable para entenderme a min mesmo como crente e tamén para dispor de ferramenta adecuada á tarefa de ser non mero receptor da Mensaxe divina, senón tamén o seu transmisor. Receptor e transmisor, velaí as dúas vertentes dunha única realidade; estou convencido, e téñoo dito moitas veces ós catequistas e pais de familia, que cando un transmite a fe, poida que aprenda máis do que ensina. Lembro aquí unha frase do Libro dos Feitos dos Apóstoles, que, segundo San Paulo pronunciou o Señor Xesús, *enriquécese máis quen dá que quen recibe*.

* * *

As ideas que levo expostas inducíronme unha vez máis a tomar nas miñas mans os libros do Arquivo Parroquial de Ouzande, nos que están recollidas as contas da Fábrica e das confrarías da Nosa Señora do Rosario, San Roque, Ánimas e Sacramento, tratando de esculcar neles a orixe e manifestacións das súas tradicións relixiosas, e facer unha reflexión sobre importantes aspectos da Tradición ou doctrina de fe nelas transmitida. É de advertir que estes libros ofrécennos información a partires da mitade do século XVII, aínda que, por suposto, á fe relixiosa non se chega na comunidade da noite para a mañá, polo que diriamos que neses libros encontramos manifestacións da fe ó longo de tres centurias. Parece importante recordar o tipo de Comunidade que é a parroquia de Ouzande naquel tempo, sendo o párroco ou Rector (como daquela se coñecía) elemento de particular relevancia, non único nin, se cadra, o

máis determinante da fe a partires da infancia; aínda así sería moi conveniente saber quen foron as persoas que prestaron ese servicio e o modo en que accedían a ese cargo.

A parroquia de Ouzande contaba cun pequeño número de veciños, constituídos en familias ou “fogos”, como daquela se dicía. Os datos que puiden recadar non sempre son moi fiables; de todos modos poden ser aceptable no seu conxunto. No 1607 Gerónimo de Hoyo constata en Ouzande 22 fregueses (familias); no 1654, na visita do Arcebispo don Fernando de Andrade, déixanse anotados na parroquia 30 fregueses; no 1673 o visitador delegado do Arcebispo D. Andrés Girón, atopa na parroquia 40 fogos. Pascual Madoz asígnalle a Ouzande no 1850 unha poboación de 50 casas; don Pedro Varela cuantifica os veciños de Ouzande en 378, con 70 cabezas de familia. A Guía Diocesana do 1929 rexistra eses mesmos 70 fregueses, se ben don Manuel Reimóndez dá para esas datas 413 habitantes. Álvarez Limeses, no 1936 dá un censo de 431 persoas; na Guía diocesana do ano 1992 dise que nesta poboación viven 139 familias con 541 habitantes. E, por último, a Guía do 1998 consigna 459 habitantes en Ouzande, que descenden a 426 no 2003, froito da caída da natalidade e non do descenso de familias; paradoxalmente con máis familias temos menos habitantes.

Por todo o anteriormente consignado podemos ver que se trata dunha comunidade de dimensións reducidas, aínda que en permanente crecemento.

## Parocoloxio ou relación dos párrocos de Ouzande

1651, Bacharel Mauro Posse de Montaos y Villardefrancos; ignoramos a data de posesión, se ben sabemos que foi sepultado no templo parroquial en 6 de marzo do 1656.

Ignacio de Ribera y Sotomayor, Rector de Aguións e Vicerrector de Ouzande dende a morte do cura. Vicerrector quer dicir Cura ecónomo ou interino. Desde comezos de 1660, Bacharel Bartolomé Gomez de Pardiñas, Rector que recibe sepultura na Igrexa de Ouzande 0 13 de agosto do 1685. Despois del –e xa durante os seus últimos anos–, actúa como Vicerrector don Pedro de Bigín, clérigo aveciñado en Ouzande.

Na visita do Arcebispo Frey Antonio de Monroy, o 18–11–1688 dise que é Rector electo don Antonio de la Peña, a prol de quen o Tribunal da Diócese emitiu sentencia, aínda que, segundo parece, foi apelada perante o Tribunal Real; sendo mentres tanto Pedro de Bigín quen serve á parroquia, aínda sendo o Rector quen perciba os froitos e viva na rectoral. Actúa algunhas veces o propio Rector, que asina nos libros como Antonio Vermúdez de la Peña, ó que tamén axuda como Vicerrector don Domingo Pérez de Gameán. Tamén se menciona algunha vez a don Pedro da Graña (10-9-1691) como vicerrector de Ouzande. De la Peña asinaba ás veces como Antonio Bermúdez de la Peña y Montenegro, así ata o 5 de xaneiro do 1690, e non consta falecido en Ouzande. ¿Foille acaso contraria a sentencia e houbo deixar a parroquia?

En marzo de 1691 figura como Rector propio Francisco Bermúdez de Castro y Montenegro, quen foi sepultado na igrexa de Ouzande o 28-6-1707; tendo falecido en San Bréixome de Arcos, sen outorgar testamento; vése que lle tiña lei a Ouzande. Dende xullo do 1707 actúa como vicerrector don Pedro Rodríguez de Matalobos, quen nos derradeiros meses do 1712 asina xa as partidas como Rector propio de Ouzande, ata que falece o 27–6–1727, sendo soterrado na igrexa; outorgou testamento. Actúa entonces D. Ignacio Pastoriza, cura de Guimarei, como máis inmediato, dirixindo o enterro e hon-

ras fúnebres. De seguido actúa como vicerrector ou ecónomo D. Jacinto Rodríguez da Fraga, aínda que delega case todo en Gregorio Rodríguez de Matalobos, irmán ou sobriño do defunto párroco, xa que vivía en Figueroa, onde rematará a súa vida, e alí vivía tamén un irmán do defunto don Pedro, chamado Santiago Rodríguez de Matalobos. O Jacinto era vicario–cura de Lagartóns ata que en 18-4-1728 faille entrega dos libros parroquiais a don Juan Antonio Montenegro y Sotomayor *en virtud de nombramiento y posesión en que me hallo de Cura y Rector propio de San Lorenzo de Ouzande por muerte del Licenciado don Pedro Rodríguez de Matalobos mi antecesor,* deixou escrito don Juan Antonio.

En nove días de abril do 1629, Francisco Carbón, vicerrector, tralo falecemento de Juan Antonio Montenegro é quen bautiza, titulándose "Vicerrector en vacante". Don Juan Antonio faleceu o 22-2-1729 e recibe sepultura intramuros da igrexa; actúa don Ignacio Pastoriza, de Guimarei, quen consigna no libro de difuntos *el difunto recibió los Santos Sacramentos* in communione Ecclesiae; *no hizo testamento por haber estado casi siempre raptado en la enfermedad de que murió. Ofrenda dos carneros, un cañado de vino y tres ferrados de trigo, tres de centeno y tres de mijo menudo. Deja por su heredera forzosa a doña Isabel María Núñez de Castro Varela de Vaamonde, su madre vecina de San Payo de Figueroa, residente al presente en Ouzande.* Francisco Carbón y Lamas di que se lle fixo acto de aniversario *por la parroquia el 26 de dicho mes y año y que el se halla nombrado Vicecura ecónomo por nombramiento del Sr. Arzobispo.* Asistiron 29 sacerdotes.

En xullo de 1730 figura actuando de párroco D. Alonso Antonio Pinto de Illobre, que dende 1740 actúa con autorización de Manuel Antonio Picáns, ecónomo que antes era veciño de Cereixo; e o señor Pinto é párroco de Callobre; en Figueroa vive por estas datas o presbí-

tero Pedro Rodríguez Taboada. En maio do 1741 aparece como novo párroco de Ouzande don Jacinto Bermúdez de Rivera, que foi enterrado na igrexa 0 25-9-1765, actuando como sacramentario don José Antonio de Laña, cura propio de Aguións. No seu testamento deixa, entre outras disposicións, 200 reais para a fábrica de Ouzande; e para a Virxe do Socorro, inclusa en dita igrexa, 100 reais (logo xa pesaba a devoción a esta advocación en Ouzande). No tres de outubro do 1765 figura como ecónomo en Ouzande don Francisco Antonio Rivera, que actúa deica agosto do 1767, en que aparece como párroco o Bacharel don Benito Mondragón Córdoba y Castro, aínda que, coa súa licencia, fai as súas veces Francisco Antonio Rivera. Os meses de outubro e seguintes –ata marzo do 1768– , suple ó párroco D. Domingo Antonio Somoza, Pbro. Veciño da vila de Rianxo.

Mondragón figura como Rector en Ouzande e electo de Santa María de Beluso en maio do 1792; en setembro dese ano aparece como ecónomo don Pedro Bernardo Sueiro, presbítero veciño de Arcos de Furcos; actuará como tal ata que en 7-1-1796 actúa como Rector propio o bacharel don Josef Aguayo y Nieves. Falece este cura o 23-3-1828, sendo enterrado na igrexa parroquial; deixa consignado no seu testamento que lega a metade do que tiña á igrexa de Ouzande e a outra mitade ós pobres. Firma como cura vacante don Juan Antonio Buela e despois don Francisco de Baños, presbítero veciño de Figueroa, ata que en novembro do 1828 figura como párroco don Juan Manuel Fontenla García, cargo que ocupa ata o seu falecemento en Ouzande o 8-5-1869, recibindo sepultura no cemiterio que el creara, na sepultura destinada ós curas e donde tamén xaz o párroco de A Estrada-Ouzande don Francisco González de Penelas, falecido o 20-11-1920. Neste enterro figura como Sacramentario o párroco de Aguións don Amancio Veiga.

Como se deixa ver polos apelidos, e tendo en conta que case a totalidade destes párrocos tiñan familia nas parroquias cincunveciñas, trataríase de persoas ben coñecedoras do entorno; xente que amosa ter un bo nivel cultural pois a meirande parte tiñan nivel académico universitario como bachareis ou licenciados. Vese tamén que se encontraban a gusto en Ouzande, xa que, de todos eles, somente dous fan mudanza, un para Callobre e outro para Beluso, parroquia esta última moi apetecible, coma todas as do Salnés e Morrazo. Cómpre agora preguntarse ¿e como accederon estes curas a Ouzande? Debemos ter en conta que, sendo sempre os Arcebispos quen nombraban e daban posesión ós párrocos, a elección dos candidatos tense feito, ó longo da historia, de distintos modos. Un deles era o "Dereito de Presentación", que consistía en que unhas persoas, físicas ou xurídicas, posuían o dereito de elixir entre persoas ordenadas sacerdotes que reunisen as condicións adecuadas para exercer o cargo de Rector e lle desen posesión dun Beneficio Curado por parte do Arcebispo. Polos datos consignados no arquivo, e somentes por eles, teño noticia de que Ouzande é parroquia de presentación de leigos, persoas físicas non clérigos nin relixiosos. Así, na visita efectuada á parroquia no 1680 polo Cóengo don Bernardo González dise que Ouzande é *de presentación lega*. No 1684 Francisco Rodríguez Araújo, visitador, deixa dito que a parroquia é de presentación *de legos*. Na visita do Bispo Auxiliar don Antonio de Jaspe, fai contar que a parroquia é de presentación de *Patronato de Legos*. No 1727 don Juan Armesto y Astorga fai constar que a parroquia é de *presentación lega*. Sen embargo non se fai constar en ningures o nome das persoas que detentan o privilexio de presentar; agora ben, revisando o Libro da Confraría de Ánimas, folio 10, contra o ano 1760 o párroco don Jacinto Bermúdez deixa constancia de que un presentador

era *Don Joseph Bermúdez de Sangro, patrono de este Curato*. O tal don José, según consta no libro de Fábrica de Figueroa, folio 114v, vivía na Casa Grande de Figueroa, sendo un dos responsables de manter ben coidada a HERMITA DEL ESPÍRITU SANTO do lugar da Estrada. Nesa casa consta que vivía no 1728 dona Teresa Moscoso Miranda, viúva de don Francisco Bermúdez de Sangro e titora dos seus fillos o Marqués de Mos e outros. Don Nicolás Mato Varela, sendo párroco da Estrada e Ouzande nunha folla que deixa adosada ó último libro de Fábrica da Parroquia, que debeu ser escrita contra o ano 1950, afirma que as parroquias de A Estrada e Ouzande, unidas dende 1869, son *de Patronato del Marqués de Santa Cruza de Rivadulla, con alternativa del Sr. Sangro y Ros de Olano*.

Falecido don Nicolás, que fora presentado no seu día polo Marqués de Santa Cruz de Rivadulla, no ano 1962 o Arcebispo publicou a vacante coa fin de que quen tivese o dereito de presentar comparecese para acreditalo e proceder ó nomeamento de novo párroco. Sen embargo o Concilio Vaticano II, por aquelas datas, fai un chamamento a que os presenteiros, polo ben da Igrexa, renunciasen ó seu privilexio. Deste modo eu accedín no 1965 ó cargo de párroco da Estrada e Ouzande, por libre designación do Arcebispo Quiroga Palacios, previo o Concurso a Curatos establecido daquela nesta nosa Diócese. Veaí pois que o meu antecesor foi o "pecha cancelas" dunha praxe centenaria, abrindo eu a porta a unha nova forma de acceso ó cargo de Rector da Estrada e Ouzande, da que recentemente, por razóns de idade e saúde fixen renuncia e me foi aceptada polo Señor Arcebispo; ¡Deus llo paguiño!

## A vida na comunidade crente de Ouzande de 1650 a 1869

Como toda colectividade, a parroquia é unha realidade organizada de tal xeito que cada un dos seus membros ha asumir a súa propia función. Tátase da presencia máis pequena da Igrexa de Cristo, despois da familia, que San Paulo compara cun corpo, onde cada membro ten a súa función, sendo todos necesarios. Hay funcións que veñen dadas e son parte da Tradición ou contido da fe, como é o caso do Sacerdocio ministerial ordenado –Rector da parroquia– e o laicado –os fregueses–, que deben ser activos na transmisión e proclamación da fe na cataquese familiar ou parroquial, estilo de vida e confesión pública desta fe. Tamén na celebración da fe na liturxia e vida de caridade, entendida principalmente como atención ós máis necesitados. Sen sacerdote non existiría parroquia. Se este esquecera que o seu é servir, non servirse de, estaría lonxe do que ós primeiros sacerdotes lles dicía S. Pedro (Carta 1ª, cp. 5, 2–3) *Coidade do rabaño que está á vosa garda … non por interés de lucro, senón de boa gana; non dándovos as de señores daqueles que se vos encomendaron*. Sen curas non hai parroquia, mais sen fregueses, tampouco. Cóntase que un abade moi estricto, de esixencias que sobrepasaban as do propio Evanxeo, foi expulsando do convento a tódolos frades, un a un; chegado o derradeiro, díxolle *vostede non é mais disciplinado cós outros, debo pois expulsalo*, ó que o frade retrucou *se me bota, queda vostede mesmo destituído, porque sen frades vostede non é abade*. O Cardeal Quiroga Palacios escoitou un día dos fregueses dunha parroquia na que falecera o cura, a petición dun novo párroco, dicíanlle ó Cardeal *Sómoslle un fato de fillos sen pai*.

Ningunha das partes pode ser ignorada pola outra; os leigos precisan o recoñecemento de membros activos e corresponsables na

organización das actividades, dende a cataquese, e a celebración dos actos de culto, ata a administración da economía parroquial. Contaba un Cardeal que un catecúmeno que preguntaba a un sacerdote cal era a posición dun laico na Igrexa, recibiu daquel a seguinte resposta *a posición é dobre: axeonllarse ante o altar e sentarse cando o cura predica*. Con ironía engadiu o Cardeal *esquenceuse dunha terceira: meter a man no seu moedeiro para aportar os cartiños*.

Ningunear ó Cura é tamén unha posible tentación no devenir da historia das parroquias. Hai situacións nas que o párroco non pode dimitir da súa responsabilidade; non pode dar por bo un camiño de transmitr a fe inadecuado, que non sintonice no contido nin nos métodos co proposto polos responsables da acción diocesana, que preside o Bispo. Non pode dicir amén a unha moral e a un estilo de vida contrarios ó Evanxeo, aínda que o pedise a maioría. É preciso que o párroco sexa aceptado con respecto e afecto. Non se lle pode pedir que traballe con tesón sen lle proporcionar os medios necesarios de sustentación que posibilite que viva humanamente, ó uso da terra, como fermosamente se expresaban os párrocos de Ouzande nos séculos pasados. Como se dixo de Cristo: tamén o Cura ha pasar "por un de tantos", sen pretender ser un privilexiado na sociedade en que lle tocou vivir; mais tampouco a ser sometido a vivir coma un paria. A pobreza máis acentuada, ó estilo de San Francisco de Asís, sería froito, en todo caso, da libre e persoal elección de cada quen. Como dicía un meu amigo no Colexio de Irlandeses, onde residiamos como alumnos da Universidade Pontificia de Salamanca, ante a proposta do administrador do Centro de facermos unha vida máis penitencial na coresma reducíndonos un pouco os alimentos, entre outras cousas, alguén escribiu un día debaixo do relatorio da boa xestión daquel administrador aforrativo *ex tripis nostris*, a conta do noso

bandullo, *eu sonlle un namorado da abstinencia e do xaxún, góstame moitísimo a penitencia… ¡voluntaria!* Se o Cura debe andar *alonxado do amor ós cartos*, como di San Policarpo, os fregueses terán que facer o que di S. Ignacio de Antioquía *aceptade ó Cura como enviado de Xesucristo; tanto Cura como fregueses non han facer nada sen ter en conta o consello do Bispo*. Se os fregueses non poden ser só persoas que recen ante o altar, escoiten a predicación e abran o moedeiro para entregar os cartiños, tampouco deben pasar ó que nalgunha comunidade se vén dando: os leigos toman coma actitude propia súa a de meter a man no peto das esmolas que hai no templo e na bolsa das colectas que se realizan nos actos de culto; e con iso, desentendéndose do Cura e de tódalas outras necesidades a que están destinadas as aportaciós do fieis, contratan orquestras e foguetes; coma se con iso xa abondase para ter festa na parroquia. Sendo a parroquia un colectivo de crentes, a festa suporá, como escoitei xa de neno, *a Misa, a mesa e a música*. De non facelo de acordo os Curas e as comisións de festas, obteráse como resultado unha festa que non é festa. Así nolo dixo un día ós Curas da Estrada o monago Paquiño, que agora xa é un home feito e dereito, ó rematar unha Misa solemne na que o director do canto iniciou sen ton nin son, resultando aquilo máis que cantar, berrear: *hoxe non hai festa;* ¿e logo? pregunteille; *porque hoxe vostedes ían cada un pola súa conta*. A relación fregueses–curas en Ouzande foi ó longo de máis de 200 anos gozosa e modélica, según se desprende dos libros parroquiais. Somente atopei a excepción dun cura interino que un día tomou a decisión, contra o parecer dos fregueses, de facer un investimento de certa cantidade sen autorización dos superiores, ignorando aquela frase latina que calquera crego coñecía: *sede vacante nihil innovetur;* o interino manteña as cousas como estaban. O certo é que o cura foi denunciado

polo mordomo fabriqueiro e houbo devolver os cartos por sentencia dun Xuíz eclesiástico. Era polo 1729 e chamábase Francisco Carbón Lamas. Tódolos demais, cada quen coa súa sensibilidade, de tal maneira foron percorrendo o camiño das relacións cura–fregueses que, comparado coa idea que eu teño do que deben ser, parece que me plaxiaron (é un xeito de dicilo).

A comunidade parroquial foise dando a si mesma unha serie de institucións coas que se facía posible ese bo entendemento e o logro das finalidades que se propoñían, fundamentalmente a transmisión da fe, a celebración do culto, atención ós máis necesitados, convivencia fraternal, festa, solidariedade cos que padecían dor e magoas, etc. Hai cinco institucións das que queda boa constancia no arquivo da parroquia: o fabriqueiro e as Confrarías de San Roque, da Virxe do Rosario, de Ánimas e do Santísimo Sacramento, que se uniu á da Virxe compartindo ambalasdúas mordomo e cota anual, mais con constitucións propias. Intentaremos asomarnos un pouco a cada unha das citadas institucións.

## *Os fabriqueiros na parroquia de Ouzande*

Co nome de Fábrica queremos significar unha realidade, distinta dunha persoa física que, por determinación da lei queda constituída nun ser capaz de dereitos e obrigacións, e que designamos co nome de persoa xurídica ou moral. E ven sendo a igrexa parroquial e conxunto de elementos que posúe e masa de bens económicos destinados á reparación, decoración e reposición de obxectos destinados ós actos de culto. Chamámoslle bens da igrexa, na súa modalidade de inmobles e as rendas que xeran, así como réditos de contas bancarias e ofrendas feitas para o templo, que son distintas das realizadas para sustento do párroco. En ausencia doutras normas, a administración

destes bens corre a cargo do párroco, aínda que sempre foi aconsellable a intervención dos fregueses. Na actualidade existe o Consello económico parroquial, institución amparada no dereito canónico. Un anticipo do actual Consello foi en épocas históricas a figura do Fabriqueiro. Hei comezar dicindo quen teño a certeza de cómo eran nomeados estes Fabriqueiros. ¿Quizais que do mesmo modo que hoxe se fai na parroquia co servicio de sancristáns, no que se turnan por periodos anuais cada unha das familias por orden de casamento? Penso que non, porque figuran facendo, ás veces, varios exercicios económicos sucesivos ou alternos. Ademais, normalmente fálase de que han ser persoas *llanas y abonadas*, algo así como de boa reputación, con certa solvencia económica e ben relacionadas na parroquia. ¿Cal era o servicio que prestaban os mordomos Fabriqueiros? Fundamentalmente exercer a administración dos medios económicos que manexaba a Fábrica, tal como se reflexa na rendición de contas consignadas nos libros da Fábrica.

Por exemplo, nas contas tomadas a Francisco Fernández, mordomo do ano 1732, o Rector dille que debe facerse cargo dos seguintes ingresos: 684 rs de superávit do ano anterior; 85 rs dos 19 ferrados de centeo da renda das leiras de Tosar– Tabeirós; 12 ferrados máis de miúdo por outras rendas, tamén en Tosar, e que supuxeron 36 rs; polas herdades de Canles e Leirós, en Ouzande, 5 ferrados de centeo, por valor de 22´5 rs; 14 reais máis que ten de renda a Fábrica por 2 ferrados de trigo (non se lle cobraba ferrado e medio máis como compensación do seu traballo). Fáiselle cargo de 37 rs de sepulturas de maiores e 6 máis de tres de párvulos; tamén 374 reais, a mitade en que foi condeado polo Provisor o cura D. Francisco Carbón; a outra mitade fallouna contra o Cura actual, que non debe pagalas, como queda claro na documentación do proceso xudicial. O Fabriqueiro ingresa

1261 rs e, pola súa parte, presenta xustificante dos seguintes gastos: misas de fundación, 27 rs; 39 rs e 12 mrvs en cera; 12 rs e 17 mrvs en Santos Óleos; 36 rs. de estipendio a tres sacerdotes que asistiron ás funcións de Xoves e Venres Santo; 14 rs e 17 mrvs dun ferrado de centeo que asigna anualmente a Fábrica ó Fabriqueiro; 1 rl e 30 mrvs de xabón; 1 rl e 17 mrvs de incenso; 3 rs dunha campaíña; 24 rs por traballos de retellado; 22 rs de gastos do pleito contra o Sr. Carbón; 4rs, dos doce que levou o notario que dou fe do poder, e testemuño da Vista e das contas (para o pleito); 83 rs e 4 mrvs dunha alba, amito e mantel do altar maior; accesorios para o amito, 8 rs e 2 mrvs; 1 rl e 8 mrvs noutros accesorios; pola reparación do eixo da campá grande e atril pagou 2 rs e 17 mrvs; 102 rs da capa de damasquillo; 7 rs e 17 mrvs dun cíngulo; 12 rs por unha bulsa de corporais; 260 rs e 22 mrvs por material e feitura dunha naveta de prata; 125 rs e 12 mrvs polas dalmáticas e accesorios, incluída a feitura; 4 rs que se lle dan ó notario por formalizar estas contas. O gasto total importa a cantidade de 784 rs e 5 mrvs, o que, unha vez deducidos da cantidade ingresada dan como resultado que o Fabriqueiro queda alcanzado en 476 rs e 32 mrvs, cantidade que entregará en canto a precise a Fábrica e ó que se obriga cos seus bens mobles ou raíces, presentes e futuros. Non asina por non saber, facéndoo a petición súa dous testemuños presentes que foron Antonio González e Domingo Picallo; asina tamén o Rector, don Alonso Antonio Pinto de Illobre. Tomei boa nota destas contas por circunstancias que aconteceron unha soa vez na historia destes dous séculos, como a sentencia contra un Cura que obrou incorrectamente, a instancias do Fabriqueiro. De todos modos carecen estas contas dun dato que habería que engadir: os Curas de Ouzande, por vivir na casa rectoral e usufructo da finca que a circundaba, herdo do Rector Mauro Posse de Montaos, debían pagar ó Fabriqueiro o valor

de sete ferrados de centeo, ademaís de cumplir coa manda de dicir 6 misas anuais en sufraxio do defunto Rector. Con esta mostra queda claro que os leigos interveñen fructíferamente na administración da parroquia, supoñendo isto tamén unha forma de que ninguén teña que desconfiar do Cura, aínda que, pola contra, a intervención dos leigos benefíciase da intervención dos Rectores, cando anualmente han presentar contas da súa xestión, perante testemuñas e debidamente xustificados tódolos gastos.

Tamén eran os Fabriqueiros responsables do coidado e limpeza do templo; e tiñan, finalmente, a obriga de tocar as campás a oración tódolos días e manter acesa a lámpada do Santísimo Sacramento. Deste magnífico servicio mantense hoxe en día unha presencia na parroquia que resulta para min algo inestimable: o servicio que, por orde de casamentos, prestan os matrimonios de Ouzande como sancristáns da parroquia. ¡Gozan do aplauso da crítica especializada! Penso que, avanzando na procura de novas formas de organizarse, o mundo de hoxe necesita como nunca desta participación dos leigos; mantendo de todos modos o convencemento de que o Cura non é o dono da parroquia para facer o que queira, aínda que é figura imprescindible sen a que non existiría a parroquia. Se Ouzande tivo bos Curas foi porque os Curas tiveron bos fregueses; dicíao San Agustiño no seu sermón ós pastores, *Se existen boas ovellas tamén haberá bos pastores, xa que de entre as boas ovellas saen os bos pastores*.

Ogallá que os novos cregos que se van ordenando traballen con ilusión e acerto e logren os progresos que os vellos non fomos quen de acadar; eu espero que o logren pois non estou de todo convencido da veracidade daquel dito que xa meu pai escoitara alá na nosa terra, xantando á mesa dos curas cando era mozo, a un curiña novo de non moitas luces que estragara un amito novo para facer un cíngulo co

que axustar a alba ó seu corpo. O domingo seguinte o párroco ó advertir aquela desfeita ¡botou un xuramento en arameo! E dixo algo que tamén certo día expresou o meu predecesor don Nicolás Mato: *pedinlle un coadxutor ó Arcebispo e mándame … un rapaz sen sentido, esgazoume un amito novo para facer del un cíngulo*. O cura da vila inmediata (Portozás), home avezado a ensinar rapaces, que debía ter unha particular sensibilidade para escoitar e reproducir os cantos dos paxaros, díxolle certo día ó párroco de Traba de Laxe: *Francisco, ti non debes andar ben de oido pois vivindo neste famoso Valverde onde os paxaros falan e din verdades coma puños, non te decataches do que eles din a cotío. Baixando eu pola aldea de Cuiña, nunha guindeira que lles servía o banquete falaban dous paxaros, e un deles dicía:* Cregos, cregos / os de algún día; / os de agora / chío, chío /. Xa o dixen, e pódenmo crear; non estou convencido da veracidade do que puido dicir un Cura ¡aínda que llo teña escoitado mesmo ós paxaros!

## Confrarías de Ouzande

As Confrarías instituídas en Ouzande e sitas na igrexa parroquial de S. Lourenzo foron, por orde cronolóxico da redacción das súas constitucións as seguintes: da Nosa Señora do Rosario, de San Roque, Ánimas e Santísimo Sacramento. Estas institucións estaban obrigadas a contribuir á conservación e mellora do templo e aportar a parte correspondente dos gastos de culto. Cómpre ter en conta que o termo Confraría ten unha doble acepción nos libros da parroquia: "institución dotada de persoalidade xurídica, cos seus dereitos e obrigas", mais tamén "asemblea de confrades reunidos nas celebracións que lle son propias". As Constitucións de cada Confraría debían someterse á aprobación superior.

## *Confraría do Rosario*

A máis antiga da que teñamos noticia; dela ofrecerei copia literal sen facer versión das dúas primeiras páxinas do libro, incluíndo a relación dos confrades, coa ilusión de que os veciños de Ouzande, que espero teñan a bondade de leer este traballo, se vexan reflexados nela, pois os apelidos que naquel documento se consignan existen aínda na parroquia.

Libro de la Cofradía de Nuestra Señora del Rosario; sita en Sanct Lorenzo de Ouzande. Año de 1651.

Memorial de los Cofrades que han entrado en la Cofradía de la Virgen del Rosario, arriba dicha, confirmada por el Prior de la Orden de San Domingo de Santiago, como constará al final del siguiente memorial. El Bachiller Mauro Posse, Rector de dicha feligresía, un ferrado de centeno. Pedro Vesteiro, por si y su mujer, dos rs. Juan Pereira, medio f de trigo. Pedro da Graña, medio f de trigo. Pedro de Figueiras, medio f de trigo. Domingo de Tossar, medio f de trigo, Juan de Villaverde, medio f de trigo. Andrés do Castro, por si y su casa, tres rs. Benito de Sangiao, 2 rs. Andrés da Porta, medio f de trigo. Alonso de Sevilla, 2rs. Pedro de Villaverde, medio f de trigo. Gustavo de Villaverde, medio f de trigo. Juan Bugallo, 2 rs. Gregorio da Ponte, medio f de centeno. Pedro de Sangiao, 2 rs. Bernardo da Granxa, 2rs. Domingo García, medio f de centeno. Roque de Ribera, medio f de centeno. Juan da Riba, medio f de trigo. Bréixome Carballo, medio f de centeno. María Cerviña, por si y su hija, medio f de trigo. Inés Blanca, 1 rl. Antonia Vicente, 1 rl. María Vesteira, 1 rl. Domingo Vesteiro, 2 rs. Juan Pereira de García, 1 f de trigo. Antonio da Ponte, 1 f de trigo. Dominga Pereira, 10 cuartos. Diego Pereira, 1 rl. María Soneira, 10 cuartos. Pedro Tato, 2´5 rs. Antonio Vinseiro, medio f de centeno. Inés Pereira, medio rl. Elbira de Castro, medio rl. Alberte Balado, 2 rs. Bréixome de Soto, medio rl. Luis de Sangiao, medio rl. Inés da Porta, medio rl. María Vesteira, la moza, medio rl. María de Villaverde, medio rl. María de Ribeira, medio rl. Joana de San Jorge, medio rl. Ángela da Riba, medio rl. Gregoria Vicente, 1 rl. María de Parafita, 4 cuartos.

Alonso Pereira, 1 rl. María de Vilaverde, medio rl. Dominga da Porta, medio real, por su marido difunto.

El Maestro Fray Alonso Gallego, Calificador del Santo Oficio y Vicario de este Reino de Galicia y Prior del Convento de S. Domingo de Santiago, admito a los escritos en este libro, por Cofrades de la Cofradía de Ntra Señora del Rosario, sita en el lugar de Sal Lorenzo de Ouzande y su feligresía para que gocen de todas las gracias y Pribilegios concedidos por los Sumos Pontífices a todos los Cofrades de Nuestra Señora del Rosario; y doy toda mi autoridad al Licenciado Mauro Posse de Montaos, abad de la dicha feligresía, para que pueda asentar Cofrades, bendecir Rosarios y hacer todo lo demás que yo puedo. En fe de lo cual lo firmo en Nuestro Convento de Santo Domingo de Santiago, en 24 de octubre de 1652. Fray Alonso Gallego, Vicario Provincial.

As constitucións, que recollemos xa en galego, son do teor seguinte:

"Constitucións que os confrades da Confraría do Rosario da Santísima Nosa Señora, instituída na freguesía de San Lourenzo de Ouzande han gardar inviolablemente, para conservación de tan santa irmandade, téndoo deste xeito determinado os referidos confrades, con xeral consentemento e aplauso de tódolos que hoxe en día pertencen á Confraría, á hora do Ofertorio da Misa maior. Eis o seu teor:

1ª. Ordenamos e establecemos que esta Confraría teña como Patrona á Santísima Soberana, Raíña dos Anxos, María Nai de Deus e Señora Nosa, xa que está fundada a devoción do seu Santísimo Rosario polo Padre Mestre Frey Alonso Gallego, Calificador do Santo Oficio e Vicario Provincial deste Reino, e Prior do Convento de San Domingos de Santiago, con particular comisión da Súa Santidade o Papa; e baixo o amparo desta soberana Señora sometémonos coma escravos seus, suplicándolle teña a ben acadarnos da

man divina do seu Santísimo Fillo que se sirva atender as nosas peticións, para remedio de tantas necesidades.

2ª. Vontade nosa é que o día da Expectación do Parto desta divina Señora se faga unha solemne festa na que haxa misa cantada e confesen e comunguen cantos máis confrades poidan, lucrando as indulxencias e beneficiándose das restantes gracias concedida a esta Santa Confraría, a favor das benditas ánimas; e que haxa sacerdotes bastantes para axudar ós divinos Oficios, máis ou menos segundo os medio de que poida dispor a Confraría.

3ª. Dado que en tódalas festividades desta Santísima Señora, e en tódolos primeiros domingos de cada un dos meses do ano hai Xubileo plenísimo para esta Confraría, pedimos e suplicamos, por servicio de Deus, ó Capelán, teña a ben confesar e comungar ós ditos confrades non habendo impedimento lexítimo; e de habelo que nos conceda autorización para podérmolo procurar noutra parte, e deste xeito dispórmonos para facernos coas gracias da visita ritual á igrexa nos días mencionados.

4ª. Ordenamos que polos Confrades vivos e defuntos e polos benfeitores desta santa Confraría, o supradito Capelán ou quen faga as súas veces ha dicir e diga en cada ano seis Misas, unha cada dous meses, en sábados, a honra da Virxe Santísima, satisfacéndolle o estipendio de costume, ata que a Confraría aumente, dado que a freguesía é pequena e non ten Confrades de fóra dela; cando haxa máis Confrades tamén se dirán máis Misas.

5ª. Acordamos que quen sexa mordomo desta Confraría ha selo voluntario e pola súa devoción, sen ser forzado por

ninguén de ningún modo. De non habelo así, o Rector, con catro ou cinco Confrades honrados e que teñan sido mordomos elixan unha persoa de satisfacción que faga ese servicio, recolla as caridades, dea conta delas póndoas nunha arca que se fará con esa finalidade; e con eses medios, o día que se celebra a Confraría, chame a catro sacerdotes que digan Misa, e axuden a oficiar a maior, pagándolles o xantar ó uso da terra, se non se fai pitanza.

6ª. Ordenamos que os confrades desta santa Confraría e irmandade teñan a responsabilidade de visitar ós irmáns que estean enfermos, consolándoos nas súas necesidades tanto espirituais coma corporais; e cando se lle levase a Comuñón a ditos enfermos, se sintan na obriga, cantos poidan e teñan noticia ó escoitaren a campá, de acompañar ó Santísimo, cando menos un de cada casa.

7ª. Acordamos que cando Noso Señor tivese levado desta presente vida algún confrade, en canto a noticia chegue ós demais, estes hanse sentir na obriga de acudir ó seu enterro, acompañando o corpo do defunto dende a casa ata a igrexa, tanto nun lado coma no outro, e facer oración a Deus por el. De non asistir, polo menos, unha das cabezas de cada casa, será sancionado co pago dun real para aumento da Confraría, aínda que habendo motivo para non asistir será dispensado de pagar a multa. Será o mordomo desa data o que coidará de saber quen faltan e se os motivos que alegan son lexítimos; e percibirá o valor das multas, xa que delas tamén terá que dar contas no intre oportuno.

8ª. Ordenamos que o mordomo, rematado o ano do seu cargo, acuda a render contas a quen o suceda, no prazo dun mes,

asistindo a ese acto o Rector ou quen faga as súas veces, e catro homes honrados que sexan membros desta Confraría, facéndolle entrega do superávit no prazo de 15 días.

9ª. Acordamos que, cando falecese desta vida un Confrade, sendo marido ou muller, se lle dean para o seu enterro vintecatro candeas, das ordinarias; delas, catro daránselle tan pronto como falecese, para telas acesas á beira do cadáver segundo o parecer de quen corra co enterro: o que delas sobrase, que poida usalo para iluminar a súa sepultura nos días festivos. As outras vinte, que as terían acendidas na man durante o funeral, recolleráas o mordomo ó rematar, gardándoas na arca. No caso de enterros dos non cabezas de familia, que aportan para a Confraría o que a eles lles parece, daránselle dúas velas para a casa durante o velorio e dez durante o enterro.

10ª. Ordenamos ter na igrexa unha arca con dúas chaves, para gardar nela a cera e tódolos efectos da Confraría; das dúas chaves, unha teráa o Rector e outra o Mordomo, de xeito que ningún dos dou poida facer entrega de cera , nin parte dela, a quen non fose Confrade. De non selo, e si ser veciño da freguesía, facilitaráselle a cera despois de pesala e deixando en peñor algo que teña o valor, polo menos, da cuarta parte da cera, devolvéndoa dentro dos oito días satisfacendo o que tivese mermado según o manifeste unha nova pesada da mesma; de non facelo deste xeito, o peñor porase á venda coa orde do Provisor ou Visitador Diocesano.

11ª. Decidimos que, cando algún pobre de solemnidade, sexa veciño desta freguesía ou forasteiro atopase a fin dos seus días na nosa freguesía, será deber dos Confrades acompañar ó Rector cando saquen da casa ó defunto, cunha ducia de

velas, polo menos, ou máis se hai posibles, tendo os confrades obrigación de acompañar o corpo do defunto coma se fose irmán e confrade, baixo a sanción dun real, como se dixo arriba, a quen nos asista; e a compaña ha facerse mentres estivese na casa, de día e de noite, cando uns, cando outros, facilitándolles dúas velas para estaren acendidas mentres non reciba sepultura, tendo así mesmo o Capelán obriga de dicir por el Misa gratis, xa que en miras a iso é admitido por confrade, sen ter que aboar cota anual, a non ser que queira pagala polo seu gusto e devoción.

12ª. Acordamos que haxa un peto co seu candadiño para que con el, tódolos festivos o mordomo recolla na igrexa, para esta Confraría, as esmolas que dean os devotos; peto que estará sempre na igrexa, tendo a chave o Rector para que, na presencia do mordomo, sexa aberto ó remate do ano, e o que se acadase quedará reflexado nas contas de xestión do mordomo. As presentes Constitucións fixémolas nós os Confrades, da maneira que van declaradas. Pedimos e suplicamos á Súa Mercede o Señor Provisor ou visitador, que é ou sexa deste Arcebispado, se serva confirmalas e aprobalas, para que teñan valor en xuízo e fóra del. E pedímoslle ó Rector desta Freguesía que o asine polos que non sabemos facelo; e os que sabemos facelo, asinamos co noso nome. En Ouzande a doce de xullo de 1654. A petición dos demais confrades, Gabriel do Pazo, Juan da Riba e eu Mauro Possse, Rector de dita freguesía asínoo como confrade que xuntamente con eles asistín ás ordenanzas con que os mencionados confrades e fregueses se contentaron, da forma arriba consignada. Mauro Posse de Montaos". Asinado.

Xa me gustaría a min que tódolos devotos da Nosa Señora se parasen a pensar nalgúns aspectos que reflexan o pensamento relixioso dos veciños de Ouzande cando elaboran as constitucións. Proporei algúns; 1º. O valor pedagóxico da intervención e decisións relativas ás prácticas relixiosas. Nunha comunidade na que era normal entrar de nenos na familia dos fillos de Deus polo bautismo, decidir e asumir a adhesión a Cristo, mesmo supóndonos sacrificios e esixíndonos obrigas de tipo económico, denota que se fai con seriedade. 2º. Que sexan os homes, os propios fregueses, os que tomen a iniciativa. Ter medo de non ser "moderno" e "progresista", ou un practicante minguado e medoñento ... ¡Que lonxe está daqueles tempos! 3º. Impresiona ver as manisfestacións da devoción Á Nosa Señora, da que non senten vergoña de proclamarse escravos ... nun mundo no que hai quen manifesta que o home nin ante Deus debe axeonllarse. 4º. Que aquelas persoas comprendesen de forma tan clara o valor da confesión sacramental como xeito de loubar a Deus, que manifesta a súa grandeza *co perdón e a misericordia*, como nos lembra a oración da Misa do domingo 26 do tempo ordinario. Velaí a razón pola que os Confrades constituíntes suplican ó Cura que faga posible a confesión e a comuñón o día da festa da Expectación do parto da Nosa Señora. 5º. Destaca o feito de que o amor de Deus pasa necesariamente polo amor ós irmáns. ¡que fermoso o compromiso de visitar e aliviar as doenzas corporais e espirituais dos enfermos. 6º. A maneira de comprometerse na práctica da misericordia corporal e espiritual de dar sepultura ós mortos, rezar por eles e consolar ós familiares coa súa compañía. Coa particular relevancia de utilizar un dos símbolos máis expresivos da nosa fe: o das candeas acesas. E 7º. A constatación sublime de descubrir na persoa do pobre ou do forasteiro –a quen se depara o mesmo trato cós familiares e

amigos máis achegados– a presencia clara do mesmo Xesucristo. Tampouco esquecen manifestar que a asunción do cargo de mordomo faise por propia vontade ou devoción; é dicir porque á persoa lle peta, quere e dalle a gana; por terlle amor a quen serve; como a min me peta, quero e dame a gana de falar galego pola querencia que lle teño á fala na que aprendín a dicir por primeira vez *mimá* ou *mipá*.

## *Confraría do Señor San Roque*

A terminoloxía empregada polos de Ouzande para falar deste santo é ben reveladora da estima que lle profesan. Lemos no libro da Confraría, nunha das actas de rendición de contas o que segue: *Libro de la Cofradía del Señor San Roque, sita en la parroquial iglesia de San Lorenzo de Ouzande. Cuentas que yo, Bartolomé Gómez de Pardiñas, Rector de la Feligresía de San Lorenzo de Ouzande, tomé a Juan Bugallo, mayordomo que fue del Glorioso Señor San Roque …* En todo o libro o santo non é simplemente San Roque, senón *Señor* San Roque.

Con respecto ás Constitucións da Confraría, cómpre acrarar que a súa fundación orixinal viña xa de vello, *ha mucho tiempo que está erigida y levantada*, faise constar no libro correspondente. Un caso semellante sucede coas Constitucións da Confraría de Clérigos compostelana, redactadas no 1457 según nos relata López Ferreiro, quen engade que quizais esa Confraría existise xa dende moito antes, rexida por outras Constitucións. Sinala o ilustre historiador na súa monumental obra "*Historia de la S.M. Iglesia de la Catedral de Santiago*" que *la gran pestilencia en Santiago y todo el Arzobispado* motivou a erección da capela de San Roque en Compostela no 1517, elixindo o 25 de agosto como día da festa do santo. Posteriormente, no ano 1584, o Arcebispo Alonso Velázquez trasladou a festividade para o 16 de agosto, día aínda hoxe non laborable na cidade do

Apóstol. Polo que se refire a Ouzande, sendo posible que se celebrase o día 25 de agosto, cabe pensar que despois do 1584 a festa se trasladase ó 16 do mesmo mes. E a idea confírmama o Cura de Ouzande no 1736 cando recibiu de Roma a gracia de que os confrades da Confraría de Ánimas podían obter indulxencia plenaria polos seus defuntos en certos días sinalados; ben seguro que a proposta do párroco elixíronse, o 23 de xaneiro (S. Alfonso ou Alonso), 25 de marzo (A Encarnación) e o *16 de agosto*, signo claro de que era a festa de San Roque. O Rector elixe, ademais, o 17 de xullo (Santa Xusta) e o día en que se celebrase o acto de ánimas.

> Constituciones de la Cofradía del Glorioso San Roque, inclusa en la parroquial iglesia de San Lorenzo de Ouzande.
>
> Dentro de la parroquial iglesia de San Lorenzo de Ouzande, a nueve días del mes de septiembre de mil seiscientos sesenta y tres años, en presencia del escribano público y testigos, el Bachiller Bartolomé Gómez de Pardiñas, cura y Rector de dicha iglesia y Beneficio y los vecinos y feligreses del dijeron que por cuanto ha mucho tiempo que está erigida y levantada la Cofradía del Glorioso San Roque, a quien tienen por su abogado e intercesor; y hasta ahora, aunque dicha Cofradía tiene algunos efectos de hacienda, y para la conservación della es menester Constituciones ... disponen y ordenan las Constituciones siguientes, a que se hallaron presentes dicho Rector, Andrés de Castro, Juan da Riba, Juan de Villaverde, Benito de Castro, Gabriel do Pazo, Domingo de Tosar, Domingo Blanco, Gregorio da Ponte, Gregorio Ares, Domingo Basteiro, Juan Bermudes, Juan Tato, Pedro da Ribera, Agustín Fernández, Gonzalo de Villaverde, Pedro de Villaverde, Antonio da Ponte, Andrés da Porta, Diego Vázquez, Alberto Balado, Juan Bugallo, Juan Pereyra, Juan Pereyra de Marquessa, Alonso Pereyra, Benito de Sanjiao, Alberto de Sanjiao, Antonio Rgz., Alberto Tato, Lorenzo de Castro ... no se hallaron presentes Juan da Riba el viejo, Pedro Basteyro, Pedro Tato, Pedro da Graña y Alonso de Castro ...

Síntese das Constitucións:

1ª. Nomean Confrades desta Confraría ó Sr. Arcebispo e Provisor, ós que pregan se dignen aprobar as Constitucións.

2ª. Para que os Confrades poidan servir con maior celo a Deus Noso Señor e ó Bendito Santo, se dispoñan a confesar e comungar e ganar o Santo Xubileo que a ela está concedido polo papa Urbano VIII.

3ª. Que ó longo do ano se digan 6 misas rezadas polas ánimas dos Confrades defuntos; que a víspera do Santo se celebren Vísperas Solemnes e o día da festa se celebren seis Misas, das que unha será Cantada; se ande a procesión como se adoita facer en festas semellantes; que nas vísperas se dea cera ós asistentes para que a teñan acesa; que os curas canten un responso polos confrades defuntos.

4ª. Que a Confraría se faga dentro dos límites da freguesía.

5ª. Que, sendo veciño desta freguesía, todos estean na obriga de seren confrades desta santa Irmandade, e, sendo persoa en condicións de asumir a responsabilidade de levar a Confraría, que o faga. O mordomo será elixido entre as dúas persoas que designe o mordomo saínte. Será mordomo electo aquel dos dous que obteña a maior cantidade dos votos emitidos por doce confrades designados polo Rector.

6ª. O nomeamento faráse o día da celebración da Confraría, ou, a máis tardar, no mes seguinte, na igrexa ou no adro.

7ª. Un mes despois da festa, o mordomo renderá contas ó Rector en presencia de tres ou catro confrades e o seu antecesor no cargo.

8ª. Os confrades, sendo matrimonio e asistindo os dous á comida, aportarán 6 rs de esmola entrambos, ou un ferrado de

centeo e 3 rs, ou un de trigo e dous rs. Unha soa persoa, a metade; os de caridade só un real.

9ª. Falecendo na parroquia un pobre de solemnidade, aínda non sendo confrade, o mordomo dará catro fachas e seis velas pequenas para o enterro.

10ª. Cando o Mordomo precise cera, recabará do cereiro certificación de peso e precio da mesma, pesándoa posteriormente en presencia do cura e tres ou catro confrades.

11ª. Antes e despois do canto das vísperas do Santo, pesaráse de novo a cera para comprobar o gasto habido, gardando despois o sobrante nunha arca con dúas chaves que gardarán o Cura mailo Mordomo.

12ª. De morrer un confrade noutra freguesía, o mordomo levarálle para o enterro catro fachas e dezaoito velas pequenas; se se trata dun confrade de caridade, aportará a metade.

13ª. Se morrese o fillo dalgún confrade, o mordomo dará catro velas para arder na casa e recollerá os restos; se o pai pide máis velas, daránselle por peso, comprometéndose a pagar a cera gastada.

14ª. Os que sexan veciños da freguesía teñen a obriga de comer á mesa como confrades o día da festa, e que nin o Mordomo nin persoa algunha dea escotes para levar á casa nin a outra parte. O dito non reza cos cegos, tolleitos ou impedidos que non poidan acudir á mesa, pois ós tales está permitido levarlles escotes.

15ª. Canto sobre do pan, carne de polos, carneiros ou vacas, se poxe e o leve o mellor ofertante.

16ª. O pan da Confraría (enténdese o cereal sen moer) poxaráse na Igrexa ou no adro e, non habendo ofertante entrega-

ráselle a calquera persoa honrada co compromiso de volver a subastalo noutra mellor ocasión, cando os prezos sexan favorables.

Estas Constitucións foron outorgadas "ante min, escribano, ante as testemuñas e o Bacharel Bartolomé Gómez de Pardiñas, que asina no seu nome, e o dito Gabriel do Pazo asínao no seu nome e tamén no nome dos demais que non souberon, sendo testemuñas uns e outros, e Matías do Coto, veciño de Tabeirós, e Miguel Bouzada, veciño da freguesía de san Paio de Figueroa, e Roque de Matalobos, veciño de Santa Baia de Matalobos, e Gregorio da Graña, veciño de San Paio de Figueroa e os ditos outorgantes. *Yo escribano doy fe que conozco*"

Facendo algunha reflexión sobre o arriba exposto, penso que cómpre salientar nestas Constitucións o feito realmente orixinal de que os fregueses se comprometen a comer xuntos o día da festa. Non se cita expresamente a obriga do Mordomo de organizar ese gran xantar ou "pitanza" e facer de anfitrión da festa por ser este un feito tan evidente e notorio que nin sequera estimaron a necesidade mencionalo. Tras leer detidamente as Constitucións da Confraría de San Roque da veciña parroquia de Toedo, as razóns que daban para celebrar o xantar era que para a boa marcha da vida relixiosa da freguesía importaba moito facer posible un bo entendemento entre os veciños, e a esa finalidade axudaba o comeren todos xuntos e en irmandade. Trala lectura veume á mente o que un día me dixera un meu amigo Cura, hoxe na eternidade, cando un día lle preguntei que lle sucedera para non ter asistido ó retiro os dous últimos meses, nos que eu o botara de menos. "A min nada, respondeu, acontécevos máis ben a vós; porque se o mesmo Arcebispo nos manda que o día do retiro comamos xuntos, e vós non sodes quen de organizar ese

xantar, eu atópome na certeza de que quen non serven para comer xuntos tampouco serven para rezaren xuntos". Ó leer o mencionado libro de Toedo pensei para min: os de Toedo, co seu Rector, plaxiaron ó meu compañeiro na súa teoloxía.

Para decatarnos do que supoñia aquela pitanza ou comida colectiva cómpre relatar as contas dun ano, por exemplo as do 1660, sendo Rector don Bartolomé Gómez de Pardiña e mordomo Juan Bugallo.

1. Faise cargo o mordomo de 1201 rs que percibe do seu antecesor.
2. Faise tamén cargo de 586 rs procedentes de aportacións para o xantar e caridades dos confrades.
3. Faise cargo de 176 rs, procedentes da venda de centeo.
4. Faise cargo de 24 rs e seis cuartos, procedentes da venda de trigo.
5. Faise cargo de 186 rs e dous cuartos procedentes dos coiros, sebo e miúdos das vacas e carneiros.

Obtendo uns ingresos de 2.174 rs.

Como descargo desa cantidade (capítulo de gastos) consígnase:

1. Merca de seis carneiros, 6 rs.
2. Tres vacas tamén para a festa, 309 rs.
3. Sete fanegas de trigo, 147 rs. O Rector considerou excesiva esta cantidade á vista do pan consumido na celebración, polo que manifesta haber engano por parte do mordomo e a súa determinación de facerlle cargo no saldo final.
4. Oito canados de viño, 124 rs. O rector manifesta que debería sobrar viño.
5. Cento trece rs de 12 libras e cuarto de cera labrada.
6. Tres rs que levou o Visitador das contas.
7. 27 rs de sisa (imposto co que se gravaba o viño).
8. 43 rs das Misas da festa e resto do ano.

9. 11 rs de sal, touciño e especias.
10. 22 rs entregados ó Rector polos seus dereitos.

A suma total supón 871 rs, dos que non se lle admiten ó mordomo 45´5 rs do engano do trigo, polo que quedan 825 rs de gasto total, de modo que queda alcanzado, en débeda coa Confraría, na cantidade de 1.349 rs, obrigándose a pagalos baixo pena de escomuñón e pago de costas.

Aqueles fregueses de San Lourenzo de Ouzande eran moi conscientes de que a carón do "hórreo" (o Sagrario da igrexa) que contén o Pan do Ceo ó que se autoinvitan na Eucaristía está o hórreo do pan da terra que precisaban para manter a vida física do home e que comparten no seu banquete festivo, porque o Deus no que crían séntese glorificado cando o home vive en plenitude, como fermosísimamente dixera San Ireneo no século II. Agora ben, o home corre o risco de romper o equilibrio vivindo o afán de preparar o ben morrer coma se o presente carecese de valor –risco que corremos tamén os responsables de estimular a fe e a moral, principalmente de cara ós outros– ou, pola contra, vivindo desmesuradamente o afán de satisfacer as apetencias de pracer, facendo, como di san Paulo na carta ós Filipenses cap. 3, 19, *un deus do seu bandullo.* ¿Ou é que non damos hoxe a sensación de que as nosas festas teñen como motivo único e central o salmón ou o carneiro ó espeto, a troita ou o cocido; a cebola ou a pataca, o marisco ou a empanada ...?

E para moita xente, mesmo cada fin de semana ¿non é o botellón o santo de máis devoción? Non sei se sería inspirado por Deus o portugués que escribiu:

O vinho é sopro divino
que nasce da cepa torta.
A uns fai perder o tino,
a outros, mudar de porta.

Penso que Baco non foi o inspirador destes versos porque verdade tan verdade ía contra os seus intereses, xa que quen se sente persoa na vida non desexa perder o tino nin mudar destino.

Na acta da visita do Arcebispo Luis de Salcedo do ano 1718, deixa constancia do excesivo gasto na comida pois, facendo comparanza co pouco que se emprega no ben espiritual dos confrades e culto do santo, dalle a sensación de que se fomenta máis a gula cá devoción. Manda, polo tanto, que no futuro se moderen os gastos da comida e se dea máis esplendor ó culto e á atención espiritual dos confrades; de non facelo así, veráse na obriga de prohibir totalmente os xantares. No 1742 o novo Arcebispo dá un paso máis, deixando constancia na súa visita que das comidas da Confraría de San Roque se seguen *gravísimos inconvenientes*, e prohíbeas para o futuro, baixo pena de vinte ducados, encargando do cumprimento do mandato ó Rector. A partir desa data a Confraría permaneceu activa, aínda que con menos actividade, deica mediados do XIX. Vese que os fregueses tiñan claro que era de máis proveito compartir o menú que xantando cada un só na súa casa, como dicía a canción, *Unha pena entre dous é menor pena; a alegría é maior se se comparte*.

Eu, cando por primeira vez lin estas actas do Arquivo Parroquial, nas que se prohibe a comida da Confraría, vivín o temor de que se tratase dun brote de maniqueísmo e, tentando buscar unha resposta, lembreime do que pasara xa nas comunidades cristiáns fundadas por San Paulo na década dos anos 50 da nosa era: viuse obrigado a prohibir os ágapes que remataban consagrando o pan e o viño e recibindo a Comuñón pois, *aquilo xa non era facer a Cea do Señor pois, mentres uns pasaban fame, outros remataban empachados ou borrachos…* (Corintios, 11, 20–21). ¡Que ambiguos resultamos ser os seres humanos! Fórono os devanceiros e sómolo aínda hoxe.

Viuse este mesmo ano na festa de San Fins do Castro da parroquia de Cesullas, Bergantiños. Festa, chamada a "do Berro Seco", na que se celebra un impresionante xantar ó remate da Misa e na que eu mesmo teño participado mentres foi párroco o inesquencible don Saturnino Cuíñas Lois. Pois ben, dende uns anos a esta parte deuse en introducir unha versión da festa da auga de Vilagarcía, pero alí, en vez de auga tiraban … ¡viño tinto! que estragaba instantaneamente os traxes e roupa de garda e convertía á xente en choqueiros enchoupados. Este ano o párroco viuse na obriga de suprimir a procesión, e córrese o risco de que, de non manterse a moderación, veríase a Igrexa na necesidade de suprimir tamén a festa; e non porque Deus estea en contra da felicidade do home e a Igrexa non comparta con todos *os gozos e as esperanzas*, *as alegrías e as tristezas*, senón porque o ser humano, para tratar con Deus e cos seus irmáns, debe evitar perder o tino e mudar de destino, como dixemos. Sentiría magoa de que San Fins de Castro deixase de ser a entranable festa do Berro Seco.

## A Confraría de Ánimas

Foi fundada o 8 de xullo de 1736,

> siendo rector de Ouzande Alonso Antonio Pinto de Illobre. Asisten Antonio González, Bernardo da Riba, Joseph de Marque, Antonio Barcala, Lorenzo Rodríguez, Joseph Blanco, Santiago Deira, Martín Tosar, Domingo Picallo, Joseph do Porto, Francisco Riveira, Juan do Pazo, Ignacio da Graña, Pedro Núñez, Domingo do Pazo, Alexandro Couceiro, Francisco Durán, Juan de Castro, Domingo Fernández, Ágel Durán, Juan do Couto, Blas Fernández, Domingo de Tosar, Domingo de Bales, Ambrosio de Souto, Antonio Cortizo, Pedro Rey, Benito de Piso, Francisco Gozález, Mathías Pereira, Jacinto González, Francisco do Pazo, Juan Rodríguez, Juan Pereira, Jacinto de Paramá, Alberto de Marque, Benito de Souto, Juan Durán, Andrés de Outeiro, y Miguel Sotelo …

en nombre de los demás vecinos de esta feligresía, enfermos, ausentes e impedidos … dijeron que, en atención a que dicho don Alonso Antonio Pinto De Illobre, a sus expensas y de su caridad había conseguido de nuestro Muy Santo Padre Clemente Duodécimo dos buletos, el uno de indulgencias y el otro para altar de Ánimas, por tanto, y a mayor honra y gloria de Dios, fundan , instituyen y erigen, en la parroquial Iglesia de San Lorenzo de Ouzande, una Cofradía para bien y alivio de las benditas ánimas del Purgatorio. Y para que esta Cofradía tenga su régimen y buena administración, ordenan y forman las Constituciones.

1ª. Admiten por Confrades ó Papa, Rey Felipe V, Arcebispo don Joseph de Yermo, don Antonio Fernández de Trava e a don Alonso Antonio Pinto, Rector.

2ª. Ordenamos que haxa dúas fachas de cera amarela e catro libras da mesma cera en velas de seis libras para asistencia do que se ofreza. A cera gardaráse nunha arca con chave que custodiará o Mordomo, quen lla ha entregar ó seu sucesor, do mesmo modo que a cera, ó remate do seu mandato e en presencia do rector e confrades.

3ª. Cada ano, na oitava de defuntos, han facer un cabodano, Misa cantada e procesión de defuntos ó que asistirán co Rector cinco curas. Daráselle a cada un 4 rs con carga dunha Misa rezada pola Confraría. Se no futuro a Confraría contase con máis medios, o Rector poderá chamar a un ou dous sacerdotes máis.

4ª. Tendo en conta a distancia desde a que concorren os sacerdotes que han estar toda a mañá confesando, ordenamos que o Mordomo lles dea un almorzo decente.

5ª. Ordenamos que tódolos confrades deben asistir ó referido cabodano, vixilia e procesión con velas acesas; de non chegaren para todos, quen quedará sen elas son as mulleres (¡o

machismo era forte neste tempo!). Rematada a función o Mordomo chamará por lista ós confrades, coa finalidade de saber quen faltou e consignar as respectivas multas.

6ª. Ordenamos que cando Deus chame a xuízo a calquera dos confrades, o Mordomo ha mandar dicir por el unha Misa rezada no altar privilexiado, e tódolos confrades terán a obrigación de rezar polo defunto un tercio do rosario tanto no día do enterro coma no séptimo e cabodano.

7ª. Ordenamos que cada ano haxa un Mordomo, que será confrade e será elixido no día en que se faga o cabodano ou acto xeral de ánimas. Será elixido Mordomo aquel confrade a quen lle corresponde por orde de entrada na Confraría. E para este próximo ano será mordomo, pola súa devoción, don Antonio González.

8ª. Ordenamos que tódolos veciños de Ouzande, polo menos dous de cada casa, sexan confrades, pagando de caridade anual (cota) un real cada un deles.

9ª. Ordenamos que a cada defunto confrade háselle asistir a un dos actos fúnebres, de séptimo día ou cabodano coas doce fachas encendidas perante a vixilia, misa cantada e responso. E se o defunto fose fillo de confrade adulto, asistiráselle con media cera; e sendo confrade solteiro que paga a mesma caridade que casado, háselle asistir con toda a cera, e unha vela acendida desde que morrese ata que o saquen da casa. E se houbese confrades de fóra da freguesía, tamén se lle asista a un dos actos funerais coas doce fachas da confraría e seis velas para os altares.

10ª. Tamén ordenaron que o Mordomo rendese contas dentro dos doce días seguintes ó cabodano, acto ó que asistirá o

Rector e tres homes Confrades. Faráselle cargo das caridades de tódolos confrades, multas e todo o demáis ordenado nas Constitucións. Só se admitirán como descargo os gastos efectuados conforme ás Constitucións e non outros.

11ª. Ordenamos que, de existiren sacerdotes confrades desta Confraría, teñan que ser chamados antes ca outros para asistiren ó cabodano ou acto xeral de defuntos, estando eles na obriga de acudir.

12ª. Ordenaron que non fose admitido por Confrade ningunha persoa de mala vida, ou que teña caído nalgún perxurio. E se a algún dos admitidos como confrade lle acontecese, o que Deus non queira, incorrer nesa miseria ou cousa semellante, será multado pola primeira vez e pola segunda; á terceira será borrado do libro e expulsado da Confraría.

13ª. Ordenaron que o Mordomo, unha vez que lle tomen as contas, entregue ó sucesor, no prazo de oito días, a cantidade na que fose alcanzado xuntamente coa cera e canto pertenza á Confraría. O sobrante será investido en sufraxios polas ánimas do Purgatorio e pídenlle ó Cura vele polo recto cumprimento desta orde.

14ª. Ordenaron así mesmo que os Mordomos han pedir esmolas polas portas de tódolos confrades e veciños da parroquia polo tempo da nova colleita de froitos, e do que reciba, dará contas ó Rector. E o primeiro domingo de cada mes xuntaránse os confrades na igrexa e leránse as Constitucións para que ninguén alegue ignorancia.

De conformidade co que antecede e baixo o beneplácito do señor Arcebispo de Santiago e do seu Provisor e Vicario Xeral fundan esta Conraría para ben e alivio das benditas ánimas do Purgatorio. E para

o seu réxime e administración fixeron as presentes Ordenanzas, suplicando ó Señor Arcebispo e ó seu Provisor e Vicario Xeral, teñan a ben aprobalas.

Presentadas no arcebispado de Santiago o día 24 de agosto de 1736, pasáronllas ó Sr. Fiscal para que emitise informe sobre algunha cousa que non fose conveniente, e este licenciado Velasco, informa favorablemente o 27 do mesmo mes. Manifesta, sen embargo, a súa disconformidade coa constitución oitava, na que se pretende que tódolos veciños de Ouzande entren obrigatoriamente na Confraría, engadindo que non debe imporse obrigación a ninguén. Con esa limitación debe ser aprobada a Confraría. O que fixo o Arcebispo D. Joseph del Hiermo Santiváñez o día 1 de setembro do 1736.

Fai constar o Rector os seis días que se poden ganar indulxencias plenarias polos defuntos: 23 de xaneiro, 25 de marzo, 17 de xullo, 16 de agosto (día da Confraría de San Roque), día do acto xeral de ánimas e 18 de decembro.

Son de salientar algúns extremos do pensamento da comunidade crente, e tamén algunha tentación non aceptable:

1º. A insistencia, tamén nesta Confraría, da actitude interior das persoas, que se acadará coa recepción dos sacramentos; hónrase máis a Deus co propio corazón que co desprendemento das cousas materiais. Xa dixeran os antigos profetas, presentándolle voz ó Señor: *¿É que Eu como carne de cabrito?* Era tamén voz súa aquela que nos dicía: *non son os teus bens, senón ti o que me interesa.*

2º. A advertencia da imposibilidade de servir a dous señores, feita xa no Evanxeo: non é compatible levar unha vida desordenada e pertencer á Confraría. Aquel que despois de dúas advertencias non se enmenda da súa inmoralidade …

debe deixar a Confraría. Moitos son os chamados (mesmo os confrades constituíntes quixeran que o fosen tódolos veciños) e escolleitos, se cadra, non todos. Porque para eles o ser testemuña falsa, mentindo despois de xurar dicir a verdade, rompía o estado de gracia dun xeito escandaloso.

3º. Non permitiu o Provisor que pasase inadvertido o feito de facer confrades por "imperativo da lei". Entrar nunha Confraría supón exercer a opción persoal e deliberada de ser cristián, que non deben desperdiciar na freguesía, como debemos perder nos nosos tempos a oportunidade de facer outro tanto cando axente nova accede ós sacramentos da primeira Comuñón, e máis aínda, da Confirmación. O noso pecado é que os cristiáns valoramos pouco o feito e as esixencias de telos recibido, ou lle damos moito máis valor ó feito de telos recibido –por aquilo dos papeis– que ó modo en que os recibimos. E se cadra os pais e educadores impoñemos a nosa autoridade para recibilos, cousa que non se debe facer, e non para esixir un esforzo de asistencia fiel ás cataqueses de preparación. Un cura, vello coma min, amigo de vello tamén, díxome acertadamente, segundo creo, hai uns 35 anos: *Os sacramentos, coma o caldo, son moi bos para quen os quere*.

4º. Non podemos deixar de facer alusión á discriminación por mor do sexo, que se manifesta na constitución quinta. E digo isto porque penso que os homes daquela non considerarían sanción nin vergoña ningunha levar a vela, cousa que, se cadra, sucedería no día de hoxe. Aínda que San Paulo dixo que para Cristo non hai diferencia entre homes e mulleres, escravos e libres, xudeos ou xentís … o feito é que na praxe eclesial custou moito velo deste xeito. Certo é que na prác-

tica relixiosa, no mundo de hoxe, máis ben parece que son os homes quen prefiren ser distintos renunciando, en maior proporción cás mulleres, á participación na oración, na Misa e noutros actos de culto.

## *Confraría do Santísimo Sacramento*

O Libro intitúlase: Libro de la Cofradía del Santísimo Sacramento y Nuestra Señora del Rosario de la Parroquia de San Lorenzo de Ouzande.

> Dentro de la parroquial iglesia de San Lorenzo de Ouzande, a 22 días del mes de enero de mil setecientos setenta y cinco, estando juntos todos los vecinos de esta feligresía , y con ellos don Benito Mondragón Córdoba y Castro, Rector propio de este beneficio, que respecto en distintas ocasiones habían tratado erigir y establecer la Cofradía del Santísimo Sacramento como tan precisa y necesaria, y que en los años de seicientos cincuenta y cinco, cincuenta y seis y cincuenta y siete consta de un libro que se intitula de la Cofradía de Nuestra Señora del Rosario haberse celebrado en aquellos tres años dicha Cofradía con la solemnidad de exponer el Santísimo Sacramento y desde aquel tiempo hasta el presente no se experimentó tan santa devoción. Sólo se continuó la del Rosario; y dichos vecinos estimulados de dicho Cura y Rector, ordenaron y ordenan nuevas Constituciones, quedando las de la referida Cofradía del Rosario en su primera fuerza y vigor; atento que hay otras dos cofradías, intituladas la una del Glorioso San Roque, la otra Benditas Ánimas del Purgatorio. Y para sustentación de los menesteres de cada una de ellas, teniendo presente los caudales de los vecinos y feligreses, es lo bastante.

As Constitucións son do teor seguinte:

1ª. Ordenan que se admitan como Confrades ó Señor Arcebispo, Provisor e Vicario Xeral e ó párroco, don Benito Mondragón e ós seus sucesores.

2ª. Que a celebración devota da Expectación do Parto no 18 de decembro seguirá facéndose coma agora, e a festa da Confraría que se agrega á do Rosario o día 11 de agosto.

3ª. Que o Mordomo da Confraría do Rosario, agora do Santísimo Sacramento e Nosa Señora do Rosario, deberá adornar o altar maior con trinta e seis luces e entregar ós confrades velas para que teñan acesas durante a Misa e a procesión.

4ª. Cada ano, o día 10 de agosto, entre tres e catro da tarde (cinco e seis pola hora actual) hanse celebrar as Vésperas do Santísimo Sacramento, coa asistencia do Rector e 6 sacerdotes que percibirán o estipendio de un real.

5ª. O 11 de agosto cantaráse unha Misa solemne na que se terá exposto o Santísimo Sacramento; celebrarána oito sacerdotes, incluso o Rector. Rematada a Misa andaráse a procesión coa súa Divina Maxestade.

6ª. Cada sacerdote que asista á Misa Cantada e procesión percibirá dous rs a conta da Confraría.

7ª. O mordomo deberá pagar ó Rector polos seus dereitos, 12 rs.

8ª. Nas Vésperas, Misa cantada e procesión tocará un músico, conforme ó costume da terra, pagándolle 6 rs.

9ª. O Mordomo ha darlles ós sacerdotes, segundo é costume no país, un almorzo, para o que se lle fará libramento de 16 rs.

10ª. Os confrades confesarán e comungarán coa fin de se lucraren coas indulxencias que lles foron concedidas.

11ª. O Mordomo fará colecta na igrexa tódolos días festivos a fin de achegar fondos para manter permanentemente acesa a lámpada do Santísimo. Tamén recollerá esmolas dentro do ámbito da freguesía polo tempo das colleitas, e de todo dará conta ó Rector.

12ª. Os solteiros pagarán de caridade o mesmo que os viúvos.

13ª. O Mordomo cumprirá todo o que aquí se dixo en canto ós días de celebración do 18 de decembro e 10 e 11 de agosto. As Constitucións da Confraría do Rosario quedan en todo vigor, o mesmo cás que acabamos de ordenar, aínda que agora é unha única Confraría que se intitula Confraría do Santísimo Sacramento e de Nosa Señora do Rosario.

Isto é o que acordaron os referidos fregueses co mencionado Rector, en forma de Cabido, por si e polos seus sucesores e polos veciños ausentes e enfermos. Así o dixeron, outorgaron e asinaron, co mencionado Cura Rector, os que souberon, que foron: Jacinto da Riba, Josef da Graña, Josef da Ponte, Alonso Durán, Domingo Rodríguez, Antonio da Ponte, Josef do Campo, Miguel Rodríguez, Baltasar de Otero, Pedro do Pazo, Francisco Vicente e Bernardo de Villaverde. E polos demais que non sabían fíxoo unha das testemuñas.

Presentada en Santiago a petición, don Mateo González Mourentán, Fiscal Xeral do Arcebispado emite informe favorable en 30 de xaneiro do 1775. Posteriormente engadiuse unha cláusula ás anteriores Constitucións, referente á data para elixir Mordomo, que pasou a ser o día da Expectación do Parto.

A modo de comentario destas Constitucións paréceme importante salientar o feito de que os fregueses, estimulados polo Rector, pensasen na devoción ó Santísimo Sacramento como algo preciso e necesario, ata tal punto importante para os cristianos que xa nas actas dos mártires dos primeiros séculos se dicía “nos sine dominico esse non possumus”, *os cristiáns non podemos existir, e manternos tales, sen a Eucaristía do domingo*. A decisión tamén se sente urxida polo exemplo das outras comunidades circunveciñas. Do mal e do ben, das virtudes e inmoralidades do mundo, ninguén de nós podería

dicir con verdade: "a min que me cacheen". Sendo home, penso nada diso me é alleo, que diría o clásico latino. Polo demais, vendo a profusión de velas que se ordenan e o número de sacerdotes que concelebran, faise evidente a convicción daqueles homes de que unha cousa é ser patrono da parroquia –San Lourenzo– e outra patrón do barco, como é o Santísimo; e resulta que onde hai patrón non manda mariñeiro.

## *Relevancia de determinados símbolos nas Confrarías*

Nas catro Confrarías móstrase clara a atención relevante que se dedica ó uso da cera. Notorio é o coidado que han poñer no seu control, tratándose dun ben prezado e custoso: aquela era cera–cera, que mesmo arrecendía ó mel. Para facérmonos unha idea do seu custo reparemos en que no ano1772 unha libra de cera custaba 9 reais, mentres un ferrado de trigo valía seis. Ese mesmo ano un cirio pascual supúxolle ó fabriqueiro 78 rs. A eses gastos había que engadir o custo da erección do Monumento de Xoves Santo e estipendio dos sacerdotes do Venres Santo. O Sábado Santo, sen embargo, non se celebraba como cando eu era neno, ou cando neno era Ken Keirades, como nolo reflexa na súa obra "Aventuras de Alberte Quiñoi". Débeselle a Pío XIII, completado despois polo Concilio Vaticano II, o esplendoroso rito do Sábado Santo pola noite, o máis solemne e gozoso do ano enteiro. O que agora supón para nós unha liturxia con candeas acendidas na man, supoñíao para os de Ouzande a liturxia das Vésperas de San Roque, Acto Xeral dos Defuntos e enterros de confrades. A expresión máis elevada do sentimento acadábana cunha vela acendida na man, e tamén coa luminaria ardente día e noite perante o Sagrario, no que se mantén a Presencia real de Xesucristo.

A sufragar o aceite de oliva da lámpada do Sagrario destinábanse os cartos percibidos por multas resultantes de penalizacións por incumplimentos de certos deberes, dos que xa demos noticia, e tamén, parte das rendas da casa rectoral.

A cera empregada no culto podía ser amarela, para as celebracións fúnebres, ou branca para as festivas, acomodándose as cores da indumentaria ás esixencias litúrxicas: negra para os ritos funerarios; bermella, dos mártires e do Espíritu Santo; branca, da Virxe e dos Santos. Sospeito que será amarela no Advento e Coresma. Fálase de cera "labrada", isto é laborada, dotada de fermosa forma e decoración artística. No canto do pregón pascual alúdese fermosamente ó feito de que o cirio pascual é obra das abellas; a cera fundida que alimenta a chama foi *elaborada pola abella nai*. A chama indica a presencia do Santísimo ou dalgunha imaxe relixiosa, ó mesmo tempo que expresa a idea de ofrenda do seu ser e quefacer en honra da divinidade, dos santos ante quen presenta a súa gratitude e peticións ou tamén coma quen fai memoria das persoas amadas que pasaron á eternidade e en sufraxio de que quere ofrendar a súa vida e actividade. Todo este cúmulo de sentimentos tan ben simbolizados nunha candea que se consome ó mesmo tempo que ilumina, deberiamos coidalos con esmero para non quedaren escurecidos con outras finalidades.

A luz da lámpada que arde ante o Sagrario non ten tanto a finalidade de facilitarlle luz a Cristo, canto a de que nos dea luz a nós para coñecer donde é que El está. E tamén simboliza o feito de como nós queremos gastar a nosa vida en honra súa. Díxollo moi graficamente un crego moi amigo meu, hoxe xa na eternidade, a un cura maior que, para estimular ós fregueses a que ofrendaran aceite ou cera para o Santísimo, díxolles no sermón de Corpus: *¿Seriades vós capaces de deixar ó Santísimo ás escuras?* Contestoulle o meu amigo: *Don Xosé, non*

*estou de acordo coa súa teoloxía; quen precisa a luz non é Cristo, que mesmo sen luz é capaz de ler ata… un periódico sen letras*. A luz precisámola nós para dicirnos a nós mesmos e ós outros que cremos que El está alí, e que por termos fe emprendemos o camiño do seu seguemento anque perdamos a vida, repentinamente nun martirio pola fe ou nun desgaste permanente no servicio de Deus, que está no próximo, e dun xeito máis patente, no necesitado. Témolo presente cando cantamos: *Ti rexurdes, Señor, cada día no que loita e se gasta por ti; Ti es vida para aquel que na morte venlle a hora de ter que partir*.

Esta simboloxía dunha lámpada que arde perde a súa capacidade de expresión da fe sempre que se utilice como fonte da luz a enerxía eléctrica, dado que o aspecto de desgaste xa non é perceptible. Velaí a razón pola que a Igrexa preceptúa que se use como alimento da lámpada do Sagrario aceite ou cera de abellas, e o aceite que sexa vexetal. As luces eléctricas, especiales para vermos cos ollos do corpo son incapaces de dicir o que sentimos e queremos dicir. E unha fe que non se expresa dun xeito adecuado corre o risco de perderse. Polo menos iso afirman os pastoralistas: non se pode seguir sendo crente sen prácticas relixiosas que expresan a fe que dicimos ter.

Isto manifestoumo con claridade un cura que acompañara a outro no día que cambiou de parroquia ó preguntarlle eu que tal fora a cousa. Respondeume: *A igrexa non me gustou, pareceume un chisco pequena para os habitantes que ten o pobo; e por riba atopeina chea de "futbolíns"*. Aclaroume aquel compañeiro que el lle chamaba "futbolíns" a eses artiluxios que van acendendo luciñas a medida que se depositan moedas, e de seguido seguiume contando, *eu témome que o resultado espiritual, que é o que se pretende coas luces do lampadario, pódenos levar á crenza de que iluminando máis bombilliñas acadamos máis méritos ante Deus ou os Santos. E Cristo, no Evanxeo, asegura que*

*os méritos non son dos que botan máis moedas nas boetas das esmolas, senón da viúva que entregou canto tiña. Un feixe de velas acendidas déixame a mesma impresión cá que sento diante dun camión de flores sobre un sartego; conmóveme máis unha rosa ou dous caraveis.* Pola noite pensei eu que aquela fora unha conversa que merecera a pena. Certo é que os modos tradicionais de manifestar a nosa fe, as velas e lámpadas tradicionais de aceite neste caso, producen fume e contaminan algo o interior dos templos; neste sentido é máis limpo e doado o emprego deses artiluxios modernos. Sen embargo, se anulamos a capacidade simbólica dos elementos … eu non lle arrendaría a ganancia a ninguén. Sería como cubrir cun plástico o mantel onde comen os nosos invitados, que se sentirían menospreciados. Aínda que despois haxa que pasar o traballo de lavalo. Se vedes que nalgunha ocasión celebramos a Misa nun altar con bos manteis e moi limpos, gracias o sobremantel de plástico transparente, disculpade. Esquecemos que un dos sentados á nosa mesa era o mesmo Xesús … ou, mellor dito é El quen nos convida, dicíndonos: *tomade e comede*.

Penso, pois, que ós espacios e instrumentos empregados para a celebración da fe relixiosa acontécelle o mesmo cós libros: a maior desgracia sería permanecer na súa impoluta virxinidade, anque fose a costa de non seren lidos por ninguén; se por non emporcallar os espacios de culto chegásemos a empobrecer os símbolos e aínda deturpalos, faríamoslle un fraco favor ás expresións da fe relixiosa.

Un aspecto digno de admirar nos devanceiros de Ouzande, é a forma de tratar ós defuntos e á súa familia. O defunto mantiña, no sentimento dos de Ouzande, a condición de seguir pertencendo á familia e á freguesía. Recibían terra dentro da igrexa envolveitos nunha saba, pero deica alí eran transportados nun cadaleito propiedade da parroquia e que servía para pobres e ricos, mozos e vellos,

santos e pecadores. Ese trato de igualdade inspirou a idea, no tempo de contruir os panteóns en Ouzande, de dispor, cando menos, de catro nichos "Al servicio de los pobres". Na parte de arriba desas sepulturas vese a seguinte inscrición: *Desea la comunidad / usaren pluma o arado / movida por la caridad / dispensar el mismo trato*. A antiga costume de concurrir os confrades ó enterro de pobres ou forasteiros, aportando tamén as velas, inspirou sen dúbida o comportamento dos veciños que nalgún caso me encheu de satisfacción. Tempo atrás falecera en Ouzande un forasteiro, de Cantabria se non me trabuco agora. Constatei ó día seguinte que os fregueses concorreron ó enterro mesmo coma se se tratase dun veciño de toda a vida. E fixérono trasladando o cadaleito nos seus ombreiros, non nun Mercedes como se fai agora; o defunto xa non é alguén senón algo; non recibe a quentura dun neno que vai a cabaliño de seu pai. Son os prezos que temos que pagar polo uso das técnicas modernas e os avances na oferta dun servicios que son útiles e necesarios, pero a costa de perder certos valores humanizantes.

Eu, cavilando na noite doutronte, tomei a decisión de deixar disposto á familia o seguinte: polos parentes que teño, e veciños e amigos estou convencido que haberá xente abonda para que me saquen da casa persoas das que eu confiadamente me deixo levar. Non desexo, polo tanto, que chamedes ningunha empresa que mande catro lacaios –palabra que queda dende agora liberada por min de todo senso de menosprezo–, que intenten botar man de min sen o meu permiso; tede por seguro que, nese caso, érgome do cadaleito e … marcho camiñando para o cemiterio ¡como volo digo!

## *O declive das institucións parroquiais non foi quen de borrar as súas pegadas*

Tendo en conta o que levamos dito, a calquera se lle ocorre preguntar ¿qué foi daquela institucións? Nos libros da Fábrica e Confrarías déixase ver que as ideas da Revolución Francesa e das Cortes de Cádiz, tiveron o seu impacto. Do mesmo modo que as leis desamortizadoras dos bens da Igrexa e a supresión dos dezmos infundiron na xente dúbidas sobre o seu deber de sustentar o Culto e ós seus Ministros. Consignaba o derradeiro párroco de Ouzande-Ouzande, que el lograra que os fregueses aboasen as caridades das Confrarías coa condición, di el, de que fosen investidas na edificación da capela da Peregrina da Estrada. Velaí a razón pola que, cando a capela pasou a mans privadas, pola década dos 80 do século XIX, os de Ouzande presentaran reclamación do seu valor, alegando ser deles, por contribuir a edificala, cousa certa, segundo o párroco, que xa finara no 1869.

Pola súa parte o párroco de Figueroa, Manuel Álvarez Monteserín, cando aínda non se construira a igrexa da Estrada, deixa consignado que un fregués seu, mandara un escrito ó responsable político da provincia, suplicándolle o defendese dos intentos do Cura de esixirlle o pagamento das cotas atrasadas da Confraría do Sacramento. O xefe político remítelle ó cura un oficio no que lle asegura que non exime ó veciño do pagamento dos atrasos por tratarse dunha Confraría de obrigada pertencia. Moito lle debeu doer ó párroco de Figueroa aquela falta de fe do fregués pois, a modo de advertencia ós seus sucesores e ignorando a recomendación bíblica de que non deixemos que o noso enfado vaia máis alá do solpor, deixou escrito a carón da súa nota: *ad perpetuam rei memoriam*, que era tanto como dicir, "eu disto, esquecerme … ¡xamais!"

Hei confesar que cando lin por primeira vez o escrito, consignado, por certo fóra de lugar, pensei para min: "home, Manuel, sinto ben que plaxiaras o meu nome, menos mal que non os apelidos ... e ben seguro que os sentimentos, tampouco; porque non manteño eu memoria de que ninguén me negase os meus dereitos e, se alguén o tivese feito sería como instrumento nas mans de Deus, a quen lle pedín sempre: non me deas riqueza nin pobreza; dame somente o pan de cada día; deste xeito nin roubarei movido pola fame, nin me ensoberbecerei por ter moitos bens".

O primeiro párroco de Ouzande e A Estrada, a partir de 1877, polo motivo que fose, non entrou no corazón da xente, e das Confrarías nin sequera consignou datos nos libros. Si o fixo o Cura que gobernou a parroquia dende 1892, anotando datos da Confraría do Santísimo e da Virxe do Rosario, xa unidas. Ven sendo o que agora permanece, aportando cada matrimonio tres euros, e cada viúvo un e medio. Co recaudado imos facendo a festa do Santísimo ó outro día da de San Lourenzo e sostemos a chama perpetua do Sagrario. As outras confrarías deixaron de existir, se ben o seu espíritu arde aínda nos corazóns da xente de Ouzande: restauramos a imaxe de San Roque e mantemos a tradición da comida almorzando xuntos, ó remate da Misa de Pascua, catorce roscas boas e unha pota de chocolate, preparado primorosamente na casa da taberna, e por riba pagan eles o leite ¡graciñas en nome de todos! Polo da rosca alguén me chamou algún día padriño; xa lle dixen daquela, a gran madriña é a comunidade crente de Ouzande onde tantos foron nacendo á fe.

Da actividade da Confraría da Nosa Señora do Rosario, ten Ouzande herdada unha fonda devoción á Nosa Señora que baixo a advocación de Nosa Señora do Socorro, para a que se escollera, como día propio o domingo posterior ó 8 de setembro; esa festa vai

precedida sempre dunha solemne novena, con participación de moita xente de Ouzande e da Estrada. Mantense tamén a humilde pero significativa tradición de levarlle algunhas ofrendas en especie, ben sexan productos do campo, ben algún animaliño, ou manufacturas artesanais como panos ou bordados: todo iso póxase no adro ó remate da procesión. A cousa ven de vello pois temos noticias de que nos séculos XVII e XVIII era corrente en Ouzande ofrecerlle á Virxe lenzos de liño ou pezas de lá elaboradas na freguesía. O que sempre tratei de evitar foi que se introducise o costume de pendurar do manto da Nosa Señora billetes de valor monetario; penso que a Nosa Señora, que se gabou de ser humilde, proclamando como motivo da súa grandeza o feito de que Deus se fixou na súa humildade, se sentiría incómoda con esa indumentaria. Eu considero que miña nai non sería quen de presentarse en sociedade de tal xeito, e eu … tampouco soportaría que ninguén tivese a ousadía de pensar que precisaba que me presentasen a miña nai vestida de princesa para seguila querendo; iso anoxaríame. O meu amor para ela segue a estar máis vivo ca nunca, cando a imaxino vestida de aldeana co seu pano da cabeza de cor gris-azulada con flores estampadas co que se engalanaba nos días festivos ou de ir á feira. ¡Que fermosa era! Non dixen ben, quero dicir, ¡que fermosa é! Comprendéronme ben os fregueses. A riqueza da Nosa Señora reside na súa pureza, unida á súa pobreza.

Do culto dos defuntos, do que xa se falou antes, permanece a tradición de celebrarmos por eles a novena dos defuntos, no mes de novembro, rematando co Acto Xeral de Ánimas, ofertando tamén a posibilidade de dispor o esprito coa celebración do Sacramento da Penitencia. O símbolo da cera quedou reducido á lámpada do Santísimo, dúas velas no altar da Misa e ante cada imaxe, un cirio en honra da Virxen, a liturxia do Sábado Santo e a celebración do

día da Candeloria. Non quixera esquencer o uso importante do Cirio Pascual, signo de Cristo Resucitado, en tódalas misas da cincuentena pascual; nos bautizos, primeiras Comuñóns e Confirmación; tamén nos enterros e cabodanos.

Finalmente, queda como eco e resonancia da institución do Fabriqueiros, aparte do servicio dos Sancristáns, a colaboración que os veciños manteñen non só para festas anuais , senón tamén cando se precisa acometer obras parroquiais como foron a construcción do palco da música, local social que se encontra debaixo, a construcción do cercado do campo da festa e iluminación do mesmo; así mesmo, e sobre todo, a restauración do templo parroquial, mellorando o tellado, pavimento, desencalado e iluminación coa lámpada elaborada a propósito nun taller compostelán. Os bancos da nave son froito do traballo e xenerosidade de Manuel Porto Paramá; a construcción tan acertada da tribuna, o altar novo tallado este ano, a restauración das imaxes de San Lourenzo e neste ano as de San roque e A Virxe do Rosario, xuntamente coas coixoneiras da sancristía. Non podo esquencer a transformación do adro, deixando de ser un espacio derruido, sendo murado e dotado de escaleiras de entrada xa no 1972. Sen esquecer o melloramento do campo da festa e a plantación de árbores, hoxe tan fermosas. Todo isto é froito da colaboración de case tódolos veciños. E a alguén que teña escorrido un pouco o lombo, réstame dicirlle que non sabe o que perdeu; e que pido a Deus que o bendiga.

A todos os de Ouzade quérolles dicir que somos descendentes dun pobo de santos, no que a fe, a esperanza e a caridade deron sentido á vida dos nosos devanceiros. Mesmo recoñecéndose pecadores cantaban a loubanza de Deus, da Virxe María e dos Santos, e mantiñan viva a certidume de que, dun xeito inexpresable, os que mo-

rrían, permanecían con eles e connosco hoxe. A Deus, á Virxe, ós Santos e incluso ós nosos defuntos podemos cantarlles:

Acharte presente na vida,
fiarme de Ti sen te ver,
levar unha luz acendida,
querer e deixarse querer.
Andar canda Ti o camiño,
vibrar ó sentirte falar,
tomar o teu pan e o teu viño,
doerse de verte marchar.
Prender no teu lume unha tea,
saber acoller a quen ven,
doar a quen nada me dea,
partir co irmán que non ten.
(*Himno de vésperas de Santos Varóns*).

Quero deixar neste memorial constancia escrita das alegrías que temos vivido xuntos en cada ocasión que inaugurabamos algo novo; mostra dilo pode ser o bando co que fomos todos convidados a unha desas celebracións, e que transcribo con algunha corrección:

Xosé Durán Xestoso, Alcalde pedáneo de Ouzande, a tódolos veciños da parroquia, en nome e representación da Comisión parroquial,

FAGO SABER: que temos rematado o noso palco de festas, e estamos a punto de rematar o local parroquial, que servirá de lugar de xuntanzas de veciños, de aula de promoción cultural da xuventude e de adultos; e se a cousa vai ben, como esperamos, centro de formación preescolar para nenos de catro a seis anos; iso pretendemos tamén.
Na nosa eirexa, ben remozadiña ela, co seu adro iluminado, e no que están xa a medrar árbores e prantas de adorno, agárdanos San Lourenzo, con cara de sorriso, porque despois de moitos anos, tamén el estrea traxe novo (fora o escultor Sande de Santiago quen llo fixera). Todo foi posible pola unión xenerosa do vecindario que, en cartiños e en prestación persoal, aportaron unha axuda moi enriba do millón de pesetas; e gracias tamén ás axudas de organismos oficiais; e tamén de estradenses amigos de Ouzande.

> O choio é merecente dunha conveniente inauguración, coa asistencia das Autoridades da Vila e de amigos ós que convidamos. Consistirá o acto na celebración dunha Misa á caída da tarde, aí polas nove; unha sardiñada que farán posible os peixeiros da parroquia, e regada con viño que, a billa aberta, como se di, pon a disposición de todos o noso taberneiro Manolo. Acompañado todo con pan de trigo e de millo, que xa veremos onde se coce; e tamén con cachelos, se algún ten boas patacas, e as mulleres queren facelo; si, ¿non si?
> Todo será armonizado pola Banda de Música da Estrada, facendo de fogueteiro o amigo Piso que, nisto coma en tantas cousasa, é home que pisa forte. Sendo prerrogativa de quen manda MANDAR, eu, Alcalde de Ouzande, ORDENO E MANDO: que non falte ningún fregués, dende aqueles que xa andan algo ata aqueles que xa non andan nada. E dun xeito especial pido, por indicación do noso Cura, que todas aquelas familias que teñen nenos ou nenas, que neste ano cumpren catro ou cinco anos, os traian consigo, xa que a súa presencia é moi importante ese día. Todo isto vai ser o sábado, día trinta e un.
>
> Sinado: Xosé Durán Xestoso.

Naquel espacio, onde as árbores medraron, onde pasamos momentos tan gozosos e tamén intres de profunda dor, cando lle dicimos adeus a quen parte para a eternidade, sentei unha vez máis a carón do Cruceiro, tentando atopar no meu interior palabras con que expresar o sentimento que me produce un entorno tan do meu gusto. Como non as atopei adecuadas, pola noite falei con Rosalía de Castro, conteille o meu problema e … díxome “se che serven as miñas, dun poemiña que intitulei Terra a Nosa, podes usalas”. Agradecinlle moito a súa deferencia, aínda que con humildade pedinlle o favor de que me permitise trocar o seu título orixinal por este outro: “Adro o Noso”, e tamén se non vería mal sustituir a figueira do seu poema polo Cruceiro do Adro, do que xa teño dito que é o noso tesouro.

Debuxando nos seus beizos un sorriso, como somentes ela sabe facelo, díxome Rosalía: “fai como dis, xa que para min tamén é Cristo o tesouro máis grande, e o adro tamén é Camposanto, onde

sempre nacen herbas ás que sempre eu cantei". Eis, pois, que xa vos podo dicir, de xeito fermoso, canto alí adoito sentir:

ADRO O NOSO

Baixo a prácida sombra dos castaños
do noso bon país;
baixo aquelas frondosas carballeiras
que fan doce o vivir;
cabe o Cruceiro da paterna casa,
que ten anos sen fin,
¡que contos pracenteiros, que amorosas
falas se din alí!
¡Risas que se oien nas seráns tranquilas
do cariñoso abril!
E tamén ¡que tristísimos adioses
se acostuman oir!

Canto levo dito son reflexións ou, se se quere, matinacións miñas; non son sentencias, e moito menos inapelables. Non me molesta que outros, se lles apetece, pensen doutro xeito.

// A ESTRADA
miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

**Número 1 (1998)**

*Presentación* • *A agricultura en Castrovite (Orazo, A Estrada) durante a Idade do Ferro*. Xulio Carballo Arceo • *A Estrada nos seus documentos antigos. Tres documentos do século XV escritos en galego relativos ó lugar de Gudín en Guimarei, A Estrada*. Xoán Andrés Fernández Castro • *Os hórreos na Galicia*. Olimpio Arca Caldas • *A Estrada na obra gráfica de Castelao*. José Manuel Castaño García • *Reflexiones sobre un lienzo de Corredoira*. Javier Travieso Mougán • *Unha parte da historia da biblioteca pública municipal de A Estrada*. Mario Blanco Fuentes • *Aproximación ó estudio da chegada e desenvolvemento do alumado público eléctrico na Estrada. (1900-1950)*. María Jesús Fernández Bascuas • *Dieciséis años de Parlamento de Galicia. (Balance de su producción legislativa)*. Roberto L. Blanco Valdés

**Número 2 (1999)**

*As dúas mulleres de Castelao*. Olimpio Arca Caldas • *Aproximación a xénese urbanística da vila da Estrada I*. María Jesús Fernández Bascuas • *Os traballos e os días. Aspectos da vida cotia no rural estradense do S . XIX. Os testemuños de García Barros, Marcial Valladares e Alfredo Vicenti*. Juan A. Fernández Castro • *Aproximación ó mundo das fortalezas na Galicia Medieval*. Manuel Mosquera Agrelo • *Os trobadores de Tabeirós*. Mercedes Brea • *La poética de Pay Soarez de Taveirós*. Gema Vallín • *A actividade textil tradicional no Val do Vea (A Estrada-Pontevedra) Espadelas e espadeleiros*. Manuel Rodríguez Calviño • *Memoria gráfica do Cuerpo de Ejército de*

*Galicia na Guerra Civil española* • *La Purísima de Asorey de La Estrada (Pontevedra.)* Javier Travieso Mougán • *Cando o ceo escurece. Crónica da epidemia de gripe de 1918 na parroquia de Sabucedo-A Estrada. Pontevedra.* María del Pilar Regueiro Ovelleiro • *Un singular Centro Bibliográfico Galego*. Xosé Neira Vilas

**Número 3 (2000)**

*Estudo de materiais procedentes do Castro de Viladafonso (Olives, A Estrada, Pontevedra)*. Beatriz Pereiras Magariños, Xosé Lois Ladra Fernández, Nuria Calo Ramos • *Escudo y linaje de la Casa de Guimarey*. Eduardo Pardo de Guevara y Valdés • *Acción colectiva e élites locais en Galicia. O motín de xullo de 1870 na Estrada (Pontevedra)*. Xoán Andrés Fernández Castro • *Aproximación a xénese urbanística da vila da Estrada II. A transición urbanística. (1901-1926)*. María Jesús Fernández Bascuas • *O ferrocarril de Pontevedra a Monforte*. Xosé Manuel Castaño García • *Origen y evolución del municipio de A Estrada (Pontevedra). Factores geográficos y condicionantes históricos*. Ángel Miramontes Carballada • *A Estrada, terra saudable. O sanatorio "Nuestra Señora del Carmen"*. Olimpio Arca Caldas • *Un nocturno de Castelao*. Javier Travieso Mougán • *Fondos bibliográficos da biblioteca do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1938)*. Manuel Cabada Castro • *Estradenses en América. Cartas privadas de emigrantes en tiempos y destinos diferentes*. María Luisa Pazos Pazos

**Número 4 (2001)**

*Sobre o nome da Estrada*. Fernando Cabeza Quiles • *Mario Blanco Fuentes (1917-2000). Unha fotobiografía*. Juan L. Blanco Valdés • *Algúns indicadores demográficos da parroquia de Guimarei (A Estrada-Pontevedra). 1700-1850*. Juan Andrés Fernández Castro • *Medicina popular en terras de Tabeirós (A Estrada-Pontevedra)*. Manuel Reimóndez Pórtela • A translatio *dos restos do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez ó cemiterio de Codeseda (A Estrada)*. Mario Blanco Fuentes, Xoán Andrés Fernández Castro • *Novas*

*imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego*. Josefa Rey Castiñeira, Manuel Rodríguez Calviño • *O próximo vivido*. Manuel Pereira Valcárcel, Pilar Gaspar • *Márgara. Apuntes biográficos dunha muller estradense*. Olimpio Arca Caldas • *Población y territorio en el municipio de A Estrada (Pontevedra), 1887-1996*. Ángel Miramontes Carballada

**Número 5 (2002)**

*Novas matinacións encol do topónimo A Estrada*. Manuel Castiñeira Rodríguez • *Breve aproximación os muíños da parroquia de Riobó (A Estrada-Pontevedra)*. Juan Fernández Casal • *Achegamento á historia do campo de fútbol da Estrada e do "Deportivo Estradense"*. Mario Blanco Fuentes • *Na outra banda do río, nun solpor azul de tarde*. Texto: Xosé Lueiro Fotos: Francisco Azurmendi • *Análisis y planeamiento del suelo industrial en el municipio de A Estrada (Pontevedra)*. Ángel Miramontes Carballada • *A casa consistorial da Estrada (Pontevedra) obra sobranceira do arquitecto Franco Montes*. María Jesús Fernández Bascuas • *Un edificio estradense recuperado para uso cultural: el museo Manuel Reimóndez Portela*. Isabel Carlín Porto • *Sobre o topónimo Brea*. Fernando Cabeza Quiles • *A crise de mortalidade de 1769 en Ouzande (A Estrada-Pontevedra)*. Juan Andrés Fernández Castro • *O pasado máis saudable da Estrada*. Manuel Pereira Valcárcel • *Don Nicolás Mato Várela. Párroco de San Paio da Estrada e San Lourenzo de Ouzande*. Olimpio Arca Caldas • *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do condado de Ximonde*. Héitor Picallo Fuentes • *2002, ano de Frei Martín Sarmiento. Semblanza de Fr. Martín Sarmiento*. Pilar Allegue • *A Estrada no Informe de Literatura 1999, do "Centro Ramón Piñeiro"*

**Número 6 (2003)**

*Cápelas e santuarios do Concello da Estrada*. Francisco Arzurmendi Iglesias • *Irmáns casan con irmáns, 1650-1850. Aspectos demográficos desta singularidade matrimonial en terras de Tabeirós, A Estrada-Pontevedra*. Juan Andrés

Fernández Castro • *Un proyecto irrealizado de 1891. La fuente de Neptuno para la villa de A Estrada*. Isabel Carlín Porto • *Os escudos do Concello da Estrada dende 1840*. M- Jesusa Fernández Bascuas • *La evolución de los montes en el municipio de A Estrada (Pontevedra) en los siglos XIX y XX*. Ángel Miramontes Carballada • *Alfabetización y red escolar de A Estrada, siglos XVIII y XIX*. Ofelia Rey Castelao • *A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testemuños*. Juan L. Blanco Valdés • *A Virxe de Gundián*. Juan Fernández Casal • *Breve contribución á biografía do señor de Vilancosta, Don Marcial Valladares Núñez (Berres, A Estrada 1821-1903)*. Juan Andrés Fernández Castro • *En torno ó topónimo* Toedo. Fernando Cabeza Quiles • *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do Condado de Ximonde, II*. Héitor Picallo Fuentes • *Recuerdos de una matrona*. Carmen Ferreiro Porto • *Antonio Álvarez Insua. Defensor dunha Cuba española*. Olimpio Arca Caldas • *Don Xoán Manuel Fontenla García, último párroco de Ouzande*. Manuel Castiñeira Rodríguez

Fundación Cultural da Estrada
Publicacións

FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA

CONCELLO DA ESTRADA

DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA